



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 102

Sesión plenaria
13 de febreiro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 25169 (10/PNP-001794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

4.2 41431 (10/PNP-003132)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico, dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013, do Parlamento e do Consello Europeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

4.3 41484 (10/PNP-003140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de vivenda para a emancipación xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

4.4 42795 (10/PNP-003210)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

4.5 43939 (10/PNP-003268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e dous deputados/as máis

Sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

Publicación correccións, BOPG nº 423, do 31.01.2019

4.6 44345 (10/PNP-003308)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e dezanove deputados/as máis



Sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto ao Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

4.7 44503 (10/PNP-003325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

4.8 44787 (10/PNP-003348)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto e corenta deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 423, do 31.01.2019

Punto 5. Interpelacións

5.1 41288 (10/INT-001377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

5.2 43481 (10/INT-001434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

5.3 43899 (10/INT-001440)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o incremento da mortalidade nas estradas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 45341 (10/POPX-000127)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén



Sobre as previsións do Goberno galego respecto do exercicio das súas competencias en materia de sanidade rectificando os recortes e privatizacións para garantir o dereito das persoas á saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

6.2 45342 (10/POPX-000128)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para igualar o nivel competencial de Galicia co das outras nacionalidades históricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

6.3 45343 (10/POPX-000129)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do autogoberno en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 45339 (10/PUP-000222)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os funcionarios que forman parte da mutualidade que substituíu ao Centro Galego de Bos Aires en Ospaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

7.2 43711 (10/POP-005204)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis

Sobre o investimento previsto pola Xunta de Galicia, no marco do programa Rexurbe, para a adquisición e posterior rehabilitación de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.3 45329 (10/PUP-000221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das execucións orzamentarias do Ministerio de Fomento na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2015, 2016 e 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

7.4 45340 (10/PUP-000223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis



Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe institucional a Miami e Nova York anunciada polo presidente da Xunta de Galicia para reforzar as relacións económicas e comerciais cos Estados Unidos de América

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

7.5 44410 (10/POP-005304)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns da facturación ás familias das reparacións dos equipos informáticos facilitados ao alumnado que forma parte da iniciativa de educación dixital E-Dixgal na modalidade de cesión de uso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

7.6 43716 (10/POP-005205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a situación na que se atopa o servizo de pediatría nos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.7 45316 (10/PUP-000220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación do funcionamento do Servizo de Hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense as 24 horas do día

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

7.8 42711 (10/POP-005027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre o cumprimento do convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e ratificado no ano 2000 respecto do predio de Lourizán, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

7.9 43949 (10/POP-005256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as axudas para previr os danos causados polo lobo e o porco bravo na gandaría e nos cultivos agrícolas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do exercicio das súas competencias en materia de sanidade rectificando os recortes e privatizacións para garantir o dereito das persoas á saúde. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para igualar o nivel competencial de Galicia co das outras nacionalidades históricas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do autogoberno en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 28.)

O señor presidente chama á orde ao señor Lago Peñas (EM) por interrupcións reiteradas desde o escano. (Páx. 29.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 31.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 36.) e Sra. Miranda Pena (EM). (Páx. 38.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 40.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no corredor atlántico, dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013, do Parlamento e do Consello Europeo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 44.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 45.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 46.)

Nova intervención do señor Sánchez García (EM). (Páx. 48.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de vivenda para a emancipación xuvenil. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Pierres López (S). (Páx. 49.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 52.), Sra. Torregosa Sañudo (EM) (Páx. 55.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 57.)

Nova intervención da señora Pierres López (S). (Páx. 58.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 59.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 60.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 63.) e *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 65.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 67.)

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 69.)

O señor presidente anuncia a acumulación de dúas proposicións non de lei para o seu debate conxunto. (Páx. 70.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados/as máis, sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e dezanove deputados/as máis, sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto do Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 70.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 72.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 78.) e *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 81.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 86.) e o señor Puy Fraga (P) (Páx. 88.) interveñen para posicionarse respecto das emendas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 90.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 91.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 93.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 95.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 97.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 99.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijóo e corenta deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 100.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 104.) e Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 107.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 108.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 110.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a implantación polo Goberno galego do servizo de hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense: rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 112.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no corredor atlántico, dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013, do Parlamento e do Consello Europeo: aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 113.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luísa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de vivenda para a emancipación xuvenil: rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 113.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia: rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 114.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados/as máis, sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia: rexeitada por 6 votos a favor, 38 en contra e 26 abstencións. (Páx. 114.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Tellado Filgueira e dezanove deputados/as máis, sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto do Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019: aprobada por 38 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións. (Páx. 114.)



O señor Fernández Leiceaga (S) solicita a palabra e intervén para unha explicación de voto. (Páx. 115.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53: *rexeitada por 19 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións. (Páx. 115.)*

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijóo e corenta deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela: *aprobada por 51 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención. (Páx. 115.)*

Suspéndese a sesión ás tres e dezaseis minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e cinco minutos da tarde.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 116.)*

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 119.)*

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 123.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 125.)*

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 127.)*

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 130.)*

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 132.)*

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 134.)*

O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día co debate anticipado da pregunta ao Goberno que figura no oitavo lugar. (Páx. 136.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o cumprimento do convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e ratificado no ano 2000 respecto do predio de Lourizán, en Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 136.)*

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 137.)*



Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 140.)

O señor Fernández Leiceaga (S) solicita a palabra para pedir a retirada de determinadas alusións persoais feitas polo señor vicepresidente da Xunta no debate precedente e desenvólvese un intercambio de opinións co señor presidente (Calvo Pouso) e o propio vicepresidente da Xunta. (Páx. 141.)

Pregunta de D^a María Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre os funcionarios que forman parte da mutualidade que substituíu ao Centro Galego de Bos Aires en Ospaña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 143.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 145.)

Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o investimento previsto pola Xunta de Galicia, no marco do programa Rexurbe, para a adquisición e posterior rehabilitación de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 147.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 148.)

Réplica do autor: *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 149.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 149.)

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día. (Páx. 150.)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas para previr os danos causados polo lobo e o porco bravo na gandaría e nos cultivos agrícolas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 150.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 152.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 154.)

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia unha alteración da orde do día debido ao aprazamento dunha pregunta ao Goberno. (Páx. 155.)



Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe institucional a Miami e Nova York anunciada polo presidente da Xunta de Galicia para reforzar as relacións económicas e comerciais cos Estados Unidos de América. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 156.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 157.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 159.)

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre as razóns da facturación ás familias das reparacións dos equipos informáticos facilitados ao alumnado que forma parte da iniciativa de educación dixital E-Dixgal na modalidade de cesión de uso. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 160.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 161.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 162.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 163.)

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a situación na que se atopa o servizo de pediatría nos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 164.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 166.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 167.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 167.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación do funcionamento do Servizo de Hemodinámica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense as 24 horas do día. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 168.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 169.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 171.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 172.)

Remata a sesión ás sete e trinta e dous minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos retomar a sesión co punto sexto da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao presidente da Xunta. Antes de comezar saudamos a Asociación de Alumnos e Exalumnos da Universidade Sénior da Coruña e tamén a Asociación de Mulleres Rurais San Bartolomeu de Insua, de Vilalba. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

E agora comezamos coas preguntas.

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto do exercicio das súas competencias en materia de sanidade rectificando os recortes e privatizacións para garantir o dereito das persoas á saúde

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor Feijóo, alégrome moito de que hoxe o señor Casado non tivera a ocorrencia de convocar unha concentración, porque xa o vía a vostede cambiando a axenda, dándolle plantón ao Parlamento de Galicia e collendo un avión para Madrid. *(Aplausos.)*

Na miña casa ensináronme que na vida é moi importante saber de que lado estás. E vostede este domingo quedou retratado. Mentres miles de galegos e galegas estabamos nas rúas de Compostela defendendo a sanidade pública, ¿onde estaba o presidente da Xunta? En Madrid de ganchete coa extrema dereita antigalega, racista e machista *(Aplausos.)* Foron dúas manifestacións que deixaron moi claro cales son as prioridades de cadaquén. A súa é facer seguidismo de Casado e da extrema dereita; a do BNG e a da maioría social deste país, defender o dereito á saúde, que vostede está poñendo en risco a golpe de recortes e de privatizacións.

¿Parouse a pensar no drama que vive a familia da persoa que faleceu no PAC da Estrada? ¿Parouse a pensar por que hai nais e pais desde Zas a Gondomar que saen á rúa para reclamar máis pediatras para os seus fillos e fillas? ¿Parouse a pensar nas razóns dos médicos e médicas de atención primaria, dos PAC en pé de guerra, do persoal de urxencias, das ambulancias, dos novos médicos e médicas que lle din non ao seu contrato precario? Convénzase, señor Feijóo: os problemas da sanidade pública non se van solucionar nin con mentiras nin con parches nin manipulando a TVG.

Recoñezolle que hoxe teño moitísima curiosidade por unha cousa: por saber a quen lle vai botar a culpa. ¿A quen lle vai botar a culpa hoxe? ¿Será ao Goberno central, será á oposición, será aos profesionais, será a ese meteorito que anda por Galiza? ¿A quen vai culpar hoxe, señor Feijóo?



Nós o que lle pedimos é que governe, que exerza as competencias que ten e que deixe de escorrer o vulto. Porque de verdade que dá pena ver como un presidente de Galiza se desvive por ser o recadeiro de Casado, ver como un día vostede pacta aquí máis competencias co BNG para defender Galiza e que, pola tarde, como o seu xefe de filas desde Madrid lle tira das orellas, recúe porque parece que na axenda de extrema dereita non entra darlle máis poder político a Galiza. Señor Feijóo, isto si que se podería chamar unha humillación e unha traizón aos galegos e ás galegas. (*Aplausos.*) ¡Isto si que se podería chamar así!

Se non lle deixan ter máis competencias, nós o que lle pedimos é que exerza as que ten. Píddolle, en primeiro lugar, que cese o conselleiro de Sanidade; segundo, que acabe cos recortes, e un plan de mellora da atención primaria con 200 millóns de euros máis este ano; terceiro, recupere as xerencias de atención primaria con orzamentos e capacidade de decisión; e, cuarto, poña fin á precariedade, convoque esas 6.067 prazas vacantes que hai no Sergas e escoite, señor Feijóo, escoite os profesionais e a rúa. É moi fácil, isto trátase de máis Galiza e menos Madrid. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora Pontón, pola súa claridade de ideas e, sobre todo, pola súa coherencia.

Efectivamente, creo que hai que aclarar de que lado estamos cada un. Eu estou do lado da convivencia, estou do lado da Constitución, defendo a igualdade de todos os españois, defendo o autogoberno de Galicia, defendo o Estado das autonomías; é dicir, defendo practicamente todo o que vostede ataca. Vostede, pola contra, defende a Herri Batasuna —Bildu— e defende o independentismo catalán —Esquerra Republicana de Cataluña—. Comprenderá, señoría, que ir en coalición cos herdeiros de Herri Batasuna é a súa tarxeta de presentación, e defender a Constitución e o Estatuto de autonomía é a miña tarxeta de presentación. (*Aplausos.*)

Señoría, nos últimos quince días, nos que vostede me preguntou pola sanidade, non cambiaron moito as cousas na sanidade. Hai dúas versións sobre a sanidade en Galicia. A súa é un afán inaudito por desprestixiala continuamente. Recórdame esa monserga do independentismo catalán, que está dicindo dende hai anos que *España nos roba*. Máis ou menos é o mesmo que di vostede coa sanidade pública de Galicia. Despois está a nosa visión. En primeiro lugar, a visión de que nos sentimos orgullosos dos profesionais da sanidade pública de Galicia, que durante estes quince días seguiron facendo transplantes, seguiron salvando vidas nos quirófanos, seguiron atendendo a xente e seguiron demostrando que temos unha mellor sanidade que cando vostedes gobernaban e que temos unha das mellores sanidades das rexións europeas.

É certo que houbo algo novo nestes quince días: houbo atentados ás ambulancias do Servizo Galego de Saúde, houbo queima de ambulancias do Servizo Galego de Saúde. ¿Vostedes van condenar este tipo de atentados, señora Pontón? ¿Vostedes, o BNG e o seu sindicato, van



condenar este tipo de atentados? ¿Hai algunha relación destes atentados con algunha forza sindical? Vostede, señora Pontón, ¿pode dicir aquí, diante da xente de Vilalba, que condenan este tipo de atentados contra o material sanitario de Galicia?

Señora Pontón, a vostede o que non lle gustan son os datos, non lle gustan os datos, nin lle gustan os orzamentos, nin lle gustan os profesionais, nin lle gusta a atención primaria, nin lle interesa como estamos traballando na sanidade. A min si, e, polo tanto, para min é unha honra hoxe ter un 10 % máis de presuposto que cando vostedes gobernaban en plena bonanza económica. É unha honra ter nada máis e nada menos que 2.300 profesionais máis que no ano 2008, cando vostedes gobernaban, un 6,5 % máis. É unha honra ter 150 profesionais máis na atención primaria —de médicos, tanto de familia como de pediatras—. Eu síntome orgulloso de ter un 8 % máis en enfermería que cando vostedes gobernaban, 780 persoas máis en enfermería. Síntome orgulloso de ter un 72 % máis de quirófanos. Si, señoría, escoitouno ben, e por iso me sinto orgulloso de ter as listas de espera menores dende que hai serie histórica do barómetro sanitario do Ministerio de Sanidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, vostede pode dicir o que lle pete, tamén os independentistas cataláns din que *España nos roba*, é dicir, que Galicia lle rouba a Cataluña. Pero vostedes, dende o punto de vista da sanidade pública, teñen un obxectivo e unha obsesión: desprestixiala de forma continuada, de forma constante, mentir e falsear a realidade. Nós temos outra: a sanidade pública, como todas as sanidades públicas occidentais, é perfeccionable. E nós estamos niso. E por iso imos ter —non se preocupe— presuposto para atención primaria. E por iso temos, dentro da nova estrutura das xerencias integrais de saúde, un director de hospital e un director de atención primaria.

Señorías, nós cumprimos os nosos compromisos. Vostedes sigan desprestixiando esta gran ambición, que é ter a mellor sanidade pública de España.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, ¡vaia papelón! Sabemos que a vostede non lle gusta falar da sanidade pública e quere vir aquí a intoxicar o debate.

Mire, non sei se é coherente. Ten vostede un concepto moi diferente do que teño eu. Vostede di que é coherente. Coherente ¿con que?, señor Feijóo. ¿Vostede cre que é coherente pactar pola mañá que teñamos máis competencias para Galiza e que pola tarde, como o chaman a filas dende Madrid, recúe e traizoe os intereses deste país?

Fálanos de convivencia, señor Feijóo, pero xa nos deixou claro cal é o seu concepto de convivencia este domingo indo de ganchete coa extrema dereita antigalega, racista e machista.



(Aplausos.) Ese é o seu concepto de convivencia. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, si, si, é o seu concepto de convivencia.

Mire, mentres vostede estaba en Madrid facéndose *selfies* coa extrema dereita e bailando o pasodobre de Manolo Escobar, neste país os galegos e galegas estabamos defendendo a sanidade pública, os profesionais dos que nos sentimos orgullosos e orgullosas porque están denunciando as mentiras e están denunciando a grave deterioración da sanidade pública.

Mire, isto pasou esta semana: «O Sergas admite que contratou médicos sen especialidade», «Os médicos plántanse e abandonan os grupos de traballo da primaria» —porque non ven avances e porque non se fían da súa palabra», «Os sanitarios galegos ven mellor futuro no estranxeiro», «Segundo colapso nun mes no PAC de Vigo ao non cubrir as urxencias».

E isto era o domingo en Galiza mentres vostede estaba coa extrema dereita, un clamor multitudinario nas rúas de Compostela en defensa da sanidade pública.

Señor Feijóo, non se pode enganar a todo o mundo todo o tempo. A sanidade pública ten graves problemas. E o que está claro é que vostede non ten ningunha vontade de solucionalo, porque a súa única obsesión é evidente: ser un fiel escudeiro agora do seu novo xefe —o señor Casado— e ser seguidista desa estratexia, absolutamente en contra dos dereitos, que está poñendo en marcha a extrema dereita e que vostede abraza.

É unha vergoña que, tendo os problemas que temos en Galiza, veña aquí a atacar, neste caso ao BNG. Siga por ese camiño, señor Feijóo, pero así non se solucionan os problemas da sanidade pública. Cese o conselleiro de Sanidade, poña máis recursos para a atención primaria, un plan de mellora de 200 millóns de euros —porque vostede sabe, igual que sei eu e igual que saben os profesionais, que hoxe en primaria hai 188 millóns de euros menos que cando vostede chegou, e están aí os orzamentos para deixalo claro—, e acabe coa precariedade no sistema sanitario galego. Porque, señor Feijóo, mentres vostede se dedica a disparar contra o BNG, ¿sabe que pasa? Que hai moita xente esperando, que hai moita xente que non ten cita en atención primaria, que hai pais e nais que están na rúa pedindo pediatras para os seus fillos e as súas fillas. E, mentres, vostede vén aquí a demostrarnos unha vez máis a súa frivolidade.

Goberne, señor Feijóo, exerza as competencias que ten. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Unha forma de gobernar, señora Pontón, é dicirlles a verdade aos galegos. Vostede trouxo onte outra das mentiras do nacionalismo, que é a competencia en salvamento marítimo, competencia en salvamento marítimo que non ten nin Cataluña nin o País Vasco, que, cando vostedes estaban no Goberno, o Goberno bipartito estaba en contra desa transferencia. Vostede intenta de forma constante manipular, do mesmo xeito que o fai coa sanidade pública.



Eu volvo reiterarlle: ¿o BNG condena os atentados contra as ambulancias do Servizo Galego de Saúde?, ¿si ou non? (*Murmurios.*) ¿O BNG condena que se queimen as ambulancias do Servizo Galego de Saúde?, ¿si ou non, señora Pontón? Esa é a pregunta que nos facemos todos os galegos. Vostede di que defende a sanidade pública e despois cala cando queiman as ambulancias da sanidade pública. (*Aplausos.*) ¡ Si, señora Pontón! ¡ Si, señora Pontón!

Mire, señora Pontón, hai un facultativo aquí no hospital de Santiago que escribe un artigo en *La Voz de Galicia*, que creo que o debe ler vostede: *En la sanidad pública no vale todo*. Léao, por favor, señora Pontón. Non vale todo. Non vale mentir, non vale terxiversar, non vale calumniar, non vale estar permanentemente desprestixiando o que fan 39.000 mulleres e homes todos os días na sanidade pública do noso país.

Fala vostede de que se contrataron médicos e que algún deles non tiña especialidade. Si, o Bipartito tamén o fixo, señora Pontón. ¿E vostede calaba cando se facía? Non, era substitucións temporais nas que non había ningunha posibilidade de ter un especialista. E o Bipartito facía o que facían o resto dos gobernos para non deixar sen asistencia sanitaria.

Di vostede que abandonaron os grupos de atención primaria, pero resulta que o que finalizaron foron os traballos dos grupos de atención primaria. En febreiro temos que presentar o balance das propostas de atención primaria.

Pídeme vostede que haxa un directivo de atención primaria. Eu dígolle que si. Non lle importa. Pide vostede que haxa un presuposto de atención primaria, e digo que si. Non lle importa. Vostede nin sequera o pediu, e nós ofrecemos contratos estables de ata tres anos mentres non se examinan os médicos de familia e os pediatras de atención primaria. Estes contratos entran en vigor no mes de febreiro. Somos o primeiro servizo de saúde de España con estes contratos de estabilidade en atención primaria. A vostede non lle interesa.

Señora Pontón, a vostede non lle interesa que os galegos esteamos valorando a atención primaria máis ca nunca. E refírome ao barómetro sanitario do Ministerio de Sanidade. O 88,5 % dos galegos valoramos positivamente a atención primaria; con vostedes, un 5 % menos. E o 84,7 % dos galegos valoramos positivamente as urxencias en atención primaria; con vostedes, o 8 % menos. Señora Pontón, ¿de que se nos acusa?, ¿de mellorar a atención primaria desde que chegamos ao Goberno? Prosigamos nesta mellora, está vostede invitada para conseguilo.

Pero, señora Pontón, mire, nós neste momento o que queremos é facer un centro de saúde en Moaña. ¿Vannos facilitar terreo para facer un centro de saúde en Moaña?, ¿si ou non? ¡É así como falamos as cousas, señora Pontón! ¿O BNG de Moaña vains deixar facer un centro de saúde en Moaña?, ¿si ou non? Necesitamos terreo e vólvo pedir. (*Murmurios.*) Señora Pontón, ¿de que se ri? ¿Parécelle que é unha broma facer un centro de saúde integral en Moaña, onde vivimos 20.000 persoas? ¿Parécelle a vostede unha broma? É que nin sequera son capaces de ceder un terreo para facer un centro de saúde e agora vénme falar aquí de atención primaria.

Mire, señora Pontón, ausentáronse da Comisión de Sanidade, non lles interesa para nada a Comisión de Sanidade. ¿Sabe por que? Porque non teñen ningún argumento sólido.



E reitero: a mentira repetida mil veces algunha xente crea.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Aquilo de que *España nos roba*, repetido mil veces polos independentistas cataláns, moitos cataláns cren. E este despres-tixio constante e continuado da oposición sobre a sanidade pública estou convencido de que a maioría dos galegos non o cren.

Por iso, señora Pontón, con todos os respectos, ¡home!, que me veña vostede dar leccións de con quen me manifesto é algo sorprendente. Mire, señora Pontón, voume manifestar sempre en favor da Constitución española. Vostedes están en contra.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Voume manifestar sempre en favor do Estatuto de autonomía. Vostedes están en contra. Voume manifestar sempre a favor do autogoberno constitucional de Galicia, e vostedes están en contra. Non me verá nunca, señora pontón, ao lado do señor Otegi...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de Bildu, e de Esquerra Republicana de Catalunya. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eses son cos que se manifestan vostedes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Por un erro non xustifiquei a inasistencia ao pleno dun deputado e unha deputada; neste caso, de dona Concepción Burgo e de don Marcos Cal.

Desculpen este erro.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para igualar o nivel competencial de Galicia co das outras nacionalidades históricas

O señor PRESIDENTE: Pregunta do Grupo Parlamentario Socialista a través do seu portavoz, don Xoaquín Fernández Leiceaga.



O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día a todos e a todas.

Señor Núñez Feijóo, despois dun recente Consello da Xunta vostede defendeu o status histórico de Galicia, o seu recoñecemento como nacionalidade histórica, para reclamar un teito competencial similar ao de Cataluña e o País Vasco. Parécenos ben, sabe vostede que nós compartimos esta aproximación. Aspiramos desde sempre a que o noso autogoberno teña aquelas competencias que, xestionadas desde Galicia, poidan contribuír a mellorar as condicións de vida dos galegos e galegas e o progreso do noso país.

Non defendemos que a descentralización sexa sempre a solución —ás veces si e ás veces non— nin que sempre haxa que ir máis alá —depende—. Defendemos un federalismo equilibrado, un federalismo igualitario, que seguramente ten cabida, na nosa concepción, dentro da Constitución e o Estatuto, pero que tamén podería dar lugar a unha reforma parcial de ambos. En todo caso, non se trata de dividir, trátase de sumar. E hai un conxunto de competencias que todos os grupos desta Cámara reclamamos nalgún momento para Galicia porque seguramente todos temos a convicción de que iso mellora as condicións de vida dos cidadáns do noso país. Isto inclúe tráfico e seguridade cidadá, e inclúe a inspección de traballo, entre outras cousas. Son competencias que xa están sendo xestionadas todas elas por algunha outra comunidade autónoma. E, en todo caso, moitas comunidades autónomas teñen recollida no seu estatuto esa posibilidade.

E eu o que me pregunto é por que non poñemos en marcha unha acción concertada de todos os grupos políticos presentes nesta Cámara que así o desexen para impulsar unha axenda de autogoberno responsable, sensata, que non introduza divisións entre os grupos, que estea plenamente dentro da Constitución e do Estatuto pero que ao mesmo tempo permita reforzar a nosa autonomía.

E eu o que lle pido, señor Núñez Feijóo, é pasar das palabras aos feitos. Das palabras, porque, cando vostede estaba na oposición e o Goberno de Emilio Pérez Touriño o intentou, fixo imposible unha reforma do Estatuto que elevaría o nivel competencial de Galicia. Despois, con vostede gobernando aquí e con Mariano Rajoy gobernando en Madrid con maioría absoluta, non se produciu ningunha transferencia. O Goberno de España non era moi partidario daquela e a vostede non lle parecía mal esa posición.

Pero agora pode vostede contar co apoio da oposición en Galicia, e existe unha actitude receptiva no Goberno central para impulsar unha axenda de descentralización e de autogoberno en Galicia. Pode ser o momento para facelo. ¿Quen o bloquea agora? ¿Que impide agora que deamos ese paso que permitiría mellorar o noso autogoberno? Temos en vías de tramitación unha proposición de lei de tráfico e seguridade cidadá, que xa votamos todos a favor. Apóienos e daremos un paso máis. Temos tamén presentada unha iniciativa para marcar en lista non pechada, en lista flexible, trinta competencias que están incluídas en estatutos de autonomía e que están sendo xestionadas por algunha comunidade autónoma. Apoiemos esta iniciativa e marcaremos unha axenda de autogoberno que poidamos compartir todos. É o momento da decisión, de decidir se queremos ampliar o autogoberno de Galicia, de acordo coas súas recentes manifestacións, dentro da Constitución, con sensatez, con responsabilidade, sen introducir divisións, ou se nos deixamos bloquear aceptando as liñas ver-



mellas de forzas que non cren no noso autogoberno, que preferirían recentralizar o país, e que non entenden que se pode ser plenamente galego e que isto fai máis forte unha España unida e permite construír mellor Europa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: E este é o momento da decisión que ten que tomar vostede, señor Núñez Feijóo. ¿Cando será o momento se non é agora?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, estou bastante de acordo coa súa contextualización da cuestión e propóñolle, para concretar exactamente cal é a posición de cada un, facer un pouco de memoria.

No ano 2007, este grupo parlamentario pedía a transferencia da autoestrada do Atlántico, e vostedes e o BNG votaban en contra. No ano 2008 o Parlamento de Galicia pediu as transferencias de tráfico, e o señor Puy e mais vostede foron solicitadas a Madrid. E o Partido Socialista en Madrid, no Goberno, bloqueou a transferencia de tráfico a Galicia. (*Murmurios.*) E no ano 2011, por exemplo, este Goberno aprobaba un catálogo priorizado de medicamentos —governaba o Partido Socialista en Madrid— e o Partido Socialista en Madrid levouno ao Tribunal Constitucional. Modificamos a Lei de caixas, e o Partido Socialista en Madrid levounos ao Tribunal Constitucional. Despois déronnos a razón no catálogo de medicamentos. Polo tanto, vir dar leccións de autogoberno, señor Leiceaga..., ¡ningunha!

Señor Leiceaga, mire, déixeme lerlle estes titulares: «*Feijóo se enfrenta a Rajoy por la quita de la deuda de las autonomías*». Outro titular: «*Feijóo se mantiene firme contra la quita de deuda a comunidades incumplidoras*». O Partido Socialista estaba a favor de que non paguen a débeda as comunidades autónomas que lle pediron diñeiro prestado ao Goberno de España. E eu seguín na posición que manteño, na defensa do autogoberno de Galicia e na defensa das nosas competencias.

Agora resulta, señoría, que hoxe se van votar os presupostos do Estado, e nos presupostos do Estado todo parece indicar que o Partido Socialista vai votar a favor, claro está, e probablemente a maioría dos seus socios. E neses presupostos do Estado, o señor Ábalos, ministro de Fomento, en *La Vanguardia* di, nada máis e nada menos —leo literalmente—: «*La inversión real prevista para Cataluña crece un 57 %*». E nós estamos vendo que o investimento real para Galicia diminúe un 26 %. Entón a pregunta que nos facemos é: ¿o Partido Socialista agora quere falar de cortinas de fume mentres se tramita o presuposto que diminúe o investimento de Galicia ou o Partido Socialista quere tamén falar de cortinas de fume namén-



tres se está xestionando ese posible acordo co independentismo catalán e co PNV en Euskadi?

Señor Leiceaga, mire, en tráfico ¿que lle parece se primeiro pedimos os 100 policía que nos faltan na unidade adscrita de policía? Cando gobernaba o PP transferíronnos 140 policía. Agora fáltannos 100. ¿Quere falar vostede en serio? Entón propóñolle tres propostas iniciais para abrir o paquete de transferencias.

Primeiro, transfiramos a autoestrada do Atlántico, simplemente con dúas cuestións, de acordo co Partido Socialista: primeiro, que ese convenio que firmaron vostedes unilateralmente con Audasa, que incrementa a peaxe o 1 % anual acumulativo durante vinte anos, se pague con cargo aos presupostos do Estado; é dicir, que os galegos non paguemos 1.400 millóns de euros máis en peaxe durante vinte anos, un 1 % acumulativo. *(Aplausos.)*

Segunda transferencia, que nos transfiran o diñeiro que nos deben dos fondos por cumprir a regra de gasto, o déficit e a débeda pública no ano 2018, no ano 2019 e ata que finalice a lexislatura. Son 85 millóns de euros anuais, señor Leiceaga. Está previsto nos presupostos do ano 2018. Polo tanto, que nos transfiran os 177 millóns de euros para investir en sanidade e noutros servizos públicos durante este ano 2019, o que nos deben do ano 2018 —85— e os 85 do ano 2019.

E terceiro, señor Leiceaga, ¿que lle parece se pactamos unhas emendas nos presupostos do Estado iguais ao presuposto que tiñamos no ano 2018? ¡Se non lle pido máis! Pido o mesmo esforzo investidor que tiñamos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...co Partido Popular en Madrid.

Señor Leiceaga, empecemos a falar en serio do que lles interesa aos galegos. Fagamos a transferencia dos diñeiros e das competencias que nos deben, e prosigamos insistindo nas transferencias pendentes. Esa é a nosa proposta, señor Leiceaga. Os galegos non somos parvos, señor Leiceaga.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica do señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, o último que estrañaba oír de vostedes era isto de *España nos roba*, que vostede di que é co que acusa o independentismo catalán. *(Aplausos.)* Efectivamente, como vostede sabe, hai moitos asuntos nos que existen diferenzas entre as distintas comunidades autónomas e o Estado. E, como sabe vostede, nós estivemos desde sempre apoiando o Goberno galego en todo aquilo que nos parecía razoable en relación con isto; por



exemplo, no que vostede falaba da quita da débeda e todas estas cousas. Non nos dea leccións porque por aí non vai ter nada que dicir. E presente unha iniciativa neste sentido, xa verá como a imos apoiar tamén. Por tanto, nada diso. *(Aplausos.)*

Segunda cuestión. Isto non pode servir para evitar a súa responsabilidade. A transferencia de tráfico, que vostede apoiou hai anos nunhas condicións, digamos, que non eran mellores que as que hai agora, ¿por que non vai apoiala agora? ¿Por que non construímos unha axenda da descentralización, do autogoberno, que poidamos compartir todos? E estas propostas que vostede fai pois, evidentemente, estamos dispostos a discutilas. Sentémonos, falemos e poñámolas en marcha, pero compartamos todos isto.

A diferenza está en que, mentres nós facemos iniciativas neste sentido, vostedes non fan ningunha. E esa posición que me traslada aquí non se plasma en nada, señor Feijóo. ¡Non se plasma en nada! E, mire, dos orzamentos xerais do Estado xustamente o que me está dicindo vostede é a emenda que nós rexistramos hoxe e que imos discutir dentro dun par de horas. Porque, para poder melloralos, primeiro teñen que pasar a súa tramitación inicial. *(Aplausos.)* Se pasan a tramitación inicial, sentémonos, discutamos isto que me plantexa. *(Aplausos.)* E voulle dicir algo: se vostede me asegura o voto dos deputados galegos en Madrid, estou seguro de que imos poder aumentar os investimentos para Galicia bastante máis do que vostede dicía. *(Aplausos.)* ¡Bastante máis do que vostede dicía! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

E ao final o asunto é ben fácil. Voulle facer dúas preguntas moi simples. ¿Vai vostede apoiar a reclamación de tráfico cando chegue a este Pleno no próximo mes? ¿Vai estar a favor de impulsar unha axenda de autogoberno sensata, razoable, consensuada, que non introduce divisións, que está xa prevista nos estatutos doutras comunidades autónomas, da que estamos todos a favor en Galicia?, ¿si ou non? Iso é o que ten que contestar. O demais, como diría vostede, é unha cortina de fume, é unha manobra de diversión, pero iso aos galegos seguramente vai empezar xa a non serlles suficiente nos próximos tempos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Leiceaga, iso de que «España nos rouba» é unha monserga do nacionalismo, e tamén, máis ou menos con outras palabras, a subscribe o Partido Socialista de Cataluña. Agora, que os socialistas nos ignoran en Galicia subscriboo eu. Non teño ningún problema en subscribo, ningún problema. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, cando vostedes chegaron ao Goberno aquí, no Bipartito, estaban moi contentos e aplaudían que no presuposto do Estado o investimento en Galicia chegara ao 8 %. Cando gobernaba o Partido Popular en España chegou ao 13 %, pero era absolutamente insuficiente; e agora baixa ao 6 % e volve estar fantástico. Entón, exactamente, ¿de que se



trata, señor Leiceaga? ¿Trátase de dicir que grazas aos socialistas os galegos imos cobrar as pensións? ¡Menuda broma! ¡Se estiveron a piques de afundir o país! Nós volvemos facer crecer a economía, volvemos outra vez ao crecemento, á diminución do paro e a incrementar as afiliacións á Seguridade Social. ¿E agora débémolles aos socialistas que nos paguen as pensións? Señor Leiceaga, deixe de tomarlle o pelo á xente. (*Aplausos.*)

Mire, señor Leiceaga, dixémolo claro. Mire, ¿vostedes van apoiar a emenda na transferencia da Autoestrada do Atlántico que imos presentar no Congreso —unha emenda simplemente con dous plantexamentos—? Ese convenio que lle deron a Audasa —negocio redondo, de 1.400 millóns de euros a favor de Audasa, pactado polo Partido Socialista no Goberno central e que temos que pagar os galegos en peaxes durante vinte anos consecutivos— ¿están a favor de que o pague quen o firmou ou que o paguemos os galegos? Esa é a primeira emenda. Segunda: agora que están baixando as peaxes nas radiais e que están liberando de peaxes, por finalización da concesión, outras autoestradas en España, ¿parécelle a vostede razoable que pidamos nesa transferencia da autoestrada un desconto, unha rebaixa do 25 % das viaxes de ida e volta no mesmo día? ¿Van apoiar esas emendas? ¿Si ou non, señor Leiceaga?

A segunda proposta: ¿van apoiar o cumprimento da Lei de presupostos do ano 2018 e que nos transfiran o diñeiro que nos deben —85 millóns de euros no 2018, 85 millóns de euros no 2019, 177 millóns de euros neste ano 2019?, ¿si ou non? (*Murmurios.*)

Terceira proposta, señor Leiceaga —escoiten que isto é moi importante para as transferencias aos galegos— (*Murmurios.*): no caso de que Galicia, por cumprir a regra de gasto, acabe o seu orzamento en superávit, ¿vai aprobar que ese superávit o poidamos gastar en atención primaria, en hospitais e en educación?, ¿si ou non? É a terceira proposta.

Señor Leiceaga, cuarta proposta: ¿vainos repoñer o diñeiro que nos quitaron no presuposto do ano 2019 para distribuír cos seus socios de goberno?, ¿si ou non?

Esas son as catro propostas, señor Leiceaga. Se avanzamos nesas propostas de transferencia, de recursos e de competencias, prosigamos nas competencias seguintes. Pero, señor Leiceaga, non pense que nós imos caer na tentación. Como diría cordialmente, non me cambie de conversación, señor Leiceaga, non me cambie de conversación. (*Murmurios.*) Estamos falando dos lamentables presupostos xerais. ¿Vanse modificar?, ¿si ou non? Estamos falando do lamentable acordo con Audasa e de que os galegos paguemos 1.400 millóns de euros máis en peaxes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Vaise deixar iso sen efecto?, ¿si ou non? Estamos falando do diñeiro que nos deben dos fondos por cumprir o déficit e a regra de gasto. ¿Vánnolo transferir?, ¿si ou non? Por iso, señor Leiceaga, non me cambie de conversación. (*Fortes murmurios.*) A vostede interésalle o que lle interesa ao Partido Socialista, pero ao Partido Socialista non lle interesa o que lles interesa aos galegos. E eu estou aquí para defender os galegos, señor Leiceaga.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do autogoberno en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares,

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, ¡que pouco lle durou a vostede o seu disfrace de autonomista que puxo hai quince días! Vese que lle quedaba demasiado grande e que era pouco coherente coa súa propia biografía política, que é máis propia dunha dereita antiautonomista e reaccionaria que a pose que vostede intentou poñer hai quince días.

É a historia da súa biografía política en Galicia, da súa traizón ao autogoberno, constatada xa na década pasada cando, sendo vostede voceiro da oposición, impediu que saíse adiante un novo estatuto de autonomía; un estatuto de autonomía que podía ternos hoxe colocados na vangarda dos estatutos sociais do Estado español, recoñecendo novos dereitos para as persoas, ampliando dereitos sociais e, por suposto, ampliando novas competencias. Mentres vostede bloqueou esa reforma estatutaria, seis comunidades autónomas acadaron maiores cotas de autogoberno.

Isto non era unha pose por ser membro da oposición, non. Cando vostede chegou ao Goberno inaugurou o decenio negro da autonomía do noso país, o decenio negro en materia social e o decenio negro en materia de autonomía. En materia social, polos brutais recortes aos que nos leva sometido aos galegos e ás galegas durante estes dez anos. A mostra máis dramática son os recortes en sanidade. Nesta mesma lexislatura tivemos que lamentar o falecemento dunha persoa en urxencias esperando por un médico que non había, con incumprimento da lexislación vixente.

Pero non foi unicamente decenio negro no ámbito dos recortes, foi tamén o decenio negro da autonomía. Porque, durante dez anos, ¡cero competencias transferidas a Galicia!, ¡cero, señor presidente! Un cero en autonomismo, un cero en autonomía, un cero en mellora do benestar para as galegas e os galegos, mentres sete comunidades autónomas, baixo o mandato de Mariano Rajoy, si que conseguiron novas autonomía.

¿A razón do porqué? Pois terá que ser clara a súa convicción de non crer na autonomía, de crer que a autonomía non mellora o benestar da nosa xente.

Iso si, cando a semana pasada En Marea presentou unha interpelación para afearlles os seus pactos coa extrema dereita —que entre outras cousas postulan a supresión da autonomía de Galicia, ¡da autonomía de Galicia!—, vostede deu un xiro para disimular. Dixo: ¡Non, non, se nós somos moi autonomistas e queremos as mesmas competencias que Cataluña e o País Vasco!



¡Que pouco lle durou ese disfrace! Onte o Grupo Popular tivo ocasión de pronunciarse sobre eses pactos, e onte o Partido Popular deu medo. (*Murmurios.*) Deu medo ao posicionarse do lado do machismo e non do lado da igualdade, deu medo ao posicionarse do lado do racismo e da xenofobia e non dos dereitos fundamentais... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e deu medo velos posicionados do lado dos que defenden a supresión do autogoberno de Galicia e non defendendo o autogoberno de Galicia. Pero iso foi porque Abascal e Casado o chamaron a contas, ou, máis ben, porque o chamaron a filas e tivo que desfilar vostede... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...o domingo pasado en Colón xunto coa Falange Española, Hogar Social e Vox, que é a nova extrema dereita.

O domingo fixo vostede, como presidente e como galego, dúas malas eleccións. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor VILLARES NAVEIRA: Como presidente, escolleu abandonar as súas funcións institucionais nunha viaxe internacional para acudir a unha manifestación de partido. E, como galego, en vez de estar na manifestación de Galicia defendendo unha sanidade pública, a fin dos recortes e que rematen dunha vez as listas de espera e os colapsos en urxencias, escolleu vostede estar na manifestación do odio, daqueles que piden a supresión da autonomía de Galicia, daqueles que piden medidas que recuperan e fomentan o machismo... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e daqueles que postulan o racismo e a xenofobia.

Señor presidente, vostede é moi libre de defender iso como cidadán, pero témoslle que dicir unha cousa moi clara: non se pode servir á Falange e a Galicia ao mesmo tempo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Está vostede moi moderado, señor Villares. (*Risos.*)



Certamente, un líder político coma vostede, que militaba na Constitución, está moi moderado ultimamente. Siga insistindo nese tipo de descualificacións que o descualifican a vostede.

Hai que deixar claro o que se entende por autogoberno. Mire, ¿por autogoberno vostede entende autodeterminación?, ¿si ou non? ¿Vostede está a favor da autodeterminación, é dicir, da independencia de Galicia?, ¿si ou non? Nós non, nós non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, ese populismo nacionalista galego das Mareas de Podemos fan seguidismo aos seus socios —se é que aínda lles queda algún socio— fóra de Galicia a favor da autodeterminación. ¿Vostedes están a favor da autodeterminación de Galicia, da independencia de Galicia?, ¿si ou non? Aí non me vai atopar. Agora, no autogoberno, lección nin-gunha, señor Villares.

Mire, somos, xunto con Euskadi e Navarra, a única comunidade autónoma que mantivo o seu autogoberno nos últimos seis anos, a única. Somos a única comunidade autónoma que non foi intervida polo Goberno de España. Fomos a única comunidade autónoma que non pediu un patacón para o pago a provedores nin do Fondo de Liquidez Autonómica. É dicir, que mantivemos a nosa autonomía financeira. (*Aplausos.*) E mantendo a nosa autonomía financeira mantemos integramente o autogoberno do país.

Si, non teño ningún problema en que se me recorde como o presidente que mantivo en pé a autonomía de Galicia cando o resto das comunidades autónomas necesitaban autorización para pagar unha factura. (*Murmurios.*) E ¿por que? Porque non lles fixemos caso ás Mareas. Porque nos pedían que había que acudir ao Fondo de Liquidez Autonómica —recordarán aquela monserga permanente e continua—. Resulta que o Fondo de Liquidez Autonómica o primeiro que facía era intervir as contas da comunidade autónoma, someterse ao tesouro do Goberno central e pedirlle ao Ministerio de Facenda de turno autorización para pagar unha a unha as facturas de Galicia. Por iso, señor Villares, me sinto orgulloso de manter o autogoberno de Galicia intacto e blindado durante a crise económica e de non facerlle caso a ninguén. (*Aplausos.*)

Pero, señor Villares, como vostede daquela se dedicaba a cumprir a Constitución e agora se dedica a incumprila, non sabe que durante os últimos oito anos non houbo transferencias en España. Bueno, minto, houbo dúas transferencias. Unha foi a Andalucía, *el personal del Hospital General Básico de Defensa* —iso xa foi traspasado a Galicia, o persoal do Hospital Militar de Ferrol—. E houbo outra: a expedición do título de xestor administrativo, a Valencia —iso xa foi traspasado a Galicia en 1996—. (*Murmurios.*)

É dicir, nos últimos oito anos non houbo transferencias ás comunidades autónomas e agora resulta que a culpa de que non haxa transferencias en ningunha comunidade autónoma tena o señor Feijóo. Pero, señor Villares, ¿por que vostede non volve outra vez ao sentido común e a militar na Constitución? Polo menos, non faría o ridículo e, polo menos, vostede tería unha biografía previsible.

Señor Villares, a pregunta é: ¿vostedes van ser os artífices dos presupostos do Estado que rebaixan un 30 % os investimentos en Galicia?, ¿si ou non? Ou, como consecuencia de que



Esquerra Republicana e o PdeCAT poden votar hoxe que non aos presupostos, ¿agora vostedes van votar que non tamén?

Señor Villares, dentro do seu currículo estará: Dise daquel deputado que, conxuntamente con outros deputados, interrompeu unhas votacións libres e secretas na súa formación política. Segundo: Dise daquel deputado que, xunto con outros deputados, propuxo unha moción de censura e puxo un presidente no Goberno de España que perdeu dúas veces as eleccións e que o primeiro presuposto que presenta é unha auténtica aldraxe á Comunidade Autónoma, cun investimento con redución do 26 % fronte a incrementos do 57 %...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...noutras comunidades autónomas. Esa é a súa aportación ao autogoberno de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Cando vaia mirar vostede a Wikipedia, señor Núñez, verá que de Núñez Feijóo se dirá: Dise daquel presidente da Xunta de Galicia que para facer ben as contas deixou morrer enfermos de hepatite C habendo medicamentos na farmacia. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)

E na segunda acepción dirase: Dise daquel presidente da Xunta que, podendo ter contratado persoal sanitario suficiente, non o fixo nos servizos de urxencias e por iso faleceron pacientes na Estrada. (*Murmurios.*)

Ese é o seu currículo como consecuencia desta fantástica carta de presentación que acaba de facer de defensa da súa autonomía financeira durante estes dez anos. Esas son as consecuencias dos seus recortes, esas son as consecuencias de tratar a xente coma se fosen números, coma se non importasen nada, coma se non fosen persoas. E iso non pode ser.

Mire, onte o Partido Popular deu aquí medo. E como vostede fala da Constitución, voulle preguntar a ver se lle parecen contrarias á Constitución as tres seguintes propostas que nós sometemos onte á consideración desta Cámara e do seu grupo.

Fíxese, a primeira era: «Defender en todos os espazos políticos e institucionais a Declaración universal dos dereitos humanos e rexeitar pactos con formacións políticas que fomentan a confrontación social, cuestionan os principios fundamentais da convivencia e alentan as discriminacións e o odio ao diferente como forma de facer política». Señor Núñez, ¿era tan difícil aceptar esta proposta de defender os dereitos fundamentais?

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



O da Declaración universal das Nacións Unidas, señor Trenor, léao, que lle faría bastante ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Segunda proposta: «Defender o dereito á igualdade entre mulleres e homes e recoñecer a necesidade de políticas de discriminación positiva e de loita contra as violencias machistas, rexeitando os pactos con forzas políticas negacionistas da existencia do patriarcado». Señor Núñez, o seu grupo parlamentario votou en contra. Vostede non estaba. ¿Vostede vota tamén en contra disto?

E a terceira, que tiña un enunciado bastante sinxelo: «Defender o autogoberno de Galicia rexeitando os pactos con forzas políticas que piden a supresión da nosa autonomía».

Ben, agora na quenda de contestación ten vostede tres minutos, e en tres minutos pode dicir «si» ou «non». Diga si a favor da igualdade, a favor dos dereitos fundamentais e a favor da autonomía de Galicia, ou diga non. E entón, nese caso, posicionarase con Vox, coa extrema dereita... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...co machismo, co racismo, co supremacismo e coa supresión das autonomías.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Vai responder o presidente da Xunta. Quen responde é o presidente da Xunta.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Investir 130 millóns de euros nos tratamentos da hepatite C e curar 7.800 afectados... Asumo con moito gusto esta cualificación que vostede me dá. *(Aplausos.) ¡Alá vostede! Siga vostede inxuriando.*

Mire, señor Villares, é moi difícil tomalo en serio a vostede, porque onte, por proposta do Partido Socialista, pactamos todos os grupos da Cámara o posicionamento en materia de igualdade, cousa da que vostede non quere que a xente se entere. Do mesmo xeito que o BNG quere que a xente non se entere de que salvamento marítimo non o ten ningunha comunidade autónoma, e de que, ademais, cando o BNG estaba no Goberno votaba en contra desa transferencia. Pero dá igual, vostede fálame da Declaración de dereitos humanos, pero, vindo dese grupo parlamentario, un grupo parlamentario, señoría, que está defendendo a Maduro en Venezuela, ¿pode un grupo parlamentario bolivariano realmente falar da Declaración de dereitos humanos? *(Aplausos.)* ¿Pode falar realmente da Declaración de dereitos humanos, señoría? ¿Pode vostede dar algunha lección respecto de que o Partido Popular ten que defender os dereitos humanos?



Señor Villares, ¡que pena de que vostede xa non milite na Constitución! ¡Que pena, señoría, de que os galegos vexamos unha persoa coma vostede dicindo as barbaridades que di por minuto!

Mire, eu volvo reiterar que o autogoberno que mantivemos blindado durante a crise económica lle deu un bo resultado a Galicia. ¿Sabe por que? Porque cada unha das competencias que xestionou Galicia xestionámolas mellor que o Goberno central. Si, obtivemos mellores resultados que o Goberno central en crecemento económico, en exportacións, en diminución do paro, no índice de produción industrial. Señorías, traballamos mellor que o Goberno central, fomos leais á Constitución, non lle debemos un patacón ao Goberno central e mantivemos profundamente a nosa autonomía. *(Aplausos.)* A Xunta gobernou para todos, señoría, e o Goberno central actual só goberna para algúns.

Pero, señor Villares, eu non teño que pedirilles permiso para manifestarme nin ás Mareas de Podemos nin aos nacionalistas nin aos independentistas. Eu non son Pedro Sánchez. *(Murmurios.)* Non, non, a vostedes nin Galicia nin eu lles debemos nada, nada. E España tampouco lles debe nada aos independentistas cataláns, ás Mareas de Podemos nin ao presidente Sánchez. Iso que quede claro, non lles debemos nada a vostede nin ao independentismo nin a ninguén. Se vostede insiste en chamarnos falanxistas, jalá vostede! Está insultando a maioría absoluta de Galicia. ¿Vostede cre que a maioría absoluta de Galicia vota a Falange, señor Villares? ¡Que falta de rigor, que falta de respecto lle ten vostede aos galegos! *(Fortes murmurios.)* Exactamente igual que os deputados que o acompañan. ¡Que falta de respecto! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Perdoe presidente.

Presidente, perdoe un segundo.

Señor Lago, por interrupción, chámoo á orde por segunda vez, e isto significa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdón, interrompeu. E isto é reiterativo. Se o teño que volver chamar á orde, teño que expulsalo, advírtollo. *(Fortes murmurios.)* Si, si, ten unha chamada á orde. *(Fortes murmurios.)*

Non, perdón, é por interromper. Eu non estou falando diso. É por interromper. Chamada á orde ao señor Lago. Segunda... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

Señor Sánchez, silencio.

¡Silencio! ¡Silencio!

Continúe, presidente. *(Fortes murmurios.)*

¡Silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non interrompeu. Non, non interrompeu.



¡Silencio!

Presidente, continúe.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Durante moito tempo en España os demócratas eran insultados dende posicións radicais e extremistas. Agora ocorre que tamén o presidente demócrata de Galicia é insultado desde posicións extremistas e radicais. Repítese a historia, señoría, pero non me temblará o pulso para seguir defendendo a Constitución, o Estatuto de autonomía e o autogoberno.

Pero, señorías, resulta que a única utilidade das Mareas de Podemos é apoiar un presidente que diminúe un 30 % os investimentos en Galicia cos seus presupostos, mentres incrementa un 60 % noutras comunidades. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señores das Mareas de Podemos, comprendo que lles moleste que lles diga que son vostedes un grupo bolivariano, pero é que é a realidade das cousas. Aínda teño na miña retina esa camiseta: «*Chávez, te lo juro, votaré por Maduro*» Esa é nada máis e nada menos que a deputada con máis consideración institucional que ten ese grupo parlamentario no Parlamento galego. E por iso, señoría, aqueles que pedían que pediramos o FLA e aqueles que nos pedían que nos someteramos ao Goberno central de Madrid, agora son os que ensinan esas pancartas simplemente para ocultar a súa deplorable posición económica.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero o tema está moi fácil. Vostedes eran a defensa de Galicia no Congreso dos Deputados, e xa vemos os resultados. Vostedes ían gobernar mellor ca ninguén as cidades, e xa vemos os resultados. Vostedes eran a unidade popular. Vostede representaba a unidade popular, ¿acórdase? E vostede ten dificultades para representarse a si mesmo no grupo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, nada máis e nada menos que vostede era o suposto gran líder de todo isto, de defender Galicia no Congreso dos Deputados, de xestionar axeitadamente as cidades e da unidade popular.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Vostede era o gran líder de todo isto. ¡Pleno ás catro, señorías!

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Grazas.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Catro de catro!

Señor Villares, volva vostede á Constitución, porque, se non, terá dificultade no futuro.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, presidente.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a implantación polo Goberno galego do servizo de hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa da deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Que logo da oportuna avaliación pola Comisión REGALIAM, ao ano de funcionamento da ampliación do horario, se así se determina se implante no Complexo Hospitalario de Ourense, un modelo asistencial que garanta a asistencia na área de hemodinámica durante as 24 horas, todo elo durante o ano 2019.*
- 2. Por en marcha os mecanismos oportunos para abordar a formación de equipos multidisciplinares na área de hemodinámica de Ourense, para o inicio de actividade no menor tempo posible, todo iso dentro do ano 2019.”)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

É unha mágoa que o conselleiro de Sanidade fuxira, escapara deste pleno, a verdade, xusto neste momento, xusto neste momento en que imos falar (*Aplausos.*), cremos nós, dun tema moi importante. Esta iniciativa trata sobre a implantación do servizo de hemodinámica as 24 horas en Ourense, a única provincia onde ata o de agora nin está implantado nin está



previsto que se implante. Pero é unha mágoa que marche porque esta iniciativa trata sobre algo máis, señorías. Esta iniciativa trata sobre algo realmente importante: que todos os ourensáns e as ourensás poidan acceder en igualdade de condicións aos servizos sanitarios públicos, en idénticas condicións que o resto dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Esta iniciativa, señorías, fala de xustiza tamén, dunha sanidade pública, universal e gratuíta rexida baixo os criterios da equidade, o que os socialistas levamos defendendo tanto tempo. Levámolo defendendo fronte ás promesas incumpridas, fronte ás mentiras, fronte ás desculpas do Goberno do señor Feijóo, as mesmas que levaron non soamente a non dispoñer deste servizo as 24 horas senón a non ter tampouco un servizo de cirurxía pediátrica, de eliminalo mesmo, as 24 horas en Ourense. E retrasaron a posta en marcha de infraestruturas sanitarias imprescindibles tanto para a cidade como para a provincia, e eliminaron as áreas sanitarias e teñen nunha situación límite os hospitais de Verín e de Valdeorras.

Ata hai un par de semanas nós compartiamos o deshonoroso mérito de ser os irmáns pobres de hemodinámica cos veciños e coas veciñas de Lugo. Cando escoitamos o conselleiro de Sanidade anunciar que este servizo se ía implantar as 24 horas, en Ourense preguntámonos: ¿cando nos toca a nós, en Ourense?, ¿para cando?

Despois de tantos anos de loita, señorías, de seren tratados como mentireiros, como alarmistas, eu hoxe quero, en nome do Grupo Socialista, parabenizar a veciñanza de Lugo, a todas as asociacións que estiveron loitando durante tanto tempo para a implantación deste servizo. *(Aplausos.)* E permítanme tamén felicitar, nomeadamente, os meus compañeiros e compañeiras da provincia de Lugo; sobre todo, a súa alcaldesa e o presidente da Deputación, que estiveron durante todo este tempo á fronte desta loita, dunha loita que pretendía algo tan lóxico como que os nosos veciños e veciñas de Lugo tiveran os mesmos dereitos que os da Coruña e os de Pontevedra. Porque, señorías, mentres en Lugo había representantes institucionais do Partido Socialista defendendo hemodinámica as 24 horas, en Ourense había un presidente da Deputación e un alcalde cómplices desa marxinalidade á que nos ten sometidos o señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Porque o presidente da Xunta de Galicia soamente se lembra de Ourense cando veñen as eleccións. Entón pasa a ser un neno dos Peares. Pero, mentres está gobernando, o que fan as súas políticas en materia sanitaria é renegar e maltratar a provincia.

Pola contra, dende o PSdeG levamos moitos anos reclamando hemodinámica as 24 horas para Ourense, en cada proxecto de orzamentos, con emendas... No que vai de lexislatura, señorías, esta é a quinta vez que o Grupo Socialista trae este tema a esta Cámara. Nas catro anteriores, ou ben o Partido Popular votou en contra ou o Goberno se posicionou en contra da implantación. De feito, esta mesma iniciativa debateuse hai case xusto un ano, o 28 de febreiro de 2018 na Comisión 5ª. O Partido Popular votou en contra. Posteriormente, cinco meses despois, o meu compañeiro, o señor Torrado, trouxo unha moción que contiña este punto. O Partido Popular volveu votar en contra.

E ¿por que insistimos tanto? ¿Por que estamos sendo tan teimudos con este tema? Sómolo porque en Ourense lideramos a taxa de mortalidade por infarto de miocardio, un 59,7 %,



vinte puntos máis que a media estatal, e tres veces máis mortalidade respecto da Coruña e de Pontevedra. Porque temos unha taxa dunha hora por riba no tratamento da crise coronaria, 50 minutos máis que na Coruña e en Pontevedra.

Ben, este servizo está funcionando ata as 22.00 horas. Despois de que se anunciara en febreiro de 2018, tardou sete meses dende o anuncio ata que se puxo en marcha. Nós consideramos que é importante que se poña as 24 horas. Isto suporía evitar as complicacións en síndromes coronarias agudas, diminuír a incidencia de patoloxías cardiovasculares, diminuír a mortalidade por esta causa, señorías. Non pedimos un Ferrari, en Ourense o que estamos a pedir é un servizo sanitario básico (*Aplausos.*)

Un podería pensar entón que, despois de tanta solicitude, o único que nos faltaba xa era encomendarnos a Santa Rita, a patroa dos imposibles, para poder facer cambiar de posicionamento o Partido Popular. Pero resulta que de súpeto, sen milagres —porque non cremos neles—, o Partido Popular rexistra unha iniciativa pola vía de urxencia, inclúe unha emenda a esta iniciativa —algo que nunca fixo—, e nós o primeiro que queremos, señorías do Partido Popular, é darlles a benvida a este tema polo que os demais levamos tanto tempo loitando.

Pola vía de urxencia, dez anos despois da implantación do Servizo de Hemodinámica en Ourense, dez anos despois de que o Goberno do señor Touriño apostara pola implantación deste servizo, porque ata o de entón, co Goberno do señor Fraga os ourensáns e as ourensás tiñan que acudir a unha clínica médica privada da cidade que se estaba facendo de ouro á conta dos ourensáns e das ourensás e de todos os galegos e galegas.

Nós sabemos por que o fan, e xa o dixemos nesta Cámara. Nós sabemos por que vostedes amagan con mudar ese posicionamento. Fano porque vostedes intentan salvar do afogamento político o único alcalde que teñen das sete cidades galegas. Fan porque o equipo de goberno de Ourense cada día semella máis a orquestra do Titanic, tocando a última peza antes do seu afundimento político.

Pero miren, como será a situación, como será este alcalde, para que nin sequera agradeza o xesto do grupo parlamentario. Como será este alcalde para que cando se entera de que o Grupo Socialista trae unha iniciativa que vai mellorar nin máis nin menos que a supervivencia dos ourensáns e das ourensás, reacciona o rexedor da cidade insultándonos, cargando contra nós. ¿Acaso non quere o alcalde de Ourense que os ourensáns e as ourensás incrementen a porcentaxe de supervivencia? ¿Acaso quere que sigan falecendo ourensás e ourensáns camiño de Vigo? (*Aplausos.*) ¡Que irresponsabilidade, señorías! ¡Que tremenda irresponsabilidade!

Nós no esperamos que faga nada. Nós xa non esperamos que o alcalde de Ourense faga absolutamente nada. Xogamos este partido dende o minuto un. Dende o minuto un estivemos con este tema. Vostedes chegan no tempo de desconto. Pero é que o alcalde de Ourense segue sentado no banquillo e segue sen apoiar unha reivindicación que é esencial para a cidade e que o é tamén, señorías, para a provincia.



A nós dáanos igual polo que o fagan, o único que lles pedimos é que o fagan, e que o fagan dunha vez por todas, que deixen de aprazar, que deixen de estirar este tema, porque nós creemos que vivir ou morrer, señorías, non pode depender do código postal.

Se hoxe á noite un veciño da Gudiña infarta de madrugada, terían que transcorrer tres horas para ser atendido en Vigo. E tería unha dobre discriminación, por ter nacido na provincia de Ourense e por facelo no rural.

Levamos moitas horas negociando esta iniciativa, moitas horas, días incluso, atrévome a dicir. Pídolles altura de miras para chegar a un acordo porque está en xogo a vida de moitas persoas.

Señorías do Partido Popular, en lugar de declararse defensores da vida para cernar os dereitos das mulleres, eu hoxe, en nome do Grupo Socialista, pídolles que se declaren defensores do dereito á vida dos ourensáns e das ourensás e que o fagan apoiando e aprobando esta iniciativa, que consideramos que é moi importante.

Miren, dicía hoxe un artigo publicado no xornal *La Región*, escrito por Xabier Blanco, que «*Para legislar y gobernar es conveniente disponer de buena cabeza y de mejor corazón.*» Eu creo que hoxe, por fin e dunha vez por todas, temos que ter boa cabeza e mellor corazón.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señora Blanco, teña vostede por seguro que co mesmo criterio que se puxo a hemodinámica en Lugo, non tendo nada que ver coas camisetas que se puxeron os alcaldes, os presidentes da deputación, nin coas peticións das asociacións de veciños, farase en Ourense. A decisión non ten nada que ver cos alcaldes, non faga demagogia, por favor, nun tema tan serio coma este. É un tema que afecta á cidadanía ourensá, e eu como ourensá síntome, de verdade, desgustada con ese plantexamento. *(Aplausos.)*

A decisión é tomada polos técnicos e profesionais da Comisión do Regaliam, que pasarei a explicar. É unha decisión sanitaria, non é unha decisión política, señora Blanco.

Entrando na iniciativa que nos importa e falando da hemodinámica, nós seguimos pensando que é un tema —como dicía— moi importante para a cidadanía ourensá e queremos chegar a un acordo, porque si que temos corazón e ademais formamos parte desa cidadanía, e aínda que só fose por puro egoísmo, interésanos que a Hemodinámica estea en Ourense funcionando as vinte e catro horas.



Pero teño que dicirle que os datos dos que dispomos nestes momentos non son exactamente o que vostede expón na iniciativa. Realmente, as taxas das que vostede fala son taxas brutas, e nós falamos de taxas axustadas, comparadas con poboación europea segundo a idade, e nesa taxa Ourense ten 33,5, que é similar á de Lugo e á da Coruña, e ten unha tendencia descendente; pasa de 69,5 no ano 2000, a unha taxa de 33,5 o ano 2016. Hai moitas menos mortes, pero, dende logo, ¡oxalá non houbera ningunha!

Os datos de mortalidade a trinta días en Galicia están moi por debaixo do que recomenda a Sociedade Española de CardioloXía, que está nun 5 %, e Galicia sitúase nun 3,5 %.

Ademais de todo isto, «*Galicia tiene la segunda mejor tasa de supervivencia en infarto.*» «*Galicia lidera el descenso en mortalidad cardiovascular.*» A taxa de mortalidade cardiovascular por comunidades autónomas no ano 2017 —últimos datos que hai— amosa que Galicia está tres puntos por debaixo da media nacional. «*El CHUS logra la tasa más baja de España de muerte por infarto.*»

Como dicía o presidente Feijóo esta mañá, na sanidade pública non todo vale. Señoría, o Servizo de CardioloXía do CHUS acaba de recibir, por quinta vez consecutiva, o premio *best in class* en cardioloXía. A sanidade galega non é exactamente como vostedes a debuxan, aínda que, evidentemente, temos que mellorar.

Non podemos esquecer —dende logo eu non me podo esquecer— o traballo que levamos feito durante tantos anos ata chegar a onde estamos. O mesmo presidente do Parlamento, o señor Santalices, presentou nesta Cámara unha proposición non de lei no 2014 instando precisamente á creación dun rexistro que non existía en ningún lugar de España; un rexistro de ámbito galego para recoller a información sobre a morbimortalidade do infarto agudo de miocardio cos datos aportados directamente polos hospitais galegos e polo 061; e unha orde pola que se constitúe o Regaliam, do que falaba ao principio da miña intervención.

Creouse unha comisión de seguimento conformada por persoal do Sergas, persoal do 061 e cardiólogos nomeados polos xefes de servizo dos sete hospitais galegos. A comisión o que fai é avaliar os datos que ^olle pasan os hospitais baixo criterios estritamente técnicos, sendo os seus informes consensuados e asinados por todos os seus membros. O que dicía: decisión técnica, decisión sanitaria, non decisión política.

O Regaliam amosou datos moi importantes respecto ao número de caos, á incidencia por 100.000 habitantes, á mortalidade por infarto, aos tempos de acceso á angioplastia, para poder distribuír os recursos en función das necesidades asistenciais. E nesta situación, unha vez implantadas as salas de Hemodinámica de Lugo e Ourense, a comisión valorou ampliar a cobertura ata as 22 horas; e a comisión formada por expertos é a que decide esa ampliación.

En Lugo empezaron a funcionar en febreiro do 2018, hai un ano. En Ourense empezaron en setembro do 2018. Recentemente soubemos que a comisión do Regaliam, logo de avaliar ese funcionamento da sala e tendo en conta a formación importantísima dos equipos multidisciplinares, autorizou que esta cobertura puidese pasar a estar operativa as vinte e catro horas. Outra vez é a comisión a que decide, señora Blanco.



Sabemos que a ansioplastia é unha técnica moi complexa, que é moi importante a formación do persoal e tamén o adestramento, a man, que din os cirurxiáns, «facer man».

Por todo isto, e tendo en conta a importancia deste tema, no que estamos de acordo que é absolutamente importante para a cidadanía de Ourense, presentamos unha emenda con sentido positivo e con ánimo construtivo.

Primeiro: «Que logo da oportuna avaliación pola Comisión Regaliam ao ano de funcionamento da ampliación de horario, se así se determina, se implante no Complexo Hospitalario de Ourense un modelo asistencial que garanta a asistencia na Área de Hemodinámica durante as vinte e catro horas, todo isto durante o ano 2019.»

Segundo: «Pór en marcha os mecanismos oportunos para abordar a formación de equipos multidisciplinares na Área de Hemodinámica de Ourense para o inicio de actividades no menor tempo posible, todo isto dentro do ano 2019.»

Esperamos —remato, señor presidente— que realmente cheguemos a un acordo, señora Blanco, porque nós estamos a favor de que, se as condicións sanitarias así o requiren e a comisión así o aconsella, a Hemodinámica en Ourense funcione as vinte e catro horas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vispo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Señora Vispo, cada vez teñen vostedes menos credibilidade, e xa non só porque levan unha década poñendo chatas a esta cuestión que volve hoxe á Cámara, senón que xa non é que non veña, señora Blanco, o señor conselleiro a este debate, que ben podía quedar media hora máis, pero é que boa parte do debate nin sequera estaban nin a metade dos deputados do Partido Popular de Ourense. O principal problema é que vostedes só veñen escoitarse a vostedes mesmos, incluso veu aquí fachendear a señora Vispo de que esta non era unha cuestión que se atenda por demanda de alcaldías, por demanda de veciñanza e por demanda de colectivos profesionais, que é xa o colmo dos colmos. A escoitarse a si mesmos é ao único que veñen a este Parlamento, e aí empezan os seus problemas e, por desgraza, tamén os nosos.

A historia da demanda de Hemodinámica 24 horas en Ourense é a historia interminable; a historia interminable tamén da auténtica desvergonza do Partido Popular, e tamén a demostración do pouco quen os ten valido ás e aos ourensáns ter tantas institucións dominadas polo Partido Popular.

De pouco nos ten servido esa Deputación de Ourense caladoiro das maiorías absolutas do Partido Popular na Xunta de Galiza, cando despois non nos serve para que vostedes defendan



os intereses das e dos ourensáns, nin para que deixemos de ser a cola, tamén en termos sanitarios, no noso país.

Nin tampouco nos ten servizo ter unha alcaldía, o lugar máis poboado de toda a provincia, gobernado polo Partido Popular, por un ex conselleiro que lle ten máis ou menos o mesmo aprecio a esta reivindicación que á lingua galega: cero, ¡cero! (*Aplausos.*) Un alcalde —como xa se dixo aquí— máis preocupado por que Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego fagamos o noso traballo e traíamos a esta Cámara esta demanda da cidadanía de Ourense que por loitar para que os seus veciños e veciñas teñan os mesmos dereitos sanitarios que calquera outro galego e galega; e que, en lugar de pedirlle explicacións ao seu Goberno por este abandono, se dedica a dicir literalmente que estamos a facer xogo político. Pero ¡que desvergonza é esa! ¡Que desvergonza é esa que vostede continuou aquí, señora Vispo! É unha tomadura de pelo.

Ademais, saben vostedes que este debate non é novo, non é a primeira vez que chega a este Parlamento, pero nin nesta lexislatura, nin na anterior, nin na anterior, levan vostedes dúas lexislaturas e media desoíndo esta demanda e sen a máis mínima humildade. Hai que recordar que se empezou a dar este servizo no hospital de Ourense no ano 2008, cando gobernaba ese terrorífico Goberno de coalición entre Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, e daquela ao voceiro de sanidade do Partido Popular, que temos tamén hoxe presidindo esta Cámara, parecíalle pouco iniciar desa maneira o servizo. Parecíalle pouco, pero once anos despois ¿onde temos chegado? A cuestión é que once anos despois todos os pasos que se teñen dado non foron por iniciativa do Partido Popular, foron froito da mobilización social e da mobilización política, (*Aplausos.*) por iso non deberían vir aquí des prezala. (*Aplausos.*)

Protestas en Lugo, protestas en Ourense, hai que recordar tamén unha iniciativa lexislativa popular de máis de 40.000 sinaturas —neste caso de Lugo— que vostedes perverteron desde a primeira á última coma. Despois de moita loita, as veciñas e veciños de Lugo acaban de conseguir este servizo, e desde o BNG dámoslles os parabéns, pero temos que lamentar que, unha vez máis, Ourense sexamos quen quedamos atrás. E, desde logo, o que deberían estar facendo as e os voceiros do Partido Popular é defender que todos os galegos e galegas sexamos iguais e non que se siga discriminando Ourense.

Hoxe vemos un atisbo de rectificación entre tanto ruído que hai en Ourense. Pero tamén parece que os motivos son un pouco espurios; non é que por fin entren en razón e recoñezan que ninguén escolle en que horario ten un ataque ao corazón, senón que máis ben están un pouco nerviosos por esas vías de fuga que teñen no Goberno de Ourense e tamén nerviosos e nerviosas pola histórica mobilización que vimos este domingo, porque ven que a cidadanía está farta e que non lles vai permitir seguir con esta política de demolición sanitaria. Pero, desde logo, para nós é unha rectificación que chega tarde e que só a daremos por válida se chega unha proposta de data.

Hoxe o Bloque Nacionalista Galego ten un propósito neste Pleno, e é que temos que saír cun mes, cunha data de horizonte para a Hemodinámica 24 horas en Ourense. Non hai desculpas técnicas, é unha decisión política. Non hai un só argumento científico que sosteña que é mellor non ter Hemodinámica 24 horas que tela, é que é así. E por riba Ourense ten a media de



idade máis alta de Galiza, por riba da media galega e por riba da media estatal. Tamén por riba da media galega e da media estatal a taxa de mortalidade por infarto; no 2017 morreron por esta causa 142 persoas. É obvio que non todas elas se poderían ter salvado con este servizo, pero a pregunta que se faría unha sociedade avanzada é ¿que poderíamos ter feito?, ¿estamos facendo todo o posible? E a resposta é que con vostedes non se está facendo todo o posible, a resposta é que non; polo tanto, debemos poñer a andar este servizo que poderá salvar vidas no futuro. Esa é a actitude dunha sociedade avanzada, a sociedade avanzada que queremos tamén para as e os ourensáns, e non dicir que como hai dez anos morría máis xente por esta causa, imos conformarnos, porque, co declive demográfico que levamos, chegará un momento en que, se non hai ninguén en Ourense, non morrerá ninguén, señora Vispo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, nós —insistimos— queremos un compromiso firme por parte do Goberno galego, non unha promesa de: si, si, si, ata que pasen as eleccións de maio, e logo seguir agardando a que chegue e tendo que volver saír de novo á rúa. Polo tanto, aspiramos e seremos facilitadores e facilitadoras dun consenso pero cun compromiso claro: non máis demagogia e non máis discriminación ás e aos ourensáns, porque o que estamos pedindo é ter as mesmas garantías sanitarias...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que calquera galego ou galega...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e iso é unha cuestión de vidas humanas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...non estamos falando...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de recebar unha estrada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Miranda.

A señora MIRANDA PENA: Graciñas, señor presidente.

Bo día, señorías.

A ética e a medicina non deben nunca darse as costas. Sen ética, a medicina fomenta a desigualdade. Mesmo o maior avance médico hai que corrixilo con criterios de equidade. Unha



persoa que viva no arco atlántico está nunha situación de desigualdade tamén en termos de saúde polo reparto de recursos, pola cuestión socioeconómica e pola distancia aos centros sociosanitarios; logo falamos do rural.

Todo o mundo coñece a importancia do diagnóstico precoz e do tratamento inmediato da síndrome coronaria aguda, o que en argot chamamos —señor Centeno— tempo porta-agulla, vital para o pronóstico. Falo do tempo que pasa desde que un trombo se instala nunha arteria coronaria ata que se realiza a anxioplastia; evitar dano miocárdico e evitar mortos, esas son as claves. Ao PP de Ourense acórdalle agora.

O Progaliám pretendía mellorar o pronóstico do infarto de miocardio, pero non o conseguiu con equidade porque o tempo de repercusión depende moitísimo da orixe o paciente, e Ourense nunca se priorizou.

¿Outra desigualdade? A do xénero, esa da que non lles gusta falar a vostedes. Está máis que documentado que as mulleres somos diagnosticadas e tratadas moito máis tarde que os varóns dun infarto de miocardio. Estuden, señorías, o nesgo patriarcal. Se non o saben, antes de bufar como outro día, infórmense.

Os pacientes diagnosticados de infarto a nivel extrahospitalario, ou nos hospitais sen hemodinámica, teñen que ser trasladados inmediatamente, e dun modo seguro, por ambulancias medicalizadas aos centros de referencia. Falo da Coruña, Vigo e Santiago as vinte e catro horas; de Lugo, de momento, de 8 a 22 a diario; e de Ourense, de 8 a 22 só os días laborais.

O noso territorio é disperso, rural e avellentado, e a provincia de Ourense máis. E estes factores xa inciden *per se* nun fenómeno de desigualdade na atención. Para compensalo en termos de xustiza distributiva, debemos instaurar criterios correctores no reparto de recursos, e un deses recursos debe ser a extensión da hemodinámica en Ourense as vinte e catro horas. Isto se aspiramos a garantir que a supervivencia dunha persoa infartada en Ourense sexa igual que a do resto do territorio.

Falamos de Ourense en horario nocturno, pero tamén nos poderíamos referir a outras comarcas periféricas; por exemplo, a unha paciente de Ortegal, que é derivada a Ferrol e, á súa vez, á Coruña, e isto demora polo menos cen quilómetros e un tempo valiosísimo. Un home da Veiga, de Valdeorras, se comeza cun angor á media noite dun sábado, é recollido nunha ambulancia que o traslada ao Barco, onde é diagnosticado e remitido a Ourense, e, á súa vez, ten que ser derivado ao Álvaro Cunqueiro en Vigo; isto supón unha media de entre catro e cinco horas de demora, e catro horas de isquemia cardíaca implican moitísimos riscos inaceptables.

¿E que pasa cando se precisa un helicóptero? Que só funcionan de orto a ocaso, na luz do día. No verán, podería funcionar dezaseis horas de luz, pero, grazas aos recortes, só funciona doce desde hai catro anos; outra xestión nefasta do Partido Popular. E isto non ten visos de mellora, porque o convenio do 061 cos helicópteros tamén está inzado de irregularidades.

Mire, señora Vispo, a nós non nos cola iso de avaliar na Comisión Regaliám se é eficaz o cateterismo. Sábese por evidencia científica, desde hai tempo, que si que o é. A emenda do PP é



unha escusa para gañar tempo porque en Ourense non teñen cardiólogas que fagan cateterismo desde as 10 da noite ata as 8 da mañá. E para facelo de 8 da mañá a 10 da noite teñen que traelos de Vigo. Non os teñen pola nefasta política de xestión de recursos humanos do Sergas, unha vez máis. Sabémolo, ¡sabémolo! E o que se decida aquí hoxe non será vinculante, sabémolo tamén. Votaremos a favor conscientes de que é un farol porque o PP non ten recursos para implantalo. Sabémolo, somos conscientes. De novo, a política de persoal do Sergas en entredito.

O Partido Popular, que é quen xestiona a sanidade pública, permite que se estableza un agravio entre áreas e entre persoas, entre os galegos e as galegas. E permite que morra xente sabendo perfectamente como evitalo. Talvez en Ourense se confíe noutras garantías de fidelidade do voto, refírome á rede clientelar dos Baltares e doutras pezas cos que o birrete non acaba de romper. Vese a rendibilidade en termos electorais, si, si, si, si. ¿Non merecen os doentes periféricos o mesmo trato, señores do PP? ¿Están tan seguros dalgúns feudos que os descoidan ata tal punto?

Aínda que pretendan ocultalo, señores do PP, a poboación galega estalles falando alto e claro e estalles dicindo que non lles serve a súa política sanitaria. Fixérono este domingo na Quintana. Igual non se enteraron porque estaban vostedes en Madrid e a prensa subvencionada apenas falou diso. Dixéronlles que precisan pediatras, que precisan médicas de familia, que precisan Urgencias dignas e combater as listas de agarda. E hoxe tamén lles din que precisan unha hemodinámica con equidade.

Céntrense, señores do PP, porque flirtear coa ultradereita e mirar tanto cara a Madrid está despistándoos de mirar polo país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Miranda.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora Rodríguez-Vispo, mire, eu estou moi orgullosa de que os meus compañeiros e compañeiras de Lugo se puxeran camisetas para defender a hemodinámica. *(Aplausos.)* Eu estou moi orgullosa de que os ourensáns e as ourensás acudiran por todos os motivos que lle dixen a Santiago a defender a sanidade pública. Eu estou moi orgullosa de que en Santiago estivéramos moitos defendendo o legado do meu compañeiro Ernest Lluch. Eu non sei se se pode estar orgulloso de estar defendendo o legado da Falanxe en Colón, iso si que non o sei, señora Rodríguez-Vispo. *(Aplausos.)* Non o entendo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Iso xa quedou claro que non. Retirado.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Non o entendo. *(Aplausos.)* Sinceramente, non o entendo. *(Aplausos.)* ¡Escápaseme!

Vostede dixo hoxe aquí que como ourensá lle desgustou a miña intervención. Non lle desgustou durante todo este tempo que non tiveramos implantado un Servizo de Hemodinámica



á altura do resto das provincias, pero desgustoulle a miña intervención. Señora Rodríguez-Vispo, somos nós, son os nosos familiares, son os nosos veciños e veciñas os que se van ver beneficiados con esta medida. Son todas esas persoas tamén —as que se poden ver a partir de agora beneficiadas— as que sufriron a negligencia do Goberno do señor Feijóo e a deixadez neste tema. Porque, mire, ¡sempre pasa igual!, isto de falar de Ourense... ao final vostedes acaban falando doutro sitio, e acabou falando do Complexo Hospitalario de Santiago, do CHUS. Grandísimos profesionais, seino por experiencia persoal ademais. ¡Grandísimos profesionais! Escóitenos, porque hai tres anos dicía o xefe de servizo: «Son necesarias hemodinámicas 24 horas en Lugo e en Ourense». O xefe de servizo do Complexo Hospitalario de Santiago. ¡Escóiteno! ¡Fáganlle caso!

Mire, non veñan ocultarse detrás do Regaliam. Non veñan buscar unha escusa, ¡por favor!, que levamos avanzado moito durante estes días. ¡Non poñan trabas a este acordo! Permitan que saia adiante. Non se escondan, porque o propio conselleiro de Sanidade fai declaracións dicindo cando se ten que implantar ou non: «*hoy por hoy está descartado ampliar la Hemodinámica 24 horas en Lugo y en Ourense*», 24 de abril de 2016, *La Voz de Galicia*. ¿É unha decisión política ou é unha decisión médica? Porque é unha decisión política dende o momento en que o conselleiro de Sanidade se posiciona politicamente. É unha decisión política o atraso durante estes anos, porque os propios profesionais acábolle de dicir que avalaban e pedían a implantación dese servizo. Se foi unha decisión política para atrasalo, ¿por que non pode ser unha decisión política para poñelo en marcha, señora Rodríguez-Vispo? (Aplausos.) ¿Por que? (Aplausos.)

Remato xa, presidente. Se me permite, gustárame ler a proposta de transacción. Repito, levou moito tempo, moito esforzo. Non sei se conseguiremos chegar a un acordo ou non, pero si que quero agradecer ás voceiras de todos os grupos —tamén a vostede, señora Rodríguez-Vispo— a disposición durante estes días, a capacidade para negociar, para flexibilizar os posicionamentos. E tamén ao meu grupo parlamentario por permitir flexibilizar unha proposta que levamos moito tempo insistindo nela tamén. A proposta quedaría da seguinte maneira:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar a unidade de Cardiología do Complexo Hospitalario de Ourense, garantindo a formación e o adestramento do equipo multidisciplinar para que antes de setembro de 2019 se implante un modelo que garanta a prestación asistencial na Sala de Hemodinámica durante as 24 horas.»

Con humildade creo, señorías, que este é un acordo moi importante. Creo, señorías, que é unha oportunidade histórica dunha reivindicación que levan moitos anos os ourensáns e as ourensás poñendo encima da mesa.

Repito, altura de miras, cabeza e corazón porque, dende logo —repito— é unha oportunidade histórica.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.



Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no corredor atlántico, dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013, do Parlamento e do Consello Europeo

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Para min o problema principal non é só compartir a Praza de Colón coa Falange, é que un, se tapa os ollos e escoita o señor Casado, pensa que está escoitando a Santiago Abascal ou á xente da Falange. Ese é o principal problema, o que vostedes din, non só con quen comparten espazos.

Traio aquí a debate un asunto que para nós é transcendente. Sei, ademais, que xa o trouxemos en varias ocasións a comisión. Sei que houbo acordos unánimes neste asunto na Comisión 2ª, de Infraestruturas. Pero o motivo de traelo a pleno é porque estamos diante dun momento decisivo na tramitación que pode acabar coa inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico e que pode facilitar un horizonte onde haxa financiamento e facilidades para modernizar as liñas de ferrocarril para mercadorías, para mellorar as conexións dos portos galegos, para facer unha política de portos baseada na planificación, na especialización e na mellora da competitividade.

Estamos nun momento decisivo e, polo tanto, isto non é cuestión de trámite, que xa temos acadado un acordo na Comisión 2ª, senón que é unha cuestión de insistir como Parlamento nun asunto que nós cremos que vai ser e debe de ser, mellor dito, unha liña estratéxica nas infraestruturas deste país, sorprendentemente esquecida ou apartada das prioridades dos gobernos nas últimas décadas, como esquecendo que o noso principal mercado exterior é o norte de Portugal, esquecendo que Galicia, se intensifica as relacións e as conexións co norte de Portugal, ten unha zona de 6 millóns de habitantes con gran dinamismo económico, ten unha potencialidade estratéxica enorme. Pois iso esqueceuse durante moitos anos na política de infraestruturas dos sucesivos gobernos, priorizando a conexión de pasaxeiros coa Meseta por alta velocidade e esquecéndose tanto da conexión con Europa como da conexión con Portugal.

Polo tanto, esta liña estratéxica para o futuro depende tamén, evidentemente, de que en Europa teñamos acceso a financiamento suficiente para levar a cabo uns proxectos que, por outro lado, tampouco están feitos. É outra das cuestións que os gobernos deben de facer. Tanto o galego como o do Estado español, ademais de apoiar a inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico, teñen que poñerse a traballar nos proxectos de mellora da conexión dos portos galegos, de mellora da competitividade da liña ferroviaria con Porto, e téñeno que facer xa, porque o acceso a este financiamento, se finalmente se produce, terá que ter despois outro paso, que é a competencia con outros proxectos a nivel europeo para acceder ao financiamento. E se non contamos cuns proxectos bos, non poderemos acceder a ese financiamento.



O procedemento para a inclusión da conexión Vigo-Porto está no seu tramo final. Hai ano e medio, sorprendentemente Galicia estaba excluída do Corredor Atlántico, Galicia quedaba fóra do mapa das comunicacións das mercadorías europeas. En xullo de 2018, a Comisión da Unión Europea aprobaba a proposta de integración de Galicia no Corredor Atlántico, o que representou unha gran noticia e a reparación dese sen sentido que era a exclusión total de Galicia da rede de corredores de mercadorías europea.

Esa conexión co Corredor Atlántico é fundamental, pero viamos naquel momento que había conexións de Portugal polo Estado español, dúas; que había unha conexión de Galicia cara ao Estado español, unha, pero non había ningunha conexión entre Galicia e Portugal. Por iso trouxemos en setembro unha proposición non de lei para solicitar que a conexión de Galicia con Portugal entrase no Corredor Atlántico.

Insistimos tamén non só por isto, senón porque os gobernos galego e español non tiveron esta actuación como prioridade. Poño dous exemplos. O Comité Europeo das Rexións presentou unha serie de emendas aos regulamentos para reformar o mecanismo Conecta Europa e as redes transeuropeas de transporte. Nese Comité Europeo das Rexións, os dous membros galegos que están son o señor Feijóo e o señor Abel Caballero, e non se presentou ningunha emenda por parte de ningunha destas dúas persoas, por parte do presidente da Xunta, ningunha proposta de inclusión da conexión Vigo-Porto.

Por outra banda, o Goberno español do señor Sánchez, no Consello da Unión Europea celebrado hai dous meses, non propuxo a inclusión da conexión Vigo-Porto. Este é un procedemento que discorre paralelo ata o punto final. Primeiro hai un procedemento no Parlamento Europeo que xa está rematado e está aprobado. No Parlamento europeo aprobouse a inclusión desta conexión no Corredor Atlántico. Pero hai outro, que é o traballo dos estados membros, que é no Consello da Unión Europea, onde non se debateu porque non se propuxo a inclusión da conexión Vigo-Porto. Polo tanto, o que falta agora é que o Goberno español —agora si— traballe pola inclusión desta conexión. Ese é o último empuxón que creo que temos que axudar a dar dende este Parlamento.

Cremos sorprendente que só no último momento o señor Feijóo se sumase a unha reclamación tan estratéxica para este país como esa xuntanza cos presidentes da Cornixa Cantábrica. Cremos sorprendente que, cando nós plantexamos isto na comisión a primeira vez, o Partido Popular non tivese unha posición definida, que non coñecese as vantaxes da inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico, porque, xa digo, non se pode estar tan despistado como para obviar que isto é estratéxico para Galicia. O porto de Leixões está competindo, está comendo cota de mercado, porque ten un goberno detrás que planifica o seu futuro, que planifica a súa actividade. Mentres, aquí, en Galicia, as autoridades portuarias están facendo a guerra pola súa conta e non existe un plan de infraestruturas para mellorar a competitividade e as conexións destes portos.

Iso é a política. A política é pensar tamén a medio e longo prazo. A política é pensar que Galicia ten que especializar os seus portos e ten que ter unhas infraestruturas competitivas para fomentar a economía produtiva. Polo tanto, xunto co artellamento interior do país, coas cercanías e a conexión entre as cidades, isto debe de ser nos próximos anos o albo dos es-



forzos de calquera goberno que represente a este país. Por iso pedimos o apoio do Parlamento para esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Bo día.

Efectivamente, este tema foi tratado recentemente en comisión e foi obxecto dun acordo unánime na Comisión 2ª. Tamén é certo que en realidade neste momento a Comisión Europea xa aprobou a proposta para incluír este treito, Vigo-Porto, no Corredor Atlántico e tamén o Parlamento Europeo aprobou esta proposta o 12 de decembro. Falta, efectivamente, un último paso, que é que se acorde na negociación entre a Comisión, o Parlamento e o Consello, o chamado trílogo, que se ten que producir inmediatamente porque estamos a punto de rematar este período lexislativo no Parlamento Europeo.

Entón, hai certo consenso, falta este último paso, ten todo o sentido chegar a este acordo aquí. E tamén temos que dicir que é un acordo que vai chegar tarde porque Galiza vai ter oportunidade de participar nos investimentos da próxima década para que este treito e toda a rede do Corredor Atlántico teña as características das redes transeuropeas, é dicir, ancho internacional, dobre vía, electrificación e sistema de seguridade ERTMS, que agora non existe nestas liñas. E non existe, entre outras razóns, porque xa perdemos o tren do acordo do 2013, no que Galiza quedou excluída do Corredor Atlántico e o porto de Vigo tamén na rede de portos nodais. Isto ten responsabilidades. Non a do BNG, que presentou emendas e votou en contra desa proposta, pero si daqueles grupos que apoiaron esta proposta no Parlamento Europeo, e isto hai que dicilo. Perdemos practicamente unha década xa.

Parécenos oportuno e necesario este acordo, pero tamén nos parece oportuno e necesario denunciar a situación na que está a liña ferroviaria entre Vigo e Porto, que leva paralizada a súa modernización e a súa mellora desde o ano 2012, tamén por decisións —hai que dicilo— do Goberno central coa conivencia do Goberno da Xunta. Vemos como mentres se aposta e se declara prioritaria a conexión de Porto e de Aveiro a través de Salamanca, a través de Miranda de Ebro e Valladolid, a conexión de Galiza quedou atrás, e isto, xa digo, foi por decisións do Goberno central. Por iso temos nesta liña un tren do século XX que circula por vías do século XIX. E así están pendentes a saída sur... É dicir, que nestes momentos, ¡fíxese!, para ir de Vigo a Tui e a Porto hai que dar un rodeo por Redondela e percorrer o dobre de distancia e tardar o dobre de tempo que se o facemos, por exemplo, por estrada.

Tamén está pendente eliminar o paso do tren por Porriño, polo medio da vila, que é algo absolutamente anacrónico. Está pendente suprimir pasos a nivel; está pendente mellorar o trazado; acabar a electrificación da vía. É necesario, polo tanto, que o Goberno central en-



tenda, e tamén a Xunta, que esta cuestión é unha prioridade, a conexión ferroviaria non só entre Vigo e Porto, senón entre Coruña e Ferrol, Porto, Aveiro, Lisboa e Sines é absolutamente prioritaria. E nos seis anos de bipartito Rajoy e Feijóo non se fixo nada ao respecto.

A Xunta e o Goberno central... (*Murmurios.*) ¿Pasou algo, señora Egerique? Non, non falaba comigo. A Xunta e o Goberno central teñen que demostrar —e isto demostrase con orzamentos e con investimentos— que esta conexión é algo estratéxico e prioritario, que non se trata de declaracións para a galería nin se trata dun brinde ao sol. Ata agora non o fixeron, tampouco o fai o actual Goberno do Estado a través dos orzamentos que están en tramitación. Levamos oito anos perdidos nesta materia e o que hai que facer é pasar, acabar con este tren chu-chu —que é como se pode chamar— que temos nesta liña, que temos tamén —hai que dicilo— entre Coruña e Ferrol e entre Ferrol e Ribadeo —un tren chu-chú do século XX por vía do século XIX—, e pasar a un tren moderno e competitivo como merece este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Efectivamente, debatemos por segunda vez a mesma iniciativa. Xa o dixo o proponente, foi debatida na Comisión 2ª o 24 de xaneiro e houbo un acordo unánime por parte de todos os grupos parlamentarios. Entendo a necesidade de incidir na presentación desta proposición para que se manifeste todo o Parlamento de Galicia. Evidentemente, por parte do noso grupo non hai ningún cambio de postura, así que imos votar que si de novo, como entendemos que ocorrerá co resto dos grupos.

E imos votar que si porque hai suficientes motivos, non cambiou absolutamente nada dentro desa dobre configuración de rede básica que rematará teoricamente no ano 2030 e de rede global o ano 2050. Houbo un acordo político unánime, social e empresarial que conseguiu que se incluíse Galicia nese corredor atlántico, e, evidentemente, este grupo parlamentario sempre apoiou que se complementase ou, mellor dito, que se fixese dunha vez a saída sur de Vigo, algo no que sempre atoparon o apoio deste grupo parlamentario.

É moi relevante, e así se nos puxo de manifesto hai un par de semanas nun encontro que houbo entre os gobernos de Castela-León, o Principado de Asturias e a Xunta de Galicia, porque alí se nos deron datos que resultan extraordinariamente relevantes e pertinentes para este debate. É pertinente que saibamos que, segundo a loxística, entre un 5 % e un 45 % —sobre todo esta porcentaxe de 45 % é extraordinariamente elevada— do custo dun produto depende do propio transporte, e, nese sentido, é evidente que ten unha incidencia absoluta na competitividade das nosas empresas, das empresas de Galicia. Ademais, tamén foi moi revelador que se nos informase de que soamente o 1 % das mercadorías que se transportan nesta comunidade autónoma se fai por ferrocarril, e iso é un anacronismo que, evi-



dentemente, á parte do sobrecusto que supón para as empresas galegas, ten unha incidencia enorme en aspectos medioambientais, porque todo o que non se transporta por ferrocarril —evidentemente falo do transporte terrestre— ten que ser necesariamente por carretera, ten que ser necesariamente en camións.

Por se isto non fose suficiente, que creo que si o é, e niso creo que estamos todos de acordo, a Confederación de empresarios de Pontevedra dirixiu a todos os grupos parlamentarios a principios deste ano —en concreto o día 2 de xaneiro— unha proposta na que se nos pide que apoiemos decididamente esta saída desde Ferrol ata Leixões, pasando polos portos da Coruña, Vilagarcía, Marín, Pontevedra e Vigo. Evidentemente, non quero deixar sen dicir que tamén vinculan o desenvolvemento da provincia de Pontevedra, en concreto, a que se remate a plataforma loxística da Plisan, e aí si que ten algo que dicir, todo que dicir, a Xunta de Galicia.

Insisto, os argumentos que fixeron que apoiáramos esta iniciativa hai menos dun mes seguen sendo os mesmos, polo tanto, este grupo parlamentario vai apoiar esta proposición non de lei.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Álvarez Martínez.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

É verdade que debatemos esta PNL na Comisión 2ª. Eu alí xa dixen que tanto os voceiros de En Marea como os do BNG como os do Partido Socialista fano coa boca pequena. Parece que agora ao Goberno de Pedro Sánchez non lle exixen coa mesma contundencia e vehemencia que lle exixían ao Goberno de Mariano Rajoy. Pero teño que dicirlles que, realmente, a nosa posición segue sendo a mesma, coma sempre, e a exixencia e a vehemencia van ser as mesmas, aínda que vostedes falen con tanta desidia, ademais exixíndolle a un goberno que está a piques de desmoronarse. Como politicamente están tranquilos, non exixen para Galicia o que Galicia require. Nós estamos no mesmo lugar e imos exixilo e, por suposto, votalo a favor e debatelo as veces que sexa para que isto sexa unha realidade, para o Corredor Atlántico e para a conexión Vigo-Porto.

Señor Sánchez, vostede fala aquí de que están o señor Feijóo e Caballero, e di que Feijóo non fixo nada pero a Caballero nin o nomea. Claro, a el non lle exixen o mesmo, e ao Partido Socialista non lle exixen nunca o mesmo que ao Partido Popular. É moi curioso, ademais, levamos todo este pleno falando do Partido Popular cando temos un Goberno en España que é do Partido Socialista con independentistas, que está a punto de desmoronarse, que está meténdolle un recorte impresionante nos orzamentos a Galicia, ¡e aquí non pasa nada! ¡Aquí seguimos falando do Partido Popular!



Miren, nós, desde o Partido Popular, imos seguir exixindo o mesmo que fixemos sempre, e ademais, coa mesma coherencia e coa mesma contundencia; máis contundencia, se cabe, porque as experiencias que temos dos comisarios socialistas en Europa e dos ministros socialistas non son moi halagüeñas nin para Galicia nin para Vigo.

O señor José Blanco foi o que negociou no 2011. Vostede fala do 2013, pero foi o señor José Blanco o que deixou a Vigo fóra da rede nodal de portos. Tivemos un comisario, que era Almunia, que a favor de Holanda meteu o *Tax lease* no naval galego e meteu os estaleiros de Galicia nun problemón que afortunadamente puidemos resolver. O presidente Sánchez condónalle a débeda ao porto de Valencia, en detrimento e sen ter en conta os portos galegos, je aquí non pasa nada! E o Partido Socialista foi sempre na súa historia, nos gobernos, o que máis danou a Galicia. Polo tanto, nós seguiremos falando no mesmo lugar.

Ademais, despois do debate que tivemos na Comisión 2ª, pasaron cousas. Houbo un encontro en Galicia, ao que vostede, por certo, estaba invitado e non o vimos por alí —vostedes elixen onde ir e onde non ir—, para facer forza tres comunidades autónomas, cos tres presidentes alí, e ademais con membros da sociedade civil. Temos, ademais, un informe que se vai presentar o luns, da presidenta do Consello Económico e Social —hoxe falaba nun medio de comunicación—, que fixeron sindicatos, universidades, que están tamén os empresarios de Galicia e os propios portos, no que se di que Galicia se xoga o futuro con este corredor, e, por suposto, escoitamos a todos os que teñen algo que dicir.

Nese encontro no que estaban o presidente de Asturias, o de Castela-León e o presidente de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, a verdade é que houbo unanimidade total en solicitar e en poñer enriba da mesa cales son os obxectivos deste corredor antes de que isto sexa unha realidade. Os obxectivos son que haxa maior emprego, que haxa, ademais, maiores oportunidades en Galicia e que haxa un noroeste peninsular, non un noroeste español, e alí falamos tamén da conexión Vigo-Porto.

No ano 1990, nos anos noventa, co goberno de Fraga, xa se falaba do noroeste peninsular, non do noroeste español. E o Partido Popular de Galicia seguiu sempre traballando nesa idea, con esa máxima, e pedindo sempre, ademais, esa unión dos portos galegos co porto de Leixões, e agora vén aquí ameazar e a dicir que a súa competencia son os portos españois. E vostede, señor Sánchez, como deputado galego defende aquí os gobernos de Portugal en detrimento, quizais, dos portos de Galicia.

Creo que temos que estar todos a favor de defender os nosos intereses en común, e este corredor é un exemplo. Eu creo que este goberno, este grupo parlamentario, sempre o tivo enriba da mesa, e nós non imos titubear niso, imos seguir exixindo o mesmo.

Decía tamén que é importante o tema das contas, do financiamento, vostede tamén falaba diso. Son uns 3.500 euros, por iso temos que pedilo coa voz moi firme, por unanimidade deste Parlamento, e alegrámonos de que isto saia por unanimidade, pero non de boquilla.

É que claro, en moitas ocasións claro que somos políticos e facemos políticas, pero aquí hai cousas que son fundamentais para Galicia e para o futuro de Galicia. Estamos vendo, ademais, coas sementes que se plantan nalgúns momentos, o que pasa despois.



Polo tanto, hoxe esta decisión, a pesar de que non haxa moito interese e de que eu vexa os deputados un pouco máis aburridos defendendo esta iniciativa, é moi importante —insisto— para o futuro de Galicia e para o futuro do noroeste peninsular.

Insisto en que os beneficios se poden multiplicar. Ademais, isto pódese traducir perfectamente —dino os sindicatos, dino os empresarios, dío a universidade— en postos de traballo, en melloras en fixación de poboación, en maior industria. Polo tanto, é fundamental poder competir na Europa do século XXI en igualdade de condicións. Imos apoiar definitivamente e seguir loitando, ademais, para que isto sexa unha realidade. Nós estivemos xa hai moitos anos neste lugar e seguimos no mesmo lugar.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitas grazas a todos os grupos polo apoio á iniciativa, creo que é importante a unanimidade nesta cuestión. E partindo dese agradecemento, véxome obrigado a contestar algunha cuestión.

Primeiro, dicía vostede que o Partido Popular sempre defendeu a idea da conexión do noroeste. Pois a historia non acredita niso. Ademais de falar, creo que non fixeron nada, iso é unha realidade. O FEVE, o antes chamado FEVE, está como está e houbo gobernos do Partido Popular no Estado nos últimos sete anos, co señor Mariano Rajoy, e ¿que se fixo?, ¿que investimentos houbo para iso? ¿Que proxectos fixo o Partido Popular ou instou a Xunta de Galicia a facer para a conexión con Portugal? Cero tamén. Polo tanto, a historia está aí. Vostede pode dicir o que queira, pero o Partido Popular non se preocupou porque non priorizou nunca nin o noroeste —é dicir, a conexión con Europa— nin a conexión co norte de Portugal. Sorprendentemente para nós, priorizouse a conexión de pasaxeiros coa Meseta, e creo que é un erro histórico deste país atravesar unha meseta despoboadada con pasaxeiros, en vez de priorizar a conexión do eixo atlántico con Europa para conectar —como dixeron aquí varios portavoces— os portos galegos e para aumentar a competitividade en Europa.

Despois falaba vostede da vehemencia. Eu falo coa mesma vehemencia con uns e con outros, xa o dixen. Dixen que estaba Abel Caballero no Comité de Rexións, nomeeino a conciencia e ten responsabilidade el, pero o señor Abel Caballero non é presidente da Xunta de Galicia. O presidente da Xunta de Galicia, o señor Feijóo, agora súmase ao carro pero non dixo nada cando houbo as emendas no Comité Europeo das Rexións. E ten que saberse que temos esta oportunidade grazas a que un deputado portugués da Comisión de Infraestruturas do Parlamento Europeo introduciu esta emenda, porque nin o señor Blanco nin o señor Millán Mon —que están na comisión, creo, polo menos o Grupo Popular ten algún membro nesa comisión— meteron ningunha emenda para incluír a conexión Vigo-Porto, e iso hai que sabelo tamén.

Evidentemente, vostede dixo que pasaron cousas, e é certo, e nós alegrámonos de que o señor Feijóo se sume por fin a esta iniciativa e de que se sume por fin todo este Parlamento a esta iniciativa porque vai ser moi importante para o futuro.



Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Antes queríamos saudar os alumnos de quinto de primaria do CEIP Monte dos Brozos, de Arteixo, que acaban de entrar no plenario.

Moi bos días a todos e a todas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de vivenda para a emancipación xuvenil

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular esta proposición non de lei, ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos e benvidos os nenos de Arteixo.

Para o Partido Socialista, o acceso á vivenda dos xoves é, sen dúbida, unha das cuestións máis prioritarias nas políticas a desenvolver por parte do Goberno. É así porque é o motor que permite e impulsa a este colectivo á súa emancipación e porque tamén facilita a súa participación activa no mundo laboral e a súa propia autonomía económica e familiar.

Por iso, entenderán que insistamos en traer unha iniciativa que reformula o xa presentado a debate nesta cámara no mes de decembro como autoemenda, e sobre a que se solicitou por parte dos grupos —expresamente, ademais— maior tempo para un debate máis relaxado e con maior oportunidade de emendar, de completar ou de reflexionar sobre as cuestións propostas, de aí esta nova proposta que hoxe presentamos.

En todo caso, vivimos nun contexto de baixa natalidade, de envellecemento da poboación e de saída dunha longa crise económica, ao que temos que engadir dificultades como as continuas transformacións do mercado laboral, que exige maior flexibilidade e que afecta especialmente os/e as máis xoves, os que se van incorporando ao mercado laboral. E todas estas particularidades son as que levan a plantexar medidas que teñan en conta este contexto, para garantir, en todo caso, un mellor acceso á vivenda por parte das e dos xoves.

Os datos fan que hoxe ser xoven conleve máis dificultades que hai dez anos. Segundo o propio Instituto Galego de Estatística, conséntase que só un de cada dez xoves galegos se emancipa antes dos vinte e cinco anos, e só dous de cada dez o conquiren antes dos trinta, datos que ademais confirma o Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España no seu último informe do segundo semestre de 2017. Son datos que empeoraron en cinco puntos dende o 2007, porque hoxe é máis difícil que hai dez anos a emancipación para os



xoves galegos. É máis, só un 11 % dos e das xoves menores de trinta e catro anos que conviven cos pais teñen un salario por riba dos mil euros mensuais. Polo tanto, a gran maioría non deixa o fogar non porque non queiran, senón porque sinxelamente non poden.

Máis dun cincuenta e catro por cento deses xoves que conviven cos pais non teñen ningún ingreso. E, a maiores, Eurostat ratifícao: a idade media á que se abandona a casa familiar, 29,3 anos, é a sexta máis alta de Europa. Mentres que noutros países europeos como Finlandia, como Suecia ou Dinamarca, a idade media de emancipación é de vinte anos, e noutros como Francia, Alemaña, Holanda, Bélxica ou Reino Unido a gran maioría o fai antes dos vinte e cinco, aquí a cifra chega ata os 29,3 anos. E ¿cal é a gran diferenza con estes países? Pois que alí se contemplan contundentes axudas á emancipación, mentres que aquí o problema está nos salarios, na alta incidencia da temporalidade e inestabilidade dos traballos e na necesaria mobilidade das e dos xoves.

Tendo en conta, ademais, que Galicia é das rexións máis envellecidas do mundo, ¡do mundo!, non parece que nin o presente estea a responder con eficacia a este problemas nin o futuro estea pensado para que a situación mellore. É máis, se no mes de decembro se aprobaba un decreto-lei desde o Goberno do Estado que contemplaba precisamente medidas urxentes no ámbito da vivenda, pouco máis dun mes máis tarde o mesmo decaía. Isto significa que as melloras en seguridade e ampliación dos contratos para os inquilinos, de tres a cinco anos, ou medidas que velaban por unha maior protección para os desafiuzados, decaeron e provocaron a perda duns dereitos que socialmente foran e son moi demandados. Unha mágoa que neste caso a falta de apoio dos grupos, e significativamente a do grupo Podemos, non favorecese a consolidación destas medidas.

Penso que foi un desacerto grande, e estou convencida de que o propio Grupo de En Marea é moi consciente desta cuestión, porque as oportunidades non sempre se presentan dúas veces, e a medida supuña un verdadeiro avance en política de vivenda.

Por todo isto, este plan de emancipación xuvenil é, se cabe, aínda máis importante neste momento, porque non existen a día de hoxe máis que as dúas medidas previstas dentro do plan estatal de vivenda. As axudas contémpanse tanto para o alugamento como para a compra, condicionada, iso si, para localidades de menos de 5.000 habitantes para os menores de trinta e cinco anos.

A demanda de preto de 12.000 galegos e galegas das axudas para o alugamento na recente convocatoria da Xunta de Galicia supón —e cito o dito pola propia Consellería— «que non poderá atender, en todo caso, a máis do 35 % das solicitudes». Iso demostra que, tal como xa anunciamos nalgunha outra intervención nesta Cámara e tamén nas comisións parlamentarias, a Xunta endureceu as condicións de acceso ás axudas para o alugamento este ano porque era e é ben coñecedora da alta demanda que existe. *(Aplausos.)* Tanto é así que, logo de seis meses de tramitación, seguen sen adxudicarse as mesmas, precisamente polo aluvián que recoñecen que teñen padecido de peticións de axudas.

Constatar que preto de dous terzos dos demandantes das axudas para alugamento de vivenda vaian quedar fóra, implica que existen polo menos preto de 8.000 galegas e galegos con di-



facultades para acceder ao alugamento de vivenda, e non o din eles, non o dicimos nós, dino as propias condicións das axudas, porque os descartados e descartadas serano por falla de fondos, non porque non reúnan as condicións para obter a subvención.

Isto dá unha boa idea do imprescindible que é complementar estas axudas con outro tipo de medidas, máxime cando a incapacidade económica para alugar ou comprar vivenda nas grandes vilas galegas é especialmente complicada para todos e todas as xoves. No 2017 constatábase que, para alugar unha persoa xove soa, debería adicar o 85 % do seu salario para poder emanciparse, algo que é totalmente inasumible e que contribúe, entre outras cousas, ao empobrecemento deste sector da poboación, así como ao atraso da súa independencia na súa paternidade ou maternidade e, como consecuencia, ao avellentamento e perda de poboación.

Xa lles comentaba tamén, hai apenas dous meses, como o programa de emancipación xove que contempla a Xunta se reduce a un icono nunha pantalla que premendo del leva a unha relación de axudas xurdidas nos últimos anos, todas caducadas, a excepción do Plan estatal de vivenda. (*Aplausos.*) Por curiosidade, onte mesmo entrou no mesmo, volvíñ premer no botón, e non crea que mudou nestes dous meses, jén absoluto! A obsolescencia segue programada, máis ben en *off* que en *on*.

Por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista, consideramos que é imprescindible dirixir dun mellor modo a posibilidade de emancipación dos e das xoves galegas e asegurar especialmente o seu acceso á vivenda, explorando todas as posibilidades que permitan adaptarse ás necesidades deste colectivo tamén durante a súa etapa de formación, tamén coa convicción de que é preciso facilitar unha mellor información que poida asegurar o coñecemento real dos dereitos e, con iso, a capacidade para exercelos.

Por iso propoñemos unha batería de propostas que se centran especialmente nos xoves, coa necesaria posta en marcha dun verdadeiro plan de vivenda para a emancipación xuvenil. As medidas deste plan pasan pola redacción dunha guía de vivenda e emancipación xuvenil que sirva para orientar os e as mozas galegas na súa busca de vivenda e que facilite unha emancipación e independencia reais, informando sobre as diferentes opcións de acceso á vivenda, fórmulas contractuais, vantaxes fiscais, axudas, subvencións e modos de participación social. Creando tamén, dentro das competencias do Instituto Galego de Vivenda e Solo, un servizo de emancipación xuvenil que xestione unha bolsa de alugamento para mozos e mozas e que actúe no proceso valorando as características das vivendas, poñendo en contacto as partes, tramitando a documentación necesaria, mediando entre as partes ante posibles incidencias, reservando vivendas competentes para mozos e mozas con diversidade funcional, e favorecendo que contén cunha partida económica específica que teña como finalidade servir de fianza a mozos e mozas con escasos recursos económicos nos contratos de arrendamento de vivendas. En definitiva, dando un servizo específico en materia de vivenda por e para os e as xoves galegas.

Por outro lado, tamén promover experiencias de vivenda en alugamento orientada aos e ás mozas mediante un sistema de rotación, ao modo das experiencias dos *foyers* implantados en Francia e Reino Unido, ou en cidades como en Barcelona, co exemplo das *vilas joves*.



Promover tamén programas de aloxamento temporal de vivendas públicas, para mozos traballadores e traballadoras e estudantes desprazados e desprazadas. Fomentar a convivencia interxeracional como modo alternativo de acceso á vivenda, algo que encaixa perfectamente co impulso do *cohousing*.

E como última medida, plantexamos tamén o aumento da dedución autonómica no IRPF, de máis do 10 % por alugamento de vivenda habitual, ás persoas mozas arrendatarias con menores niveis de ingresos. Equiparnos, polo tanto, aos incentivos doutras comunidades, nos que a dedución media está no 15 %; nalgunhas, como Valencia e Madrid, chega ao 20 %, e incluso ao 25 % no País Vasco.

Esta é a nosa proposta, da que teño que recoñecer tamén a miña inxenuidade política, pois agardaba que, dado que en decembro se pedira por parte dos grupos tempo para poder debatela pausadamente e melloralala con aportacións e emendas, non entendo francamente que non se presentara nin unha soa petición de engádegas ou substitución.

Pero como na construción, no mundo no que eu me movo, é habitual que sexa directamente na obra onde se toman moitas destas decisións, quedo, en todo caso, á disposición dos grupos para valorar a posible introdución de engádegas, pois o único que nos ten que interesar a todos e a todas é aportar solucións aos problemas, neste caso daqueles xoves galegos e galegas que non teñen garantido o seu dereito básico de acceso á vivenda.

Pola miña banda, nada máis polo momento. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: A verdade é que, cando vimos esta proposta na orde do día, quedamos un pouco sorprendidos. Eu, a verdade, pensei: o PSOE debeu negociar co PP, porque lle votaron en contra no Pleno de decembro e volven traelo agora, practicamente inmediatamente despois, será que chegaron a algún acordo. Parece que non, ¿non?

A verdade é que estaba tentado a remitirme ao *Diario de Sesións* e dicir: remato aquí a intervención. Podíamos aplicar aquilo que dicía Groucho Marx, ao mellor tiñamos que poñelo aquí gravado nalgún sitio da tribuna do Parlamento: «É mellor estar calado, e parecer tonto, que falar e despexar todas as dúbidas definitivamente.» Ás veces creo que nos repetimos, e nos repetimos, e nos repetimos na argumentación, e o Partido Popular, desde logo, é irredundante e non presta moita atención a estas propostas.

Pero a verdade é que é un tema, máis alá das brincadeiras, realmente grave e importantísimo, que merece a nosa atención, que merece a nosa preocupación e tamén os nosos argumentos.

Os do BNG, desde logo, están claros e poden resumirse en tres, ou se queren nun: hai que acabar coa vivenda como negocio especulativo e converter a vivenda realmente nun dereito



da cidadanía, da xente, e isto non está pasando agora; e para iso hai que desenvolver tres grandes actuacións.

A primeira é mudar de raíz a política de vivenda, mediante a intervención pública no mercado, na oferta de vivendas e tamén nos prezos. Por certo, isto dio así, tal cal ou parecido, o propio Plan de vivenda da Xunta de Galiza, o que pasa é que despois fan absolutamente todo o contrario; o que fan é, precisamente, potenciar esa dimensión da vivenda como negocio especulativo.

Para iso hai que cambiar a lexislación: a lexislación de vivenda, a lexislación hipotecaria, a lexislación sobre desafuizamentos, e tamén sobre as socimis, por certo, Partido Socialista, esta especie de paraísos fiscais aquí no Estado español para a especulación sobre a vivenda.

Hai que mobilizar as vivendas baleiras, que en Galiza hai 300.000. É a comunidade do Estado que ten máis porcentaxe de vivenda baleira, só 90.000 nas grandes cidades. Hai que mobilizar esas vivendas e sacalas ao mercado para baixar os prezos, e, sobre todo, actuar, mediante incentivos e mediante penalizacións, contra os grandes tedores de vivenda actualmente, que son a banca, a Sareb e os fondos voitre especulativos, que teñen ademais a súa sede en paraísos fiscais.

Tamén hai que dedicar máis gasto público á vivenda. Esta é outra das asignaturas pendentes do Estado español, que está á cola de Europa, detrás de Chipre e detrás de Malta, no gasto público en vivenda. E tamén por parte da Xunta, que está nuns niveis de investimento en vivenda irrisorios, baixaron os investimentos de 52 millóns a 7 entre o 2009 e o 2018, e por riba nin sequera cumpre os seus orzamentos, ten unha baixísima execución orzamentaria.

Tampouco cumpre os seus compromisos, porque nos faloron no seu programa electoral de 2016 de que ían rehabilitar 10.000 vivendas, que a rehabilitación ía ser o grande obxectivo do Goberno, 10.000 vivendas nesta lexislatura. ¿Onde están, señoras e señores do Partido Popular?

E a gran cuestión para a emancipación xuvenil non son medidas paliativas, medidas parciais, que poidan axudar; a gran cuestión é mudar a política económica. Non sei como llelo temos que dicir: mudar a política económica, reverter os recortes e o roubo de dereitos e de rendas que se produciu coa escusa da crise; reverter e botar abaixo as reformas laborais, o dogma da estabilidade orzamentaria, xa que é realmente esta política económica a que está condeñando á mocidade —e non só á mocidade— ao paro, á precariedade e á emigración.

Voules ler uns titulares da prensa: «Galiza é a segunda comunidade autónoma onde menos mozos se emancipan: só o 17,8 %». «Galiza é a comunidade na que máis xoves de 30 a 34 anos viven cos seus pais». «O Consello da Xuventude ve inviable que un mozo acceda a unha vivenda polo paro e polos baixos soldos». «O baixo poder adquisitivo da poboación xove é o que limita o acceso á vivenda, na que por riba están aumentando os prezos». «Falta de emprego e dificultade para atopar vivenda a prezo asequible. Pagar o aluguer ou a hipoteca representa bastante máis da metade do salario». «Máis da metade da mocidade ten traballos temporais con soldos que os colocan en risco de pobreza».



Con este panorama social e económico, ¿quen pode acceder realmente a unha vivenda?

Polo tanto, non só medidas parciais e paliativas, que ás veces son efecto placebo, ou unha especie de homeopatía política, realmente precisamos medidas globais e medidas estruturais para cambiar a situación e a política de vivenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Torregrosa Sañudo.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pierres, coincidimos, está claro, coa diagnose das deficiencias e os datos abafadores sobre as dificultades que ten a mocidade no noso país para poder emanciparse. A mocidade como un colectivo máis, xunto con outros, como son os pensionistas, as familias monoparentais e, en xeral, a clase traballadora, que estivo sufrindo os estragos causados por unha crise que serviu para enriquecer a uns poucos a conta da maioría.

As políticas de austeridade, os continuos rescates á gran empresa, á banca, ás autoestradas; a falta de investimento en plans estratéxicos de desenvolvemento e innovación, en investigación, en permitir a precarización laboral, están a deixar ao noso país cunha pirámide de poboación que se afasta moito do desexable para manter un país vivo.

A nosa mocidade vaise porque non pode vivir, porque non ten unhas condicións laborais mínima para poder cubrir as súas necesidades básicas, como é o dereito a unha vivenda digna.

Como xa denunciámos dende o noso grupo en diferentes iniciativas presentadas, segundo o Observatorio de Emancipación, e con base nos datos do primeiro trimestre do 2017 — últimos datos existentes —, unha cuarta parte dos fogares conformados por mozos de menos de 30 anos que viven de alugamento están sobreendebdados. Case douscentos mil menores de 30 anos que residen en Galicia non traballan nin perciben ingresos, un 7 % menos dos que se atopaban nesta situación no último trimestre do exercicio anterior. A taxa de pobreza ou exclusión para os que aínda non cumpriron a trintena é case tres puntos máis baixa que a media nacional, pero afecta practicamente ao 35 % dos mozos e as mozas galegas.

Neste contexto, a cantidade de diñeiro que nun fogar de mínimo dúas persoas entre 16 e 30 anos deben destinar para afrontar o pago do seu alugueiro elévase ata o 33 %, un 21 % máis que hai un ano. Por iso, mentres que os fogares con hipoteca sobreendebdados son un 12 %, o caso dos que se atopan en alugamento elévase ata unha cuarta parte do total. Aínda así, trátase do réxime de tenza máis habitual entre a mocidade galega, porque o 54 % deste colectivo paga mensualmente unha renda ao seu caseiro. As propiedades con hipoteca supoñen, pola contra, a porcentaxe máis baixa, cun 14,4 %. Por encima, colócase un grupo de mozos



que contan cun inmovible propio totalmente pago, o que foi debido ao baixo prezo, un 15,4 e un 16,1, respectivamente.

Xa vivan como inquilinos ou propietarios, os mozos teñen que sumar, ademais, un desembolso duns 126,65 euros de media para pagar a luz e o resto de subministracións da vivenda, que se encareceron —xa o sabemos— un 12 % o ano pasado e que levan o 9 % do aforro das familias novas.

Insistindo no tema, o custo do acceso á vivenda de alugamento supera o 30 % de endebedamento máximo recomendado. No caso das persoas novas asalariadas, en solitario, a porcentaxe supera a metade do soldo, ao representar case o 56 %. A renda máxima recomendable e tolerable para un fogar novo non debería superar os 454 euros. Mentres que se se trata dun fogar unifamiliar, cunha persoa de 16 a 29 anos, a contía reservada para o pago da vivenda debería ser como máximo de 243,76 euros.

Fronte a isto, temos unhas políticas por parte da Xunta que —como xa expuxemos constantemente— en lugar de solucionar o grave problema estrutural que supón o despoboamento e o envellecemento da nosa cidadanía, non pasan de ser meras campañas de propaganda, que distan moito de ser efectivas ou pretender solucionar os problemas reais da nosa mocidade.

O Plan de vivenda 2018-2021, cunha dotación na nosa comunidade de máis de 106 millóns de euros para vivenda, prevé dous tipos de axudas, tanto para o alugamento como para a compra de menores de 35 anos. Nun caso, a axuda ascende ao máximo de 10.800 euros para a compra de vivenda, ou axudas de ata o 50 % da renda para o alugueiro. Na derradeira convocatoria, publicada no DOG do 16 de outubro, na dita resolución constaba que as axudas previstas nesta convocatoria se farían efectivas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe total de 200.000 euros —destes 106 millóns de euros, 200.000—, financiados con fondos propios da comunidade autónoma, e ata un máximo de 10.800 euros por axuda. Isto quere dicir que, de esgotarse os límites, daría para a axuda de adquisición de 18 vivendas, o que supón un impacto insignificante dentro do noso país.

E como vexo que non me queda tempo, podemos dar moitos datos máis que o que demostran é que hai unha vontade nula por parte da Xunta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...e que esta vontade non se fai con plans.

Para rematar, señor presidente, imos apoiar esta iniciativa, pero ten que vir acompañada de orzamentos específicos e medidas legislativas concretas para poder poñer ao alcance dos ingresos reais da mocidade traballadora vivendas dignas con prezos alcanzables, mediante políticas de construción dun parque de vivenda protexida, axudando as administracións locais, de mobilización de vivenda baleira e de axudas financeiras, tanto en condicións preferentes de interese como, en especial, de acceso á vivenda de alugamento a prezo moderado.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Torregrosa.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Castiñeira Broz.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Grazas, señora Torregrosa, por lernos o informe do Observatorio de Emancipación. A maioría dos datos que facilitou, a nivel nacional, a nivel de España, do Estado. E si, é certo —díxoo— que a nivel Galicia estabamos varios puntos por debaixo. De feito recoñéceo, e nalgunha das súas iniciativas, na exposición de motivos, pon que Galicia está a nivel de Canadá e o Reino Unido. Non sei se iso é certo ou non, pero vostede menciona que o nivel de ingresos que hai que aportar para o alugamento dunha vivenda está en Galicia no 24 % —estamos falando sempre de medias—. Eu diríalle que é o 22 %, pero admítolle incluso o 24 %, cando a propia exposición de motivos da iniciativa da señora Pierres plantea o 88 %. Tamén aparecen eses datos no Observatorio de Emancipación nacional.

É dicir, eu vexo a política que vostedes están facendo e, desde logo, se fora de En Marea, escondería a cabeza e non falaría de política de vivenda. Iso si, para os amigos e para os abaixo firmantes hai sempre axudas e esas cousas, non ten máis que pasar pola Coruña e ver como están facendo a política de vivenda.

Señor Bará, non se pode dicir unha cousa e a contraria. Vostede di —e estou de acordo con vostede—: hai que poñer en valor e hai que poñer as vivendas baleiras en circulación, por así dicilo. Por outro lado, onde gobernan e onde teñen posibilidades resulta que non se adhíren ao Programa de vivendas baleiras da Xunta. ¡Aclaremonos! A Xunta está facendo iniciativas para poñer en valor e mobilizar esas vivendas baleiras. E os da oposición, onde gobernan —na Coruña, en Ferrol, en Vigo, en Santiago e en Pontevedra, señores do BNG—, din non. Pois entón aclárense, porque, loxicamente, unha cousa e a contraria é difícil de poder levalas a cabo.

Señora Pierres, tráenos unha iniciativa que —como moi ben dixo— pon a tiritita antes de ter a ferida. Trouxo a mesma iniciativa que debatemos o 19 de decembro aquí e vai levar a mesma resposta. Facilita datos do Observatorio de Emancipación a nivel nacional. Si, en España necesítase o 88,1 % de media, cando é un asalariado único, para o alugamento dunha vivenda. Si, en Madrid moito máis e en Barcelona —que vostede a pon de exemplo ás veces— non digamos, posiblemente non chegue. En Andalucía está no 73 %, se imos a Valencia está no 73 %, e en Galicia é o 24 %, por debaixo do 30 %, iso é o que hai. Entón, non quere dicir que esteamos satisfeitos, nin moito menos. Seguiremos traballando, loxicamente, para mellorar, e aí están as medidas claras da Xunta en materia de vivenda.



¿Que non son moito as axudas que hai, de 10.800, para adquisición dunha vivenda para xoves menores de 35 anos? Podemos estar de acordo, gustaríanos que fora máis. Ou que para o alugamento, en lugar do 50 % se puidera pagar máis do 50 % e houbera máis fondos? É unha pena que vostedes, en lugar de traer aquí este debate —que me parece lícito e perfecto que o traia aquí—, non o leven a Madrid, que hoxe están debatendo precisamente a totalidade dos orzamentos. En lugar deses 1.000 millóns de euros que van destinados a negociar cos independentistas, se os dedicaran a vivenda —dígallo ao señor Sánchez e ao señor Ábalos—, ao mellor poderíamos mellorar ese Plan estatal de vivenda. Que, por certo, o que hai, grazas a que o deixou aprobado o Goberno do Partido Popular, porque o PSOE prometeu moito pero vai para nove meses e non fixo absolutamente nada, ¡nada!, señora Pierres, desas políticas de vivenda e de emancipación que vostede di. E, ¡home!, eu creo que un dos principais problemas para a emancipación é fundamentalmente a falta dun emprego estable, e o PSOE é un experto en crear inestabilidade e paro, precisamente.

Eu espero que lera a Lei de rehabilitación, porque, por exemplo, hai dous artigos, o 85 e o 90, que están dedicados —un integramente e outro en parte— a programas de envellecemento activo e interxeracional. Espero que haxa apoio e incluso aportacións para melloralos. Eses programas levan implícito un acceso prioritario a fondos tanto estatais como autonómicos.

Parte impositiva. Eu diría que vostedes, o 18 de decembro, votaron en contra das medidas fiscais que se aprobaron na Lei de fiscalidade aquí, neste Parlamento. Entre elas, nada máis e nada menos que, por exemplo, en transmisións patrimoniais, nas que o tipo xeral é do 10 %, para xoves é do 3 % desde o 1 de xaneiro. E en actos xurídicos documentados e formalización de hipotecas, o tipo xeral é do 1,5 % e para mozos menores de 35 anos o 0,5 %. E se é no rural, tanto actos xurídicos como transmisións están exentos. Esas son medidas que se aprobaron aquí e que vostedes, todos e todas, votaron en contra.

¿No IRPF? No IRPF, efectivamente, hai o 10 %...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Para menores de 35 anos hai un tope de 300 euros; se ten dous fillos son 600 euros; e se hai unha discapacidade maior ou igual ao 33 %, duplícanse estas cifras. Eu creo que hai que ser serios e hai que dicir as cousas como son. A Xunta está facendo esforzos importantes en materia de vivenda, baste mirar os orzamentos e o investimento real nos capítulos dos orzamentos deste ano, onde hai un crecemento de preto do 10 %.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Remato, señor presidente.

Eu o que lle teño que dicir é que non podemos concordar, desde logo, con esta iniciativa porque, sinceramente, a Xunta xa está tomando medidas neste sentido...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...e o único que temos que facer é seguir reforzando estas. Anímoos a que, onde gobernan e onde teñen posibilidades, se sumen ao control de vivendas baleiras.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Remato xa, señor presidente.

E díganlle ao seu máximo expoñente do PSOE en Galicia, o señor alcalde de Vigo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...que non venda as vivendas de promoción pública...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: ...40 vivendas en Rosalía de Castro que vendeu...*(O señor Castiñeira Broz pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Castiñeira.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señor Castiñeira, esta serie de medidas buscan que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda, recoñeza o grave problema que se vive en Galicia. ¿E sabe por que o afirmo? Porque os datos nos dan a razón. Cada día, nos últimos sesenta días, incorporáronse ao Rexistro de demandantes de vivenda algo máis de catrocentas persoas, situando o total na cifra de 13.369 demandantes; un incremento que en nove meses se traduce en 1.500 persoas máis. ¿E sabe que significa isto? Que a consellería, no último ano, só conseguiu atender unha demanda de vivenda por cada mil seiscentas peticións. ¡Unha por cada mil seiscentas peticións! Señor Castiñeira, con eses datos, ¡por favor!, non me diga que se está traballando eficazmente. Estarase traballando con esforzo —como vostede dixo—, eu non o nego, porque son moitos e moitas os e as profesionais implicados nunha consellería, pero a falta de dirección e orientación é total e absoluta. *(Aplausos.)* Por iso propoñemos hoxe esta batería de medidas, e traerémolas as veces que sexa preciso, para non deixar de petar na porta dunha consellería que parece ter deixado de escoitar as galegas e os galegos.

Unha mocidade que, a pesar de non vivir a situación das grandes capitais do Estado —como vostede dixo—, está a sufrir tamén unha suba porcentual dos alugueiros que é moi significativa.

Respecto do ano 2015... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* —por favor, señor Tellado, escóitoo aquí *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*, estouno escoitando—. En cidades como A Coruña, o incremento dos prezos é dun



36 %; en Vigo, dun 33 %; en Pontevedra, dun 22 %; en Santiago de Compostela, dun 16 %. Subas que non se corresponden, en ningún caso, coas dos salarios ou as dos subsidios sociais. Polo tanto, incrementan claramente o esforzo económico das familias para acceder a unha vivenda.

Hai 9.150 xoves galegos que non poden emanciparse vivindo xa en parella, cuestión que afecta, sen dúbida, ao atraso da maternidade e a paternidade das galegas e galegos. Non só nacen un 60 % menos de nenos e nenas, senón que a metade das xoves galegas non se plantexan ser nais ata que deixan de ser xoves, unha constatación —xa o dixen no seu día— que é terrible e que só ten relación co dramático fracaso das políticas demográficas, das políticas de emprego, de conciliación e de corresponsabilidade, de todas as políticas. Vivimos nun momento no que a maternidade e a atención á dependencia dos maiores conviven no tempo e afogan un pouco máis as capacidades das familias actuais.

Por todo isto, consideramos —¡claro que o consideramos!— que é imprescindible o deseño e posta en marcha dun plan de emancipación para os xoves, porque hai que incentivar e axudar a favorecer con todas as medidas en política de vivenda, pero tamén dun modo transversal noutros ámbitos, a emancipación e a independencia dos xoves.

Agradezo, en todo caso, os apoios e sinto moito o novo rexeitamento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...do Partido Popular, que nin sequera tivo a ben considerar o apoio de ningunha das medidas plantexadas, que non son poucas.

Quédanos clara a mensaxe deste goberno hoxe ás xoves galegas: as súas problemáticas non son a prioridade deste goberno.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Non o foron en dez anos e seguirán sen selo por moito máis tempo. Quédanos claro.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de Torrado Quintela, e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de Prado Cores.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar os estudos necesarios para levar a cabo a xestión directa do Servizo de transporte sanitario terrestre.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir os seguintes puntos á parte resolutiva:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

-Levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adjudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as para asinar un convenio paralizado hai máis de tres anos, que garanta os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adjudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre.

-Exercer a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.

-Que no novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre, que o 061 está iniciando, se contemplan perfectamente dimensionados tanto as necesidades de vehículos como de persoal, e polo tanto ampliados con respecto aos actuais, para evitar a situación presente de insuficiencia manifesta de ambos, e rectifique a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Se onte falabamos do que acontecía mentres uns se mobilizaban en Madrid e outros nos mobilizabamos en Santiago de Compostela en defensa da nosa sanidade pública, onte, mentres Rueda se mobilizaba cos Bolechas no CIAE, os traballadores do 061 mobilizábanse diante das emerxencias deste país pedindo un convenio xusto. Iso é o que pasaba, ¿onde estaba o conselleiro de Sanidade? ¿Onde estaba o vicepresidente? ¿E onde están os traballadores e traballadoras do transporte sanitario que levan neste país reclamando condicións dignas de traballo durante moitísimos anos?



Esta folga do transporte sanitario non é unha novidade, desgraciadamente. E non é unha novidade porque no noso país mantense un modelo de transporte sanitario mercantilista, orientado ao negocio e non, dende logo, orientado ás necesidades sanitarias. Proba disto é a eliminación de moitos dos vehículos dun transporte básico para o noso país hai xa oito anos, que foi froito de debate en diversas ocasións na Comisión 5ª, de Sanidade, nesta, pero fundamentalmente na pasada e hai dúas lexislaturas, nesta Cámara; como se o transporte sanitario fose algo prescindible.

Temos, polo tanto, situacións —témosllelo comentado en moitas ocasións— que se dan en zonas poboadas, en zonas que ademais sofren unha presión de poboación derivada do turismo nos meses de verán, como pode ser en Baiona, nas que nos quedamos noites sen transporte sanitario, e teñen que compartirse con outras zonas. Ou temas concretos relativos a celebracións —e xa temos discutido en moitas ocasións o que acontece con festas como a do Albariño—, á problemática que hai coa ausencia de recursos suficientes, ou mesmo á situación que sofre o rural de ausencia de medios suficientes para o transporte sanitario.

Como xa se ten explicado en múltiples ocasións, o número de ambulancias de soporte vital avanzado é insuficiente, o número de ambulancias de soporte vital básico é insuficiente e, dende logo, mantemos unha situación que leva a casos como o que coñecemos o mes pasado en Monforte, no que non había ningún vehículo para trasladar un paciente, unha persoa que sufría convulsións mentres estaba ao volante do seu coche, e tivo que esperar media hora para poder ser trasladado, porque tivo a sorte de que pasou outra por alí, porque a ambulancia de Monforte se atopaba en Ourense.

Esa é a situación que temos neste país: ausencia de recursos suficientes no transporte sanitario derivada dun modelo mercantilista. O mesmo modelo que fai que, desgraciadamente, o propio transporte aéreo estea circunscrito, desde logo, ás chapuzas en materia de contratos da Xunta de Galicia que temos denunciado en múltiples ocasións.

Na pasada lexislatura, cando eu falaba da necesidade de que o servizo fose público, intentábase ridiculizar dicindo que a Xunta non producía helicópteros. Esa é a situación. E agora temos un concurso paralizado ata por catro veces porque non son capaces de resolver a dotación dun dereito, dun sistema de transporte básico para trasladar as persoas que sofren unha urxencia, unha emerxencia sanitaria.

E mentres iso sucedía, mentres o conselleiro e o vicepresidente eludían as súa responsabilidade na situación das emerxencias e das urxencias sanitarias deste país, os traballadores do 0,61 traballaban —como xa temos trasladado noutras ocasións— en condicións absolutamente indignas, froito deses concursos á baixa. Si, á baixa, porque é unha trampa moi habitual no Partido Popular dicir que os concursos non son á baixa porque como todas as empresas concursan con importes moi pequenos, insuficientes, ao final, para manter o convenio colectivo, para manter os salarios das traballadoras e dos traballadores, non se produce unha baixa temeraria porque, evidentemente, en materia de lexislación a nivel administrativo iso non se pode cualificar como baixa temeraria. ¿Que sucede? Que tamén está na man do Partido Popular ter incluído durante todos estes anos nos propios pregos de contratación que se tivese que manter o convenio colectivo



Os traballadores levan tres anos sen convenio, con conxelacións salariais e sufrindo unha situación na que se permite que se manteñan salarios un 40 % menos do que deberían cobrar, porque se permiten os contratos en prácticas.

Estamos nunha situación na que persoas que traballan quendas de 12 horas en ocasións non teñen tempo para comer e cobran salarios de 800 euros. Son os profesionais que se fan cargo do transporte das emerxencias no noso país. Non hai dereito, non se pode manter así o emprego, non hai dereito para os profesionais e, dende logo, non se pode proporcionar nestas condicións unha axeitado servizo de transporte sanitario.

Queremos agradecer unha emenda do Partido Socialista —logo falaremos dela— que se dixese tamén a incluír o que ten que ver co transporte non urxente, co transporte programado. Efectivamente, temos o mesmo modelo no noso país para todo o transporte sanitario, para o urxente, para o non urxente, para o transporte aéreo. Esa é a situación, derivada de anos de privatización. Esa é a situación, derivada de primar os intereses das empresas. Unhas empresas que non cansan nunca de obter beneficios e reclaman continuamente maiores importes á Xunta de Galicia. É imposible que dean perdas os contratos de transporte sanitario con salarios de 800 euros, ¡con salarios de 800 euros! Só a usura desas empresas, en moitas ocasións relacionadas neste caso co Partido Popular, como se evidenciou nesas dilixencias do Xulgado de Instrución número 2, en relación cos presuntos delitos de prevaricación e tráfico de influencias na adxudicación do concurso de transporte sanitario do 061 previo aos que estamos discutindo na actualidade, nese informe pericial que tamén constataba o incumprimento da normativa en relación ao PES.

¡Son empresas piratas! ¡Permíteselles incumprir a lei, modificar os pesos ás ambulancias, ter aos traballadores con contratos por debaixo do salario mínimo interprofesional! ¿Ata cando imos manter estas condicións para algo tan elemental como o transporte sanitario no noso país?

Dicián os traballadores que eles non pedían condecoracións, gratificacións, medallas, recoñecementos, pero son eles e elas os que traballan en condicións absolutamente precarias, sen plans de organización e de prevención ante eventos; os que teñen que atender de maneira caótica os afectados e afectadas no Marisquiño, na explosión de Tui, en Angrois, nunhas condicións tremendas de traballo e facendo o seu traballo cunha profesionalidade altísima, ¡altísima! E as que se denuncia e se sinala cando denuncian que se están utilizando ambulancias de apoio de xeito ilegal, porque non se pode ir atender persoas infartadas, accidentes de tráfico, emerxencias graves, con ambulancias que non levan persoal sanitario.

Témolo dito en múltiples ocasións e negouse a maior. Díxosenos que era mentira, e como xa dixen no pasado pleno, cando preguntamos ao conselleiro de Sanidade, desgraciadamente temos a resposta por escrito que entregaron os técnicos sanitarios á propia Fundación do 061, recoñecendo que cada vez que non hai ambulancias das que están contratadas a través dos contratos que ten formalizado o 061, contrátanse sen ningún tipo de control adicional ambulancias non dotadas, esas que se chaman «de apoio» para garantir o servizo, algo que non se garante.



Non se poden atender as emerxencias neste país nestas condicións. Non se pode xogar coa saúde das galegas e galegos. Non se pode xogar cos dereitos dos traballadores e traballadoras do transporte sanitario. E esta situación ten que resolverse. Desde En Marea entendemos que xa está ben de continuar cunha situación na que se conculcan os dereitos laborais, na que se conculcan os dereitos sanitarios e na que, desde logo, o único que hai arredor destes contratos é precariedade e sospeitas de opacidade, ou mesmo que nalgúns casos incluso teñan rematado nos xulgados.

Miren, pola mañá escoitamos tamén un intento de criminalización da loita dos traballadores e das traballadoras. Quen máis beneficio obtén criminalizando coa queima de vehículos é precisamente quen non quere que este servizo sexa público, quen non quere darlles aos traballadores os seus dereitos, quen mantén un convenio conxelado durante tres anos. Eses son os que gañan. ¿A quen lle vén ben? Venlle ben para facer xogo neste debate parlamentario ao presidente da Xunta, pero non lles vén ben aos traballadores, porque se utiliza esa queima de vehículos precisamente para criminalizar un dereito, que é o dereito á folga, e unha protesta que, desde logo, sempre está supeditada a uns mínimos, mínimos, ademais abusivos. Como xa saben as súas señorías, acabamos de coñecer a sentenza relativa aos servizos mínimos na folga previa que se viviu no caso da Central de coordinación, anulando eses mínimos. Veñen sempre despois, dan a razón aos traballadores pero veñen sempre despois. Temos unha situación na que se mantén precariedade, non se permite a mobilización, criminalízanse as protestas, en resumo, é unha situación absolutamente inviable con este servizo privatizado.

Polo tanto, dende En Marea atendendo ao que cremos que é de xustiza e que ademais vai mellorar o servizo sanitario que se presta no transporte, pedimos que o transporte sanitario no noso país sexa de xestión directa e se dea dende a sanidade pública.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Efectivamente, estamos tratando un tema que para o BNG é de vital importancia. De feito, témolo traído a este Parlamento en non poucas ocasións. Trouxémolo cando o Partido Popular na Xunta sacou a licitación o concurso para entregarlo a unha empresa amiga, curiosamente tendo á fronte a un destacado militante do Partido Popular de Valladolid. Advertímoslle naquel momento que esa licitación ía ter as consecuencias que está tendo agora. Cunha licitación á baixa, temerariamente á baixa, era imposible prestar un servizo público de calidade se non se deterioraban as condicións laborais dos traballadores e traballadoras ou se prestaba unha mala calidade asistencial.

Estabamos a aquela altura no ano 2014, e o tempo non fixo, desgraciadamente, máis que darnos a razón. Un servizo esencial básico como é o sistema sanitario, como é o transporte



sanitario terrestre, estase a prestar nunhas condicións realmente deficitarias, e encontrámonos cuns traballadores e traballadoras que levan denunciando esta situación non desde hai meses, senón desde hai anos, cun convenio paralizado desde hai máis de tres anos e onde a Xunta e o Partido Popular fanse o *longui*, parece que non vai con eles, porque esta é unha cuestión entre traballadores e empresas, como se non fora un servizo público concesionado e, ademais, de vital importancia.

Uns traballadores e traballadoras que non tiveron outra saída que convocar unha folga, diante da pasividade da Xunta de Galiza, do Sergas e do 061, e todo indica que a folga se vai converter en indefinida a partir do mes de marzo.

Chega a unha situación onde, como digo, despois de anos intentando que se negociara este convenio, a patronal xa non é só que se negue a negociar un convenio cos instrumentos que lle facilitan as reformas laborais, non é só que se negue a negociar o convenio para mellorar as condicións laborais, senón que pretende rebaixar aínda as condicións laborais, reducindo un 10 % dos salarios, cando hai un aumento do 20 % dos servizos realizados sen aumento do persoal. É dicir: máis traballo, máis carga de traballo, e pretenden ademais unha rebaixa do 10 % do salario.

Denuncian tamén os traballadores e traballadoras unha deficiencia na calidade do servizo que se presta realmente máis que preocupante. Témolos traído a este Parlamento e encontrámonos con que o Partido Popular, oídos xordos. Situación realmente de mala calidade no servizo, de empresas que non prestan o servizo nas condicións que están nas cláusulas, con menos vehículos, con menos persoal, que prestan ou realizan servizos para empresas privadas co persoal e con vehículos que tiñan que prestar exclusivamente servizo público; con cuestións como non desinfectar vehículos despois de levar a doentes infectocontaxiosos, poñendo en risco outros doentes, traballadores e traballadoras e familias. Cuestións que, dende logo, claman ao ceo.

Por iso imos apoiar esta iniciativa. Na Comisión 5ª da semana pasada o BNG levou tamén a iniciativa de que se estude e se vaian dando os pasos para que sexa a Administración quen, dun xeito directo, preste o servizo, mais presentamos unha emenda porque esta iniciativa, na parte resolutiva, se refire exclusivamente á prestación directa por parte da Administración, e cremos que neste momento, cando hai unha folga no servizo e por parte da Administración se teñen dado os pasos para sacar a concurso de novo o transporte sanitario urxente, cremos que é tamén o momento de solicitar a mediación por parte da Xunta, entre traballadores e empresa, para chegar a asinar un convenio que signifique a mellora das condicións laborais e con iso a mellora da calidade asistencial; tamén que se exerza ese labor de vixilancia e control sobre a prestación do servizo por parte das empresas nas condicións establecidas nos pregos, que clama ao ceo o incumprimento desas condicións; e que desde ese novo concurso para a prestación do servizo 061, é dicir, de inmediato, se aumente tanto o número de persoal como a dotación de vehículos, que, dende logo, é claramente insuficiente.

Parécenos que é o momento neste momento actual, no inmediato. Desde logo, nós apostamos tamén pola recuperación para o público, para que haxa unha prestación directa, pero pensamos que neste momento tamén deberíamos debater e apoiar que se realicen estas dotacións.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: En todo caso, se por parte de En Marea non se acepta a emenda, imos tamén votar a favor.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

O tema sobre o que tratamos nesta iniciativa non é, dende logo, nin a primeira, nin a segunda, nin a quinta vez que se trae a este parlamento. Hai un problema de orixe no proceso dos concursos e da concesión por contextualizar. Lembremos que o concurso das ambulancias naceu mal. Para que todos os deputados e deputadas poidan darse idea do que é nacer mal, existiu un concurso, e cando se iniciou, resultou que, antes de estar os pregos emitidos, había unha empresa, ¡casualidades da vida!, en relación cun dirixente do Partido Popular, que tiña as ambulancias equipadas, rotuladas, coas medidas exactas, os procedementos exactos e a equipación exacta que logo, curiosamente, apareceron no prego. Cento vinte e un millóns de euros.

Un proceso que nace así, dende logo, non pode acabar ben. Hai informes policiais que din que as ambulancias pasan de peso, polo tanto, supón un risco para o seu funcionamento e para as persoas que van dentro; pero á consellería parécelle que isto non é problemático.

Hai un problema coas empresas que concursan con prezos por debaixo do que, realmente, todo o mundo é consciente que poden dar o servizo. Concursan por debaixo, e despois chega un momento en que din: ¡é que non me dan os cartos! Por certo, apelando a que a subida do salario mínimo interprofesional lles dificulta os gastos. Se pagan por debaixo do salario mínimo interprofesional, son explotadores. (*Aplausos.*) ¡Pero non lles dan os gastos!

A partir de aí, ¿que fai o Partido Popular con informes policiais sobre que as ambulancias van pasadas de peso; sobre que había quen tiña as ambulancias rotuladas e equipadas exactamente como di o prego antes de que estivese o prego e que, obviamente, levou o concurso? ¿Que di diso? É un problema da empresa privada. Son problemas laborais, non nos corresponde. ¿Como nos vai corresponder? A algún si, porque nos interesa, e a outros non porque, total, é asistencia sanitaria, ¿iso que nos vai importar? ¡Tampouco ten importancia! De aí, motivacións como as que levan á folga, que é unha reivindicación laboral.

Dende logo, hai formas na folga que, evidentemente, podemos non compartir. Sen saber de quen é a responsabilidade, sexa de quen sexa a responsabilidade do que pasou, é un irresponsable. Sexa quen sexa, aquí tense discutido, non é o noso debate. Hai outras formas. Pero para nós ese é un debate sobre o dedo e a lúa.



O que hai é un problema no que unha empresa con decenas e decenas e decenas de millóns de euros nun concurso público lles di aos traballadores que o problema son eles, que teñen que cobrar menos e traballar máis porque, se non, a empresa non ten beneficios suficientes. E iso coa conivencia dunha administración pública. Iso ten nome. Xudicialmente tamén ten nome. Pero en termos de dignidade tamén ten nome.

Nós o que defendemos a través da emenda que presentamos, que cremos que esta iniciativa ten moito sentido... Presentamos unha emenda, como xa foi mencionado aquí, probablemente porque a iniciativa ía no mesmo sentido, para evitar incluso que algunha das bancadas poida ampararse nalgunha ambigüidade, para que quedara claro —así o entendemos inicialmente—, para estudar a viabilidade de que poida retornar ao servizo público o servizo de transporte sanitario terrestre. Porque está visto que a utilización privada beneficia, primeiro, á Xunta de Galicia, que perde calidade asistencial e parece que desfruta con iso. Segundo, a empresarios que conseguen que os contratos se lles concedan de maneira misteriosa; pois coñecían o prego antes de que se emitise; faltoulles cuñar o prego co selo da empresa.

Decenas e decenas de millóns de euros, 121,6 nese xuízo, non o olviden. Polo tanto, aí o beneficiario sempre está sendo o empresario privado coa conivencia da Administración. Nós defendemos que este modelo, que podería ser estudado nalgún momento, neste caso non é válido. Neste caso non é válido porque está demostrado que non é válido. Polo tanto, defendemos iso.

Sabemos que nalgún momento hai problemas de viabilidade xurídica que hai que estudar con profundidade: que pasa cos profesionais, que pasa coa calidade asistencial, que debemos de garantir en maior medida. Debemos estudar realmente cal é a utilidade dos servizos e se hai que priorizar ou non priorizar. Hai moitísimas cuestións que estudar, pero o que está claro é que o sistema actual está unicamente servindo para unha conivencia entre Administración e empresas, e como sempre que hai conivencia entre Administración e empresas, hai dous prexudicados: os usuarios e os traballadores, que son probablemente os dous colectivos que á Administración e á empresa lles importan ben pouco. Polo tanto, nós defendemos ese outro modelo e diso vai a emenda que presentamos.

Cremos que é importante apoiar a iniciativa. Apoiarémola porque, aínda que non se admitira a emenda, entendemos que vai nese sentido. E se se admite a emenda, evidentemente, con moita máis comodidade a apoiaremos. Creemos que este é un debate necesario porque estamos falando —repito— dun concurso que traballa sobre unha cuestión moi importante, que é a asistencia sanitaria, e traballa, ademais, sobre un volume de orzamentos tamén importante. Por un lado en termos asistenciais, que é o que ao noso grupo lle importa, pero, por outro lado, tamén en termos económicos, que é o que lle gusta ao grupo maioritario. Polo tanto, intentando que ese equilibrio sexa bo, traballaremos e favoreceremos que sexa aprobada, aínda que xa lle adianto ao grupo proponente que temos esperanza limitada de que o Partido Popular probe unha decisión sobre facilitar e facer máis público o servizo de asistencia sanitaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

En primeiro lugar, quería lamentar e condenar os múltiples actos de vandalismo levados a cabo nestas últimas datas, que poden poñer en risco a saúde ou inclusive a vida das persoas. (*Aplausos.*)

Sorprende, señorías, que os grupos da oposición esqueceran este rexeitamento, tanto na Comisión 5ª da semana pasada como no día de hoxe, aínda que a min pareceume entender que a señora Solla acababa de dicir que eran os propios empresarios os que queimaban as súas ambulancias. Non sei se entendería eu mal.

O que se cuestiona nesta iniciativa é o contrato e concesión do Servizo de transporte sanitario terrestre en Galicia, e dubídase da súa calidade, cando en todas as enquisas de valoración é o servizo mellor valorado pola cidadanía, anda nunha media de 9,3 sobre 10 puntos. Pero aos grupos da oposición os datos non lles importan absolutamente nada, iso levámolo visto toda esta lexislatura, e no meu caso, inclusive na lexislatura pasada.

Para falar disto, do que non se falou, porque a iniciativa propón revertir ao sistema público o transporte sanitario terrestre, diso non se falou practicamente nada nas intervencións, deberíamos saber que pasa no resto das comunidades autónomas.

Pois miren, señorías, quince das dezaseis manteñen exactamente o transporte sanitario de xeito idéntico ao de Galicia, e adxudicaron uns contratos nestes últimos tres anos. Cantabria e o País Vasco, que non son do PP, adxudicáronllos no ano 2017 e 2018 a esa mesma empresa que se acusa de que colleu o contrato de Galicia. En Andalucía, no ano 2018, contratouse un prego de condicións que exige un único técnico por ambulancia, un condutor técnico, non dous, como en Galicia.

En Valencia, no ano 2017, un contrato onde os profesionais dos PAC ou de primaria non poden utilizar os servizos de transporte non asistido para atender avisos domiciliarios e teñen que levar o seu propio vehículo. En Canarias, tamén neses anos, a UXT reclamou sen moito éxito a reversión do servizo.

En Estremadura, co concurso a mediados do ano 2017, creouse unha polémica importante, porque resulta que a empresa que gañou o concurso non era extremeña, os empresarios protestaron porque a empresa era andaluza e, despois dunha serie de recursos, a empresa gañou o concurso.

En Navarra convocouse un concurso, en outubro do ano 2018, que non incluía o soporte vital avanzado, as UVI móbiles, que pretendían revertir ao sistema público. Pois xa o abandonaron



por imposibilidade legal. Parece difícil que fose por imposibilidade legal porque hai unha comunidade autónoma que si o fixo, á que me referirei agora. Foi a comunidade das Illas Baleares a única que fixo a reversión deste transporte sanitario urxente a unha empresa pública por un período de dous anos, o pasado ano 2018.

Nesas datas, os traballadores convocaban unha folga indefinida, antes da adxudicación deste contrato, polos incumprimentos da empresa Tenorio Ambulancias. Por certo, a que gañou o concurso de Estremadura, empresa andaluza. Incumprimentos en salarios, seguridade, saúde, actuacións antisindicaís. E, ¿saben vostedes o que dicía a consellería balear? En ningún caso o Servei de Salut pode incumprir un convenio colectivo que se desenvolve entre unha empresa e os seus traballadores, a pesar de dar apoio á xusta reivindicación dos traballadores. O mesmo que pasa no concello de Carballo, por exemplo, coas adxudicacións de servizos públicos.

A realidade é que facer público ese transporte sanitario en Baleares cústalle ao Servizo Galego de Saúde case o dobre do que significaba a externalización do mesmo, sen melloras aparentes na calidade dos servizos nin incremento dos mesmos. Isto denuncia a Federación Nacional de Empresarios de Ambulancias, e todo isto sen asumir as posibles reclamacións posteriores dos traballadores en relación coa equiparación do soldo con outros traballadores públicos.

Quizais por iso algún goberno socialista, con conselleiros de Podemos, anunciou que o ía estudar pero desapareceu tal proposta, desa proposta non se volveu saber nada. O Goberno balear si adxudicou o concurso de transporte sanitario aéreo a unha empresa que parece que incumpre os pregos, pero que baixou de xeito significativo os custos da oferta. Claro, cando iso o fai un goberno do Partido Popular, é privatización; cando o fai un goberno da esquerda, é externalización, e para eles si serven os criterios económicos das adxudicacións.

Recursos e xudicializacións. En todas as comunidades autónomas: Estremadura, Valencia, Cataluña, Cantabria, País Vasco. Se buscan vostedes, señorías, na hemeroteca encontrarán moito.

En resumo, unha única comunidade autónoma fixo unha encomenda de xestión a unha empresa pública para prestar un servizo, e no próximo ano, que remata o contrato, teremos datos reais sobre os cambios, tanto económicos como de servizo, desa modificación de contrato. As demais comunidades autónomas fano exactamente igual que Galicia.

En relación con ese servizo ben valorado que antes dixeran, nós instamos os traballadores e as empresas a negociar, a acudir a organismos de mediación e a que denuncien os incumprimentos do convenio tanto na Inspección de Traballo como no xulgado, que sería cando a consellería podería actuar. E esperamos tamén que ese novo concurso anunciado da adxudicación das ambulancias en Galicia solvente estes problemas.

Critiquen, señorías, critiquen as persoas e critiquen o sistema. Calquera persoa criticada pode ser fichada pola ministra de Sanidade, como acaba de ocorrer coa experta Beatriz González, aquela que vostedes dicían que era do PP. Eu espero unha rolda de prensa do voceiro



do Partido Socialista, xunto co seu secretario xeral, e tamén se poden unir as voceiras dos outros grupos para pedir a dimisión da ministra, logo deste nomeamento.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Era obvio que ía haber un intento de criminalización da loita dos traballadores na intervención do Partido Popular, por iso me adiantei; e logo tivemos que escoitar a intervención que traía escrita o voceiro do Partido Popular, porque, desgraciadamente, xa a tiña preparada e tivo que lela.

Esa é a situación; e a quen lle convén máis é a quen intenta criminalizar a quen defende os seus dereitos. E se quere vostede falar de datos, falemos de datos. Falemos do 40 por cento menos de salario dos traballadores durante o primeiro ano, falemos do 25 por cento menos de salario dos traballadores durante o segundo ano, falemos de traballadores que cobran 800 euros por xornadas de doce horas, señor Centeno. Falemos de datos, falemos das empresas piratas, falemos da precariedade laboral, falemos do seu recorte en número de vehículos dende que vostedes están gobernando, falemos diso. Falemos de todas as emendas que vostedes rexeitaron para incrementar o número de recursos.

E, por favor, creo que non están vostedes para falar do transporte sanitario aéreo. ¡Catro concursos paralizados! Pero é que, ademais, cunhas condicións que denunciámos e das que preguntamos polas mesmas, nas que con base no mesmo procedemento polo que se recorta, con base en recursos económicos, nos contratos do transporte terrestre vostedes recortan as condicións de seguridade, en algo tan sensible como o transporte aéreo, como as condicións de voo dun helicóptero, como a formación dos pilotos para eses helicópteros. Esa é a situación. É que non están vostedes para darlle leccións a ninguén, nin a nós aquí, nin a ningunha outra comunidade autónoma.

Se vostedes consideran que poden facer mellor ese paso á pública, fágano. Seguramente hai que traballalo mellor. Non temos que tomar ningunha outra comunidade autónoma como modelo, señores do Partido Popular. Pero vostedes poden ou deberían ter capacidade —ao mellor, é que non a teñen e, claro, por iso teñen que seguir privatizando o servizo— para redactar mellor as condicións e negociar mellor cos sindicatos como o pasan eses traballadores. Claro que si, claro que se pode.

Nós imos aceptar a emenda do Partido Socialista. Xa o trasladei inicialmente: consideramos que afecta a todo o transporte, incluso poderíamos falar do transporte aéreo, evidentemente. E imos aceptar tamén esa emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Nós consideramos que xa non basta con reclamar as melloras nas contratacións. Pero é que, evidentemente, tamén consideramos que seguramente o Partido Popular vai facer caso



omiso. E temos sobre a mesa un convenio en ultraactividade dende o ano 2015; unha situación absolutamente indecente. Porque se queren falar de números, falen dos números, dos datos, de como está ese persoal, non só do número de urxencias e de emerxencias atendidas. Sempre se lles enche a boca co traballo dos demais, co traballo desas persoas que están en precario, pero á hora de devolverlles os seus dereitos laborais, e polo tanto devolver a calidade dun servizo que é básico no noso país, nunca están a favor.

Supoño que van votar en contra, e polo tanto unha vez máis teremos que vivir outra folga máis; imposible de resolver pola incapacidade da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Máis nada por agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Debatemos agora dúas proposicións de xeito acumulado.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados/as máis, sobre o proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e dezanove deputados/as máis, sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto do proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019

O señor PRESIDENTE: Á proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego hai unha autoemenda e unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Á proposta do Grupo Parlamentario Popular hai unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada e portavoz Ana Belén Pontón Mondelo, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto do primeiro parágrafo do punto 2 da parte resolutiva polo seguinte:

<<2. Instar a Xunta de Galicia a solicitar aos e ás representantes elixidas por circunscricións galegas que reclamen como mínimo unha inversión similar ás inversións de 2009, e coas seguintes prioridades:>>).

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e portavoz Xoaquín Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Emenda de modificación.



Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse aos grupos parlamentarios nas Cortes Xerais para solicitarlles que, pola súa importancia para a mellora económica e social de Galicia, contribúan a facilitar a tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2019, e, en concreto, a súa aprobación inicial, rexeitando as emendas á totalidade presentadas.

2. O Parlamento de Galicia acorda instar a Xunta de Galicia a dirixirse aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado para solicitarlles a modificación dos orzamentos xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia recollido na Lei de orzamentos do Estado de 2018 e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías, estradas e outros proxectos que poidan materializarse ao longo deste ano.»).

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Manuel Lago Peñas, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei presentada polo G. P. do Popular de Galicia.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia acordar reivindicar un aumento do investimento territorializado para Galicia no Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o 2019, que sirva para reverter a liña de recortes aplicada polos gobernos do Partido Popular nos últimos anos, un aumento da dotación de recursos destinada a proxectos concretos para atender as necesidades reais do país, asegurando con elo un grado de execución dos orzamentos moi por riba do que foi a práctica do goberno presidido por Mariano Rajoy, con exercicios nos que o realmente executado quedou por debaixo do 50% do orzamento inicial.»).

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e portavoz Xoaquín Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse aos grupos parlamentarios nas Cortes Xerais para solicitarlles que, pola súa importancia para a mellora económica e social de Galicia, contribúan a facilitar a tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2019, e, en concreto, a súa aprobación inicial, rexeitando as emendas á totalidade presentadas.

2. O Parlamento de Galicia acorda instar a Xunta de Galicia a dirixirse aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado para solicitarlles a modificación dos orzamentos xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia reco-



llido na Lei de orzamentos do Estado de 2018 e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías, estradas e outros proxectos que poidan materializarse ao longo deste ano.»).

O señor PRESIDENTE: Comezamos, polo tanto, cos grupos proponentes.

Neste caso, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Eu hoxe quería empezar con dúas cuestións previas:

A primeira non ten que ver cos tempos nos que está este debate, senón co feito de que se acumulen estas dúas iniciativas, porque é certo que son iniciativas que falan sobre o papel de Galiza nos orzamentos xerais do Estado, pero é que din xustamente o contrario. O BNG trae unha proposta a este pleno para acabar coa discriminación de Galiza nos orzamentos do Estado. E o Partido Popular o que nos presenta é unha proposición non de lei que o que quere é manter esa discriminación, porque o que nos din é que o único que prefiren ante o recortazo que nos dá Sánchez ou que nos daba Sánchez —mellor dito— nestes orzamentos de 182 millóns de euros, o PP quere cambialo pola discriminación do Partido Popular, que nos orzamentos do ano pasado nos presentaba un recortazo de 442 millóns de euros.

E a segunda cuestión previa é que son plenamente consciente de que este debate se dá nun contexto no que o Congreso dos Deputados xa emitiu o seu voto. E, evidentemente, houbo unha posición —como todos e todas acabamos de coñecer polos medios de comunicación— na que eses orzamentos non tiveron o aval do Congreso como para poder seguir adiante a súa tramitación. Non creo que iso impida que teñamos que dar un debate sobre as ensinanzas e tamén as conclusións que podemos extraer tanto do proxecto de orzamentos como do debate que se acaba de producir no Congreso. Quizais tamén neste parlamento deberíamos de ter máis axilidade á hora de poder tramitar as iniciativas, para que non teñan unha demora tan forte.

En todo caso, o que nos deixa moi claro o debate destes orzamentos, desde o punto de vista do BNG, é unha dobre conclusión:

A primeira é que o cambio de goberno no Estado implicou unha alternancia na discriminación. Antes estaba en mans do Partido Popular e presentaba orzamentos que discriminaban Galiza, e agora estaba en mans do PSOE e presenta tamén orzamentos discriminatorios para o noso país. E isto deixa en evidencia a inutilidade das forzas políticas estatais á hora de defenderen os intereses dos galegos e das galegas. Deixa en evidencia o que levamos denunciado durante toda esta lexislatura: conducen a Galiza á irrelevancia política e, por riba, queren receiptarnos resignación.

Fíxense: acabamos de ver un debate onde ante un recorte do calibre que presentaban estes orzamentos para Galiza, ningunha, —e quero repetilo— ningunha forza política no Con-



greso presentou unha emenda de devolución alegando o interese xeral de Galiza, que estivo ausente no debate do Congreso.

Viñamos dunha década de recorte tras recorte do Partido Popular, de agravio. A aldraxe descubriuna neste pleno o señor Feijóo, pero levabamos moitos anos de aldraxe do Partido Popular co señor Feijóo de cómplice. Quero lembrarllas que as últimas contas aprobadas durante un Goberno do Partido Popular foron os peores investimentos en Galiza desde o ano 2004. E, evidentemente, pasabamos a estes orzamentos que presentaba o Grupo Parlamentario Socialista, pero que viñan despois dun acordo co Grupo Confederado de Podemos e En Marea, que significaron unha tremenda decepción para este país, que nos levaba a preguntarnos onde está o cambio para Galiza. Porque uns orzamentos que discriminan Galiza non poden ser sociais, señorías.

Polo tanto, vemos como ante unha circunstancia na que se presentaban uns orzamentos que supoñían paus nas rodas para o desenvolvemento do noso país, ningunha, nin unha soa forza estatal presentou unha emenda de devolución que puxera sobre a mesa as necesidades, os problemas e as aspiracións de Galiza. Porque o Partido Popular presentou unha emenda de devolución no Congreso; é evidente, e ninguén o pode negar. Pero é que nesa emenda de devolución non aparecía nin unha soa vez a palabra «Galiza», nin o que significaban estes orzamentos para este país. (*Aplausos.*) Fíxense: non tiveron moito tempo de miralo, pero estiveron tentada de contar cantos minutos e cantos segundos falou o señor Casado, que creo que só vén a Galiza para falarnos de España, nunca vén para denunciar os problemas que ten este país. (*Aplausos.*) Pero non nomeou a palabra «Galiza», nin os problemas do noso país.

Evidentemente, todos e todas sabemos que máis alá da sobreactuación de Feijóo —quen estaba case emocionado podendo dicir a palabra «aldraxe», vino así como contento—, todos e todas sabemos que aínda que os orzamentos puxeran dous mil, tres mil, catro mil millóns para Galiza, o voto do Partido Popular seguiría sendo «non». Porque aínda que foran bos para Galiza, vostedes están aí para defender os intereses de Casado, e iso sabémolo absolutamente todos e todas. Cando teñen que escoller Galiza/Casado, ¡uf!, é que a balanza está súper desequilibrada, sempre acaba gañando o interese do seu partido en Madrid.

E tamén tivemos unha decepción terrible con estes orzamentos. Vimos un Partido Socialista de Galiza que hai un ano nos falaba da labazada que nos dera o señor Rajoy nos orzamentos do Estado, cuns investimentos de 939 millóns de euros, e que despois, cando os seus presentan uns investimentos de 757 millóns de euros, veñen dicirnos que esa cifra está ben, que se subimos, ¡bah!, que tampouco pasa nada. De feito, ¡que curioso!, agora parécelle ben o recortazo do Partido Popular. Nós, desde logo, non imos comungar con rodas de muíño.

E o mesmo temos que dicir do Grupo de Podemos e En Marea, que, primeiro, negociou os orzamentos do Estado, estivo —eu lémbroo— durante todo o mes de decembro dicindo que estes ían ser uns grandes orzamentos, e unha vez que coñecemos a realidade, pois vimos a exhibición dese negacionismo. Pero á hora da verdade, nin emenda de devolución para defender os intereses de Galiza, nin un voto a favor dos intereses dos galegos e das galegas no debate que se produce do Estado.



E nós o que queremos deixar hoxe claro é que governe quen governe non é presentable que Galiza reciba o peor trato de todo o Estado, despois dunha década de recortes do Partido Popular, cun recorte do 19 por cento. Mentres, Andalucía subía nas previsións destes orzamentos un 44 por cento, nas que prevían investir máis de dous mil millóns de euros; Cataluña tamén subía un 52 por cento, cuns investimentos de dous mil millóns de euros; Castela e León subía un 9 por cento, con 1.940 millóns de euros; Valencia un 10 por cento, cun incremento de case mil douscentos millóns de euros, e ademais levaban un pequeno agasallo nas disposicións adicionais, porque o Goberno ou Compromis —non sei moi claro quen foi quen negociou esa cuestión— levaba unha disposición adicional para condonarlle a débeda ao Porto de Valencia. Non vimos que iso aparecera no caso do Porto da Coruña, nin de ningún outro porto do noso país.

E, evidentemente, nós non imos aceptar tampouco os argumentos que se utilizaron durante todo este tempo, que os utilizou primeiro o PP para xustificar os recortazos de Rajoy e tamén os utilizou o Partido Socialista cos recortes de Sánchez. E o grande argumento é que os investimentos en Galiza baixaban porque as obras do AVE avanzaban. Claro, é que con isto, ¿como se explican, señorías, que en Andalucía, que levan máis de vinte e cinco anos con AVE, teñan uns investimentos que superan os dous mil millóns de euros? ¿Acaso non necesita o noso país mellorar as autovías, modernizar o tren, a conexión con Portugal, o rescate da AP-9, porque o gran drama deste país non son os miniconvenios da señora Pastor ou do señor Blanco, senón é que Aznar malvendeu a AP-9, deixándonos esa carga até o ano 2043? E, desde logo, Galiza tamén necesita que o Estado atenda os investimentos pendentes en materia de rexeneración das nosas rías, de atención ás persoas dependentes ou poñer en marcha unha axenda que incremente o noso autogoberno.

Neste debate quedou en evidencia, unha vez máis, que temos un presidente da Xunta que representa un conxunto baleiro, un cero á esquerda á hora de defender os intereses deste país. Porque hai que lembrarlle ao señor Feijóo —ausente de novo neste parlamento— que cando foi visitar a Sánchez o único que lle reclamou foi que finalizara as obras do AVE, ningunha proposta ambiciosa de país. Non o podía facer porque viña despois de dez anos de submisión a Rajoy, e era moi cantoso facelo nese momento.

Pois ben, nós seguimos crendo que desde este parlamento tamén temos que dicir que eses orzamentos eran uns orzamentos que constituían un agravio ao noso país, que lle daban continuidade á discriminación que durante anos practicou o Partido Popular. O mínimo que nós reclamabamos eran investimentos como os que se facían hai dez anos, cando o BNG condicionaba os orzamentos do Estado en Madrid. E seguimos reclamando compromisos para este país, porque hai unha axenda que poñer sobre a mesa. E o lamentable é que imos ver como haberá moito pimpampum neste debate, pero a realidade é que nin co PP nin co PSOE se atendían as necesidades de Galiza.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.



O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, eu confío en que non haxa moito pimpampum. Xa houbo un pouco na primeira intervención da señora Pontón, que está en modo electoral, e deulle o pim ao PP, o pam ao PSOE e o pum á Marea, (*Aplausos.*) porque é a primeira vez que se mete abertamente coa Marea.

Efectivamente, este debate serve para posicionar o noso grupo, que de forma moi coherente votou en contra en Madrid duns orzamentos que considera que son malos para España. Señora Pontón, cando alguén do PP —eu entendo que vostede non o faga, e respecto que non o faga— fala de España entende que Galicia é parte de España. Polo tanto, cando o Grupo Popular di en Madrid que os presupostos de España son malos quere dicir que son malos para Galicia con carácter xeral. Esa é a fundamental diferenza que hai entre a proposta que trae o Bloque e a que traemos nós. Nós pensamos que son malos para a economía española e, polo tanto, para a galega; polo tanto, en si mesmos son malos para os galegos. E ademais son malos no ámbito territorial porque tamén tratan dunha forma que entendemos que non é xusta de maneira innecesaria a Galicia.

Polo tanto, imos posicionar nos en relación con isto e respectando o tema de fondo, que é, loxicamente, o tema dos orzamentos. Ía dicir que o PSOE tamén votou coherentemente. Os das Mareas, ben, en fin, eu sinto ter que dicilo, pero polo visto, polas informacións que temos, o Consello das Mareas esta mañá recomendou votar a favor do rexeitamento. E parece que —en contra tamén do que dixo a señora Pontón— houbo unha deputada que lle fixo caso ao Consello das Mareas, e os outros catro, en cambio, votaron co PSOE a favor dos orzamentos. O cal, por certo, tamén é coherente coa información que dispoñemos sobre a participación da Marea na elaboración destes orzamentos malos para Galicia.

Pero nós —como dicía— entendemos que estes orzamentos, de ser aprobados, serían malos para Galicia. E quero dar unhas breves pinceladas sobre iso. Galicia, saben vostedes que leva encadeando varios exercicios de crecementos significativos do PIB, mesmo pola media de España. Isto está baseado fundamentalmente nunha transformación da estrutura produtiva, coa caída da construción, sobre a que se asentou a burbulla e que a fixo crecer na década do 2006 ao 2009 fundamentalmente. E está baseado así mesmo nas exportacións; é unha economía que está exportando o dobre da española, e en termos de saldo comercial somos a segunda comunidade con maior saldo comercial. O ano que concluíu imos bater o récord de exportacións: máis de vinte e dous mil millóns de euros. E, loxicamente, cun crecemento do PIB per cápita que é extraordinario nos últimos tempos, estamos xa no 90 por cento do PIB per cápita. O ano pasado o índice de produción industrial creceu en Galicia o 4,9 e en España o 0,8.

Polo tanto, estamos nun bo momento e o contexto non axuda, o contexto é de desaceleración. Como saben, todas as previsións de crecemento son á baixa, e hai incertezas con relación ás guerras comerciais, en relación co *Brexit*. Italia xa entrou en recesión. Polo tanto, España está tamén en todas estas previsións reducindo a previsión de crecemento para o ano que vén; está xa no 2,1, de acordo coa última da Unión Europea. E —o que é peor— a Comisión Europea, na previsión que fai para o 2020, di que España vai seguir caendo ata o 1,9, cando a Unión Europea xa se empeza a recuperar ao 1,6. Co cal o diferencial que tiñamos —que era



un diferencial importante, dun punto do PIB practicamente— vaise reducir a case tres décimas no 2020, de acordo coas previsións da Unión Europea.

Polo tanto, estamos cunha economía que se desacelera, que aínda crece máis que a media europea, pero a tendencia é que se reduza esa diferenza. E, ademais, ten vulnerabilidades. A primeira e máis clara é a débeda pública. Todos os analistas coinciden en que co 98 por cento da débeda pública con relación ao PIB un país é vulnerable. Somos, con Francia, o único país que non reduciu aínda o déficit estrutural, o déficit primario, que está no 3,1 por cento do PIB, o cal é unha vulnerabilidade clara da economía española. E, evidentemente, hai outra vulnerabilidade clara, que é a incerteza política.

Neste contexto, o que traen son uns orzamentos que —afortunadamente, por iso votamos en contra en Madrid, porque prexudicaban a economía española e, por tanto, a galega— tiñan unhas claras distorsións denunciadas por múltiples organismos públicos. Realmente no déficit público, que está —como saben— na senda de crecemento no 1,3, o Partido Socialista solicitou o 1,8. E todas as previsións da Airef, do Banco de España, de organismos de estudos privados e da propia Comisión Europea é que vai estar por riba do dous por cento, é dicir, superior incluso ao que o propio Partido Socialista quería levar ao Senado e non foi aprobado. E o motivo está nos ingresos que se prevían. Ingresos con novos impostos, como, por exemplo, o IRPF, cunha estimación de 328 millóns de euros, que a Airef reduce a 250; o de servizos dixitais, cunha estimación de 1.200 millóns de euros de recadación, que a Airef reduce a 189; ou, por exemplo, as cotizacións vencelladas ás novas cotizacións sociais e as vencelladas ao novo salario mínimo, que ascenden —de acordo con ese proxecto— a 1.200 millóns, e que de acordo coa Airef, como moito, chegarán a 650. Ao final, un déficit de 11.000 millóns de acordo coa Airef, de 8.500 de acordo co Banco de España. En resumo, o que se dicía, de dous puntos longos de PIB de déficit.

Todo iso pese a que se computan trece meses de IVE —como saben—, algo que tamén foi denunciado pola Airef. E ademais introducindo impostos que afectan á produtividade, que é o problema de fondo. Os impostos que afectan ás empresas, aos traballadores e, sobre todo, ás empresas tecnolóxicas é evidente que non van contribuír a mellorar a produtividade da nosa economía.

E tense falado tamén de que estes orzamentos eran bos desde o punto de vista redistributivo. E con relación á política fiscal, eu creo que abonda con dar un dato: os ingresos que prevé o Goberno por IRPF, a suba ás rendas máis altas, son 328 millóns de euros, e as subas do imposto do patrimonio, 339, aínda que a Airef prevé cero de recadación. Pero, de darse o compromiso do Goberno nesta recadación, estaríamos falando dunha recadación de 667 millóns de euros máis pola suba dos impostos da renda aos máis ricos e aos patrimonios dos máis ricos. Sen embargo, só co imposto sobre o diésel —que non é un imposto que sexa redistributivo— estamos a falar de 670 millóns de euros. É dicir, máis polo diésel que pola suma do IRPF, e supera a suma do imposto do patrimonio e o imposto sobre a renda das persoas físicas.

E se isto é así para a economía española, en xeral, e, polo tanto, para os contribuíntes galegos que compran diésel, no ámbito territorializado a cousa é moito peor. Eu comprendo que é



difícil facer matices, pero meter no mesmo saco a un partido que mantivo unha porcentaxe do 10 por cento de investimentos en Galicia nos últimos anos con quen o primeiro ano baixa o 6 por cento paréceme que non é xusto, señora Pontón. Eu prefiro que me discriminen dándome o 10 por cento a que me discriminen dándome o 6 por cento, aínda que esteamos discriminados, ¿non? (*Aplausos.*) Vamos, é un pequeno comentario. (*Aplausos.*)

O certo é que os investimentos baixan, que hai moitas obras que estaban en marcha e que están comprometidas e que se ven ralentizadas, e xa foron enumeradas no último pleno pola conselleira. Non hai nada dos trens A Coruña-Ferrol, Vigo-Ourense, da variante de Ourense, da incorporación de trens de última xeración ás liñas de alta velocidade. Nada da liberación das taxas da AP-9, non hai nada da AP-9 con Alfonso Molina na Coruña, do nó cervical en Santiago, do nó de bombeiros en Pontevedra, do nó de Bos Aires en Vigo. A circunvalación de Pontevedra tampouco está, a autovía da Mariña excluída, a autovía Lugo-Ourense tamén. E algúns compromisos están claramente atrasados, como a autovía Santiago-Lugo. Hai un claro déficit de infraestruturas que se resumen neste cadro (*O señor Puy Fraga amósalles un folio ás súas señorías.*): en Galicia o 26 por cento de caída do investimento territorializado do Ministerio de Fomento, cando sobe en España o 26 por cento. Porque, como dixo o ministro señor Ábalos nun periódico de Barcelona, había que compensar a Cataluña, que leva longamente moitos anos discriminada coas cuestións das obras públicas.

Nós somos conscientes de que o investimento territorializado hai que velo ao longo de ciclos de tempo extensos, que Galicia, en liñas xerais, ten un bo trato do Estado. E precisamente por iso este orzamento non nos gusta, porque rompe unha tendencia que cremos que é boa para Galicia e que contrasta co que fixo o Goberno do Partido Popular. Aí está a A-8 rematada e en servizo; a autovía Santiago-Lugo estaba en marcha despois de que nós a sacamos do caixón, e agora parece que vostedes a volven poñer; o eixe atlántico ferroviario, e as obras do AVE, por primeira vez, cun relevo de goberno recoñecendo que se van rematar cando o dixo o Goberno que sae do poder, que é no ano 2019, para poder entrar en servizo no ano 2020.

Tampouco hai nos orzamentos —como dixo esta mañá o presidente— nada dos 85 millóns de euros das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 que temos que apoquinar todos os anos, e que o Goberno anterior aos que cumprían co déficit lles perdoaba, non llos cobraba. Estaban nos orzamentos do 2018 e non se deron, e non van no ano 2019. Non hai nada para as empresas electrointensivas. E, desde logo, tamén nos sorprende que diminúa aínda un pouco máis o Fondo de Compensación Interterritorial, sobre o que estamos de acordo que debería de ser reforzado.

Ben, neste contexto nós votamos aquí e alí en contra dos orzamentos. Sería bo saber —xa para desfacer algúns entuertos— que van votar as Mareas. As Mareas, como saben, fixeron unha serie de comunicados nos que din que están orgullosos dos orzamentos do Estado —fixo referencia a señora Pontón a iso—. Unha das negociadoras, a señora Díaz —ex compañeira desta cámara—, dona Yolanda Díaz, dixo que non só se negocia o salario mínimo senón que dous: «Eu mesma e Manuel Lago, desde agosto ata outubro, diriximos a negociación na que ten que ver toda a área de emprego e Seguridade Social». É dicir, que é un orzamento que está...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...moi vencellado a deputados desta cámara. Sería bo saber se consideran que o trato está ben ou comparten o «*Así no, Pedro, así no*». (*Risos.*)

E con relación aos orzamentos eu quixera dicir —para rematar— que hai un publicista dos orzamentos que é o señor delegado do Goberno, e dixo unha frase que é interesante, porque dixo que estes orzamentos eran para a modernización —cousa que non o son polos impostos que introducen—, para a cohesión —cousa que non o son polo trato que lle dan a Galicia—, e tamén para a rexeneración.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: Eu íalle dar a razón, ao mellor, no da rexeneración ata que lin un informe de Civio, que di que o Goberno intenta eliminar vía orzamentos unha medida anticorrupción para os contratos menores. Utiliza unha disposición final do proxecto para eliminar o veto a firmar cun mesmo empresario...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor PUY FRAGA: ...varios contratos menores que superen os umbrais máximos. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: Por iso votamos que non...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor PUY FRAGA: ...e presentamos estas emendas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Ben, «*Así no, Pedro, así no*», non sei se se refire ao señor Pedro Puy ou a outro Pedro. (*Risos do propio señor Fernández Leiceaga.*) (*Murmurios.*)

A verdade é que este debate hoxe quedou obsoleto absolutamente. (*Murmurios.*) E eu pediríalle incluso que retiraran as iniciativas, porque carecen absolutamente de sentido, non ten sentido. En todo caso, as nosas emendas carecen de sentido. Nós defendiamos que os orzamentos se tramitaran e simultaneamente que houbera unha negociación para elevar substancialmente os investimentos territorializados —como vostedes saben, se leron as emendas—, pero isto carece de sentido. En todo caso, eu creo que isto se transformou dun debate orzamentario —que era o que eu tiña preparado aquí e que non vou facer máis que minimamente— nun debate de política xeral, sobre todo despois de escoitar o presidente da Xunta esta mañá nas súas intervencións.



E o primeiro que teño que dicir é que, en contra do que plantea a portavoz do BNG, eu creo que si hai unha coincidencia de fondo nas emendas á totalidade que presentan uns e outros partidos. Hai unha coincidencia de fondo que se plasma xustamente nunha votación no Congreso dos Deputados, onde os socios do BNG (*Aplausos.*) no Congreso pois se apoian nas dereitas para tombar (*Aplausos.*) unha proposta política dun Goberno socialista, que, con todas as imperfeccións —e tamén falarei delas—, pois representa un cambio das políticas de axuste social que se practicaron nos últimos dez anos. E isto é a realidade.

E o problema que ten a posición do BNG é que —como o explicou a mesma portavoz, e agradézolle a súa sinceridade— en ningunha das emendas á totalidade se recollen as posicións do BNG, nin sequera na daqueles —como a de Esquerra Republicana, que presenta unha— (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) que van apoiar nas eleccións europeas presentando como cabeza de lista a Oriol Junqueras. É dicir, se nin sequera nesa proposta se recollen as posicións do BNG, ¡pois aviados estamos! Porque iso quere dicir que as posicións do BNG no Congreso dos Deputados non as van apoiar nin o primeiro partido, nin o segundo, nin o terceiro, nin o cuarto, nin sequera as posicións nacionalistas. E iso ten que ver —permítanme dicilo— con que non está no debate, con que isto é absolutamente gratis porque non está no debate. Porque cando estaba no debate, efectivamente, negociaba como todos os grupos e sacaba unhas ducias de millóns de euros para Galicia, que ¡benvidos sexan! Pero esa era a aportación que tiña o BNG, como ocorre normalmente nestas negociacións. E eu agradézolle que votara a favor dos orzamentos do señor Zapatero no seu momento, pero ese era o resultado.

E, señor Puy, agradézolle o seu ton, que me parece moi correcto. Pero teño que dicirlle tamén, en relación coa coherencia, que temos o debate do ano pasado, no que vostede defendía que había que apoiar os orzamentos do Goberno Rajoy cos argumentos de, primeiro, os orzamentos traen estabilidade, a aprobación dos orzamentos; é bo para España que haxa orzamentos —argumentos que eu subscribo directamente agora—, e que ademais era unha mensaxe dirixida aos axentes económicos, que era unha mensaxe positiva. Argumentos todos eles que eu subscribo.

E despois en relación co seu contido, o ano pasado vostede facía referencia a que se aumentaban as pensións mínimas; este ano aumentan todas as pensións, non só as mínimas; gárantese que non perden poder adquisitivo todas as pensións, aumentan as de viuvez, aumentan as pensións mínimas máis. Efectivamente, hai un respaldo nos orzamentos á subida do salario mínimo interprofesional. Hai moitos máis fondos para a dependencia, que, por certo, a Xunta de Galicia rexistra nas súas contas para o 2019; igual que para a política de vivenda, igual que para outras políticas necesarias, que foron postergadas nestes anos. Introdúcese unha previsión para que os pensionistas con rendas máis baixas non teñan que facer fronte ao copago sanitario; o cal parece que se o ano pasado había que presumir dalgunhas medidas de carácter social, pois este ano moito máis.

E en relación cos ingresos non vou entrar moito porque estes orzamentos hoxe xa non teñen ningunha vixencia, e non ten demasiado sentido discutir sobre eles. Pero teño que preguntarlle que, e dígamo nos tres minutos que vai ter despois: ¿está en contra da subida do imposto de sociedades ás grandes empresas que plantean os orzamentos?, (*Aplausos.*) ¿está en contra da rebaixa de dous puntos nos tipos nominais do imposto de sociedades para as



pemes que planteaban os orzamentos?, (*Murmurios.*) ¿está en contra da subida do IRPF para as rendas máis altas?, ¿está en contra da introdución do imposto de transaccións financeiras? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque todos eses elementos permitían, segundo os documentos que acompañan os orzamentos, recadar arredor de cinco mil trescentos millóns máis. Vostedes din na emenda: sobe a presión fiscal en vinte mil millóns. Non, non é certo. Sobe a presión fiscal en cinco mil e pico, e con este contido, xa me dirá se vostede está en contra ou non, e o resto vén derivado xustamente do crecemento da economía, da mellora da recadación que se produciu nestes anos.

E vostede di que estes orzamentos —eu mesmo teño escrito— seguramente son lixeiramente optimistas en relación cos ingresos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, «lixeiramente optimistas». Pero, fíxense vostedes, comparen —é ben fácil— a recadación impositiva do Goberno central desde o ano 2012 ata agora, e verán que en todos os anos houbo un incumprimento das previsións. E no ano 2017 este incumprimento foi superior aos sete mil millóns. Por tanto, non se pode dicir que apoiamos os orzamentos do señor Rajoy porque eran a perfección, e agora, en cambio, escandalizámonos porque un Goberno ao que vostedes lle privan da posibilidade, aceptada pola Unión Europea, de ampliar o déficit... (*Aplausos.*) Si, si, vostedes prívano, porque vetaron esa posibilidade no Senado de ampliar o déficit. Pois, en cambio, teñen unhas previsións que consideran que poñen en risco a estabilidade de España. Non é esa a situación, e por iso nós eramos favorables a que estes orzamentos se tramitaran.

E simultaneamente —vou ir rematando— eramos partidarios de que houbera unha negociación sobre os investimentos. Mire, nos investimentos podemos facer moita demagogia sobre eles. Hai unha versión que é que comparemos co ano pasado, unha caída que a nós nos parece que non estaba en absoluto xustificada. Pero se comparamos con outros territorios, vemos que o investimento por habitante territorializado segue sendo superior ao de Cataluña en Galicia. Claro, eu non quero poñer unha camiseta que diga: «*Abascal te lo juro, a Cataluña ni un duro*». É dicir, non me parece razoable. (*Aplausos.*) Non, non me parece iso razoable. Paréceme que debemos tratar a Cataluña como se merece, pero tamén a Galicia. E nós cremos que hai marxe para facer máis, para introducir máis investimentos en Galicia, que había algúns proxectos que poderían ser reforzados e algúns proxectos que poderían ser recuperados.

Por certo, este orzamento garante a chegada do AVE no seu momento, como ben se dixo; garante tamén que as fragatas en Ferrol ían empezar a ser construídas xa, despois dunha parálise de ano e medio. E teño que dicir que eu onte escoitaba a señora Egerique con algo de cariño, vendo que poñía tanta énfase no que aparecía nos orzamentos iniciais. Pero todos sabemos que hai que ver o conxunto do ciclo orzamentario. E, claro, o que estaba presuposto este ano supera ao executado o ano anterior e ao anterior polos gobernos do Partido Popular. E, sen embargo, vostede non di unha palabra sobre iso. O importante é o que cambia a realidade. E o que cambia a realidade é o que se executa. E os niveis de execución eran tan baixos que os orzamentos de anos anteriores simplemente eran unha especie de «cortina de fume», dicía o presidente da Xunta hoxe pola mañá.

Eu digo que debiamos facer todos unha reflexión. Hoxe os orzamentos xa non teñen vixencia; por tanto, isto carece de sentido. Pero esta posición que eu digo é bastante máis congruente



que a súa. Vostedes planteaban simultaneamente na súa emenda que querían que os orzamentos non se tramitaran e ao mesmo tempo negociar incrementos de investimentos. Nós dicíamos que se tramiten e negociemos incrementos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Porque iso é o que nos permitiría poñernos unha camiseta do galeguismo, ¿non?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Non dicir: «Abascal te lo juro, del galleguismo yo abjuro», que esa, desde logo, non é a nosa posición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Vou aproveitar que estou na tribuna, e polo tanto non me poden amoestar por terceira vez, para dicir o que quería dicir cando estaba arriba.

Cada un elixe con quen se manifesta, por suposto. Señor Blanco Paradelo, cada un elixe con quen se manifesta. Nós o domingo estabamos en Compostela coa xente decente deste país defendendo a sanidade pública, e o Partido Popular elixiu ir a Madrid da man da extrema dereita de Vox, da Falange Española de las Jons, dos fascistas de Hogar Social e dos neonazis de España 2000. *(Aplausos.)* Como non quero que o señor Tellado me diga que estou mentindo, esta *(O señor Lago Peñas móstralle á Cámara unha fotografía)* é a foto da Falange Española, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* esta *(O señor Lago Peñas móstralle á Cámara unha fotografía)* é a foto de Hogar Social Español *(Murmurios.)* e esta *(O señor Lago Peñas móstralle á Cámara unha fotografía)* é a foto de España 2000. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Non son quen eu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio, por favor. Silencio, silencio. ¡Silencio, por favor!

O señor LAGO PEÑAS: Non son quen eu para dicirlle ao Partido Popular o que ten que facer. Aínda que non oculto a miña preocupación porque o partido que foi a referencia da dereita española, o partido de Mariano Rajoy, ande agora con tan malas compañías. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Ten razón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LAGO PEÑAS: Dárame un pouco máis de tempo...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Non se preocupe polo tempo.

¡Silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio. Por favor, señora Prado, silencio.

O señor LAGO PEÑAS: Ten razón Pedro Puy cando di que Susana Díaz meteu a Vox no Parlamento andaluz. Si, pero Pablo Casado meteu a Vox no Goberno de Andalucía, e Pablo Casado quere meter a Santiago Abascal... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LAGO PEÑAS: ...no Goberno de España. Ese é o proceso. *(Aplausos.) (Balbordo.)* E iso...

O señor PRESIDENTE: Silencio...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio, silencio, por favor, silencio. ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor LAGO PEÑAS: E iso, benqueridos deputados e deputadas demócratas do Partido Popular, é difícil de entender. Non o entendo eu, non o entende a CDU de Merkel e non o entende o Partido Conservador de Teresa May. Non se entende en ningún sitio da Europa democrática. *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor. Silencio, ¡silencio!

¿Que hai dos orzamentos?, ¿que hai? *(Murmurios.)*

¿Que hai dos orzamentos?

O señor LAGO PEÑAS: Alégame que me faga esa pregunta.

O señor PRESIDENTE: Mire o peluco, mire o reloxo. *(Murmurios.)*

¿Que hai dos orzamentos? *(Balbordo.)*

¡Silencio!



O señor LAGO PEÑAS: Se me deixan...

O señor PRESIDENTE: Si, silencio. Xa lle dixen eu. Dos presupostos.

O señor LAGO PEÑAS: Vou ler unha carta: «Madrid, 15 de xaneiro de 2019. / Estimada, estimado deputado ou deputada: / Dirixímonos a vostede en calidade de deputado ou deputada dende o Grupo de En Marea no Congreso. / Unha vez coñecidos os orzamentos xerais do Estado de 2019, o Grupo En Marea considera que a proposta nos termos actuais non é aceptable para a cidadanía galega. / Co obxectivo»... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Hai a oportuna réplica do señor portavoz cando lle toque, non lle repliquen vostedes, replícaralle o portavoz.

Silencio, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: «Co obxectivo de valorar esta situación»... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, vou parar de falar ata que... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Si, si, ten dereito, hai que escoitar.

O señor LAGO PEÑAS: ¿Podo? *(Murmurios.)*

«Co obxectivo de valorar esta situación e buscar posibles solucións convocámolo a unha reunión conxunta de todas as deputadas e deputados do Grupo Popular e do Grupo Socialista elixidos polas circunscricións galegas. / Reciba un cordial saúdo. / 15 de xaneiro de 2019».

Pasou un mes, o Partido Socialista contestou afirmativamente. O Partido Popular nin contestou, ningunha resposta. *(Murmurios.)* Por iso, a pregunta que facía o portavoz do Partido Socialista é: ¿por que presentan esta PNL na que chaman a un acordo nesta cámara cando se negaron a sentarse co resto dos deputados e deputadas galegas do Congreso dos Deputados, que era onde había que chegar a ese acordo? *(Murmurios.)*

Ben, vou volver ler... *(Murmurios.)* Señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio. Vou ter que... ¡Silencio, por favor!

O señor LAGO PEÑAS: A min amoestáronme dúas veces por falar a metade do que está falando esta xente. ¡Non o entendo!

O señor PRESIDENTE: Non é o mesmo.



O señor LAGO PEÑAS: Ben, non sei. (*Murmurios.*)

Vou parar un momento a que pida silencio e empezo porque, se non, non...

O señor PRESIDENTE: Vostede mesmo.

O señor LAGO PEÑAS: Ben.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vou volver ler un parágrafo da carta: «En Marea considera que para a cidadanía galega os orzamentos xerais do Estado de 2019 non son aceptables». Non o son.

O señor PRESIDENTE: Señor Trenor, unha chamada á orde.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor LAGO PEÑAS: Non o son, e vou ser claro. Tal como están... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Acáboo de chamar á orde ao señor Gonzalo Trenor.

Por favor, tamén non creo que sexa tan complicado que respecten a rolda das palabras. Para min chamar á orde é moi desagradable, pero tampouco me custa nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero para todos. Por iso. Xa está. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Xa está. O señor Trenor ten unha chamada á orde e espero que non lla teña que chamar a ninguén máis.

Por favor, respecten a quen está no uso da palabra.

Será compensado o seu tempo, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Espero.

«...non son orzamentos aceptables para a cidadanía galega e, tal como están formulados, nós non votaremos a favor dos orzamentos».

Eu creo que algún deputado ou deputada necesita unha lección do que é un trámite parlamentario. (*Balbordo.*) Vótase inicialmente a tramitación dun orzamento, e cando remata a tramitación do orzamento vótase a favor ou en contra do orzamento. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Nós... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE: Señor Martín Prado, unha chamada á orde.

O señor LAGO PEÑAS: Nós non aceptamos a redución en 184 millóns de euros nos investimentos para Galicia. Da mesma forma que rexeitamos os durísimos recortes aplicados polo Goberno de Mariano Rajoy.

Fagamos memoria, señor Puy: cando Rajoy chegou ao goberno, o Estado investía en Galicia dous mil millóns de euros; o último ano investiu mil millóns de euros, 926 exactamente. Iso é reducir mil millóns de euros o investimento público en Galicia, é reducir á metade o investimento que había cando Mariano Rajoy ocupou o poder.

Claro que hai que dicir non a que se reduza 184 millóns de euros o investimento en Galicia, ¡claro! Pero con moita máis forza hai que dicir non a que se reduzan mil millóns de euros baixo os gobernos de Rajoy, que o Partido Popular de Galicia aplaudiu nesta cámara. Pero hai máis, non só é que se orzara pouco, senón que se executaba aínda menos. No ano 2016, o orzamento executado sobre o orzamento inicial foi do 41,5 por cento, menos da metade; pintábanse os orzamentos. E iso significa que entre o ano 2015 e o ano 2017 se deixaron de investir en Galicia uns mil quíntos millóns de euros dos que estaban pintados nos orzamentos.

¿Que pactou e que non pactou En Marea co Partido Socialista? Nós pactamos un salario mínimo de 900 euros; efectivamente, Yolanda Díaz e mais eu. Nós pactamos o incremento das pensións, claro que si. Pactamos o incremento do salario dos empregados públicos. Pactamos a subida, a recuperación do subsidio dos parados maiores de 52 anos. Iso é o que pactamos. E por iso nós estamos a favor de que se tramiten os orzamentos, para que 750.000 pensionistas galegos, 150.000 empregados públicos, 40.000 desempregados, 50.000 persoas que se van beneficiar do salario mínimo interprofesional, a xente que está pendente dunha axuda de dependencia, os recursos necesarios para a violencia de xénero ou as políticas de vivenda se beneficien do que está aprobado nos orzamentos.

No que nós non temos un acordo é sobre o investimento territorializado para Galicia, porque estamos en absoluto desacordo. Vou explicar, por se algún deputado ou deputada non entende cal é o procedemento parlamentario. Nós dicimos que se tramiten os orzamentos e poñemos unha condición: se Galicia non recupera o seu nivel de investimento, votariamos non a eses orzamentos; así de claro. E para iso presentamos trescentas emendas por un importe de 700 millóns de euros que están rexistradas na Cámara; está por escrito.

E volvo dicir: En Marea quería tramitar os orzamentos porque iso permitía avanzar no social, condicionado o seu voto afirmativo a que no trámite parlamentario se admitiran as demandas do noso país, as demandas de Galicia, que foron tramitadas a través do noso grupo parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Non podo, teño que falar un momento do BNG.

O señor PRESIDENTE: Remate, mire o seu tempo.



O señor LAGO PEÑAS: Si, si. pero o tempo foi...

O señor PRESIDENTE: Non, non, mire o reloxo. Está compensado.

Remate xa, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Señora Pontón, nós non presentamos unha emenda á totalidade porque non queremos votar ao Partido Popular. Así de claro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LAGO PEÑAS: Nós non presentamos unha emenda á totalidade...

O señor PRESIDENTE: Rematou, rematou.

(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non, señor Lago, terminou o seu tempo...

O señor LAGO PEÑAS: ...porque non participamos na estratexia da... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ...terminou o seu tempo.

O señor LAGO PEÑAS: Non facemos o mesmo que facía o BNG cando tiña deputados no Congreso. Iso...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señor Lago.

Señor Lago, ten que abandonar a tribuna porque, se non, chámoo á orde.

O señor LAGO PEÑAS: ...pasa por... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, abandone a tribuna.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Ao señor Pedro Puy non lle debe gustar moito o do pimpampum, deume a sensación; creo que no PP son máis de «aquí para allá», andan máis nesa cuestión. *(Aplausos.)*

E teño que dicirlle, señor Puy, que o vin moi apagado. *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, vino moi apagado. Alégrome de que agora se ría, porque realmente



creo —vímolo, ¿non?— que no PP están moi contentos e contentas. Eu o que quería pedirlle é que alegrara esa cara, porque coa votación que acaba de facerse no Congreso dos Deputados a súa proposición non de lei xa está aprobada. Xa se aprobou o recortazo de 442 millóns de euros a Galiza, que foi o que nos deixou o Partido Popular o ano pasado, o peor investimento desde o ano 2004. Porque sempre nos falan das estatísticas. Xa saben aquilo que dicían das estatísticas: se eu como un polo pero estamos dous, a estatística pode dicir que cada un comeu medio polo.

E, claro, están con esa trécola e con esa matraca de que con vostedes se investía o 10 %. Miren: a nós, desde logo, non nos gusta ningunha discriminación, pero eu prefiro que me discriminen cun 8 %, que significa 2.000 millóns de euros de investimento en Galicia, que non cun 11 %duns ridículos 900 millóns de euros, que era o que nos deixaba o Partido Popular.

E, se me permiten, o señor Leiceaga, evidentemente, eu entendo que é difícil subir a esta tribuna e despois de ver os orzamentos do Estado ter que defendelos aquí. Porque estamos falando dunha discriminación evidente ao noso país. E acolleuse aos argumentos que normalmente utiliza o Partido Popular; en fin, cada un referénciase onde considera. En todo caso, si lle agradezo moito a súa intervención. E agradézolla moitísimo, porque fíxense: o señor Leiceaga, sen querer, demostrounos o inútiles que son as forzas estatais para defender os intereses dos galegos e das galegas, porque nos pediu que o faga Esquerra no Congreso dos Deputados. (*Aplausos.*) Agradézolle moito, señor Leiceaga, esta intervención, porque vén vostede pedirlle a Esquerra que faga o que vostedes non fan, que é defender os intereses dos galegos e das galegas.

En relación coa intervención da Marea, esta recordoume moitísimo unha frase —que non é miña e non lembro agora quen a dixo, tense dito moitas veces neste parlamento—, iso de que a vitoria ten moitos pais, pero a derrota é orfa. E, claro, eu non vou dicir que fai vostede, se vostedes son como Jorquera ou non, en fin, está ben que o teñan como referencia. Eu alégrome porque, efectivamente, foi un deputado que fixo moi ben o seu traballo e que defendeu os intereses de Galiza. (*Aplausos.*)

E isto non é un problema de trámites parlamentarios, é un problema de onde están as prioridades. E vostede vén aquí recoñecer que pactaron os orzamentos co PSOE e que se olvidaron de Galiza. Vén aquí recoñecer que Galiza non está na axenda de prioridades. E, de verdade, iso nunca o faría o BNG. Porque eu non sei como pode haber uns orzamentos sociais que teñen unha discriminación con Galicia. (*Aplausos.*) Non son capaz de entender como se pode ver unha chuvia de millóns para Madrid, para Andalucía, para Cataluña. Porque aí detrás destes investimentos, ¿sabe o que hai? Peso político. E, efectivamente, iso é o que necesita Galiza para acabar con esta roda...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...á que nos están conducindo as forzas estatais.

Porque —remato con isto, señor presidente— non deixa de ser creo que moi clarificador ver un Partido Popular que cando viu os orzamentos do Estado non pensou: ¡que decepción



para este país!, senón que teño un flanco débil para darlle a Pedro Sánchez. É así, é así, é así, señoras e señores do Partido Popular, e o peor é que vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...ven a palla no ollo alleo e non ven a viga no propio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Sobre a emenda do PSOE, ¿acepta a emenda do PSOE?

¿Non?

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Si, pero eu pregunto. Pregunto porque non sexa que haxa algunha sorpresa.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas, señor presidente.

Onte tivemos un debate moi interesante, onde eu dixen que a democracia eran pactos. E agora resulta que non se pode votar aínda que esteas en contra de algo, por se votas con alguén que está liado con alguén, o cal é unha concatenación curiosa. *(Aplausos.)* Eu quero insistir niso: se chegamos a aprobar o que nos pedía onte a Marea, pois, efectivamente, non poderíamos ter rexeitados uns orzamentos malos para Galicia, porque tamén os votou en contra Esquerza Republicana. Aí vese o absurdo do de onte, e o de hoxe remátao. ¡En fin!

Señor Leiceaga, efectivamente, o que non pensaba é ter tanto éxito o ano pasado. Cando eu defendín aquí os orzamentos para o ano 2018 en España, o último que pensaba é que a quen ía convencer era ao señor Sánchez, porque quen aprobou os orzamentos que deixou feitos o PP, antes de que se votaran houbo unha moción de censura, e quen aprobou os presupostos que estaban vixentes en España foi o Partido Socialista. Eu, a verdade, é que nunca esperei ter tanto éxito de chegar a convencer ao señor Sánchez.

O certo é que con eses orzamentos houbo investimentos en Galicia —aí está o recoñecemento de que se vai rematar o AVE—, houbo crecemento económico e houbo creación de emprego. O problema é que vostedes agora traen uns orzamentos que xustamente o que queren é volver á contra e inverter todo este proceso; ese é o problema. O problema non está na execución, porque aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non está na execución, señora Pontón; vostede deixe falar. Mire: en Galicia o ano pasado, no ano 2017, executouse no capítulo VI, «Investimentos reais», o 111,9 por cento do orzado. O orzado foi 185 millóns; recoñecidas como obrigas ao final do ano, 207. A media de execución foi do 105 por cento, é dicir, que estamos por riba da media de execución. É certo que en sector público empresarial



e fundacional o investimento foi do 60 por cento; preveranse 696 millóns e comprometéronse de investimento real 420, que está na media de España. Polo tanto, non houbo unha discriminación para Galicia.

Dicía o señor Leiceaga que os orzamentos que foron rexeitados eran lixeiramente optimistas. Ben, lixeiramente optimista é unha previsión de crecemento dos ingresos do 8,1 por cento sobre a liquidación do ano 2018, de 9,5 por cento sobre os ingresos tributarios do 2018. Iso quere dicir que crecerían os ingresos tributarios 2,5 veces máis que o que crece o PIB. O cal pois é complicado. Se o tomamos co PIB nominal, que crece o 3,8, e a correlación de ingresos de crecemento é do 1,1, hai algún organismo que ten estimado que hai 5.000 millóns de euros, simplemente polo feito das previsións que se teñen do crecemento do PIB, que non se van producir.

O ano pasado, vostedes presentáronnos unhas emendas aos orzamentos en Galicia nas que querían que subiramos 60 millóns de euros a débeda e 130 millóns este ano, e este ano vostedes duplicaron a débeda que tiña que emitir Galicia. En cambio, o financiamento autonómico o ano pasado dicían que tiña que incrementarse 40 millóns, e este ano puxeron cero.

Vostedes o que nos piden é que nos endebedemos máis e que regulemos o déficit. Iso é incongruente co que acabo de dicir, que ese é o principal problema dos orzamentos que ían ser aprobados hoxe e non foron, foron rexeitados, e que nós tamén rexeitamos, entre outras cousas, porque non queremos incrementar o déficit. Estando comprometido o 1,3 e o 2,1, pois comprenderá vostede...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Señor Lago, isto é, efectivamente, un problema de equilibrio, de equilibrio orzamentario. Vostede concretamente dixo o ano pasado, cun orzamento que era maior que o deste ano, que: «*Las partidas a Galicia son antisociales y maltratadoras para Galicia*», literalmente. Ben, cando negociou os deste ano, o que di a súa conegociadora é: «*El acuerdo presupuestario arrancado al Gobierno da esperanza a las gentes que esperan un cambio de rumbo, un país nuevo, moderno, que sueña con la posibilidad de vivir con dignidad*».

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Vemos os orzamentos...

O señor PRESIDENTE: Señor Puy, remate xa.

O señor PUY FRAGA: ...interpretamos que estes sexan os orzamentos. Quere dicir que cando hai un Goberno que é o máis progresista e de esquerdas da historia da democracia, o resultado é que a Galicia lle caen os investimentos do Estado, que se reducen un 26 por cento, cando crecen o 26 por cento no conxunto de España.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.



O señor PUY FRAGA: Permítame, señor Santalices...

O señor PRESIDENTE: É que imos moi mal de tempo. Imos ir comer ás catro. Remate.

(Murmurios.)

O señor PUY FRAGA: Si, si. Pero, señor Lago, ao final, non sabemos vostede de que lado está. Vostede de trámites parlamentarios sabe moito, pero, ao final, non sabemos se vostede, que negociou ese orzamento, está a favor, ou se eran bos para Galicia ou non eran bos para Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: Tivo ocasión de dicilo, pero vostede mesmo foi incapaz de facelo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Sobre as emendas, ¿acepta a emenda do PSOE e a emenda da Marea?

Señor Puy, ¿acepta as emendas?

(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non o oín. Estaría despistado, perdón.

É que é difícil estar centrado aquí todo o día. Isto ten o seu mérito, señora Prado, dígollo eu. *(Risos.)*

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Ministerio de Fomento coa finalidade de que se analicen os mecanismos que fagan posible unha rebaixa nas peaxes da AP-9 e AP-53 de



modo que se sitúen en condicións homologables ao resto de autoestradas de peaxe de titularidade estatal.»).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Fernández Prado, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a demandar do Goberno do Estado:

- 1.- Que estude medidas para suavizar as subas das peaxes previstas na AP-9 e que negocie con Audasa a flexibilización das tarifas.
- 2.- Que faga un estudo análogo para o abaratamento das peaxes da autoestrada AP-53.
- 3.- Que estas medidas entren en vigor en 2019.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Ben, volvemos falar da AP-9. Non sei se pensaron que xa nos esqueceramos, pois vai ser que non. Hai quen quere que desapareza da axenda este tema, e o BNG, desde logo, non o vai facer, porque ademais non hai nada conseguido. A respecto da AP-9 non hai nada conseguido, nada do que aprobamos aquí neste parlamento está conseguido. Deuse algún pequeno paso, tímido, algún avance, pero está todo sen conseguir, porque a realidade é que a AP-9 é o espello máis claro da dependencia que sofre Galiza, do espolio dos seus recursos, das decisións que se toman en Madrid para favorecer as grandes empresas en contra dos intereses do noso país.

Está todo por conseguir, empezando pola transferencia da autoestrada. E temos que dicilo alto e claro: non está conseguida por culpa do Partido Popular (*Aplausos.*), que boicoteou reiteradamente desde o Goberno do Estado e desde a Mesa do Parlamento a tramitación da lei aprobada por unanimidade por este parlamento. Fíxoo ata en tres ocasións. É responsabilidade principal e maioritariamente do Partido Popular, que quede claro.

Este é un mérito do señor Raxoy, da señora Ana Pastor e tamén do señor Feixoo, que traizoaron a Galiza ata en tres ocasións. Son uns Xudas. ¿Que pasou? (*Risos do propio señor Bará Torres.*) Pensei que lle dera un *pa allá*. Vostedes son máis de *pa allá* que de *pa aquí*, hai que dicilo. Vostedes son de *pa allá*, de todo para Madrid, para aquí nada, para Galiza nada. De *pa allá*. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) ¿Como?, ¿reguetón? ¡Que me fala! Non me gusta esa música, señora Prado. Si, xa vexo que non lle gusta o de *pa allá*.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, hai un deputado que está no uso da palabra. ¡Por favor!



O señor BARÁ TORRES: Por iso, o que estaba dicindo: non é realidade a transferencia polo boicot do Partido Popular. E, por se fose pouco, xa nos anunciou hoxe o señor Feixoo que ían presentar emendas para poñer «paus nas rodas», para atrasar aínda máis a aprobación da transferencia, (*Aplausos.*) e como estamos xa no tempo de desconto da lexislatura, vai quedar no dique seco; vai quedar no dique seco outra vez por culpa do Partido Popular.

E a verdade é que a estas alturas da película non nos merece ningunha credibilidade o Partido Popular. Miren: vostedes teñen menos credibilidade que o CIS de Tezanos. Porque ademais vostedes, e xa nolo dixeron moitas veces nos últimos días, téñenlles aversión e alerxia ás transferencias, porque, como dicía o señor Feixoo, é un grave risco para a unidade de España, para esa milenaria nación española que está na fantasía do señor Feixoo; unidade de destino no universal pola graza de Deus: España, a España do Partido Casado-Riverista y de las JONS.

Tamén están pendentes outros moitos acordos deste parlamento. Por certo, hai que recordar que se aprobou aquí a eliminación da peaxe de Redondela, ¿onde está? Señores do PP e do PSOE, pero máis do PP, porque estiveron máis tempo gobernando. Auditoría e expediente informativo á concesionaria, ¿onde está? Estudo sobre o rescate da concesión, ¿ulo? Eliminación do privilexio franquista da bonificación do 95 por cento do IVE, ¿onde está? Estiveron gobernando. Pantallas antirruído en Chapela e Teis, protocolo de levantamento de barreiras, urbanización de acceso a Vigo desde a AP-9, ¿onde están todos estes acordos do Parlamento galego aprobados por unanimidade?

Pois ben, hai que dicir tamén, para que quede claro, que a maior responsabilidade do incumprimento destes acordos é do Partido Popular. Sete anos culpa do Partido Popular de goberno en Madrid e na Xunta, sete meses do Partido Socialista.

É responsabilidade, incluíndo a non-supresión da peaxe de Redondela. E aproveito para dicir aquí que o BNG vai apoiar e vai asistir á manifestación convocada o próximo 23 de febreiro en Chapela contra este abuso, convocada polas asociacións de veciños de Teis e da Chapela.

Nesta historia da AP-9 chove sobre mollado; o problema é que non cae auga, cae algo moito peor. Os agravios e as aldraxes repítense unha e outra vez, governe quen governe, porque o problema é o centralismo estúpido, o problema é o centralismo. Agora, como antes, sufrimos os incrementos abusivos de peaxes, sufrimos a estafa, o roubo, os atracos legalizados polo Goberno central; beneficios millonarios para a concesionaria e graves prexuízos para as persoas usuarias. E agora, por riba, outros prexuízos engadidos, como o incremento dos tráxicos nos viais alternativos á AP-9, como estamos vendo, por exemplo, no treito entre Rande-Vilaboa e Vilaboa-Pontevedra, e tamén no paso por Chapela ou por Teis. Miles de coches que están escapando do roubo das peaxes da autoestrada, sobre todo o tráfico pesado, que están empeorando moitísimo a calidade de vida e tamén creando novos riscos para a seguridade viaria. Iso tamén pasa, por certo, na AP-53, entre Lalín e Santiago de Compostela.

Pois mentres sufrimos este maltrato, vemos con indignación, con verdadeira indignación, como o Goberno do Estado rescata autoestradas ruinosas, con miles de millóns, gobernando o Partido Popular primeiro e agora o Partido Socialista. Vemos con indignación como remata a concesión de autoestradas que son da xeración da AP-9, a AP-57, Tarra-



gona-Valencia-Alacante; a AP-4, Sevilla-Cádiz; a AP-1, Burgos-Armiñón. E aquí na AP-9 ata o 2048 por obra e graza do Partido Popular, que ampliou a concesión ata o máximo legal de setenta e cinco anos. Por certo, unha máxima pena tamén que sofre a AP-53. Dúas das tres autoestradas do Estado que teñen setenta e cinco anos de concesión están en Galiza grazas ao Partido Popular. ¿Que fixemos para merecer isto, señoras e señores do Partido Popular?

Vemos ademais como o Goberno central maltrata a Galiza nos orzamentos. Xa falamos disto nas iniciativas anteriores. E, por se non fose abondo, vemos como aproba o 30 por cento de rebaixa nas autoestradas rescatadas e a gratuidade en horario nocturno nesas ruinosas autoestradas rescatadas á custa do erario público.

Ademais, vemos con indignación como o Goberno central acaba de aprobar descontos do 80 por cento en dous treitos da AP-7 e da AP-2 en Cataluña, curiosamente co pretexto de evitar a conxestión das estradas estatais, o mesmo que sufrimos aquí.

Tamén podíamos falar das autovías de peaxe de titularidade da Xunta de Galiza, que xa foi obxecto de debate neste pleno.

Miren, con respecto á AP-9 e tamén á AP-53, pensamos que xa é tempo de compensar a Galiza e as persoas usuarias, sobre todo os transportistas e usuarios habituais. É un acto de xustiza con este país. Tamén para mellorar esas contornas das estradas alternativas, que ven incrementado o tráfico e empeorada a calidade de vida.

Actualmente, a AP-9, por estes incrementos abusivos de peaxes, é unha barreira para o desenvolvemento económico e para a vertebración territorial, é un lastre para a mobilidade e para a conectividade, é un obstáculo para a competitividade das nosas empresas.

O obxectivo final do BNG, desde logo —como temos dito moitas veces—, é conseguir unha AP-9 galega e libre de abusivas peaxes. Entre tanto, o que traemos aquí son propostas concretas de mellora. Vostedes xa aprobaron un acordo o 20 de decembro de 2018, para que a Xunta fixese unha proposta, e estamos aínda agardando por esa proposta de rebaixa das peaxes. Por iso, a proposta que traemos aquí hoxe: que se aplique a mesma medida, exactamente a mesma rebaixa do 30 por cento de gratuidade no horario nocturno que se aprobou para as autoestradas radiais rescatadas. E que se faga ademais xa, no primeiro semestre de 2019. Deixen, polo tanto, de actuar como *pagafantas* e póñanse ao servizo de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.



Ben, eu creo que con respecto a esta proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego, á que o noso grupo parlamentario fixo unha emenda, conviría sentar cando menos un par de bases previas.

Con respecto ao sistema de peaxes, o sistema de taxas, o sistema de tarificación, ou como queiramos chamarlle, que teñen as autoestradas de peaxe no Estado español, hai dous modelos basicamente: un, segundo os tramos das propias autoestradas, e algún incluso segundo a tempada na que se circula por esas autoestradas. E iso dá lugar a importantísimas diferenzas en todo o Estado con respecto ás peaxes que se aboan. Por poñer algúns exemplos, non unha lista exhaustiva, pero si que entendemos suficientemente clarificadora da realidade: a AP-8, en Euskadi, ten unha peaxe que é de 7 céntimos por quilómetro, e é unha concesión que remata no ano 2021; a AP-4, ese tramo ao que vostede fixo referencia entre Sevilla e Cádiz, ten esa mesma porcentaxe de peaxe, 7 céntimos por quilómetro, e remata a concesión no ano 2019; a AP-36, entre Ocaña e La Roda, 8 céntimos por quilómetro. Paradigmático é o caso da AP-7, autopista do Mediterráneo, que, por exemplo, entre Barcelona e La Junquera, na fronteira con Francia, ten unha peaxe de 9 céntimos de euro por quilómetro, e remata a concesión no ano 2021, e esa mesma autoestrada entre Alacante e Cartaxena é de 10 céntimos, e entre Málaga e Estepona de 15 céntimos por quilómetro. Estou a falar da mesma autoestrada, e polo tanto para poñer en evidencia que incluso dentro da mesma autoestrada hai prezo distinto segundo os tramos. A AP-2, de Zaragoza ao Mediterráneo, ten unha peaxe de 11 céntimos por quilómetro, e remata a concesión no ano 2021. Hai casos como o da AP-1 con 14 céntimos por quilómetro, e hai casos incluso de autoestradas recentemente construídas, que teñen unha peaxe de 39 céntimos por quilómetro. Polo tanto, a variedade, como podemos comprobar, é suficientemente ampla como para que poidamos debater e facer propostas —digamos— analizadas sobre que sistema de tarificación de peaxes se debe aplicar na AP-9.

Pero é que desas diferenzas nin tan sequera se libran as autoestradas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: a AG-57, entre Puxeiros e Baiona, ten unha peaxe media de 5 céntimos por quilómetros, e a AG-55, entre A Coruña e Carballo, 7 céntimos; é dicir, 2 céntimos máis. Hai diferenzas incluso dentro dunha comunidade autónoma pequena, como é Galicia, e dentro da rede de autoestradas de peaxe, que son estas dúas.

Se da AP-9 falamos, que é do que versa esta iniciativa, temos unha peaxe media de 10 céntimos por quilómetro, se collemos o tramo entre Tui e Ferrol —o máis longo— e analizamos o custo que ten.

Polo tanto, o noso grupo parlamentario, á vista desta realidade, o que fixo foi presentar unha emenda, porque nos parece francamente que a súa proposta é limitativa, no sentido de que determina xa cales son as porcentaxes que hai que aplicar de redución de peaxes, incluso entramos en horarios, neste caso non relativos aos quilómetros, senón en tramos que propoñen a gratuidade en viaxes nocturnas en ambas as autoestradas de competencia estatal.

Celebramos que o presidente da Xunta de Galicia anunciase esta mañá —e xa fixo vostede referencia— esa petición de rebaixa do 25 por cento en viaxes dentro do mesmo día. Imos ver se como consecuencia dese escenario que parece abrirse a partir desta mañá dunhas fu-



turas eleccións, máis próximas que arredadas, e o posible resultado que poida saír desas eleccións, no caso de que cambie o signo do goberno, se mantén esa demanda. Ímolo comprobar, os diarios de sesións teñen esa bondade e esa maldade.

Polo tanto, nese sentido entendemos que a nosa emenda mellora a proposta que vostedes fan, no sentido de que non limita ningún tipo de redución de peaxes, nin por comparación coas radiais rescatadas de Madrid, nin con outras do Estado, e simplemente o que pedimos é que se analicen os sistemas para que as peaxes desas dúas autoestradas de competencia estatal ata este momento —a AP-9 esperemos que deixe de selo pronto— se sitúen en condicións que nos homologuen ao resto do Estado en canto á peaxe que se debe pagar.

Nós non somos quen neste momento de establecer cal debe ser esa peaxe, pero o que si entendemos é que Galicia non debe estar en ningún momento prexudicada por unhas peaxes manifestamente excesivas, e que deben ser —repetimos— estudadas e analizadas, e que nos sitúen en termos homologables, nin mellor nin peor, simplemente igual que o resto do Estado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos.

Mire, señor Xosé Lois Bará, non sei se seremos «pagafantas», en todo caso pagamos, o que non facemos é pagar mojitos cos cartos de todos os galegos, iso non. *(Aplausos.)*

Pero, á parte diso... *(Murmurios.)* ¡Xa sei!, ¡xa sei que vostedes co diñeiro dos galegos pagan de todo... fantas e cousas! *(Murmurios.)* Non se preocupe. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ¡Ben! ¡Gústame!

Non se preocupe, señor presidente, que eu antes de dar clase na universidade xa dei en primaria... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, hai un deputado no uso da palabra ao que lle gustaría ser escoitado por todos e todas. *(Murmurios.)*

¡Silencio!



O señor FERNÁNDEZ PRADO: Señor Xosé Lois, voulle deixar unha folla que está... (*O señor Fernández Prado amosa unha folla ás bancadas da Cámara.*) Sabe que estamos nunha campaña no PP de Redondela na que pedimos firmas para que xa teñamos esa inmediata gratuidade das peaxes, que xa estarían se gobernase o PP, pero temos a desgraza de que goberna o Partido Socialista en Madrid. En calquera caso, déixolle aquí a folla para que poida recoller algunha firma e incorporarse a esta campaña.

Permítame, señor Xosé Lois Bará, dicirle que falaba e escribía —porque ademais o escribe— que «decisións políticas adoptadas pola Xunta benefician a concesionaria da AP-9». Supoño que se está referindo ao Goberno bipartito da Xunta de Galicia, supóño; porque ese, do que formaba parte vostede —vostede era parte dese goberno bipartito—, foi o único que firmou algo que foi a favor da autoestrada e en contra dos galegos, (*Murmurios.*) ¡o único! O que fixo o actual é xusto eliminar ese acordo do Bipartito, o Goberno do que vostede era director xeral, que firmou a favor da autoestrada. ¡Catrocentos millóns de euros custounos aquilo dos impostos dos galegos para pagar as peaxes estatais! Catrocentos millóns do seu Goberno bipartito, o único ata o de agora.

¿Que fixo o Goberno do Partido Popular actual? Conseguir que se eliminara ese pago, e ademais rebaixar os incrementos que establecía. Por iso Audasa levounos ao Goberno do PP aos tribunais, por esa decisión; non levou o acordo do BNG, non. É unha pena, a verdade, que non estea a señora Pontón —nunca teño a sorte de que me escoite—, (*Murmurios.*) pero falaba antes de miniconvenios. ¡Carai para os miniconvenios: catrocentos millóns de euros dos petos dos galegos! E foron firmados polo Bipartito.

Se imos á PNL, é evidente —e estamos de acordo con vostedes— que é un agravio comparativo o que está facendo o Goberno do señor Sánchez. Pois, claro, rebaixa noutros sitios e sobe as galegas. ¿Como non imos poder estar de acordo? Pedimos —como dicía o señor Álvarez— equidade e igualdade, pero non só para esas medidas futuras, tamén para as que se están facendo agora. É dicir, é difícil entender —e por iso falamos de aldraxe— cando no mesmo momento se baixan unhas e se soben as dos galegos. O Goberno de Sánchez en infraestruturas, en oito meses, só se acordou dos galegos para subirlles as peaxes, só. Fixo, iso si, a circunvalación, licitouna no Barco —alégrome por Alfredo, polo alcalde do Barco e polos veciños do Barco—. Pero é a única obra en oito meses, cando a tiña para licitar desde xuño. Pouco balance. Iso si, de subir as peaxes si se acorda.

En calquera caso, nós compartimos con vostedes o espírito de que non pode ser e que hai que buscar mecanismos. Igual que compartimos —como antes lles dicía— mecanismos para rebaixar as peaxes da AP-9, que entendemos que non poden seguir subindo. E por iso tamén presentamos esa emenda. Tamén cremos que é limitativa, e por iso a deixabamos máis aberta.

¿Quere vostede propostas da Xunta? Acaba de escoitar esta mañá o presidente da Xunta falando dunha proposta de rebaixa do 25 por cento nas viaxes de ida e volta dentro de cada día. ¡Mire se ten propostas! Ou esa... (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*) —¡xa vou, señor Losada, que sempre lle gusta que lle fale— outra proposta clarísima dita esta mañá: eliminar a mochila, que é para a transferencia da AP-9, do convenio do señor Blanco, 1.400 millóns de euros de mochila. ¿Queren que veña en calquera situación? Pois,



miren: nós non. Nós queremos que veña a autoestrada sen mochilas, sen 1.400 millóns de euros (*Aplausos.*) e sen incrementos extras que teñen outras comunidades. (*Aplausos.*)

O PP, por iso se manifesta, pide igualdade para todos os cidadáns, pide respecto e igualdade para todos os cidadáns. Por iso pedimos que se nos trate igual que os demais, se baixan noutras comunidades autónomas, tamén. O que modificou os criterios... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, señor!, foi o señor Sánchez.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: E eu, señor Álvarez, tamén espero que co resultado desta mañá pasemos pronto a unhas eleccións e, se Deus quere, teñamos ocasión de ver que un novo goberno fai as cousas... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...de xeito distinto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Déixolle, señor Bará, para a firma...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, non, léveo, léveo. Se empezamos a deixar todo aí, estamos apañados. (*O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.*) Alí pódello dar.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Bo día.

Grazas, presidente.

Non sabemos como paga o Partido Popular mojitos, pero as campañas da caixa en B si que o sabemos; (*Murmurios.*) por iso están vostedes saturando Soto del Real.

Ben, nós imos apoiar esta iniciativa, que está plantexada como un paso inmediato para mellorar a situación das usuarias da AP-9, pero sen perder de vista o noso obxectivo final, que non pode ser outro que a recuperación da concesión da autoestrada.

Como se plantexa nesta iniciativa, hai un contexto estatal no que están recuperándose concesións de autoestradas, e isto está beneficiando ás usuarias en distintas partes do territorio, con rebaixas importantes nas peaxes, ben sexa en forma de desconto directo... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!



O señor CAL OGANDO: ...ben sexa en forma de desconto directo na contía das peaxes ou en forma de supresión de horarios concretos. E mentres isto está ocorrendo noutras partes do Estado, en Galicia seguimos facendo o *panoli*. Pagamos unhas peaxes abusivas, que serven unicamente para engordar os petos de fondos de investimento á custa do noso desenvolvemento económico e social. Poucas veces podemos sentir que facemos o *panoli* máis que coa estafa da AP-9, sen que ningún Goberno estatal e, por suposto, sen que a Xunta de Galicia co Partido Popular movan un só dedo para rematar coa estafa que tanto prexudica ás galegas.

Facemos o *panoli* porque, de seguir mirando cara a outro lado, as galegas teremos pagado a autoestrada unhas cantas veces, cuns copagos que fan moi felices aos especuladores pero moi infelices aos galegos e ás galegas. Porque resulta curioso escoitar falar de que a autoestrada non está amortizada, porque non será polo que xa temos pagado os galegos e as galegas, que tan só na última década pagamos en peaxes na AP-9 a frioleira de 1.562 millóns de euros. Galicia pagou pola AP-9 na última década 1.562 millóns de euros, dos cales 521 foron directamente en beneficios para os bolsos dos especuladores dos fondos de investimento. Isto tan só nunha década. Non sabemos que ten que facer Galicia para amortizar a AP-9.

Moi mal negocio para Galicia, e máis se temos en conta que a concesión se acaba de vender ao redor dos cincocentos millóns de euros. Pero dende a Xunta de Galicia enténdese que é un bo negocio non rescatar e pagar de aquí ao 2048 uns cinco mil millóns de euros máis, que será o que pagará Galicia nos próximos trinta anos de non ser rescatada a concesión da autoestrada.

A verdade é que non se entende esta posición tan nefasta para os intereses de Galicia. E non se entende porque é que no día de hoxe a Xunta de Galicia non ten elaborado aínda un informe sobre os custos da recuperación da AP-9 e os posibles beneficios para Galicia.

E non falamos tan só de beneficios económicos. Estes días está no centro do debate o incremento da sinistralidade, da mortalidade na rede de estradas galegas dende que goberna do Partido Popular, que racha unha tendencia de máis de dez anos de descenso da sinistralidade e da mortalidade nas estradas. Dende o 2011, dende que o Partido Popular entra a gobernar, este descenso da sinistralidade e mortalidade rompe esta tendencia e comeza a incrementarse. E todas sabemos que as vías de alta capacidade son máis seguras. E todas sabemos que no percorrido que fai a AP-9, paralelamente á AP-9, hai moitas estradas convencionais que son altamente perigosas, que están en primeiro lugar no ránking de sinistralidade de Galicia, e que agora o último ano, coa subida das peaxes e co mal servizo da AP-9, se incrementaron. E mesmo a Xefatura de Tráfico está alertando de que a N-550 e a N-554 se están poñendo aínda máis perigosas co incremento que están tendo nas súas estradas.

Estamos facendo o *panoli* vendo como especulan fondos de investimento estranxeiro para a principal vía de vertebración galega, mentres o presidente do Goberno galego está en manifestacións axitando bandeiras. ¡Facemos o *panoli*!

Estamos facendo o *panoli* cando nunha década investimos máis de mil cincocentos millóns na AP-9 e os fondos voitre venden a concesión por trinta anos máis por tres veces menos, 500 millóns, despois de levarse 521 millóns de beneficio.



Facemos o *panoli* cando axitamos bandeiras e non somos quen de protexer os intereses da cidadanía diante dos especuladores canadenses, do Reino Unido e dos Países Baixos, que se frotan as mans vendo o *panolis* que son os nosos gobernos axitando bandeiras, mentres eles se están levando os cartos dos galegos e das galegas. Ser patriota é defender os intereses da xente. Axitar bandeiras é o que se fai cando se goberna en contra da xente, como os toureiros que utilizan as muletas para distraer o touro.

Imos apoiar esta iniciativa e seguimos defendendo que precisamos recuperar a AP-9 para o público para rematar con esta estafa.

Pola nosa banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: «Pagafantas, dise daquela persoa que actúa para agradar a outra agardando unha retribución improbable no futuro; sinónimo, tonto útil» —fin da cita—. Mire, señor Fernández Prado, nós pagamos os mojitos; non hai ningún problema. Cando se vai a un país como cultura convidada, como país convidado —cosa que lle molesta a vostedes—, despois de Arxentina e antes de Alemaña, pois o normal é que se faga un cóctel de benvida, unha inauguración dunha exposición. É que ademais en Cuba teñen por costume tomar mojitos, ¿que lle imos facer? Nós pagamos os mojitos, vostedes pagan as facturas do tinglado do «*pa aquí, pa allá*» para amañar e gañar fraudulentamente eleccións. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Vostedes pagan as facturas da Gürtel, da Púnica, da Campeón! Vostedes utilizan fondos reservados para asaltar casas particulares e roubar documentos que os implican a vostedes; para iso utilizan vostedes os fondos públicos. Desvían fondos públicos para o enriquecemento de empresas amigas e dos seus dirixentes. E por iso, por esas facturas, foron condenados por corrupción; esa é a diferenza; o BNG non. (*Murmurios.*)

Señor Álvarez, claro, vostede está facendo aquí un debate que non pode ser porque está comparando realidades que non son comparables. Estanos falando aquí de autoestradas, primeiro, que non teñen o nivel de beneficios que ten a AP-9, nin que teñan o período de concesión que ten a AP-9. Polo tanto, é un debate un pouco trampeado.

Nós o que traemos aquí é unha proposta concreta para comezar a baixar as peaxes, para inverter o rumbo. E, como mínimo, pedimos que se rebaixe no 30 por cento. E iso non exclúe a posibilidade tamén de que haxa bonificacións, como hai en todas as autoestradas por uso habitual e para determinados colectivos. O que pasa é que o señor Rueda, a principios de ano, saíu aí todo envalentonado dicindo que vai apertar as torcas para forzar unha rebaixa da peaxe da AP-9. E estamos esperando polas torcas e pola chave inglesa do señor Rueda. E temos que dicirlle que non imos aceptar as emendas porque nos parecen unhas emendas así como de vaselina, moi *lights*.

E o Partido Popular, desde logo, xa se cobre de gloria cando propón suavizar as subas. ¡É que nós non queremos suavizar as subas! Nós non queremos que as subas sexan menores,



¡queremos rebaixas! Non sei que é o que non entenden da nosa proposta. ¿Como que suavizar as subas? ¿Que están propoñendo? Que nos suban si, pero menos, ¡solo un poquito! Non, nós queremos baixar as peaxes porque nos parece que son un abuso, unha estafa e un roubo. E non imos aceptar as emendas porque, de verdade, non melloran a nosa proposta.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijóo e corenta deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela

O señor PRESIDENTE: A esta proposición presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada María Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

<<1.- O Parlamento de Galiza mostra o apoio e solidariedade co pobo venezolano e apoia as iniciativas de diálogo e negociacións políticas que teñen como obxectivo a paz neste país e na rexión, e polo tanto condena:

- A escalada de violencia, dirixida polos EE.UU., e seguida por estados cómplices da Unión Europea, entre eles o español, contra as lexítimas institucións e Goberno de Venezuela, que buscan a súa desestabilización, e teñen como fin último o control dos seus inmensos recursos, nomeadamente o petróleo.

- O bloqueo económico, financeiro, político e diplomático; así como a confiscación ilegal dos seus bens e recursos que son a causa fundamental da carestía que sofre o pobo venezolano.

2.- Esiximos o fin da agresión e da inxerencia e o respecto pola súa soberanía e independencia.

O Parlamento de Galiza acorda como resolución instar ao Goberno galego e ao Goberno español a que:

- Deixen de aplicar e apoiar políticas imperialistas, de inxerencia e de posíbel intervención militar, con risco de enfrontamento civil, como as que insensatamente se están impulsando contra Venezuela, e que pase a poñer en práctica accións destinadas a:

-Defendan o dereito do pobo Venezolano á liberdade e á soberanía.



-Defendan o dereito do pobo venezolano a dispoñer dos seus recursos naturais.

-Opoñerse ao bloqueo económico, financeiro, político e diplomático e á confiscación ilegal dos seus bens e recursos económicos por parte de diversos estados.

- Respectar á soberanía dos pobos e a resolución pacífica dos conflitos.

- Promover unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.>>).

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

<<O Parlamento de Galicia acorda declarar a súa solidariedade e o seu apoio ao pobo de Venezuela, co que temos tantos vínculos familiares, e ás súas institucións lexitimamente constituídas, nos seguintes termos:

1.- Condenamos o intento de golpe de Estado perpetrado contra o lexítimo Goberno de Venezuela, amosando total empatía coa situación social e o sufrimento do pobo venezolano e da comunidade galega.

2.- Condenamos tamén a actitude de inxerencia dos Estados Unidos de América, e seguindo as consideracións da ONU, demandamos o fin do bloqueo económico e os irresponsables ultimatus ofrecidos polas autoridades estadounidense, da UE e españolas, non encamiñadas á busca de diálogo e solucións políticas.

3.- Defendemos o respecto ao Dereito Internacional e apoiamos polo tanto o dereito e a soberanía do pobo venezolano para elixir democraticamente ás súas e seus representantes.

4.- Facemos un chamado ao diálogo e ao entendemento auspiciado polo respaldo manifestado polas Nacións Unidas e rexeitamos calquera intervención no país. Facemos así mesmo un chamado á Paz e á non inxerencia.

5.- Lembramos ás autoridades europeas, españolas e galegas que a mellor maneira de defender ás persoas que viven en Venezuela ou ás emigrantes retornadas e facilitar dito clima de paz e diálogo.>>).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Señorías, Galicia é moito máis que catro provincias e trescentos trece concellos que a conforman. Galicia é moito máis que dous millóns oitocentos mil galegos e galegas que vivimos



nela. Galicia é moito máis que unha terra, que unha cultura e que unha lingua. Galicia é, sobre todo, un sentimento; é a afirmación do que somos, a lembranza do fomos ou do que non podemos ser e a arela tamén do que podemos chegar a ser co esforzo de todos e entre todos.

Durante moitas décadas —e aínda hoxe— cada emigrante que marchaba desta terra levaba un anaco de Galicia con el. E así foron milleiros de Galicias en barcos rumbo ao Brasil, á Arxentina e ao Uruguai, e outros tantos en tren ou autobuses a Suíza ou a Alemaña. E, paradoxalmente, esta emigración —á que non me gustaría quitarlle nin un ápice de dramatismo— non fixo que Galicia fose máis pequena, senón precisamente todo o contrario: levouna fóra das nosas fronteiras e fixo desenvolver un sentimento de galeguidade que nos ten que emocionar véndoo coa distancia que nos proporciona o tempo. (*Aplausos.*) Pero tamén tivo outro efecto, que é o de que hoxe os galegos ampliemos os horizontes de como vemos o mundo e de como sentimos moi próximos de nós problemas que se dan a moitos milleiros de quilómetros de distancia. Calquera de nós se pode recoñecer nunha chamada preocupada ao outro lado do continente ou ao outro lado do océano cando acontece unha traxedia nalgúns destes lugares.

Desta realidade parte o convencemento firme de que Galicia non pode ser allea á situación que hoxe sofre Venezuela. Nos últimos anos o réxime chavista conduciu todo un país ao colapso institucional, ao colapso económico e ao colapso social, que derivou nunha das maiores situacións de emerxencia humanitaria que se recorda en América Latina na historia recente. Segundo organismos como ACNUR, en novembro de 2018 o número de refuxiados emigrantes acadaba o número de tres millóns de persoas; segundo a ONU, dous millóns máis poderían deixar o país antes de que finalice este ano 2019.

A triste historia dun país que pasou de ser o máis próspero de América Latina a ser un dos máis pobres do mundo da man do socialismo bolivariano. O relato económico e o relato social é ben coñecido por todos: inflación desbocada, desabastecemento de alimentos e dos produtos máis básicos, servizos sanitarios inexistentes e aumento exponencial da violencia nas rúas. Todo isto aderezado, na esfera política, cunha corrupción salvaxe e cun aumento do poder da cúpula militar e das bandas motorizadas paramilitares, que teñen necrosadas as institucións democráticas dese país.

Tras a dura derrota de Maduro nas eleccións lexislativas do ano 2016 —as últimas recoñecidas pola comunidade internacional—, nas que a oposición conseguiu a maioría, o Executivo de Maduro puxo en marcha unha Asemblea Constituínte que usurpou as funcións do Parlamento lexítimo. En maio de 2018, Maduro continuou coa súa farsa de aparente democracia logo dunhas eleccións nas que non participou a oposición. O 11 de xaneiro —hai exactamente un mes— Maduro executou a última escena desta traxedia ao tomar posesión, por primeira vez fóra da Asemblea Nacional, dun cargo que non lle recoñeceu a comunidade internacional.

Ante esta situación límite no plano social, ante a usurpación do poder por parte de Nicolás Maduro e facendo uso dos mecanismos que se prevén na propia Constitución bolivariana, o 23 de xaneiro o presidente da Asemblea Nacional, Juan Guaidó —insisto: saído dos últimos



comicios avalados pola comunidade internacional—, asumiu as funcións de presidente encargado para a celebración dunhas eleccións libres que o pobo venezolano reclama e merece. Centos de miles de venezolanos saíron á rúa a apoiar a Guaidó e a pedir liberdade, pero o único que atoparon por parte do réxime foi represión, detencións ilegais, torturas, ameazas, violencia e o asasinato de dezaseis persoas. Neste contexto, Os Estados Unidos recoñeceron a Guaidó como xefe do Estado venezolano, unha declaración á que rapidamente se uniron países como o Canadá, Colombia, Ecuador, o Perú, a Arxentina, o Brasil, o Paraguai ou Costa Rica.

Como xa expresou o noso partido, cremos que a Unión Europea chegou tarde, e isto débese, seguramente, á falta de iniciativa política e de liderado do presidente Sánchez, que debía encabezar a postura da Unión Europea dende o minuto un polos vínculos históricos que España ten con América Latina. Sánchez mantivo durante días un silencio cómplice, un silencio vergoñento, froito, quizá, dunha certa postura vergonzosa dunha parte do socialismo español encarnado polo ex-presidente Zapatero, cuxa relación co réxime bolivariano case ningún alcanza a entender no noso país. Afortunadamente, o Partido Popular Europeo, xunto co presidente Tajani e a delegación española á cabeza, forzaron un posicionamento da Eurocámara para recoñecer a Guaidó.

Por certo, como sei que algún grupo vai dicir que os que defendemos a liberdade en Venezuela estamos no mesmo saco que algúns dirixentes que recoñecen a Guaidó, a min gustárame facer un repaso moi breve de quen votou que en Bruxelas: o Grupo Popular e o Grupo Socialista votamos a favor do recoñecemento do presidente encargado, igual que os membros do Grupo Liberal; a eurodeputada do BNG votou en contra, igual que a dereita populista británica, igual que a Fronte Nacional de Marine Le Pen, igual que o Partido pola Liberdade holandés —de extrema dereita e liderado por Wilders—, igual que o Sinn Féin —o Bildu irlandés— ou que os partidos ultradereitistas de Alemaña ou de Polonia. Despois de tantas leccións que nos intentaron dar estas últimas semanas, a ver se non son os nacionalistas galegos os que se parecen máis á extrema dereita e aos populistas eurófobos; non vaia ser que iso sexa finalmente así. (*Aplausos.*)

Pola súa banda, a inefable eurodeputada antivacinas e antiavances sanitarios, Lidia Senra, non tivo a ben aparecer nin sequera na votación. Non sei se é que ou lle daba vergoña apoiar un ditador e votar con todo o magma fascistoide que acabo de nomear, ou lle daba vergoña absterse, como fixeron a Liga Norte italiana, Amencer Dourado ou a ultradereita húngara e lituana. A cambio, a señora Senra, que non apareceu na votación, si asinou unha resolución alternativa do Grupo Parlamentario da Esquerda Unitaria. A resolución inclúe, a verdade, unha das frases máis miserables que na política se pode escoitar recentemente, que di así: «A situación económica e social de Venezuela deteriorouse nos últimos anos como consecuencia do aumento das sancións económicas e financeiras dos Estados Unidos e da Unión Europea, que deron lugar á hiperinflación e á escaseza de subministración de medicamentos e de material médico, así como ao aumento da pobreza». Señorías, menuda indignidade por parte da representante das mareas de Podemos na Eurocámara.

Remato xa. Galicia nunca foi allea aos problemas de Venezuela; alí hai corenta mil galegos vivindo. Nós presentamos unha iniciativa preocupados polos galegos de alá e tamén polos venezolanos de acá. E, polo tanto, presentamos unha iniciativa porque o que non queremos



é permanecer alleos aos problemas de Venezuela. Por iso nos sentimos na obriga de traer esta proposición non de lei ao Parlamento. Traemos esta iniciativa como mostra do compromiso coa democracia e coa liberdade do pobo venezolano, que necesita unhas eleccións reais, que necesita unhas eleccións democráticas. Traemos esta iniciativa como mostra do compromiso da nosa terra para axudar a reverter a situación de emerxencia humanitaria que vive este pobo irmán no que viven tamén moitos galegos. Traemos esta iniciativa, esta proposición non de lei ao Parlamento como mostra de compromiso —que o tivemos sempre— cos milleiros de galegos que aínda viven en Venezuela.

Señorías, está na súa man apoiar os intereses de Galicia —e tamén dos nosos compatriotas, os que viven en Venezuela— en vez de apoiar un ditador polo mero feito de serlles afín ideoloxicamente. Toca posicionarse: ou estamos cos dereitos, coas liberdades e coa democracia ou estamos con aqueles que utilizan a súa ideoloxía e antepoñen a súa ideoloxía por riba dos intereses do seu propio país, convertendo o que era unha democracia próspera nunha ditadura que non merecen nin os venezolanos nin os galegos que viven en Venezuela. Polo tanto, toca posicionarse e dicir de que lado está cadaquén.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

A verdade é que teño que empezar dicindo que estou un pouco decepcionada, porque ao ver que esta iniciativa, con todo o que está caendo en Galiza, con toda a situación que está pasando en Galiza, está asinada nin máis nin menos que polo propio presidente do grupo parlamentario, polo propio Alberto Núñez Feijóo, pensei que ía vir defendela el, ¿non? *(Aplausos.)* Porque, claro, non asina as iniciativas defendendo os postos de traballo de Alcoa nin a sanidade pública nin nada, pero asina unha iniciativa moi preocupado pola situación en Venezuela.

Quedou en evidencia —xa o levamos debatido ao longo de todo o pleno— cales son as auténticas prioridades do Partido Popular de Galiza: son ir correndo a Madrid fotografarse co trifachito e presentar iniciativas asinadas polo propio presidente da Xunta de Galiza pola situación en Venezuela. Subordinación política do Partido Popular, do partido que goberna en Galiza, aos ditados das posicións extremas, de extrema dereita en Galiza e tamén en Venezuela. Porque teño que dicirlles que ese Guaidó benéfico que nos acaba de expoñer aquí o señor Tellado é un deputado do partido de extrema dereita máis pequeniño da Asemblea en Venezuela. Dígoo para que nos vaíamos situando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, porque xa sei que antes era «*el partido más votado*» o que tiña que gobernar e esas cousas, pero agora vale calquera, jagora vale calquera! Dígoo para que nos vaíamos situando. *(Murmurios.)*

Efectivamente, Venezuela está atravesando unha crise, mais non é unha crise normal, senón que é froito dun bloqueo descarado; polo tanto, unha crise inducida desde hai anos, asediada



para que se renda. Unha crise na que os Estados Unidos non é que estean detrás, senón que están directamente á fronte, están directamente liderándoa porque é de vital importancia para os Estados Unidos facerse con Venezuela. ¿Por que razóns? Para o control dos seus recursos, nomeadamente do petróleo, pero tamén o coltan, as terras raras, o gas...; porque representa o restablecemento das condicións históricas de dominio sobre a rexión, o control do que sempre considerou o seu patio traseiro; porque os Estados Unidos non poden permitir que en América Latina haxa pobos que exerzan a súa soberanía e o control sobre o seu, e para o fortalecemento do dólar e da competitividade da economía norteamericana fronte a outros competidores, tanto europeos como China ou Rusia. Entón, aí é onde situamos a cuestión.

A Venezuela téñenlle confiscados —si, confiscados— máis de tres mil millóns de euros en divisas que podían ser usadas para comprar medicamentos e para comprar comida para o pobo venezolano. E, mentres lle teñen confiscados máis de tres mil millóns de euros, resulta que logo teñen todo o empeño en levarlle frangullas de axuda humanitaria.

Ese é o xeito de actuar que teñen e resulta que comandados por Trump. Ese Trump que lle negou a axuda humanitaria a Porto Rico despois do devastador furacán *María*; que cancelou a axuda aos refuxiados palestinos, que persegue e fustriga permanentemente; que persegue os inmigrantes na fronteira mexicana, e que non ten ningún pudor ao separar os nenos e nenas dos seus pais e das súas nais, resulta que está moi preocupado e quere levarlle axuda humanitaria a Venezuela.

É entenedor ver como exixen eleccións libres e transparentes en Venezuela, onde —teño que lembrarllas— en vinte anos de revolución bolivariana se celebraron máis de vinte e cinco eleccións libres, transparentes e auditadas e gañaron vinte e tres. (*Murmurios*.) Son datos, son pequenos datos, e resulta que os Estados Unidos e Trump ameazan un xefe de Estado electo nun país soberano con encerralo en Guantánamo se non cede ao que eles digan, e resulta que o fan seica en nome da democracia. E vostedes rinlles a graza; como bos imperialistas que son, rinlles a graza. Claro, imperialistas fracasados —xa llelo dixo Castelao—. E como bos imperialistas fracasados, rinlles a graza e lánzanlle ultimatós a un presidente lexítimo porque non se prega ás súas ordes, porque non acepta volver ser ese patio traseiro e porque defende a soberanía dun país.

E o que lles preguntamos desde o BNG é se xa lle teñen dito o mesmo ao xefe de Estado de Arabia Saudita, onde lles lembro que as mulleres non poden conducir porque teñen que ir acompañadas por homes, (*Aplausos*.) executanas e decapítanas na rúa, e é o responsable de que miles de persoas estean morrendo no Iemen; se llo teñen dito ao rei de Marrocos, que non respecta os máis mínimos dereitos do pobo saharauí; se llo teñen dito a Israel, que está facendo un xenocidio a ceo aberto co pobo palestino. (*Aplausos*.) Perdoen, non, aí non, porque os que están tan preocupadísimos pola fame do pobo venezolano a Arabia Saudita só van facer negocios, e non preguntarllas polos dereitos humanos, (*Aplausos*.) nin van a Marrocos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: A Marrocos van estreitar lazos de amizade e a Israel non lle din nada, porque o que faga Israel ben feito está, que para iso é amigo do amo.



Mire: desde logo, en Venezuela hai moitos problemas, pero o fundamental é que alí o que practican é o golpismo e o imperialismo, señores e señoras do Partido Popular. O golpismo que están tentando levar a cabo en Venezuela é a resposta por non someterse ao dominio do dólar, por non someterse e librarse da dependencia financeira e impulsar un mundo multi-polar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Remato, señor presidente.

O delito de Venezuela é ter defendido que teñen dereito a ser un pobo soberano, a defender a soberanía do seu pobo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...e a librarse do imperio —xa remato, señor presidente—. Por iso presentamos unha emenda, —remato de verdade, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Xa se coñece.

A señora PRADO CORES: ...onde o que defendemos é o diálogo, a paz, a soberanía dos pobos, o dereito do pobo venezolano á liberdade e á soberanía, o dereito do pobo venezolano...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Prado. Mire o reloxo. Grazas, moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...a dispoñer dos seus recursos, a respectar a soberanía dos pobos, a esa resolución pacífica e a que poida... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, por favor, mire o reloxo, ¡por favor!

A señora PRADO CORES: ¡Remato, señor presidente!

O señor PRESIDENTE: Remate, home, por favor. Pero mire o reloxo, mire o reloxo.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas, xa está. ¿Non ve que non están escoitando xa? Grazas.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Terminou o seu tempo, señora Prado, por favor. *(Murmurios.)*

¡Que paciencia! ¡Que paciencia, por favor! Teño o ceo gañado. *(Risos.)* Desta saio para o ceo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Aínda non empecei e xa están falando. (*Balbordo.*)

Mire, señor Tellado... Quere falar a señora Prado tamén; é unha mágoa, porque todos asinaron a iniciativa pero só podían escoller un. (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Podían, si. A verdade é que podían innovar polo menos nas súas intervencións.

Mire, señor Tellado: na guerra de Iraq definiuse como se articulaban as guerras de quinta xeración; de feito, os Estados Unidos, por aquel entón, faláron e definiron —os seus xenerais— que os medios públicos eran non o cuarto poder, senón a cuarta fronte. As guerras de quinta xeración son ás que vostedes nos levaron, e, cando nós escoitamos falar de Venezuela e escoitamos falar do apoio a un golpista, escoitamos ruxir os mortos de Iraq, de Iugoslavia, señor Tellado, de Libia, de Siria... E os refuxiados. Iso é o que sucede: as guerras de quinta xeración, señor Tellado. (*Aplausos.*)

A súa é tamaña irresponsabilidade como é a do Goberno de España. Non se pode apoiar os golpistas, e dixémosllo tamén en 2017, cando discutimos aquí: un non necesita apoiar o Goberno actual para saber, para ter claro que non se pode apoiar un golpe de Estado nun país. Vostedes ofrecen aquí datos falseados, pero obvian recordar, señor Tellado, que a maioría dos países representados na Organización dos Estados Americanos, así como o Consello das Nacións Unidas rexeitaron o golpe de Estado, señor Tellado. O que están facendo vostedes non é defender a democracia; non levaron a democracia a un millón de mortos a Iraq. Non defenden a democracia: non levaron a democracia a Libia, ao Afganistán, a Iugoslavia, a Siria. Non levaron a democracia a eses sitios; levaron a morte, levaron a fame, levaron a destrución e levaron o negocio dos Estados Unidos. (*Aplausos.*)

Venezuela é a nación con maiores reservas de petróleo do mundo, é a segunda nación con maiores reservas de ouro, a quinta con maiores reservas de ferro e a oitava con maiores reservas de gas natural. Iso é o que pasa, aí están os intereses dos Estados Unidos e dos seus *adláteres*. Vostedes actúan como *adláteres*, a Unión Europea é o seu *adlatere*, e é lamentable que tamén o Goberno do Partido Socialista adoptase esa posición. É unha vergoña, é unha vergoña que avergoña as persoas que neste país cremos na democracia. Deberían aprender algo do señor Rodríguez Zapatero, porque, polo menos, pese a non estar de acordo co Goberno de Maduro, apoia o diálogo, apoiou o diálogo da Unasur. É o que nós defendemos e plantexamos nesta iniciativa.

O que sucede en Venezuela chámase bloqueo de trescentos cincuenta mil millóns de dólares entre 2013 e 2017. Este ano, o mes pasado, os Estados Unidos bloquearon dezaioito mil millóns de dólares de cartos da PDVSA, dos cartos que gañan e que ten aforrados o Goberno venezolano para os venezolanos e as venezolanas en materia de venda de petróleo. Iso fai que non se poidan comprar medicamentos, iso fai que non se poida ter unha vida normal. En Venezuela non hai unha crise humanitaria, hai unha crise económica e social causada pola dereita, causada pola irresponsabilidade, e vostedes veñen... (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! Prosigua.

¡Silencio!



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Indígnome, si, porque vostedes promoven as guerras e vostedes non son as que as sofren, *(Murmurios.)* vostedes non son as que as sofren. Son as clases traballadoras dos países as que sofren en primeira instancia esas guerras. *(Murmurios.)*
(Pausa.)

A min tamén me indigna ter que escoitar apoiar un golpista e, despois, que vostedes digan que son demócratas. Esa é a realidade, esa é a realidade. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Miren... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! Señor Vega, silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: As Nacións Unidas téñense pronunciado pedindo que non se manipule o tema da axuda humanitaria, que non é real, ¡que non é real! Existe unha manipulación para xustificar unha intervención militar. O que teñen que facer é deixar de axudar ao bloqueo económico, facilitar o diálogo entre as diferentes partes, sumarse e sentar a falar. Iso é o que apoia mesmo o Papa, mesmo o Vaticano, co que eu non estou de acordo, pero apoia o diálogo. Vostedes, sen embargo, sitúanse do lado dos golpistas, esa é a realidade, utilizan os parlamentos e utilizan os altofalantes para inducir a opinión pública. Esas son as guerras de quinta xeración, a iso estamos sometidos.

Mire: nós presentamos esta emenda porque cremos que o primeiro que tiña que facer calquera goberno lexítimo, calquera parlamento, é condenar un golpe de Estado, aquí e en calquera lado. Nós nunca defenderíamos que aquí se dese un golpe de Estado simplemente porque non nos gustase o Goberno. En Venezuela houbo unhas eleccións presidenciais —saben vostedes que hai cinco poderes—, participaron catro candidatos, foi escollido un e, seguramente, nas próximas eleccións poderán presentarse máis.

E eu vou rematar xa. Cando preman o botón deixen de frivolar coa soberanía dos pobos, deixen decidir aos pobos o seu propio destino e os seus propios gobernantes, e cando preman o botón acórdense de Iraq, acórdense de Libia, acórdense do Afganistán e acórdense de Allende e de Chile.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

(Murmurios.) ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, por favor! *(Unha señora deputada: ¡Que pouca vergonza!)*

Ten uso da palabra agora o señor Fernández Leiceaga.

¡Silencio! *(Murmurios.)*

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Grazas, señor presidente.



Como temos pouco tempo vou ser moi breve, pero tamén moi claro.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: O que pasa en Venezuela é que se trata dun Estado falido, vai camiño diso. Un descenso do produto interior bruto dun corenta por cento en catro ou cinco anos é dunha magnitude inculcable. Compáren vostedes coa situación que tiñamos aquí no ano 2012 e 2013; pois iso multiplicado por catro ou por cinco nun país como Venezuela, que xa partía dos estándares de vida menor.

Polo tanto, hai unha situación moi desgraciada para moita xente en Venezuela que implica, entre outras cousas, unha emigración masiva que non pode negarse. (*Murmurios.*) E hai unha situación de necesidade de moita xente en Venezuela, sobre todo daqueles que teñen menos capacidade económica, que tamén se traslada aquí, a Galicia, porque, por razóns históricas, temos uns lazos con Venezuela —como con outros países— que van máis alá do que poden ter outras áreas europeas.

O problema de Venezuela é un problema de orixe económica que se traslada a unha cuestión social e que acaba sendo —e é onde está a solución tamén— unha cuestión política, da quebra da democracia en Venezuela. E isto é o que está ocorrendo nos últimos anos. E voulle dicir: nós non estamos a favor de que continúe a situación, porque a situación está ao borde do precipicio e hai que actuar. Non estamos a favor diso, o diálogo que vostedes plantexan é unha añaqaza, é unha trampa —sinto moito dicilo—, porque é unicamente para que o señor Maduro poida gañar uns meses, un tempo, como leva facendo nos últimos anos. Pode haber diálogo sempre que teñamos unha solución política moi rápida e que supoña un restablecemento dos valores democráticos mínimos.

Tamén estamos en contra da intervención militar, non se confunda. Non nos parece que teña ningunha virtualidade, non é ningunha solución, empeoraría as cousas; condenámola por anticipado, se é necesario. E tamén estamos en contra de que o señor Guaidó sexa o presidente efectivo de Venezuela; non nos parece ben tampouco, non é esa a cuestión. ¿De que estamos a favor? Estamos a favor de que haxa as condicións mínimas para que poida facerse unha consulta democrática en Venezuela, e para iso é necesario que se restablezan as condicións da democracia, que se vulneraron nos últimos tempos. Non hai separación de poderes, non hai separación de poderes. O Consello Nacional Electoral está dixitalizado desde o poder executivo. O Tribunal Supremo, igual. A Contraloría de Venezuela está impedindo que se presenten ás eleccións, por motivos administrativos, políticos democráticos.

O que vostede dicía sobre o señor Guaidó: o señor Guaidó é de Voluntad Popular, que é un partido de centro-esquerda afiliado á Internacional Socialista; (*Balbordo.*) por certo, que tivo ultimamente un rasgo que eu lle recoñezo á Internacional Socialista, como foi expulsar do seu seo o Frente Sandinista, con Ortega á fronte, porque é necesario que haxa unha vontade democrática clarísima nos partidos que están nesa Internacional.

Non hai situación en Venezuela hoxe de normalidade democrática e hai que restablecela. Teñen que poder votar todos os venezolanos de maneira equilibrada, teñen que poder pre-



sentarse ás eleccións aqueles que queiran facelo. Hoxe temos persoas que están privadas de liberdade, en arresto domiciliario, perseguidos ou exiliados, pero que non fixeron nada máis que defender por vías pacíficas unha solución para o seu país. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Rodil, silencio.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Esa é a situación, esa é a situación de Venezuela. Esa é a situación que hai que restablecer. *(Murmurios.)*

Polo tanto, democracia, restablecemento das condicións da democracia; esta é a primeira das condicións para que poida empezar a resolverse a crise humanitaria que é derivada dunha situación económica brutal. Unha situación económica que foi creada por un réxime que descoñecía as leis de economía, que substituíu por puro clientelismo e busca de apoio electoral o funcionamento normal dunha rama da produción como é a petroleira, onde tiña Venezuela unha boa parte da súa riqueza.

E, por certo, se queren vostedes botarlle a culpa a alguén da situación actual de Venezuela, miren a Rusia e os países da OPEP, que son os que están detrás da caída do prezo do petróleo nos últimos anos. Pero miren tamén a Maduro, que é o principal bloqueo do funcionamento da economía de Venezuela, ao desmantelar a empresa pública que se encargaba desa xestión e ao substituír por forzas militares os profesionais que a estaban levando a cabo. Esta é a situación.

Polo tanto, nós imos defendelo, igual que o resto, que a maioría dos países da Unión Europea, igual que o Canadá, que Costa Rica, que o Ecuador. ¿Son estes países dirixidos por persoas que teñan unha vontade imperialista? ¿O Canadá? ¿Costa Rica? ¿Ecuador? ¿Lenín Moreno? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Lenín Moreno fai o que di Trump? Non, señor, teñen unha visión democrática do funcionamento das institucións. Nós imos apoiar o que din estes países, o que di Suecia, *(Murmurios.)* o que di a maioría dos países da Unión Europea. Os que están detrás de Maduro —podo dicírllo— son Rusia, China, Irán, Nicaragua, Cuba...; todos, desde logo, países cunhas credenciais democráticas impecables. Pois nós preferimos estar cos nosos socios da Unión Europea, preferimos estar coa maioría da poboación, tamén, do noso país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Quero comezar agradecendo a postura do Grupo Parlamentario Socialista.

Señora Prado Cores, eu creo que o Bloque Nacionalista Galego volve á caverna. Quizás nunca saíu dela; seguen vostedes no século XIX. Escoitala dá pánico, señora Prado Cores. *(Aplausos.)*



(Pronúncianse palabras que non se perciben.) A lóxica diríanos que un partido que se di nacionalista como o Bloque Nacionalista Galego defendería os intereses de Galicia e dos galegos, tamén dos galegos que están en Venezuela. A eses vostede hoxe díxolles que non, que o BNG non está con eles, que o BNG está coa ditadura de Maduro. Noraboa, ese é o nacionalismo galego que vostedes representan.

Míre: a realidade é que o BNG, ¿onde quedou? Quedou para defender o réxime chavista, quedou para apoiar e ser unha copia mala do separatismo catalán e intentar desprestixiar as nosas institucións, quedou para pactar e sacar fotos cos herdeiros de Bildu. Ese é o seu camiño: todo un exemplo de democracia, de defensa da legalidade e de velar polos intereses de Galicia.

Si, señora Prado, vostede vén aquí dicir aquilo do BNG moi antigo de «*Yankees go home*» para defender unha ditadura. *(Murmurios.)* *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Sabe ao final que lle van dicir os galegos ao Bloque Nacionalista Galego? O mesmo: ide para a casa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

Señora Solla, é vostede a última que queda defendendo isto; agradézolle que non viñera coa camiseta. Ten que ler máis a prensa, ¿eh? «*Iglesias se arrepiente de sus elogios a Venezuela y califica de nefasta la actual situación del país*». «*Pablo Iglesias rectifica sobre Venezuela: “Dije cosas que no comparto. La situación política y económica es nefasta”*». Eu entendo que nas mareas se leva isto de que un diga unha cousa e outro a contraria. Ao final pasa o que pasa e, polo tanto, eu diríalles que lle fagan algo de caso ao seu portavoz, que dixo que se votara que non aos orzamentos xerais do Estado e ao final vostedes votaron si. Todo o día adican o seu tempo a dinamitar o seu propio líder.

Míre: eu tiña moitas dúbidas sobre cal ía ser a súa postura despois de escoitar a Pablo Iglesias, pero o certo é que está claro que vostedes seguen erre que erre mantendo a súa postura. A nós non nos verá nunca defender un ditador, nin de antes nin de agora. *(Aplausos.)* Lamento, dende logo, a súa postura. *(Balbordo.)*

Míre: o que queda moi claro, o que queda tremendamente claro despois deste debate é que as mareas de Podemos e o BNG teñen un concepto da democracia ben distinto do noso; tamén é certo que das mareas o podíamos agardar, porque a última vez que fixeron unha votación interna o resultado foi o que foi e acabou como acabou. O noso concepto da democracia baséase en respectar as eleccións que son limpas, libres e recoñecidas pola comunidade internacional, e compartímolo con países como o Canadá, como Australia, como Suecia, como Dinamarca, como o Reino Unido, como Australia, como Alemaña. O seu concepto de democracia é ben distinto, e non vou definilo eu, porque basta con ver con quen comparten ese modelo e ese concepto de democracia: compárteno —como dicía o señor Leiceaga— con países como Rusia, Cuba, Corea do Norte ou Irán.

Señores das mareas de Podemos, falamos de democracia e falamos de liberdades, e hai que elixir: ou se está a favor ou se está en contra da democracia e das liberdades. *(Murmurios.)* *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)* Vostedes parece que están en contra porque van votar en contra desta iniciativa.



O señor PRESIDENTE: Vinte segundos. Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Miren, dígolles unha cousa: vostedes levan unha semana vendo fachas por todas as esquinas; *(Risos.) (Protestas.)* non vaia ser que os fachas sexan vostedes e non se miraron ao espello esta mañá. *(Aplausos.)* ¡Os fachas son vostedes! ¡Son os fachas do século XXI! ¡Debería darlles vergonza, debería darlles vergonza! *(Aplausos.) (Baldordo.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós, dende logo, presentamos esta iniciativa para amosar o noso apoio e o noso respaldo aos galegos de alá e aos venezolanos de aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nós, dende logo, nunca estaremos do lado dos ditadores; para iso xa están vostedes. *(Un señor deputado: ¡Muy bien!)*

Moi bos días. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos ás votacións das proposicións non de lei. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando, en primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noela Blanco.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que non foi aceptada.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Hai unha transacción proposta polo Grupo Socialista que non sae adiante e non sei se o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Non, pero vaise pronunciar a representante do Grupo Popular. ¿Acepta a transacción proposta?

(Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.)

Non a acepta. Grazas. Xa está.

(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre a implantación polo Goberno galego do servizo de hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do señor Sánchez.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no corredor atlántico, dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013, do Parlamento e do Consello Europeo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Pierres.

Non hai emendas.

Votamos. (Pausa.)

¿Que pasou? Algo pasou aquí... estamos sen conexión.

Votamos, se queren, á man alzada. Pero estean atentos para contar os votos. (Risos.)

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luísa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de vivenda para a emancipación xuvenil.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da señora Solla, que aceptou as emendas.



Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as seguintes, aínda que foron debatidas de xeito conxunto, por separado.*

En primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón.

Non se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados/as máis, sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 38; abstencións, 26.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Agora votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Pedro Puy.*

Non aceptou as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Tellado Filgueira e dezanove deputados/as máis, sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto do Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 19; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Si, señor Leiceaga, ¿para que quere a palabra?

(O señor Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Brevísima explicación do voto? Si. Perfecto, ten dereito.

(O señor Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.)

Déanlle voz ao escano do señor Leiceaga. Igual non funciona, se estamos desconectados... Déanlle voz ao escano do señor Leiceaga. *(Pausa.)* Non vai. Probe dende a tribuna. Pois faga así, entendémolo.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Moi rapidamente. A nosa abstención ten que ver con que estas iniciativas xa son extemporáneas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luis Bará.

Non aceptou as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Tellado.

Xa dixó que non aceptaba as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijóo e corenta deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos o pleno ata as 16.45

Suspéndese a sesión ás tres e dezaseis minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e cinco minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boas tardes.

Reanudamos a sesión.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro. Sempre nos tocan as interpelacións así despois de comer, a ver se coa sobremesa aínda podemos ter un debate máis produtivo.

Temos máis que sinalado e máis que coñecido un problema coa situación da pediatría, que non é específico de Galicia, non é problema directo evidentemente do Partido Popular, nin é problema directo da Xunta de Galicia. Dende a nosa posición —como sempre temos expresado e vostede coñece— hai un problema xeral sobre o que si percibimos algunhas diferenzas, algún feito específico aquí polas cuestións da maneira de xestionar a situación, e cremos que temos discrepancia —e iso témolo contrastado moitas veces— sobre algunhas decisións que se puideron tomar ou que se poden aínda tomar a longo prazo e algunhas das que se poden tomar a curto prazo, e entre todas elas temos un escenario difícil e duro sobre o cal discrepamos nalgunhas cuestións. Se cadra, é posible que o poidamos aclarar polo menos nos termos nos que debatemos, que é sempre máis produtivo polo menos para intentar atopar algunha solución.

¿Por que argumentamos que hai un feito específico en Galicia? Pois porque nós situamos o problema da pediatría, da dificultade da cobertura da atención pediátrica, especialmente en primaria, en dúas cuestións elementais: formar pediatras e non botar pediatras —non «votar», con «b»—. A nosa posición está en que necesitamos ter máis e ademais que os que estean non marchen. E isto pasa por afrontar algunhas cuestións nestes dous niveis, que niso si temos algunha discrepancia.



Particularmente, eu sei que imos discrepar, porque vostede recentemente, nas últimas semanas ou case meses, pois ten manifestado algunhas cousas sobre o proceso MIR que vostede sabe que non son axustadas e que vostede argumenta para ter unha posición mediaticamente máis defendible pero que non son correctas. Para regular o debate, eu creo que é importante convir como é o proceso das prazas MIR: a Xunta solicita acreditar, o Ministerio acredita se o considera, a Xunta solicita prazas, o Ministerio concede prazas. É un traballo compartido nese labor. *(O señor conselleiro de Sanidade pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, se non é así, seguro que vai poder expoñelo, pero se me permite expóñoos dende esta posición.

E imos ver se compartimos algunhas afirmacións, porque se cadra é que partimos de datos distintos e, polo tanto, seguro que nos poderá iluminar con algúns datos. Todas as prazas solicitadas este ano en toda España en pediatría foron acreditadas e foron concedidas, todas. Hai incluso este ano un incremento —para redondear— de aproximadamente un 5 %. Galicia non ten máis prazas. ¿Por que? Porque non están acreditadas. ¿Por que non están acreditadas? Porque non o solicitou.

Que isto basicamente —por poñer un exemplo, a ver se trasladándoo a outro debate— é montar un teatro. Ten un teatro de cen prazas, están cubertas as cen prazas, e vostedes queren que haxa máis xente que vaia ver a obra. Entón, ¿que piden? Unha convocatoria extraordinaria —que é o que piden agora—, que isto é: imos vender máis entradas. Claro, ¿onde está o problema de vender máis entradas? Que segue habendo cen prazas. Vostedes piden unha convocatoria extraordinaria, ¿con que titores?, ¿en que lugares?, ¿para que prazas? ¿Se non as teñen acreditadas! Porque, claro, podemos afirmar que se pide ou que se solicita. ¿Cal é a realidade? ¡Que non o fixeron! ¿Por que? Porque non poden.

¿Que defendemos nós? Que terían que ter un traballo previo que lles permitira ir pedindo anualmente un incremento progresivo de prazas, que sempre son menos das que se necesitan e o incremento pois é pequeno e, polo tanto, resolve a longo prazo. Pero cunha cita que igual vostede xa escoitou algunha vez: «pobre daquel que non fixo nada pensando que podía facer moi pouco». Igual poderíamos ter algún espazo avanzado; seguro que non resolvía todo, ¡seguro!; seguro que non era a panacea, ¡seguro!, pero teriamos algunhas prazas máis.

Porque se é certo que vostedes agora teñen esa ambición e esa loita por demandar máis prazas con esa convocatoria extraordinaria —que non poderían acoller ningunha, porque non teñen ningunha máis acreditada—, podemos comprobar que fixeron o último ano do Goberno Rajoy, porque entón hai que entender que no último ano do Goberno Rajoy —Goberno amigo, suponse— vostedes incrementarían as prazas. ¿Que pasou no último Goberno Rajoy? Incrementarían moitas e agora o malévolo Goberno socialista non o fai. Pero no último ano de Goberno Rajoy, tampouco. ¿Por que? Porque lles concederon todas e porque non tiñan acreditadas máis. O que non lle exixían entón a ese goberno exíxenllo agora. Se ao final —xa sabe a miña teoría— eu creo que vostedes están contentísimos co Goberno de Pedro Sánchez porque xa teñen a alguén a quen botarlle a culpa, e antes co Goberno Rajoy non lles deixaban, ou non querían, ou así. E agora a culpa é toda de Pedro Sánchez. Ten culpa incluso de que agora non haxa pediatras o Goberno de Pedro Sánchez —sabe que formar os pediatras



imos poñer un tempo máis ou menos de marxe, imos dicir os catro anos, cinco anos incluso—, ten culpa agora do que pasaba hai cinco anos. Xa sabemos que, ademais, todo o problema sanitario de Galicia é culpa do Goberno Touriño, e a culpa agora do sistema sanitario de España é do Goberno de Pedro Sánchez. É unha fantástica coincidencia, que debería gobernar tamén. Pero non incrementaron as prazas co último Goberno Rajoy e este ano tamén pouco, porque non teñen a capacidade de facelo, porque non fixeron os deberes.

Sabe tamén, señor conselleiro —e sábeo o Goberno da Xunta—, que o Ministerio é proclive a facilitar esa ampliación. O único que lles din é: soliciten esa acreditación. Díganos con que titores, díganos con que medios e con que recursos van facer esa ampliación. Ou, o que é o mesmo —trasladándoo ao debate do teatro—, se queren ter máis xente vendo unha obra de teatro, non vendan máis entradas coas mesmas butacas, amplíen o teatro. E iso é o que hai que facer, e iso é o que toca con respecto á convocatoria de MIR. E contar outra cousa está ben para defenderse nos medios, pero non é certo, non é certo.

Hai unha segunda cuestión que non só é traer profesionais, formados, senón que é que non se vaian. Nunha especialidade que ten practicamente paro cero, tecnicamente, porque hai máis necesidade dos profesionais que existen, pois é complicado entender que se vaian algún lugar. E de Galicia vanse algunhas veces, poucos, porque hai pouco número, pero vanse, porcentualmente notorio. ¿Por que? Porque somos das comunidades que peor tratan os seus profesionais, e, entón, como isto ocorre, hai un problema —tamén un déficit numérico noutros lugares— e prefiren irse a outros lugares. Non de entrada, porque os profesionais normalmente se titulan e, se teñen un espazo laboral con boas previsións, prefiren quedar normalmente; poderá haber algún caso que non, pero normalmente prefiren quedar na súa terra, o cal é natural. Pero terminan indo a outras comunidades autónomas, por exemplo. ¿Por que? Porque os tratan mellor, porque existen, por exemplo, algunhas discriminacións positivas en favor dos pediatras, que é unha medida polémica e ten as súas complicacións, pero non escoitamos nunca sobre se esta é unha medida que podía valorarse ou non.

Hai cuestións sobre a pediatría que teñen que ver cun problema de oferta e demanda, é unha resolución case en termos de econometría, incluso, ou análise. Pero, en realidade, hai unha evidencia: se hai un mercado pequeno para unha demanda máis ampla, quen dea as mellores opcións de mercado vai ter máis opcións. E aí outras comunidades nos gañan, porque nós en Galicia nos últimos anos temos unha política de explotación laboral bastante potente, pero non é o que buscan os profesionais e, ademais, as medidas que se teñen proposto en Galicia ultimamente pois realmente non foron parece que moi axeitadas.

Non me gustaría ter que lembrar a proposta da pediatría de área, que vostedes propuxeron sen falar con ninguén. De repente, a través da Lei de medidas dos orzamentos, alí ao final, metida nunha esquina, a ver se era posible redactala de maneira que non... E houbo que envainala. ¿Por que? Porque non a quería ninguén, porque non o faláron con ninguén; ou, ao contrario máis ben, falárona, dixéronlles que non e aínda así a quixeron meter. Pero, claro, a xente pois ten ese defecto de que le os documentos, polo menos os que vostedes facilitan que se poden ler —os que non se poden ler, non—, pero a xente le os documentos ou polo menos ás veces. A partir de aí, é importante que vostedes teñan en conta que hai que falar cos profesionais.



Hai algunhas outras medidas, como a concentración de servizos, unha medida que tería unha necesidade de ser estudada e que vostedes agocharon sobre o feito de se se ía prolongar ou non; defenderon que era unha medida unicamente para o verán. É obvio —xa estamos en febreiro— que non foi unicamente para o verán, que ten unha vontade de continuidade. E é unha medida que podería ser debatida se vostedes non se avergoñaran das súas propias medidas, porque dixeron aquí que era unha medida unicamente pensada para o déficit cando os profesionais collen as súas vacacións, cousa que non é certa. Pero é unha medida que podería ser razoable incluso se se plantexa dunha maneira correcta e sobre todo se non se lles agocha a información aos cidadáns, porque hai pais e nais preocupados pola medida e vostedes están continuamente prometendo que van devolver ese servizo, pero nunca o fan.

Permítame unha paréntese: que non sexa como o da hemodinámica de Ourense, que a de Lugo xa lle dixemos tanto tempo que ían dicir que si, ían dicir que si e ían dicir que si, aínda que aquí votaban que non, dixeron que si, e agora que quedan as eleccións aí ao lado, van acabar dicindo que si na de Ourense, (*Aplausos.*) van acabar dicindo que si. (*Aplausos.*) Votaron hoxe que non, jeh!, van acabar dicindo que si.

Pechando esa paréntese, van facer o mesmo cos pediatras. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Alegrárame se vostede me contradí nesta afirmación. Eu vou facer unha afirmación —podería ser unha pregunta, pero vouna facer en formato afirmación—: (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vostedes van aparecer con pediatras alá ata onde se pode —onde non hai persoas, imposible—, van aparecer en moitísimos lugares agora en Galicia, en todos os que poden, van aparecer agora substitucións de persoal sanitario pero, vamos, jisto vai ser Jauja! Curiosamente o 27 de maio van empezar a desaparecer, e gustárame que me puidera dicir que non e que o puideramos comprobar a partir do 27 de maio.

Polo tanto, señor conselleiro, nós cremos que a situación da pediatría —que non é culpa deste goberno, insistimos, pero este goberno si que ten feito por non resolver e acrecentar o problema— ten algunhas medidas. Nós imos traerlle ao próximo pleno a moción que corresponderá a esta interpelación. Dentro desas propostas nós xa temos feito unha, que votaron en contra, pero poderemos reformular a medida que sexa necesaria para plantexar que se vostedes fan o seu labor de acreditar as prazas, se solicitaran a acreditación de prazas, nós imos defender e apoialos a vostedes na solicitude de máis prazas, e sabe que o Ministerio é proclive. Cremos que é posible acordar iso, porque sería unha defensa que valería para este goberno ou para próximos gobernos: estar de acordo en que cando temos un déficit de profesionais hai que formar máis. Se vostedes están de acordo, agradeceríalle que polo menos puideramos acordar sobre isto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Señores deputados.



A verdade é que me fai o traballo, de verdade que mo fai, porque di: o que di vostede é o que vou dicir eu, e entón xa me libera de moito.

En Galicia apostamos polo modelo de atención pediátrica especializada nos centros de saúde para os nenos e nenas de Galicia. Así o demostran os seguintes datos. España é un dos poucos países de Europa que aposta pola pediatría en atención primaria. Nun estudo referenciado pola Asociación Española de Pediatría en atención primaria queda constancia de que dos vinte e nove países europeos que participaron no estudo só sete seguen o modelo que temos en España, baseado na atención por especialistas de pediatría en atención primaria. Neste mesmo estudo dise que existen dificultades en moitos países para manter o modelo porque hai escaseza de pediatras neste nivel asistencial. Primeira coincidencia, señor Torrado. Coincidimos en que este non é un problema galego, é un problema —mire— non nacional, estamos falando da Unión Europea. No resto dos países son os médicos de familia ou xeneralistas os encargados desta atención, e os pediatras están nos hospitais.

Galicia, dentro do contexto nacional, é unha das comunidades con maior taxa de cobertura pediátrica, próxima ao 90 %; é dicir, case o 90 % das prazas de pediatría en atención primaria están cubertas por especialistas en pediatría, non en medicina de familia. A verdade é que, para tratalos tan mal en Galicia, parece que temos máis pediatras que noutras autonomía. Por exemplo, Baleares: o 50 % das prazas nos centros de saúde non contan con pediatra, a metade son médicos de familia e a outra metade son pediatras; en Castilla-La Mancha, esta cobertura está no 58 %; en Madrid, Extremadura, Comunidade Valenciana, Murcia, Andalucía e Canarias, ronda o 70 %; Galicia, o 90 %; é dicir, parece que os pediatras queren quedar en Galicia e temos máis en proporción que o resto de comunidades.

Na nosa comunidade autónoma dende o 2010 ata o ano 2018 os nenos en idade pediátrica pasaron de 313.608 a 309.092. Desgraciadamente —como digo, un dos graves problemas que temos, a natalidade— diminuímos o número de nenos: 4.516 nenos.

Se nos fixamos nas ratios de nenos por pediatra —tamén creo que é importante—, segundo os datos máis recentes do Ministerio, ano 2017, en Galicia temos 941 nenos por pediatra; a media do Sistema nacional de saúde é de 1.018 nenos. Comunidades como Madrid teñen 1.162; Castilla-La Mancha, 1.057; e Extremadura, 1.043. Polo tanto, tamén creo que é un dato positivo para Galicia: o número de nenos por pediatra é inferior á media, é inferior a practicamente todas as comunidades autónomas.

Tamén é unha realidade a dificultade de contratación de novos pediatras, xa que hai paro cero. Pero, sempre que é posible, cóbrense as xubilacións, as baixas, os permisos e as vacacións; evidentemente, como digo, cando hai esa posibilidade.

¿Que medidas? Nós non paramos de tomar medidas. ¿Cales son as medidas? Primeiro, convocatorias anuais de ofertas públicas de emprego, nas que priorizamos as categorías propias do primeiro nivel asistencial, como médicos de familia, pediatras de atención primaria, especialistas en enfermería familiar e comunitaria, tamén especialistas en enfermería pediátrica —das poucas comunidades autónomas que temos a especialidade e que temos tamén prazas xa convocadas—.



No ano 2016 convocamos dez prazas en pediatría de atención primaria e nove de facultativo especialista de área. No 2017, catro prazas de enfermería especialista en pediatría. E na oferta do 2018, que publicamos hai moi pouco tempo, hai cincuenta e oito prazas de pediatría de atención primaria, vinte e sete para facultativos especialistas de área e catro de enfermeiros especialistas en atención pediátrica.

A prórroga na idade de xubilación. Tamén fixemos a prórroga na idade de xubilación hai tres anos e dende esa data cento dezaseis médicos de familia e vinte pediatras de atención primaria teñen prorrogado no seu servizo. Temos dado outra solución ao problema.

O concurso de traslados, aberto permanente. Tamén fixo que viñeran especialistas doutras comunidades autónomas.

Estabilidade. O 88 % da plantilla estrutural do Servizo Galego de Saúde ten carácter estable, o 86 % do persoal facultativo é estable. En concreto, nos pediatras a estabilidade ronda loxicamente o 100 %, contando interinos e fixos.

Incremento de formación de especialistas. Nos últimos anos vimos incrementando a oferta de prazas MIR en medicina de familia e, como ben di vostede, non podemos en pediatría; todas as prazas acreditadas as sacamos.

Seguimos solicitando do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social o incremento de prazas que temos acreditadas para poder aumentar loxicamente a posta á disposición da formación de máis pediatras; concretamente, pasar de vinte que temos acreditadas a vinte e seis.

¿Que pasa con este problema? Miren, fixemos unha solicitude á ministra Carmen Montón, agosto de 2018, e reiterámoslla á nova ministra. De feito, como ben saben, o luns 4 de febreiro mantiven unha reunión no Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social coa ministra, co secretario xeral, e reitereille a necesidade de incrementar esa acreditación. Esa acreditación está pedida, como digo, dende agosto. O que lle pido é vontade política para que neste tempo se poidan acreditar esas seis prazas e na seguinte convocatoria MIR poder... Dende logo nós imos aprobar o orzamento para formar máis pediatras.

Faleille, ademais, da necesidade de tomar medidas urxentes na falta de especialistas, non só o tema de máis prazas MIR, máis acreditación, senón tamén homologación máis rápida e títulos de especialistas extracomunitarios, ou levar a cabo o rexistro total de profesionais sanitarios, que nos levarían a unha planificación —eu creo—, dende logo, con máis certeza da que temos. Estou pendente de contestación. A señora ministra díxome que nun par de semanas me daría contestación. Pero, como digo, as solicitudes están dende hai un tempo.

Dende logo hai un compromiso por parte do Goberno galego coa sanidade e cos seus profesionais. A atención primaria é un modelo organizativo de éxito no que temos experimentado melloras, tanto na capacidade diagnóstica como na capacidade de resolución. Os indicadores de saúde, sobre todo de esperanza de vida, son dos mellores do mundo.



De cara a acordar estas melloras, temos, como ben sabe tamén, un plan de traballo con grupos de mellora en atención primaria, que afecta lóxicamente tamén os pediatras, cos cales temos unha relación dende logo eu creo que moi moi importante, e, dende logo, todas as medidas que imos tomando van da man sempre dos profesionais, que coñecen perfectamente o funcionamento.

Somos seguramente a autonomía que máis medidas está tomando e que ten en carteira máis. E, dende logo, por parte nosa imos seguir insistindo, e, seguramente, como vostede nos vai apoiar, seguramente o Ministerio nos vai acreditar as prazas que quedan.

Ademais, unha das medidas aprobadas é a nova modalidade contractual que vai permitir vínculos temporais máis amplos do persoal médico de familia e de pediatras de atención primaria, unha resolución do 24 de xaneiro que foi publicada no DOG do 31 de xaneiro e aprobada na mesa sectorial hai escasos días. É, dende logo, un contrato que só ten o País Vasco e que nos vai dar estabilidade para que todo aquel que queira estar con nós vai poder ter unha estabilidade dun ano mínimo e ata tres cunhas condicións económicas eu creo que moi importantes e, dende logo tamén, facendo unha programación da súa vida, con planificación de vacacións e entrando dentro do cobro de obxectivos pola súa actividade.

Pregunta vostede se temos unha boa atención en pediatría en Galicia. Eu creo sinceramente que si, tanto no ámbito da atención primaria como da hospitalaria. É unha primaria accesible e resolutive dotada de profesionais competentes que está a sufrir tensións derivadas, como dicía, da escaseza de profesionais, non só aquí, senón no resto de España e tamén en Europa.

E dicía se ten previsto a Xunta tomar decisións na vía de contratación e estabilización. Creo que, claramente, Galicia dende logo si está apostando por tomar medidas, e séguense tomando e tomaranse máis.

Máis formación de profesionais. Unha das medidas, que vén ademais da Asociación de Pediatría, é a posibilidade de concentración de recursos, como ben dicía, que nós utilizamos no período vacacional mentres non teñamos evidentemente máis profesionais.

Dixemos «non» a eliminar a pediatría de atención primaria, como algunha comunidade autónoma suxeriu de facer; faino un grupo moi importante de países da Unión Europea. E tampouco estamos de acordo coa diminución da idade pediátrica, que era outra das propostas que había enriba da mesa.

Para nós o modelo actual é un moi bo modelo, que, evidentemente, ten a posibilidade de mellora en canto teñamos máis profesionais. Pero, como digo, creo que, ademais, coa colaboración que seguro que o Ministerio nos vai dar, imos telos pronto.

Dende logo pregunta vostede tamén se se compromete a Xunta de Galicia a acordar co Goberno de España a axilización do proceso de acreditación de prazas de formación en especialidade en pediatría. É ao revés, quen o fai é o Ministerio. Nós pedimos que se faga. E, como digo, no Ministerio dende agosto están pedidas esas seis prazas a maiores para que en Galicia poidamos formar máis pediatras en canto haxa unha nova convocatoria.



Non entende tampouco o da convocatoria extraordinaria de MIR. É moi fácil. Xa se fixo no ano 1995 e 1996. Nós pedimos a acreditación non só destas prazas de pediatría senón máis prazas de atención primaria e outras especialidades neste período, para que a metade do ano poidamos facer unha convocatoria extraordinaria desas prazas a maiores. O teatro que lle pon máis sillas; poñeríamos máis sillas no teatro para que houbera máis xente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...co cal, con iso tamén paliaríamos as xubilacións dos próximos anos dos profesionais tanto do ámbito de atención primaria como hospitalaria.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, creo que coincidimos nalgunhas cousas, discrepamos noutras; ao final, o da sobremesa sempre contribúe.

Vou intentar mesturar nas que coincidimos e nas que discrepamos dende o noso punto de vista, para ver se podó fiar un discurso máis razoable.

Sobre a distribución e a utilización de ratios para xustificar a asistencia, permítame expresalo dunha maneira así un pouco máis fácil: Galicia non se pode xestionar cunha folla de Excel ou Google Maps, pero nin sequera, aínda que eu o poida expresar así, cun ton moito máis solemne o presidente da Xunta dixo algunha vez —e é unha cuestión na que nós podemos estar de acordo— que hai que reavaliar o modelo de financiamento autonómico, porque algúns servizos —e cita nomeadamente o sanitario— en Galicia teñen máis custo porque hai que atender unha distribución xeográfica moi distinta do resto de España. É dicir, que nós non podemos utilizar máis ratios que a acumulación de poboación de cidades como Madrid, Barcelona ou Valencia permite, onde a acumulación de persoas ao redor dun mesmo lugar é moito máis fácil de xestionar en termos de servizos que aquí, que temos unha dispersión moito máis notoria. Este é un razoamento bastante lóxico, que seguro que vostede comparte, pero que falazmente non inclúe na valoración para dicir que podemos compararnos en ratios coas grandes cidades. Non é posible comparar o custo do servizo e a necesidade de achegar o servizo, se é que o que queremos é achegar, en Chandrexa de Queixa que en Bilbao, porque non é posible.

Sobre o modelo contractual, é unha suxestión curiosa sobre un espazo onde vostede defende que hai paro cero. Non ten moito sentido defender as bondades dun modelo que se supón que traballa sobre eventualidade nun espazo en que hai paro cero. Pero ben, esa discrepancia de coherencia discursiva xa é outra cuestión.



Sobre a cuestión dos MIR, agradézolle que vostede aclarou algunha cousa que é importante. Vostedes piden máis acreditación de prazas. Digo que é importante porque vostedes, vostede e o señor presidente da Xunta, levan dicindo durante moitas semanas que o que piden é unha convocatoria extraordinaria para ter máis MIR. Non é certo. Vostedes piden unha acreditación extraordinaria, non queren máis MIR, porque sabe —e acaba de dicilo— que o que necesitan é que se lles acrediten dunha vez outras prazas.

Ben, polo tanto, vostedes cando defenden unha convocatoria extraordinaria dicindo que con esa convocatoria imos ter máis prazas, é mentira. Necesitamos primeiro acreditar e despois terá capacidade de convocar as prazas. (*Murmurios.*) Polo tanto, aquí, como xa lle pasou noutras xuntanzas no Ministerio, no Comité de Recursos Humanos —onde, por certo, non dixon nada disto, porque alí, claro, todo o mundo sabe de que vai a cousa e vostede non pode argumentar o que argumenta aquí nalgúns medios, porque sabe que lle tiran das orellas, con perdón da expresión—, ¿vostede o que solicita é unha convocatoria extraordinaria de MIR? Non, o que pide é que lla acrediten excepcionalmente. Por certo, o que supón paralizar a convocatoria de MIR para acreditar excepcionalmente é que non teñamos esta convocatoria este ano. Porque, ademais, vostede sabe que, como a ministra anterior dicía aquilo de que non falta máis médicos, había curiosamente un caixón enorme con quiñentas acreditacións de toda España sen avaliar. Pídelle vostede a este goberno que resolva en sete ou oito meses os problemas que en sete anos de Goberno Rajoy non resolveu. ¡Home!, somos sete veces mellores, pero aínda non nos deu tempo. (*Aplausos.*) Tranquilos, non se preocupe, non se preocupe. Creo que proximamente imos ver que teñamos catro normais e aí xa lle imos resolver todo o problema, non teña problema.

Polo tanto, xa que vexo que aclarou a confusión que traslada sobre que convocando extraordinariamente agora novos MIR imos ter máis profesionais, que non é certo, vostedes o que piden é a acreditación, é dicir, o permiso para ampliar ese teatro, que teñen os terreos do lado, que non van construír onde non é e esas cousas. Polo tanto, vostedes aínda non teñen as butacas, non poden vender as entradas; poñamos as butacas, é unha boa medida.

Plantexa vostede algunhas outras cuestións que citou aquí sobre algunhas medidas, sobre a idade da xubilación, unha medida razoable no sentido de que é a curto prazo, pero é unha medida razoable nese sentido.

Defende vostede que non está de acordo coa supresión da atención pediátrica en primaria, nin sequera coa redución da idade de atención, cousa na que nós estamos de acordo con vostede, porque compartimos esa posición. Xa ve que compartimos algunhas cousas.

Pero, polo tanto, é importante polo menos que saquemos desta idea que imos estar de acordo en que vostedes teñen que facer o proceso para solicitar a acreditación, que o Ministerio debe de acreditar, que vostedes van solicitar máis prazas e que o Ministerio debe de conceder máis prazas. E nese proceso estamos de acordo, pero polo menos xa sacamos en claro en que punto están realmente e non no que din que están.

Xa sei que agora me contestará doutra maneira nalgúns cuestións que deixei antes, porque non teño turno de réplica, que isto é o razoable, pero tamén é certo que —xa lle digo— teña



coidado co de argumentar MIR, o da convocatoria extraordinaria, porque voulle citar un deputado desta Cámara. ¿Vostedes pensan que se pode andar pedindo convocatorias de MIR así porque así? Iso non é tan fácil. E non llo dixen eu —xa o poderemos escoitar—, teña coidado porque o dixeron no Grupo Popular non hai moito. Así que nós estamos de acordo con vostede, pero teña coidado, non vaia ser que o Grupo Popular non estea de acordo con vostede, cousa que non sei se ocorre, pero non é a miña cuestión.

Imos estar de acordo niso, porque imos facer esa proposta, e entendín, pola súa intervención, que imos estar de acordo, así que polo menos chegamos a un acordo, e na próxima...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...moción poderemos substancialo. Agardo que non fagan como en hemodinámica de Ourense, ¡eh! Voten a favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche desta interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que, señor presidente, señores deputados, é curioso, señor Torrado: parécelle mal que lle boten as culpas ao señor Sánchez, pero o señor Rajoy é o culpable de todo o que pasa na sanidade. *(Murmurios.)*

Mire, dicíamos anteriormente que se está a falar moito da situación en atención primaria. Por iso é bo recordar que o servizo sanitario mellor valorado pola cidadanía é, segundo o barómetro sanitario, sempre a sanidade.

A porcentaxe de persoas que utilizaron o servizo que valora a atención primaria como boa ou moi boa en 2017 en Galicia foi do 88,5 % e en España, 87,5 %; estamos por riba.

No Servizo Galego de Saúde apostamos polo mantemento, como dicíamos, do actual modelo de atención pediátrica especializada nos centros de saúde para os nenos e nenas galegos. Proba diso é que na actualidade a cobertura desta asistencia por pediatras en Galicia é de case o 90 %. É dicir, do total de prazas o 90 % están cubertas por especialistas en pediatría, unha porcentaxe superior, como dicíamos, á media de España e, dende logo, moi por enriba de comunidades como Baleares ou Castilla-La Mancha. E todo isto tendo en conta que España é un dos países europeos que mantén esta cobertura no primeiro nivel asistencial; dicíamos que eran sete dos vinte e nove que participaron neste estudo.

Dende a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde traballamos e adoptamos medidas que permitan paliar o déficit de profesionais.

Cómpre sinalar que Galicia, ademais de esgotar ao cen por cento a taxa de reposición, é a única comunidade autónoma que mantivo as convocatorias anuais da OPE e que permitirá no horizonte 2017-2020 que arredor de cinco mil persoas accedan a unha praza estable.



Solicitamos o incremento na capacidade de formación de especialistas. Os MIR que rematan a súa formación en Galicia contan con moitas posibilidades de poder exercer na nosa comunidade. De feito, o 80 % dos médicos de familia que remataron este ano están contratados polo Sergas; dos sesenta e nove médicos de familia que terminaron este ano o MIR, cincuenta e cinco están con contrato co Sergas, unha porcentaxe que para o conxunto das especialidades está ao redor do 65 %.

Hai que ter en conta que non todos os MIR que realizan aquí a formación son de orixe galega e que, polo tanto, poden preferir optar polas súas comunidades autónomas ou países de orixe ou ben incorporarse ao sector privado.

Para o ámbito de atención primaria, contamos con esta nova modalidade contractual que vai permitir vínculos temporais máis amplos de persoal médico de familia e pediatras de atención primaria. Dicíao: aprobámolo non só a nivel de Consello senón tamén a nivel sindical; estamos todos de acordo. E di: ¿para que serve isto se todos os pediatras están traballando? Precisamente para atraer doutras comunidades ou incluso do país veciño amigo, o país portugués.

Dende logo, cunha estabilidade como a que estamos dando nós, non poden competir outras comunidades autónomas. Isto podería traducirse a través dun novo nomeamento temporal de duración, como dicía, non menor dun ano para cubrir urxencias e outras necesidades de persoal, en garantía da continuidade asistencial.

Como ven, traballamos de forma planificada para incrementar estabilidade, reter o talento e mellorar as condicións laborais, en definitiva, para que os nosos profesionais se sintan coidados. E, loxicamente, seguiremos por esta liña, seguiremos traballando co único obxectivo de garantir a asistencia pediátrica de forma estable e continuada, fortalecendo a atención primaria.

Mire, no Ministerio non pedimos unha acreditación extraordinaria, pedimos seis prazas, seis, que en agosto mandamos os papeis a Madrid... (*Murmurios.*) —si, si, o próximo día voulle traer os correspondentes informes onde se indica; o que queremos é que nos fagan as acreditacións, acreditacións non extraordinarias—, dende agosto ata a data actual pois a verdade é que hai tempo eu creo que suficiente. De todas formas, espero, coa súa intercesión ante o Ministerio, que nas próximas semanas poidamos ter unha resposta positiva.

E nós, cunha petición de MIR extraordinario, non queremos parar o que xa está. Como ben sabe, o que xa está fíxose en xaneiro. Polo tanto, non imos parar, pero si queremos, como se fixo no ano 1995 e 1996, outra con todas as prazas acreditadas que están pendentes e priorizadas por cada comunidade autónoma. Concretamente, en Galicia priorizamos as prazas de familia, para chegar ás cento vinte e catro prazas acreditadas, e as de pediatría, para chegar ás vinte e seis. Con iso, nós sentiríámonos, dende logo, eu creo que xa contentos, porque iamos ter unha resposta superior á que temos neste momento. Non é imposible, é posible, e só falta vontade política. Eu pido dende aquí vontade política ao Ministerio para poder facelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Moi boa tarde, señor conselleiro.

Este pasado domingo as rúas de Compostela desbordaron con miles de galegos e galegas que querían defender a sanidade pública, querían facer un chamamento a que vostedes, o Partido Popular non seguira por esa de destrución da sanidade pública. Miles de galegos e galegas contra os recortes do Goberno do Partido Popular, contra as privatizacións, contra a falta de persoal, contra a falta de pediatras, contra a precarización do persoal; miles de persoas, profesionais e veciñanza. E diante da contestación a esas políticas sanitarias, a resposta que deu o Goberno da Xunta, o Partido Popular, é a negación do problema. Saíu de inmediato o xerente do Sergas, porque vostede estaba bastante desaparecido nesta cuestión, na Televisión de Galiza, facendo declaracións nos medios de comunicación. Vostede, non. Vén hoxe aquí porque non lle queda outra —se non, igual tampouco o viamos—. E hoxe pola mañá pois vimos e escoitamos o presidente da Xunta nun novo exercicio de escapismo e de negacionismo por dicir que diante da situación da sanidade en Galicia hai dúas versións —quedou tan pancho—, hai dúas versións, como se isto fora cuestión de versións; podemos escoitar a versión subtitulada ou a versión orixinal.

Entón, pois dixo, todo pancho, que había dúas versións: a versión do BNG, nun afán inaudito de desprestixiar a sanidade pública, e a do Partido Popular, esa versión orixinal de que temos unha sanidade magnífica, das mellores do mundo, da que se senten moi orgullosos. E xa está, podemos pechar. E como isto é cuestión de versións, pois quedamos coa versión A ou coa versión B. Eu o que lle quero preguntar é se..., *(A señora Prado Cores mostra unha fotografía.)* esta é unha foto da Quintana o domingo pasado; supoño que xa tivo oportunidade de vela, ¿non?; non lle pasamos o Photoshop, non lle pasamos os filtros, non, é a foto da Quintana, e moita xente que non pasou. Eu supoño que vostede será capaz de imaxinar que toda esta xente non foi arrastrada, non se mobilizou pola versión B, pola versión do Partido Popular, de que a sanidade galega é marabillosa e que non hai absolutamente ningún problema. Supoño que estes miles de persoas —xa as veu, ¿non?, se quere déixolla para que os conte—, aquí había profesionais —si, se queren, cóntanos—, había miles de persoas, e realmente moi preocupadas, realmente moi preocupadas pola situación da sanidade, señor conselleiro.

Porque non é cuestións de versións, é cuestión da situación á que vostedes están levando a sanidade pública do noso país. E había eses miles de persoas porque a situación da sanidade é un dos temas que máis alarma social está a provocar na sociedade galega, a gravísima deterioración da sanidade pública, unha deterioración que é resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizando desde o ano 2009, desde que volveron



á Xunta de Galiza, no ano 2009. E a política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza, primeiro cunha conselleira, logo con outra, e agora con vostede, evidentemente, é unha escolla ideolóxica de converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Lévanlle entregada a empresas, inmensa e maioritariamente de fóra de Galiza, unha parte moi importante da sanidade pública para que fagan negocio.

E esa situación está provocando o rexeitamento masivo dos profesionais e de cada vez máis veciñanza do noso país. E, fronte a esa situación, hai unha onda de malestar moi evidente, fronte á cal desde logo pois non vale propaganda e non vale ese relato no que vostedes seguen instalados, de que non pasa nada, porque, evidentemente, si pasa.

Os profesionais dos PAC levan a esta altura xa máis dun ano mobilizándose, reclamando, pasándolle unha táboa reivindicativa, primeiro nunha folga parcial, agora nunha folga indefinida, e seguen agardando a súa resposta, señor conselleiro. Seguen demandando que atenda esa táboa reivindicativa e sobre todo demandan máis efectivos para poder dar unha calidade asistencial en condicións e para non ter esas xornadas laborais —xa llas teñen descrito en moitas ocasións— onde acaban esgotados, esgotadas, e onde poñen en risco a súa profesionalidade e sobre todo téñenlle denunciado que poñen en risco a saúde e a vida dos galegos e das galegas. Xa quedou patente, ese risco foi evidente, xa morreron persoas, e diante desa situación, vostedes seguen sen reaccionar.

Entón, hoxe facémoslle unha interpelación. Ten aquí por escrito, dun xeito detallado, as preguntas, co cal eu agardo que non xogue ao escapismo de dicir que vimos aquí non preguntarlle polas cousas que pon na interpelación. A interpelación que hoxe lle facemos está detalladamente. A primeira pregunta é ata onde están dispostos a chegar nesta política de acoso e derribo da sanidade pública. Diante do malestar existente, tanto a nivel profesional como da veciñanza, se van rectificar as súas políticas ou van seguir poñendo en risco a saúde dos galegos e das galegas. Se van contestar, se van atender as demandas do persoal dos PAC. O 061, o transporte sanitario urxente, o transporte sanitario programado, están en folga; se vostedes seguen esta política de «con vostedes non vai», a partir de marzo vai converterse en indefinida. O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza xa anulou os servizos mínimos decretados por vostedes como abusivos e non axustados a dereito —xa o fixera noutras ocasións—, e máis unha vez vostedes seguen abusando e decretando servizos mínimos por encima do persoal que traballa habitualmente; fixérono nos PAC, fixérono en urxencias do CHUS, fano no 061; é dicir, un auténtico despropósito.

Dimisión masiva dos xefes de servizo na área sanitaria de Vigo, estanse organizando os profesionais de atención primaria da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés, xa lle están dicindo que se necesitan recursos, se necesita que a atención primaria estea dotada de recursos, de capacidade resolutive. A pregunta é: ¿van vostedes rectificar o que non quixeron rectificar cando a modificación da Lei de saúde cando lles dixemos que a atención primaria tiña que ter capacidade resolutive, tiña que ter xerencia propia, tiña que ter recursos? ¿Van aceptar o que votaron en contra da lei que trouxo aquí o BNG para dotar a atención primaria de como mínimo douscentos millóns de euros para que haxa recursos suficientes para atender esa demanda inmediata? Son preguntas bastante claras, bastante sinxelas.



As urxencias do CHUS levan catorce semanas en folga. Ao principio vostedes dixeron que non, que non había nada que falar; agora parece que están na boa dirección, están atendendo parte das demandas dos profesionais, aos que lles parece que non son suficientes. ¿Van atender definitivamente as demandas, sobre todo de máis profesionais, para que poidan rematar coa folga e as urxencias do CHUS poidan ser atendidas en condicións? Esta semana volven acudir aos xulgados en demanda de auxilio, toda vez que por parte da Consellería pois non se atenden as súas demandas e os corredores volven estar colapsados, igual que outros servizos de urxencias do noso país.

Estanlle dicindo todos e todas, señor conselleiro, que non se está en fase de grupos de traballo, non se está en fase de debater, porque todo iso está debatido, as propostas están enriba da mesa. Estanlle trasladando que non se está en fase de debate senón de asumir responsabilidades, de rectificar os recortes e as privatizacións; estanllo a dicir absolutamente todos e todas.

Por iso, desde o BNG tamén lle preguntamos se van tomar algunha medida real para rematar con esa temporalidade ou van seguir a facer que fan, van seguir con propostas que ninguén lles está aceptando. Acaban vostedes de lanzar unha proposta de contrato para atención primaria que os propios afectados lles están a dicir que non vale, estanlle a dicir que este contrato perpetúa a eventualidade, que queren facer un contrato encuberto de médico de área, como quixeron facer en pediatría, e que non é iso o que necesitan, que con ese contrato os obrigan a traballar ata trinta e unha horas de xeito ininterrompido, que é perpetuar o que hai, que é un avance tan pequeno que vostedes din que están copiando o modelo do País Vasco, pero só copiaron o título, nada das melloras que realmente significaba ese contrato do País Vasco, que, sen ser o óptimo, desde logo melloraba.

¿E vostedes van rectificar, van escoitar estes profesionais que lles están dicindo que ese contrato realmente non lles soluciona os problemas nin acaba coa precariedade e van proceder a realizar unha política de contratación digna para a totalidade dos profesionais? Porque vostedes agora están agochados detrás de que o problema é que non hai médicos. E ¿que pasa? ¿Non hai tampouco enfermeiras nin enfermeiros? ¿Por que se seguen negando a que haxa o equipo completo nos PAC?, porque o que demandan é que haxa médico, enfermeira. ¿Por que non poden contratar enfermeiras se hai listas de contratación onde hai enfermeiras e enfermeiros susceptibles de ser contratados?

Ten detalladamente aquí as preguntas. Como lle dicía, señor conselleiro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...¿que van facer coa atención primaria, se vai continuar pola senda da privatización ou vai proceder a reverter as realizadas, e se ten intención de traballar para eliminar as listas de espera, esas lista de espera tan falseadas, tan maqueadas, que nos fan chegar? E, mentres, para poder derivar á sanidade privada, os recursos da sanidade pública están a medio gas. Eu agardo que na súa quenda, señor conselleiro, sexa quen de contestar a todas as preguntas, que ten aí por escrito.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados.

Eu, evidentemente, respecto todas as persoas que se manifestan; total e absoluto respecto a esas manifestacións.

Teño que dicirlle a vostede, ademais, que estivo como membro dese goberno bipartito, que podemos facer comparacións como ese argumentario seu dos recortes que estamos facendo en sanidade. No ano 2008, orzamentos, temos agora 346 millóns de euros máis que no Bipartito. O 35,7 % era o presuposto sobre o total da Xunta na época do Bipartito, o 40,5 % neste momento, 5 puntos máis. A media profesional incrementouse dende ese ano, 2008, ata a actualidade nun 6,5 %. Médicos de familia e pediatras, un 5,5 %. Persoal de enfermería, un 7,9 %. Incrementáronse máis de 72 quirófanos, un 37 %. Intervencións cirúrxicas anuais, o 19,5 %; cirurxía maior ambulatoria, 39.144, o dobre sobe a situación anterior. Espera media cirúrxica, baixamos oito días, un 11 % menos. Prioridade 1, baixamos o 52 %.

O Servizo Galego de Saúde traballa en diferentes estratexias de mellora continua que permitan diminuír a espera de pacientes para ser atendidos para unha cirurxía, unha consulta de enfermidade ou unha proba diagnóstica. Grazas ao traballo dos trinta e oito mil traballadores, que teñen un total duns trinta e oito millóns de actos sanitarios ao longo dun ano, pois estamos nese proceso de mellora continua.

Nunha intervención cirúrxica o tempo medio de espera neste momento, como digo, é de 61,6 días, cinco días menos que en decembro do 2017; é o menor tempo dende que hai rexistros. Tamén en primeira consulta baixamos sobre o ano anterior 7,4 días. Na espera cirúrxica a nivel nacional e contando o último dato que temos seguro —é o dato de xuño, porque o resto das comunidades autónomas aínda non publicaron os datos de decembro—, tiñamos 59,8 días, a cuarta comunidade das dezasete totais de España. Tamén os que agardan máis de seis meses nunha intervención, en Galicia son o 2,8 %, e no resto do Estado, o 12,2 %. En primeiras consultas de enfermidade, tamén o dato comparado co Sistema nacional de saúde, estamos exactamente con 37,3 días nós, e a medida do Sistema nacional de saúde en 57 días. En canto ás probas diagnósticas ou terapéuticas, a maioría dos indicadores de espera seguen a mesma tendencia que no relativo á espera cirúrxica de consultas de enfermidade.

Pese a estes bos resultados acadados, seguimos a impulsar e reforzar accións de mellora, encamiñadas a ordenar a actividade asistencial, e o establecemento de mecanismos de coordinación entre os diferentes niveis asistenciais, así como os instrumentos de control e avaliación da xestión de tempos e recursos.

Temos unha sanidade cen por cento pública, con novas infraestruturas, toda a atención e prestada polos profesionais do Servizo Galego de Saúde.



Por tanto, non hai recortes, como tampouco hai privatización. E a isto temos que engadir que o importe adicado a concertos con centros privados entre o 2004 e o 2008 —coñecerán ese período— incrementouse nun 44 %, e dende o 2009 ata a actualidade, exactamente agora mesmo, diminuíu un 5,7 %.

Hai máis dereitos e mellores servizos para o cidadán. O decreto de tempos máximos fíxose para favorecer a privada, segundo dicía vostede. Recordo no Parlamento diferentes intervencións da súa persoa en concreto, nas que dicía que era favorecer a privada. Pois neste tempo corenta e tres mil persoas foron beneficiadas con este dereito e ningunha necesitou derivar á privada.

Señorías, quero falarlles de feitos, de realidades que fan que a nosa comunidade mellore.

A Lei de garantías de prestacións sanitarias é un feito, é unha realidade, que permitiu o recoñecemento de máis dereitos para os nosos pacientes. Hoxe hai novos medios de prevención, grazas por exemplo a un sistema de cribado, semellante ao de cancro de mama, para o cancro de colon e neste ano tamén para o cancro de cérvix.

A Lei de saúde, que deu máis participación, máis servizos, máis próximos aos cidadáns.

A redución dos tempos de espera tamén é unha realidade.

As novas infraestruturas son un feito. Seguimos investindo en ampliar e mellorar os hospitais: O Salnés, A Mariña, O Barbanza, Ferrol, gran Montecelo, A Coruña, O Meixoeiro, e tamén construíndo e reformando centros de saúde; os últimos: Ares, O Milladoiro, A Estrada, A Laracha, Narón.

Melloramos a situación dos nosos profesionais coa recuperación das retribucións, co recoñecemento da carreira profesional —por certo, cun amplo acordo sindical—, co concurso de traslados aberto e permanente para favorecer e facilitar a mobilidade voluntaria e a conciliación da vida laboral e familiar dos profesionais do Sergas, así tamén como a permanente cobertura de necesidades asistenciais.

Melloramos as ferramentas dos profesionais: receita electrónica, consulta, historia clínica electrónica, vía rápida, consulta telefónica, etc.

Sabemos que temos unha boa sanidade pública, pero sabemos tamén que a nosa sanidade ten que adaptarse ás novas necesidades e seguir mellorando. Estamos traballando para melloralas, baseándonos en datos e feitos reais e sobre todo contando coa colaboración dos profesionais e dos pacientes.

Dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutiva, dotada de profesionais competentes, cun orzamento axeitado, pero que está a sufrir tensións derivadas en boa medida do aumento progresivo da demanda, que se xunta coa escaseza de profesionais para cubrir prazas, en particular médicos de familia e pediatras, por certo, recoñecido por membros da oposición que este non é un problema galego, é un problema nacional e europeo.



Pero é o momento de ir máis alá. Os cambios que precisa o modelo organizativo só serán posibles dende o diálogo e o traballo colaborativo das administracións, os profesionais e a cidadanía. Galicia é, unha vez máis, pioneira, tamén na toma de medidas para mellorar o modelo de cara a acordar un plan de traballo cos profesionais.

Dentro de máis medidas para seguir avanzando, o pasado 18 de decembro de 2018 convocamos unha reunión cos representantes de todas as categorías das áreas sanitarias e persoal de xestión, dos colexios de profesionais e sociedades de médicos de familia, de enfermería especialista en atención primaria, membros do Consello Asesor de Sanidade e sociedades científicas.

Constituíronse seis grupos de mellora para abordar a reorganización e a creación de equipos para identificar os novos roles profesionais que traballan na atención primaria, cada día máis completo.

As medidas encamiñadas á atención da demanda con calidade e seguridade, a priorización do plan de investimentos previstos para o 2019 na atención primaria, as relacións entre atención hospitalaria e a primaria —un elemento fundamental—, a formación e investigación e as relacións cos pacientes a través de novas plataformas tecnolóxicas aplicadas á saúde.

O plan de traballo acordado programouse para poder contar coas primeiras conclusións dos expertos neste mes de febreiro. Por certo, no Ministerio de Sanidade copiaron este camiño emprendido por Galicia, coa constitución tamén de grupos de traballo.

Unha das medidas xa aprobadas é a nova modalidade contractual que vai permitir vínculos temporais máis amplos do persoal médico de familia e pediatras de atención primaria. Quero dicirle á portavoz do BNG que foi aprobado por unha ampla representación sindical, incluso o sindicato CIG.

Nestes momentos avaliamos outras medidas como a modificación da estrutura directiva nas áreas sanitarias, para crear unha dirección de atención primaria que sexa a interlocución única con centros de saúde a través do xefe de servizo.

Queremos levar a cabo os cambios que necesita a atención primaria dende o diálogo e a colaboración de todos. Os pasos xa están iniciados e, como dicía antes, pronto teremos as conclusións do traballo realizado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Sinceramente, señor Almuíña, eu creo que cando un ten a realidade diante dos ollos, diante dos fociños, e non quere vela, pois ten dúas opcións: intentar cam-



biar os lentes para ver se a ve ou agardar que como un tsunami lle pase por encima e o arroie. Eu non sei cal das dúas cousas vai preferir vostede. Pero vostede dicía que aquí non pasa nada. Hai esas dúas realidades. Vostedes seguen optando pola realidade de que aquí non pasa nada. Cada mobilización que hai son máis miles de galegos e galegas os que están saíndo á rúa, son máis os profesionais que lles din xa que non cren o seu relato, e vostede hoxe aquí sentenza — tan pancho —: «*No hay recortes, no hay privatización; no hay recortes, no hay privatización*». (*Murmurios.*) Conselleiro de Sanidade *dixit*, e xa está, podemos marchar tan tranquilos.

Mire, cando Aznar privatizou e vendeu a AP-9, tamén dixo que non se estaba privatizando, claro, e quedou tan tranquilo como vostede. Supoño que foron á mesma escola de FAES; non sei, foron á mesma escola; (*Aplausos.*) claro, van á mesma escola, e daquela logo menten coa tranquilidade daqueles que o fan todos os días e quedan tan tranquilos.

Mire, vostede, diante desa realidade dunha sanidade pública na que todos os profesionais lle están dicindo que non monten grupos de traballo, que xa lles dá igual, vostede segue falando aquí de cribados, de vacinas, de non sei que cousas, cando non vai diso, señor conselleiro. Estanlle demandando medidas reais, estanlle demandando que acabe con esa política de contratación, máis recursos, modificación de orzamentos.

Hoxe aquí o presidente dixo que si, que ía modificar o orzamento para a atención primaria. Atrévase vostede a dicir aquí canta modificación vai facer para a atención primaria. O presidente pola mañá tamén se atreveu a dicir non sei que cifra de máis profesionais en atención primaria desde 2009 a hoxe. Agora vostede volveu dicir o mesmo. Mire, eu vou dicirle unha cousa: nos orzamentos — ese papel que vostedes traen aquí — din que entre o ano 2009 e 2019 en atención primaria hai un 15,25 % de profesionais menos, 1.424 profesionais menos. En 2009 había 9.338, e en 2019, 7.914. ¡Nos seus orzamentos! Eu supoño que 7.914 é menos que 9.338. Non sei o que pensa o señor presidente (*A señora Prado Cores móstralle un documento ao señor presidente*), non sei se é de matemáticas, pero isto é o que din os seus orzamentos.

Dígoo porque, de verdade, jé que xa é tan cansino que vostedes inventen os números e digan o que lles dá a gana! O Consello de Contas, no seu informe de fiscalización do ano 2016, que é o último, di que no ano 2009 había 38.747 profesionais, e no 2016, 37.648, en xeral, co cal hai 1.099 menos. Estes son os documentos oficiais, e desde logo é cansino que vostedes sigan inventando profesionais por aquí, por alá, *paquí, pallá*; efectivamente, *paquí, pallá*, profesionais para arriba e para abaixo, onde non se sabe de onde os quitan. Sería un pouco serio que viñeran aquí e dixeran de onde quitan esas cifras que inventan.

Eu quérolle dicir para rematar, señor conselleiro, que, cando alguén ten todo o mundo en contra, cuestionando a política que está levando a cabo, porque está levando a sanidade pública do noso país, de Galiza, ao desastre, se ten un pouco de dignidade, o que ten que facer é dimitir, (*Murmurios.*) o que ten que facer é dimitir, porque, se concorda coa política sanitaria do Partido Popular e do presidente da Xunta, entón vostede é tan responsable por levala a cabo. E, se está cuestionado por todo o mundo, pois dimita, e, se non está de acordo, pois dimita, para dicir: non estou de acordo con esta política sanitaria.



Porque vostede non pode vir aquí, cruzarse de brazos e falarnos de cribados, cando hai aí fóra todo ese cuestionamento, ou agacharse e non saír a contestar, mandando pois o xerente do Sergas, ou desaparecendo como o Guadiana cada dous por tres, e o mellor que lle pode facer á sanidade pública deste país é dimitir, sendo conscientes de que coa súa dimisión non se van acabar os problemas da sanidade pública. Pero, se vostede ten un pouco de dignidade, o que ten que facer é dimitir, porque, desde logo, é o máximo responsable. E a situación da sanidade pública de Galiza neste momento vai camiño do precipicio. Vostedes non teñen encima da mesa ningunha resposta nin para os colectivos de profesionais, que están demandando respostas, nin para os PAC, nin para a atención primaria, nin para os servizos de urxencias, nin para ningún deles, nin para a veciñanza —que lle están pedindo respostas á falta de profesionais, ás listas de espera en atención primaria, eses dez-quinze días cando van pedir cita—, nin para eses colapsos continuos e para esas listas de espera sobre as que vostede sabe que é mentira os datos que aquí dan.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Son tantas as fronteiras que ten abertas que non se solucionan con parches nin con propaganda. É necesario un cambio de rumbo radical, e como vostede non está disposto a dar un golpe na mesa e facer ese cambio de rumbo radical...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...o mellor que pode facer, señor Almuíña, é dimitir e dar paso a outra persoa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Pois mire, a moita honra, eu estudei na escola pública de Cova Terreña, en Baiona; agora chámase CPI de Cova Terreña, e logo no instituto, instituto público; eu estudei alí con moita honra —como digo—.

Contéstolle á pregunta directamente: non vou dimitir. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Mire, como os datos a verdade é que hai que defender eses datos, ¿non?, porque de falar, dende logo, vostede ten ampla experiencia, pero hai que dar datos.

Na atención primaria comparamos o orzamento dos capítulos de persoal de funcionamento, capítulos 1 e 2, no ano 2008, comparándoo co ano 2007, estamos 25 millóns por riba. O que resulta moi relevante é sinalar que en receitas fomos quen de tomar medidas de eficiencia, grazas ao compromiso dos profesionais —xenéricos, compras centralizadas, catálogo—, que



permitiron diminuír o orzamento dedicado a este capítulo en 128 millóns de euros. Aí é onde vostedes achacan a baixada do presuposto de atención primaria, no capítulo de receitas, porque se fai unha maior xestión. Pero neste momento, dende logo, temos moitísimas máis receitas por cidadán, cunha poboación máis envellecida, e conseguimos, grazas —como digo— a medidas de eficiencia e contando coa colaboración dos profesionais, diminuír.

E dicimos que hai 1.544 profesionais máis que no ano 2008 e con mellores condicións laborais, como a carreira profesional, por exemplo. Convocatorias anuais de OPE, entre 2012 e 2016 ofertamos 1.606 prazas; no período 2017-2018 levamos 3.016, e proximamente xa sacaremos a OPE deste ano. No período 2017-2020 temos ofertada a posibilidade de estabilizarse a cinco mil persoas; ese é o obxectivo, e imos, como vemos, dende logo, seguindo esa estratexia que temos establecida e, ademais, tamén acordada coa maioría dos sindicatos no plan de estabilización.

O atraso da idade de xubilación tomámolo nós, hai tres anos —por certo, a ministra de Sanidade dixo o outro día que podía ser unha medida moi importante que tomaran todas as comunidades autónomas—; nós —como digo— levamos tres anos, levamos 116 médicos de familia que mantiveron e seguen traballando con nós e 20 pediatras máis.

Como dicía, tamén concurso aberto e permanente para atraer profesionais e estabilidade, tratando de chegar ao mínimo posible con eventuais. Sempre ten que haber eventuais no servizo sanitario. ¿Por que? Porque non substituímos días soltos, cousa que noutros servizos públicos non ocorre.

Ratio de pacientes por médicos de atención primaria, 1.275, por debaixo da media nacional, que está en 1.357. Por certo, no Bipartito, nun informe elaborado, dicíase que, claro, chegar a 1.275, como se propoñía, era algo irrealizable e que sabían que non podía ser. Neste momento estamos en Galicia neses niveis.

E, como dicía antes, nenos por pediatra, tamén temos moitos menos por pediatra que outras comunidades autónomas.

E imos incrementando as prazas MIR naquelas especialidades que temos de eficiencia e onde están acreditadas. En medicina de familia hai tres-catro anos estabamos en 92, subimos a 95, e neste momento estamos en 105, e queremos chegar, se nos acredita o Ministerio, a 124 máis ao ano.

Seguimos solicitando, como dicía, a acreditación, unha acreditación non extraordinaria senón unha acreditación que levamos moitos meses esperando por ela e esperemos que, dende logo, se poida facer. Dende logo, se o Ministerio se implica, poderemos ofertar na seguinte oferta MIR máis prazas de pediatría e tamén máis prazas de médicos de familia. Por certo, o orzamento para pagar os MIR é sempre da Comunidade Autónoma; aquí non estamos pedindo financiamento, senón que o único que pedimos é a acreditación.

Señora Prado, debería ter en conta que a sanidade non debe estar tan mal como vostede se empeña en dicir cando os indicadores de saúde son dos mellores de España —e, se dicimos



España, é como dicir de Europa e, por suposto do mundo—, mellorando ao longo do tempo, tendo dado como resultado unha das poboacións máis lonxevas do mundo, despois de Xapón.

Respecto dos medicamentos —que sempre hai esa...—, Galicia é a terceira comunidade con maior gasto público/habitante/ano en farmacia. Pero si quería dicir algo moi moi importante: que cando se analizan as pautas de recollida dos medicamentos obsérvase claramente que a recollida de medicación asociada a tratamentos crónicos é moi alta, por encima do 90 %, independentemente da renda que teña o paciente. É dicir, ten máis posibilidade e vai recoller a medicación aquel que a necesita, porque é un paciente crónico, independentemente —como dicía— da renda. E, dende logo, estamos falando de que a media que pagan os pensionistas por mes en farmacia é de 4,10 %, que supón menos do 5,6 % do custo total dos medicamentos nos pensionistas de renda baixa na farmacia comunitaria, e o 0 % na farmacia hospitalaria.

O custo da medicación dos cidadáns comeza a mostrar subidas significativas en rangos de idade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...de 50 a 54, que xa supera o rango de 200 euros ao ano, e a tendencia segue en aumento ata os 85-90.

Facendo, dende logo, novas medidas en persoal, en dotación de infraestruturas, é como se defende sempre a sanidade pública.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: Entramos agora no punto sétimo da orde do día, o de preguntas ao Goberno, coa oitava pregunta, a da señora Vilán Lorenzo

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o cumprimento do convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e ratificado no ano 2000 respecto do predio de Lourizán, en Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señor Rueda, non sei se é vostede cinéfilo e puido ir vostede ver «*La sombra de la ley*», é unha película que se estreou o ano pasado, que tivo seis premios Goya e que está nominada



a quince premios Mestre Mateo. Pois nesa película sae o edificio (*A señora Vilán Lorenzo mostra unha fotografía.*) —este— do que imos falar hoxe, que é o pazo de Lourizán. E vostede é desa zona e probablemente coñece o pazo de Lourizán, non sei se puido velo na película. Nese sitio era onde, na película, os políticos da época se reunían e tomaban importantes decisións. Isto ocorreu tamén na realidade, porque era o lugar de verán de Montero Ríos, que era presidente do Goberno, e tamén alí se tomaban importantes decisións políticas, e tiña ademais moita actividade cultural e moita actividade intelectual dentro do pazo. O certo é que forma parte do patrimonio cultural de Galicia. É un edificio do século XIX, construído polo arquitecto Genaro de la Fuente, que ten unha fachada impresionante cunha balaustrada de pedra e unha escalinata e unhas estatuas que son dignas de ver.

Nesa película soamente sae a fachada do pazo de Lourizán. O que se roda dentro pois non é realmente no pazo. Porque eu ata o de agora con esta fotografía realmente estou mentindo á Cámara. Ese non é o pazo de Lourizán. O pazo de Lourizán agora mesmo é isto (*A señora Vilán Lorenzo mostra unha serie de fotografías.*), e isto, e isto, e isto, e isto, e isto, e isto, e isto, que non son as covas do Drach, é o pazo de Lourizán.

E, entón, é necesario saber de quen é a responsabilidade de que o pazo estea así, feito unha piltrafa, señor Rueda. É propiedade da Deputación de Pontevedra. A resposta podería ser: pois é responsabilidade da Deputación de Pontevedra. Pero é que no ano 1991, o 22 de xaneiro, a Consellería de Agricultura firmou un convenio coa Deputación polo que a Deputación lle cedía o pazo, o uso da finca e dos edificios ata o ano 2021 á Xunta de Galicia, e, ademais, ratificouse no ano 2000 a través doutro convenio. Na cláusula 3ª, apartado b), dise: «as obras de conservación da zona nobre do conxunto da finca de Lourizán corresponden á Xunta de Galicia». Polo tanto, a responsabilidade da súa conservación é da Xunta de Galicia. Vostedes non o teñen feito. Só fai falta ver as fotografías e ao mellor preguntarlle ao equipo que filmou «*La sombra de la ley*» se vostedes fixeron algunha soa obra no pazo, porque a resposta é que non.

Gustaríanos saber, señor Rueda, vostedes que tanto presumen de cumprir a lei, cando van cumprir as obrigas ás que vostedes mesmos se comprometeron a través do convenio...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: ...do ano 1991.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señora Vilán, efectivamente, vin a película «*La sombra de la ley*», unha magnífica película; estiven, invitado pola produtora, na estrea; unha magnífica produtora galega tamén, á cal lle desexo aínda máis éxitos coa película, na que, efectivamente, saía o pazo de Lourizán e saía bastante mellor do que está na realidade.

E vostede a pregunta que fai é: ¿quen é o responsable de que o pazo de Lourizán estea feito unha piltrafa? A pregunta é clara e o destinatario tamén: esta pregunta era para a señora Carmela Silva; vostede utilízame a min como persoa interposta. Comprendo que hoxe a presidenta da Deputación non ten nin moito menos o seu mellor día, por moito que intente disimularlo, pero, se estivera aquí, non tería que contestar unha cousa diferente á que eu lle vou dicir e que vostede coñece perfectamente, que é que a Xunta de Galicia tiña unha solución para rehabilitar o pazo e para darlle unha nova vida, moito máis alá dos seus deberes de conservación, que van moito máis alá.

Vostede fala de reconstrución. Efectivamente, o convenio fala de deberes de conservación, pero nós queriamos moito máis: queriamos unha rehabilitación integral, unha nova vida para o pazo, 10 millóns de investimento (5 para rehabilitar o pazo e 5 para os proxectos que se ían desenvolver alí). Ía haber laboratorios, ía haber unha planta piloto para microproxectos, ía haber sala de reunións, ía haber áreas comúns para investigadores, íanse desenvolver proxectos de I+D forestal, íanse desenvolver proxectos relacionados coa bioeconomía, un proxecto pioneiro en canto á valorización da lignina para a biorrefinería.

Todo iso íase facer, e todo iso íase facer sen que lles custara un euro, ningún cartos, aos recursos públicos, é dicir, aos impostos dos galegos e das galegas. Todo iso íase facer mantendo a Administración os prazos e as condicións da cesión. E, como era unha cesión, todo iso íase facer sen que en ningún momento as administracións perderan a titularidade do pazo. Todo iso íase facer, incluso o dixo o señor Mosquera, o vicepresidente da Deputación: «que empecen mañá, que seguro que é un farol».

¿Sabe que pasou? Que, cando viron que non era un farol, entroulles o medo, entroulles ese arrepío que teñen sempre os actuais gobernantes da Deputación de Pontevedra a recoñecer calquera cousa que supoña dicir que a Xunta de Galicia fai ben as cousas, como as fai moitas veces, que a Xunta de Galicia foi capaz de arrancarlle a Ence —se quere a palabra «arrancarlle», «chegar a un acordo con eles», o que fose, porque non estaban de acordo coa prórroga da concesión— moitos investimentos para Pontevedra, entre eles 10 millóns para darlle unha nova vida ao pazo de Lourizán.

¿Que pasou? Que na política da confrontación, na política dos que cumpren a lei —podemos discutir moito sobre iso, sobre o cumprimento da lei da señora presidenta da Deputación, vostede di que si, en fin, os tribunais quítanlle a razón—, pero ao final o certo e verdade é que durante todo este tempo non se fixo nada, había un plan da Deputación e ao final o pazo segue como está.

Tiveron catro anos para facer algo tamén vostedes, non fixeron nada, quédanlles tres meses nada máis. A partir do mes de xuño espero que o pazo de Lourizán...



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...poida ter unha segunda vida, porque vostedes xa non poderán dicir que non se pode facer nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Señor Rueda, é lamentable que vostede veña aquí dicir que vostedes tiñan unha solución dende o ano 1991 ata que a Ence se lle prorrogou esa prórroga de sesenta anos, que vai recaer toda a vida sobre as súas espaldas e as espaldas de Mariano Rajoy. ¿Ata ese momento, dende o ano 1991 vostedes non fixeron ningunha soa obra en Lourizán? E, mentres, ¿que estiveron a facer? Porque este convenio, ao final de todo, pon expresamente: «O convenio quedará prorrogado automaticamente, salvo denuncia das partes cun ano de antelación ao vencemento do prazo inicial». E vostedes non o denunciaron. Iso quere dicir que ata o ano 2021 as obras de conservación do pazo de Lourizán son súas, do seu Goberno, non son da Deputación de Pontevedra. Vostedes non devolveron o pazo. ¿Devolveron vostedes o pazo á Deputación de Pontevedra? ¿Cederon de novo esa cesión que recibiran vostedes? Non. É propiedade da Deputación, pero a responsabilidade de conservación segue sendo súa, e vostedes non o fixeron.

E non é certo que vostede nos diga agora mesmo que ía custar cero euros á Administración. ¿Porque a prórroga a Ence á Administración non lle custou absolutamente nada e aos cidadáns de Pontevedra tampouco, señor Rueda? ¿Vostede cre, como dixó esta mañá o presidente da Xunta, que os galegos e as galegas somos parvos? Pois non o somos, señor Rueda, non o somos. (*Aplausos.*)

Vostedes teñen unha obriga, e é a de conservar o pazo de Lourizán. É probable que vostede fixera un cálculo, a través da fusión de Cerdedo-Cotobade, das mocións de censura na provincia de Pontevedra, incluída a moción encuberta en Sanxenxo, para volver ter a Deputación nas próximas eleccións municipais, e con esa posibilidade recuperar a posibilidade de ter o pazo outra vez para a Deputación de Pontevedra e xa facer vostedes esa reparación. Mentres, están vostedes facendo que algo que pertence a todos os veciños e ao patrimonio cultural de Galicia se desfaga polo seu desleixo e pola súa despreocupación, esperando que sexa unha empresa á que vostedes lle regalan unha prórroga...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...no tempo de desconto e non vostedes e non asuman vostedes a súa responsabilidade.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: É bastante lamentable, señor Rueda.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora Vilán, varias cousas. Primeiro —pásalle bastante—, a vostede acábanselle os argumentos, nin en dous minutos é capaz de falar do mesmo tema, xa me cambiou ás mocións de censura. Estamos falando do pazo de Lourizán, daralle para dous minutos defender o argumento, esta vez non lle deu, e síntoo moito. Será que non ten moitos argumentos, porque diso non quere falar en serio. Imos falar en serio do estado do pazo de Lourizán. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ao primeiro vostede di: ¿ofrecéronlle á Deputación que recuperara a propiedade? ¡Oia!, ¿a Deputación, nalgún momento, tan preocupada polo estado do pazo, tan preocupada polas competencias que lle tiña que reclamar á Xunta, vostede cre que nalgún momento lle dixo: devólvanme vostedes o pazo de Lourizán, que queremos facer algo? Non, por suposto, non tiñan nin idea. Non tiñan nin interese nin recursos públicos nin idea de que ían facer con iso. Por iso nós tivemos que poñernos a buscar unha solución.

Dime vostede canto lle custou á cidadanía de Pontevedra... *(Murmurios.)* a prórroga de Ence. Mire, 180 millóns de euros no plan social, que todos os anos piden moitísimas asociacións, moitísimos cidadáns de Pontevedra, grazas a que se asinou ese convenio de prórroga. Iso é o que lles custou, non lles custou nada. Teñen 3 millóns de euros ao ano, 180 millóns durante a prórroga do convenio, e eu alégrome moito de que sexan bastante máis intelixentes, cando menos politicamente, os cidadáns de Pontevedra do que acreditou vostede hoxe nesta pregunta, porque todos piden os cartos dese convenio; polo tanto, danse conta de que non lles valeu nada e que se poden aproveitar moitísimo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, imos falar do que se podía ter feito co pazo de Lourizán. Vostede sabe que no ano 2003... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, é verdade, señora Vilán. O que non é normal é que vostede ten...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...tres minutos. E nun minuto fálame de cousas que non teñen que ver coa pregunta e despois, cando respondo eu, intenta interromperme. Sexamos serios tamén niso. Aproveite o seu tempo se cre que ten cousas que dicir, pero non me interrompa no meu, que non lle interrompín no de vostede, polo menos. *(Aplausos.)*



No ano 2003, a Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, anunciou que se ía instalar no pazo de Lourizán a sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Claro, chegou o Bipartito e todo iso esquecido, era unha idea do Partido Popular, non hai que facela. Vostedes inmediatamente dixeron que tiñan outra idea, ían poñer alí o Laboratorio Central de Meteoroloxía de Galicia, ían poñer un centro experimental de recursos ambientais... ¿Sabe que pasou? Sábeo perfectamente: pasaron catro anos, nada de nada de nada. Tivemos que chegar nós outra vez á Xunta de Galicia para encontrar unha solución, 10 millóns de investimento, xa podía estar todo feito, xa podía estar creando postos de traballo, xa se podía estar vendo en Pontevedra que esa xoia —que, efectivamente, ten que recuperarse— podía estar recuperada. Como sempre, vostedes, como viña da Xunta, non quixeron facer absolutamente nada.

Alégrome de que faga esta pregunta para que me dea a oportunidade hoxe, que a señora Carmela Silva non debe de ter moito interese en falar. Só me queda a dúbida de se vostede é do bando que filtrou o que deu lugar despois á sentenza que di que hai un delito ou do bando que non quería filtrar. Iso non mo aclarou, porque do demais que dixen da señora Carmela Silva non dixo nada; iso é porque teño razón.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta... *(Murmurios.)*

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

Dígame, ¿para que quere vostede o uso da palabra, señor Leiceaga?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, para pedirlle ao señor vicepresidente da Xunta que retire as alusións persoais improcedentes que fixo á nosa deputada.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): E ¿cal foi a...? Perdoe, ¿cal foi a...? *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Pedínlle ao señor voceiro do seu grupo que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, eu agradeceríao.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Fixo dúas alusións que eu creo que debería retirar. A primeira, dicindo que os cidadáns de Pontevedra tiñan un nivel de intelixencia moi superior ao da señora deputada. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio. ¡Silencio, por favor! Señora Prado, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: E a segunda, atribuíndo á señora deputada unha filtración en relación cun procedemento administrativo dun concello que *(Murmurios.)* desde logo non é en absoluto procedente.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Leiceaga. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu síntoo, pero tocoume agora estar aquí; entón, tócame a min dirixir o debate, se non lles importa.

Entendo que na segunda non hai ningún problema nese sentido, señor Leiceaga, e non corre ningunha falta de respecto; e na primeira non sei se era intención do vicepresidente dicir... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu non a entendo así, por iso lle estou pedindo ao vicepresidente que me diga se esa era a súa intención ou falaba de intelixencia política.

Vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Si, señor presidente, eu falei de intelixencia política. Se a señora Vilán quere ser a máis intelixente en todos os sentidos, non hai ningún problema, quedalle aclarado. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ben, entendendo que non hai ningunha falta de respecto, proseguimos.

Pregunta 7.1. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, leva vostede dous días espectaculares. De verdade, a ver se somos capaces de rematalos así.

Pregunta de D^a María Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre os funcionarios que forman parte da mutualidade que substituíu ao Centro Galego de Bos Aires en Ospaña

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Boa tarde.

Señor presidente, moitas grazas.

Señor Román, supoño que me contestará vostede, porque acaba de chegar.

Ben, do que falamos podía ser contestado tamén pola Vicepresidencia, é un tema importantísimo e é urxente. O tempo aprema, é como nas partidas de xadrez. Hai que tomar nota e mover ficha. E mover ficha correspóndelle se de verdade ten o interese que expresou aquí en reiteradas ocasións. Hai que mover ficha con respecto a unha cuestión fundamental, non a referida ás competencias, que as ten o Goberno arxentino no tocante por exemplo á posible venda do edificio do Centro Galego de Bos Aires, pero si teñen toda a responsabilidade con respecto á organización Ospaña. *(Murmurios.)*



Pediríalle, señor presidente, se é posible...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede toda a razón. Eu agradecería que ou non falaran ou saíran falar fóra, e escoiten a deputada que está no uso da palabra, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Para nós e creo que para toda a oposición.

Expresamente tamén houbo unha sinatura de todo este Parlamento dunha declaración institucional apoiando o Centro Galego de Bos Aires. Pero a realidade non coincide con esta presunta ou suposta querencia polo apoio e preocupación.

Realmente, si hai competencia con respecto a Ospaña. Ospaña —e xa reiteradamente se dixo aquí— foi creada para salvar o Centro Galego de Bos Aires. Pero houbo unha manobra, unha manobra moi perversa, no ano 2014 e no 2015, houbo senllas cartas, dúas notas, unha enviada polo secretario xeral de Emigración, o señor Rodríguez Miranda, e outra polo embaixador de España, dirixidas as dúas ao presidente de Ospaña, pedíndolles —é obsceno, señoras e señores, é absolutamente obsceno—, ¿que é o que se pedía? Que o Centro Galego de Bos Aires saíse desta organización creada precisamente para isto, para protexer o Centro Galego de Bos Aires. Era necesaria, cando se creou Ospaña, a participación do Goberno español, da Xunta de Galicia e do Centro Galego, porque era a única maneira de operar na Arxentina.

¿Que pasou aquí? Coa conivencia de Alejandro López Dobarro, coa conivencia de Santiago Camba, ¿que se fixo? Fagocitar o Centro Galego, expulsalo de Ospaña, co cal o prexuízo é inmenso. ¿De que falamos? ¿De transparencia, de baleiramento, de corrupción, de que falamos? ¿A quen renden contas os funcionarios? E por iso si hai todas as competencias deste goberno.

Aquí plantexouse unha posible solución, señor Román, que era que o Centro Galego de Bos Aires volveuse formar parte, como nunca debeu saír, de Ospaña.

Debe darnos unha explicación. ¿Que funcionarios fan parte da mutua que substituíu ao Centro Galego de Bos Aires en Ospaña, avalada pola Xunta e polo Goberno?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Remato esta primeira parte e espero con moito interese unha resposta que consideramos de moitísima urxencia e necesidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Boas tardes.

Señor presidente, señoría, eu a verdade pensei que ía retirar a pregunta, sinceramente o pensei, e perdóeme que o diga así con esta frialdade, pero creo que é bastante absurda no fondo e na forma. E voulle explicar por que.



Creo que estamos nunha situación onde pola súa parte hai unha certa obsesión en botarlle a culpa á Xunta de Galicia e ao Partido Popular dunha situación que nada ten que ver nin coa Xunta nin co Partido Popular. Creo que se equivocan claramente de inimigo. Creo que é unha actitude que, en certa medida, está desviando a atención sobre os auténticos responsables da situación actual do Centro Galego, e creo que esta pregunta, como dixeran, é absurda.

Porque fíxese, e vouno intentar razoar. Vostede rexistra o 4 de febreiro unha pregunta respecto dunha hipotética celebración dunha asemblea que hai o 11 de febreiro ou que vai haber o 11 de febreiro, é dicir, antonte, na cal en certa medida vostede intenta dicir na súa xustificación que o que pase aí é culpa da Xunta ou é responsabilidade da Xunta, ou da actitude que tome a Xunta depende a resolución do tema. Iso é o que pon a súa exposición de motivos.

Pois direille, primeiro, que esta asemblea non se celebrou, esta asemblea non se celebrou; é dicir, a persoa que foi elixida como presidente, como representante dos usuarios do Centro Galego, non tomou posesión, non sei se con bo ou con mal criterio, pero non tomou posesión, e o interventor non celebra esta asemblea. Co cal a partir de aí todo o que plantexa realmente non ten ningún sentido.

Porque, ademais, despois vostede plantexa como se a Xunta tivese algo que ver ou algunha capacidade de interferir nas decisións desa asemblea, e aí a Xunta non ten nin voz nin voto, non ten nin voz nin voto nin se lle comenta nada; é unha decisión soberana dunhas persoas que forman unha serie de asociacións que se integran nunha mutualidade de corte privado que reciben atención sanitaria neste ámbito.

E despois tamén fala dunha mutualidade que substitúe ao Centro Galego de Bos Aires. En ningún caso, non existe ningunha mutualidade que substitúa ao Centro Galego.

E tamén vostede vén aquí falar de que se Ospaña deixou tiradas as persoas do Centro Galego. É que foi xusto ao revés: foi o Centro Galego quen non quixo recibir as persoas que lle remitía Ospaña para os seus tratamentos sanitarios, alegando fundamentalmente que eran persoas maiores e que tiñan que buscar outra vía.

Co cal creo que está francamente equivocada e non entendo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...— non sei —, non chego a entender cal é o motivo último da súa pregunta, porque, como acabo de demostrar, non se sustenta nin no fondo nin na forma. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Claro que sabemos que hai dous días se adiou esta asemblea. O señor Moyano, interventor xurídico da Arxentina con respecto ao Centro Galego, o que fixo



foi adiala por tres motivos que el di: un, a situación macroeconómica da Arxentina; dous, a situación do propio sector; tres, a especificidade do propio Centro. Pero adialo non significa... Levamos un ano con esta cuestión e non se resolve.

Vostede non contesta a pregunta. Vostede fala da argumentación. A ausencia vén motivada por isto, pero é absolutamente pertinente. Absurda é, como moito, a súa resposta.

Obsesión, ningunha. Claridade é o que pedimos, explicacións son as que pedimos. Porque se vostede non nos di que funcionarios apoiaron a mutua, mutua de fillos e traballadores que substituíu ao Centro Galego no ano 2015, está mentindo, parece o tango: *Yira, yira, yira, dirán que todo es mentira, dirán que nada es amor*, e ao mundo nada lle importa. Pero a vostede debера importarlle. Hai unha cuestión moi importante: ¿poden incorrer en delito os funcionarios?

Esta é a pregunta que me ten que contestar vostede. Entende perfectamente o que se lle plantexa. ¿Ten coñecemento a Xunta de que funcionarios forman parte da mutualidade dos fillos de emigrantes de españoles residentes na Arxentina? Isto está comprobado, documentos temos todos.

Entón, pode haber non só un problema administrativo; pode haber, señoras e señores, usurpación de funcións; pode haber actividades prohibidas a funcionarios públicos e mesmo, segundo algúns avogados de contrastado prestixio, delito de prevaricación.

Non falamos de parvadas nin de obsesións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: —Remato—. Pido resposta á pregunta formulada...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...que está perfecta e congruentemente formulada. Non vaia por outros vieiros. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Turno de réplica do Goberno, señor conselleiro de Cultura e Turismo, señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Señora Cuña, vostede falaba anteriormente de que había que mover ficha e reflicte unha situación complexa. Aí estamos de acordo. Hai unha situación moi complexa, que ten uns responsables, que vostede o sabe, porque, se non o sabe, pois sería preocupante, que a responsabilidade non cae nin na Xunta de Galicia nin cae tampouco nunha formación política española, cae no Goberno arxentino.

E eu tamén estou absolutamente convencido de que hai que mover ficha. Pero hai que mover ficha sobre seguro. Hai que mover ficha sen dar pasos falsos nin efectos perversos, porque



esas ameazas xurídicas que vostede plantexa, se se dan pasos en falso, ao mellor caemos na trampa ou caemos nas trampas que se nos queren plantexar.

Por suposto que en Ospaña hai representantes do Goberno español e do Goberno galego. Pero non hai ningún funcionario, ningún funcionario. Hai tres representantes: un é o delegado da Xunta, outro é o embaixador do Reino de España e outro é consejero laboral do Reino de España.

E Ospaña é un ente administrativo que dá un servizo aos cidadáns españois, tamén galegos por suposto, españois de todo tipo, e galegos, que contrata uns servizos sanitarios cunha serie de mutualidades como era o Centro Galego, e foi o Centro Galego quen decidiu non dar servizo ou non aceptar os usuarios españois e galegos enviados por Ospaña coa escusa — non sei se certa ou non— de que tiñan unha idade moi avanzada e xeraba un enorme gasto. É xusto ao revés do que lle contan a vostede, e iso é a realidade.

E vostede fala aquí na súa pregunta dunha mutualidade. Non hai ningunha mutualidade que substitúa ao Centro Galego de Bos Aires, ningunha, ningunha mutualidade.

E reitérolle que foron os socios, os socios do Centro Galego, os que decidiron libre e dun xeito unilateral non aceptar as persoas procedentes da obra social de Ospaña. É así, e vostede está dalgún xeito intentando crear outro discurso onde a verdade é que é difícil non entender, porque, claro, falan de onde están afiliados tamén os funcionarios galegos que forman parte dunha mutualidade que non existe, porque, claro, non hai ningunha mutualidade que substitúa ao Centro Galego de Bos Aires, señora Cuña, co cal realmente creo que a información que lle están pasando lla están pasando daquela maneira ou está sendo interpretada daquela maneira.

E, realmente, se vostede está preocupada pola saúde dos galegos ou fillos de galegos de Bos Aires, eu voulle dicir: benvida, nós tamén o estamos, benvida, pero realmente non caia na trampa nin entre —digamos— en estratexias que non están protexendo nin favorecendo a resolución do problema.

E tamén, respecto da situación sanitaria, hai que dicir que A Arxentina dispón dun servizo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...de saúde universal, mellor ou peor, pero dispón dun servizo de saúde universal, e tamén a Xunta de Galicia, xunto co Estado, favorece e dá ferramentas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...para unha asistencia sanitaria aos emigrantes galegos na Arxentina.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o investimento previsto pola Xunta de Galicia, no marco do programa Rexurbe, para a adquisición e posterior rehabilitación de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, o Goberno galego nos últimos anos veu intensificando a súa aposta pola rehabilitación de vivendas na nosa comunidade, a través da convocatoria de distintas liñas de axuda destinadas a preservar o patrimonio construído e a mellorar as condicións das vivendas dos galegos.

Esta aposta responde a un compromiso expresado polo Partido Popular de Galicia no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016. Este programa, que dedicaba unha epígrafe específica á recuperación dos cascos históricos, facía unha mención expresa a unha actuación singular co nome de Rexurbe, que definía deste xeito: «Realizaranse intervencións directas e intensas de carácter público, adquirindo e rehabilitando edificacións concretas para conseguir a recuperación de espazos urbanos moi degradados onde a iniciativa privada non realiza ningunha intervención, debido ao alto grao de deterioración ou marxinalidade do ámbito. Deste xeito recuperaranse importantes espazos urbanos, conseguindo dinamizar economicamente estes ámbitos, protexer o patrimonio construído e fixar poboación nos cascos históricos de Galicia».

Seguindo este compromiso, nesta lexislatura, ademais das distintas liñas de axuda dirixidas aos propietarios e aos concellos para rehabilitación de vivendas e dos contornos urbanos, a Xunta tamén está a impulsar outras actuacións directas de rehabilitación, en distintas cidades galegas, en inmobles que son da súa propiedade.

Recentemente tamén anunciaba que ía seguir apostando por estas actuacións de rehabilitación directa coa adquisición de novos inmobles en distintos centros históricos de cidades e vilas galegas. O pasado 12 de xaneiro publicaba unha oferta pública de adquisición de inmobles nos núcleos históricos dos concellos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense, que serán rehabilitados directamente pola Xunta no marco do programa Rexurbe.

Polo exposto, formulámoslle a seguinte pregunta: ¿que investimento prevé a Xunta destinar para adquisición dos inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense no marco do programa Rexurbe e para a súa posterior rehabilitación? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castiñeira.



Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor Castiñeira, por formular esta pregunta e polo tanto por darme oportunidade de dar a información a todos os señores e señoras deputadas.

Unhas das prioridades da Xunta de Galicia é apostar pola rehabilitación, recuperar o que xa temos construído, que é patrimonio de todos, que é un patrimonio que herdamos e, polo tanto, que non podemos permitir que siga habendo zonas degradadas. Un claro exemplo polo cal no orzamento do ano 2019 destinamos 36 millóns de euros para a rehabilitación, tanto en actuacións directas como en actuacións indirectas a través de axudas e subvencións.

Un dos programas, sen dúbida, innovadores e máis destacados é o denominado Rexurbe, que nos permite rehabilitar zonas degradadas dende o punto de vista arquitectónico pero tamén dende o punto de vista social e dende o punto de vista económico, impulsando que volvan estes centros ter unha actividade propia e que sexan un atractivo para os nosos cascos históricos, sobre todo dentro das vilas e tamén das cidades.

Centrámonos especialmente na recuperación dos cascos históricos, na súa delimitación, e, polo tanto, xa no ano 2018 acordamos realizar unha oferta pública de adquisición mediante compra de inmobles situados nos cascos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense.

A Consellería seleccionou os inmobles a adquirir tendo en conta criterios específicos como, por exemplo, o valor arquitectónico especial ou que fosen inmobles cuxa recuperación poida contribuír de xeito especial á rexeneración ambiental da zona.

Unha vez avaliadas todas as ofertas presentadas, que foron un total de 46, adquiríronse todas aquelas que cumprían, e eses foron 26 inmobles, o que supón un investimento previsto de 1,7 millóns de euros para a compra e 7 millóns que son os necesarios para a rehabilitación destes inmobles adquiridos.

En total, o número de vivendas resultantes que se prevé destas actuacións rondará as 50, unha cifra que lles vou detallar.

No casco histórico de Betanzos adquiríronse 6 edificacións e prevense rehabilitar 12 vivendas, ao que hai que sumar xa 15 que se adquiriron anteriormente e para as que xa temos adxudicados 3 millóns de euros.

En Ferrol adquirimos 13 inmobles. En decembro do ano 2018 licitouse a rehabilitación de 2 inmobles, na rúa Argüelles, co que se obterán 4 vivendas rehabilitadas, polo que a Xunta disporá no caso vello de Ferrol dun total de 50 vivendas.

En Lugo adquirimos 3 inmobles situados no barrio da Tinería. Estamos a rehabilitar actualmente un total de 9 vivendas, cun investimento de 1,3 millóns de euros. E, por último...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...fixemos a compra de 4 edificacións, que sumarán 5 vivendas máis.

E, polo tanto, así ocupamos todo o espazo e imos rehabilitando. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para réplica, ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Moitas grazas, señora conselleira.

O que está claro é que o éxito e o funcionamento deste programa é innegable, e o futuro que se avestiña coa Lei de rehabilitación, que se atopa en tramitación neste Parlamento, esperamos que sexa tamén prometedor. E por iso, se nos puidera dar unha pincelada de como quedan estas áreas Rexurbe, estes programas Rexurbe, na futura lei que está en tramitación no Parlamento, agradeceríámosllo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Castiñeira.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Grazas, señor Castiñeira.

Dende o Goberno galego marcamos un obxectivo, e ese obxectivo é optar pola rehabilitación. Pero ben é certo que tiñamos que ter un marco lexislativo que dera seguridade tanto aos propietarios pero tamén ás distintas administracións, facendo non só o diálogo máis fluído senón ser quen de axilizar todos os trámites. Por iso deseñamos a primeira Lei de rehabilitación de Galicia, que, como lles dicía, busca facilitar a recuperación dos centros históricos e núcleos rurais, así como protexer as edificacións históricas.

Un texto que, como todos vostedes saben, xa comezou o seu trámite parlamentario e que será debatido nesta Cámara —agardo— nas vindeiras semanas. O meu desexo, sen dúbida, é convidar a todos os grupos políticos para que esta lei saia co maior consenso posible e que fagan as aportacións necesarias, porque de todas as sensibilidades xuntas ao final o resultado sempre é positivo.

Conseguiremos os obxectivos que marcamos, e ese obxectivo é inculcar a cultura da rehabilitación, o aproveitamento e, sobre todo, protexer o noso patrimonio, ese patrimonio construído co que contamos e que debemos respectar e ao mesmo tempo debemos impulsar.



Calquera texto legal que se debate e se somete a votación neste Parlamento é importante, pero eu creo que este é moi importante, e, polo tanto, debido á súa relevancia, eu téndolles a man para que traballemos todos xuntos. Porque ten un plus de relevancia. Por un lado, porque promovemos a coordinación entre administracións, e aqueles que tivemos oportunidade de estar en administracións distintas sabemos perfectamente do que falamos: suprime as trabas á edificabilidade para quen acomete estas actuacións, impulsa que sexa necesario vivir nestas zonas, garante a planificación de futuro; é dicir, xa non se trata de que por parte da Administración se merquen edificios senón que imos máis alá, facendo unha programación, unha programación que vai no eido da restauración pero tamén no eido da cultura, no eido medioambiental, no eido económico, e é fundamental ter planificación. E, por outro lado, asenta as bases para unha xestión pública decidida a facilitar a participación cidadá.

Entre as principais novidades do texto, destaca a simplificación dos procesos, que é fundamental para rehabilitacións. Tamén prevé a simplificación dos trámites en intervencións nas vivendas situadas en zonas de afección dos camiños de Santiago e nos núcleos rurais e urbanos con algún tipo de protección cultural. E a futura lei tamén contempla a posta en marcha dos centros Rexurbe dos que falamos anteriormente, vinculados a esas áreas que teñen un especial interese autonómico.

Inclúese a creación dun fondo Rexurbe para financiar a través de préstamos sen xuros...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...e tamén un canon de inmobles en estado de abandono.

É a primeira vez que se establece este réxime sancionador, e o que agardamos é a máxima colaboración.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte pregunta facendo un cambio na orde do día.

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas para previr os danos causados polo lobo e o porco bravo na gandaría e nos cultivos agrícolas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.



O xabaril mantén unha poboación abundante na xeografía galega. A súa presenza nos nosos montes non só é un expoñente da nosa rica biodiversidade, senón, ademais, un elemento destacado no equilibrio histórico e biolóxico do medio en que se desenvolve. «Equilibrio», ese maravilloso preámbulo aí, este infumable desatino, abre unha das ordes da Consellería de Medio Ambiente que tenta regular as axudas á prevención e remedio dos danos causados pola fauna salvaxe.

O tempo non me vai deixar dar un argumentario completo, pero voulle dar unhas pinceladas.

Desde 2016 non saíran axudas para prevención e danos do porco bravo; disque non había queixas dabondo. Señora conselleira, marque o 012 e saberá o porqué. Aínda hoxe, marque o 012 e saberá por que non hai queixas.

Claro, é que este ano hai eleccións municipais e hai que repartir cartos e tapar buratos, porque doutro xeito non se comprende que haxa moitos máis cartos para indemnizar danos que para previlos.

Logo, 200.000 euros de prevención, 300.000 de dano. Pero en xabaril hai 100.000 de prevención e 811.000 de danos. Aínda así, son insuficientes e ridículos diante da magnitude do problema do lobo. Non é o lobo, é a inacción e a ineptitude quen prexudica os gandeiros, ata o límite de estar en risco a continuidade de bestas, besteiros e gando mostrenco, por exemplo.

As ordes, señora conselleira, son un insulto á intelixencia de todos aqueles sectores afectados e dos que temos preocupación pola pervivencia do rural, por mostrar unha consellería divorciada da realidade. Imprescindible o equilibrio lobo-gando mostrenco-limpeza de matogueiras das serras; perigo para todos eles.

Ataques ao gando extensivo, tanto vacún como cabrún e ovino. Cultivos forraxeiros, principalmente de maíz e pradería. Cultivos agrícolas de alimentación doméstica de autoconsumo. Cultivos de horta profesional, que é inexistente para as consellerías que teñen algo que ver co rural. Saúde da gandería e da xente —aquí si que estamos tocando fondo—. Propagación da peste porcina e da tuberculose, que está aí, en Europa, está petando ás nosas portas, nas variantes de contención e de difusión. Seguridade no tráfico.

Señora conselleira, todos os permisos e licenzas para os peches fixos no momento de solicitude de axuda. Vostede e mais eu sabemos que unha licenza municipal engloba un montón de licenzas e permisos que non dá tempo a ter cando se fai a solicitude de axuda. ¿Por que non ao final?

Determinación de razas de cans con pedigrí —aquí xa recibiron bastantes labazadas e tiveron que recuar—.

100.000 euros para peches fixos. Por certo, na memoria aconsella enterrar as estacas de 2 metros a 30 centímetros. Señora conselleira, vostede e mais eu coñecemos o que é a terra e o que é enterrar unha estaca, ¿verdade?



Estar incluídos no Reaga. Mire, a horta profesional das Mariñas ten 240 explotacións máis ou menos; só están inscritas 7 (5 ao aire libre e 2 baixo teito). En Arteixo, a horta de Arteixo ten polo menos unhas 320 explotacións (30 ao aire libre, 7 a cuberto).

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: Teñen que presentar a referencia dos SIXPAC, explotacións que non entran na PAC, pastores eléctricos, denuncias antes das setenta e dúas horas. ¿Que van estar: montando garda todos os días diante das corenta, cincuenta ou sesenta fincas?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: Sígolle despois. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Grazas, señor Rivas. Agrádame escoitar que está preocupado pola nosa fauna salvaxe, pola biodiversidade, pero tamén me agrada saber que está preocupado polos gandeiros, polos agricultores, tamén polos accidentes. É bo, é bo porque ao final aquí o que temos que facer non é só centrarnos nunha orde específica, senón ir máis alá, e, polo tanto, agrádame telo escoitado. E oxalá sexa sempre así, haxa ou non eleccións municipais, haxa ou non eleccións autonómicas, haxa ou non eleccións nacionais.

Polo tanto, eu direille que un dos principais eixos de traballo e preocupacións da nosa consellería é afrontar, por suposto, os danos que a fauna silvestre provoca tanto nos cultivos e explotacións gandeiras como nas zonas periurbanas, porque agora xa non é só o gandeiro que se queixa, non, é que tamén os temos nas cidades, e temos unha sobrepopulación de xabaril.

De feito, temos implementado un amplo paquete de medidas de carácter preventivo, pero tamén de carácter compensatorio, e, como vostede sabe, incluso fixemos modificacións na lei, porque chega un momento en que hai que ter control, hai que facer contención. Nomeá-bao vostede perfectamente: aí temos a peste porcina, pero igual que podemos ter a peste porcina, que pode acabar con todos os xabarís que temos na nosa comunidade, pode acabar co resto do gando doméstico, o porcino; pero tamén é certo que son transmisores doutro tipo de enfermidades, e, polo tanto, o control é fundamental.

Pero tamén é fundamental a axuda, a axuda que lles temos que dar a eses gandeiros e a eses agricultores, os cales, efectivamente, teñen perdas, e debido a que teñen perdas, por un lado, facemos a prevención e, por outro lado, intentamos axudalos para que esas perdas sexan menores.



Polo tanto, este ano 2019 temos convocadas tres liñas de axudas, dotadas de 1,4 millóns de euros, e deseñadas especificamente para poder previr e paliar estes ataques.

E créame, señor Rivas, que non se fixo porque si, non se fixo con dous técnicos —que son moi bos técnicos os que hai na Consellería de Medio Ambiente—. Fíxose contando co sector e nunha mesa onde están as organizacións agrarias, e aí acudiu Unións Agrarias e acudiu tamén o Sindicato Labrego Galego, e escoitouse a todos, e, polo tanto, é bo que lle dean esa información. Pero onte mesmo estaba reunida a directora xeral cunha organización agraria, porque quería impulsar un proxecto nunha área determinada. Co cal escóitase, dialógase e, cando se vai pola rúa, por suposto, á parte vese.

Estas medidas son as seguintes —e dicíao vostede—: as de compensación de danos de xabarís, dotadas de 811.000 euros. ¿Por que? Porque é necesario.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): E, por outro lado, para os danos ocasionados polo lobo, destinamos 350.000 euros, e en prevención contamos con ata 300.000 euros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para réplica, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Señora conselleira, non é nova a preocupación por salvaxes e por domésticos. E vostede reconece a sobrepoboación. Entón, ¿a que vén o equilibrio do que fala no preámbulo da orde, que, á parte de quedar moi bonito, é irreal e autenticamente chocante —por dicirlle algo—?

A peste porcina pode acabar, pode acabar con todo o xabari, pero pode acabar con toda a nosa explotación de porcino, extensivo, intensivo e o que se queira. E ese é un perigo que está aí, e hai que empezar a ditar protocolos, hai que empezar a andar, e vostedes non andan.

Nesa mesa da que fala, ou nalgunha desas mesas e reunións, chegouse a falar de pagar 50 euros por peza cobrada, cal *Wanted* do Oeste; si, polo menos é o que a min me pasan.

Pero a nós o que nos doe, señora conselleira, é o descoñecemento que teñen da realidade. Porque mire vostede, pastores eléctricos para a agricultura profesional. ¿Vostede sabe o que é rodear con fíos eléctricos, con pastores eléctricos, sesenta ou setenta fincas que teñen os agricultores profesionais nestes momentos? ¿Vostede sabe o que teñen que facer eses agricultores para poder denunciar os ataques nas setenta e dúas horas despois de que se produciron? ¿Teñen que montar garda por rutas das súas explotacións?

Señora conselleira, ¿por que se exclúen os arandos, os amorodos, as acelgas, os allos, as espinacas, o pirixel, as verzas, os tirabeques, os chícharos, e si se inclúen os boniatos? ¿Pode



dicirme que cantidade de boniatos se colleitan en Galicia nestes momentos? É que realmente non o entendemos, ¿verdade? (*Aplausos.*)

É toda unha lección de coñecemento exhaustivo da realidade. Vostede foi conselleira de Medio Rural, ¿verdade? É dicir, nós cremos que os sectores afectados teñen razóns máis que suficientes para estar cabreados. Porque mire vostede: o que lle dicía dos besteiros, bestas e gando mostrenco. Periga que no Xistral e nas demais serras, no Cadramón e o resto, quede algún cabalo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: ...a finais do ano que vén, porque están fartos, porque vostedes non son capaces de arbitrar unha maneira de saber que cantidade de poldros come o lobo todos os anos, que hai que pagalos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RIVAS CRUZ: E están ben pagos, porque o lobo e o poldro e mais o gando mostrenco teñen que convivir para facer de cortalumes.

Señora conselleira, arbitren medidas, móvanse, porque o problema é grande e o medio ambiente é esencial. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Para réplica do Goberno, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Non me deixa de sorprender, señor Rivas: as mensaxes que dá vostede nun lado cámbiaas directamente no outro.

Ben, efectivamente, fun conselleira do Medio Rural, eu vivo no rural, sigo sendo filla de gandeiros, agora estou no Medio Ambiente, todo é compatible, pero créame que a preocupación que vostede hoxe dá a coñecer aquí é a nosa preocupación e estamos atallándo.

Cando fala de despropósitos e inexactitudes, nós vímoslle de trasladar ao Ministerio de Transición Ecolóxica que hai que arbitrar sistemas, non só cada comunidade por libre, porque o problema do xabaril non é un problema só de Galicia, o problema da peste porcina non vai vir só para Galicia, senón para toda España. E aí, ben, está a dicotomía entre o Ministerio de Agricultura e o Ministerio de Transición Ecolóxica, pero créame que aquí, como Goberno, non hai ningunha, senón que imos da man.

Polo tanto, aquí non hai despropósitos, non hai inexactitudes, escoitouse o sector, e vostede acábao de recoñecer. É máis: é que, efectivamente, se cambiaron os euros que se ían pagar



por peza, porque había que achegarse á realidade, señor Rivas. Pero aí está o traballo, e para iso lle dedicamos tempo. Entón, non diga vostede que o facemos de espaldas ao sector, senón que estivemos sentados co sector.

Di vostede que aceptamos e incorporamos. É máis, dígolle: aceptamos e incorporamos a proposta de incluír a adquisición de valados, que era algo que viñan demandando dende hai moitísimo tempo, e agora dixémoslle OK. Incluímolo, porque o sector o pedía, e foi nesas reunións de traballo.

En canto ás baremacións, que as nomeaba vostede por escrito, este ano puntúase a existencia de danos previos nas explotacións en anos anteriores. ¿Por que? Porque sabemos que temos que axudalos, porque non pode ser que sexan só o gandeiro e o agricultor o sustento da fauna silvestre, senón que ten que haber algo máis.

Introducimos novidades no relativo aos cans, e dicía vostede de pedigri. ¿Que nos pediron? Cans de palleiro. Pois cans de palleiro, cans de raza, e aí está. ¿E quen o pediu? Pediuno o sector. Polo tanto, houbo diálogo, houbo consenso, escoitouse, pero non foi algo que dixera nin a conselleira nin os técnicos, é que o fixo o sector, que é o coñecedor.

En canto aos requisitos dos beneficiarios, pois dicirle: é que está a lexislación, e para un valado non pedimos a licenza, pero si teñen que ter a comunicación previa no concello, e comprenderá vostede que non podemos saltar á toreira unhas cousas si e outras non, porque, se non, rapidamente nos dirían desde esoutro lado que o estamos facendo mal. Pero, ademais, é que é un problema de concellos. Non somos nós os que damos as licenzas para os valados, é unha comunicación previa que hai que xestionar.

Polo tanto, as características son os documentos técnicos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...que tamén se valoraron con todos eles.

Créame que hai un programa, un programa que está desenvolvendo a Comunidade Autónoma, e, efectivamente, pedimos que se involucre o Ministerio de Agricultura e o Ministerio de Transición Ecolóxica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte pregunta. A 7.3 saben vostedes que foi aprazada por petición do Goberno. E a seguinte é a 7.4.



Pregunta de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe institucional a Miami e Nova York anunciada polo presidente da Xunta de Galicia para reforzar as relacións económicas e comerciais cos Estados Unidos de América

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

A verdade é que estabamos acostumados neta Cámara a convivir cunha oposición que di unha cousa e fai outra. Pero esta é unha oposición innovadora, conselleiro. E agora, innovando, a oposición o que fai é dicir dúas cousas ao mesmo tempo, incluso dende o mesmo grupo parlamentario. É unha innovación da oposición nesta lexislatura considerable.

Eu creo que, se nos referimos á viaxe que a pasada semana realizaba o presidente da Xunta de Galicia aos Estados Unidos, vimos perfectamente retratada a oposición nesta conduta: primeiro, criticaron a viaxe e, logo, criticaron que o presidente acurtase a viaxe. Ou se critica a viaxe ou se critica que se acurte a viaxe, pero foron capaces de criticar as dúas cousas, incluso cando o presidente non acurtaba a viaxe, senón que modificaba o horario dun dos actos previstos nesa axenda.

Co cal a oposición acostúmanos a rizar o rizo habitual nestes plenos. Primeiro, din que a viaxe non vale para nada, despois din que os encontros da viaxe son importantísimos e que o presidente alterou a axenda e que iso está mal. E, polo tanto, a min gustaríame deixar moi claro que dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que o que fixo o presidente a semana pasada, primeiro, na viaxe e, logo, asistindo a esa concentración na praza de Colón, foi exactamente o mesmo, que é defender Galicia e defender España. *(Aplausos.)* Porque defender España é o mesmo que defender Galicia e defender Galicia é defender España, na viaxe institucional e tamén nesa concentración.

Non se defende Galicia cando se respaldan uns orzamentos que son prexudiciais para Galicia e benefician a Cataluña. Non se defende Galicia cando non se dá a cara pola xente e non se defenden os sectores produtivos. Non se dá a cara por Galicia cando non se aposta por apoiar as empresas, que era precisamente o que fixo o presidente da Xunta nesta viaxe, unha viaxe que pretendía defender a marca Galicia, trasladar a marca Galicia aos Estados Unidos e trasladar o que é a marca Galicia, porque forma parte tamén desa marca España. A marca Galicia eu creo que a coñece todo o mundo aquí, pero fai falla falalo ao outro lado do océano, defender o que é a marca Galicia como calidade, como traballo, como sentidiño, como estabilidade institucional.

E, polo tanto, conselleiro, queríamos preguntarlle sobre a avaliación que fai o Goberno galego desta viaxe que o presidente da Xunta e o seu equipo realizaba a Miami e aos Estados Unidos, a Nova York, para defender e plantexar a oferta turística de Galicia e tamén a oferta no que ten que ver cos sectores produtivos da nosa comunidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tellado, agradézolle a oportunidade que lle brinda ao Goberno de explicar nesta Cámara a viaxe do presidente da Xunta tanto a Miami como a Nova York. E agradézollo porque iso significa poder falar nesta Cámara de política económica, de política industrial e sobre todo da competitividade que o noso tecido produtivo está mostrando en materia de exportacións.

O presidente visitou por primeira vez nunha viaxe institucional Estados Unidos, cunha axenda eminentemente económica e cultural, co obxectivo claro de abrir novos mercados e, sobre todo, acompañar o tecido produtivo no seu esforzo por competir na primeira potencia económica do mundo.

¿Que nos levou ata alí? Levounos, en primeiro lugar, o feito de que máis de mil empresas galegas están exportando a Estados Unidos, mil empresas que neste momento están aumentando as súas exportacións, preto dun 2 %, alcanzando ata o mes de novembro do ano 2018 521 millóns de euros de exportación. E, sobre todo, establecer unhas relacións comerciais máis sólidas con Estados Unidos, que dalgunha forma están explicando tamén por que por cuarto ano consecutivo Galicia no ano 2018 vai bater unha vez máis o récord de exportacións, superando neste caso os 22.000 millóns de euros de exportacións.

A esta viaxe institucional levounos tamén que Miami está considerada como a capital mundial do cruceiro, e, polo tanto, abrir oportunidades no turismo de cruceiros e tamén no sector naval, porque a demanda de cruceiros dende o punto de vista construtivo se vai incrementar nun 50 % nos próximos anos.

E tamén unha viaxe que tivo unha profunda axenda vinculada coa emigración e coa cultura.

Son razóns entendemos que suficientes para que o obxectivo desta viaxe estivera centrado en sectores produtivos da nosa economía, como foi o turismo, o sector naval e o sector *contract*, e tamén unha viaxe que estableceu unha axenda conxunta co Condado de Miami para promocionar o Ano Santo, o Xacobeo 2021, nun país que nestes momentos é o terceiro país que recibe turistas, por detrás de Portugal e de Alemaña. E, por suposto, tamén para poñer en valor o conxunto da emigración galega nos Estados Unidos, un aspecto moi importante.

E neste sentido quero destacar moi especialmente o traballo realizado polo Consello da Cultura Galega e a súa exposición «Os adeuses», que foi unha homenaxe a millóns de galegos e de galegas emigrados e, sobre todo tamén, un recoñecemento á xenerosidade da nación americana con Galicia.

En definitiva, motivos económicos, motivos comerciais e motivos culturais que lle dan contido a unha axenda internacional e sobre todo ao acompañamento dende o punto de vista da Xunta de Galicia ao esforzo que o tecido produtivo está levando a cabo para incrementar...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...as súas exportacións a terceiros países.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para réplica, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Fálanos, conselleiro, de resultados visibles desas viaxes. E, polo tanto, eu teño que dicir que as críticas da oposición só poden responder inevitablemente á mala conciencia que teñen cando falan de viaxes. É evidente que ao Partido Socialista non se lle pode falar de viaxes oficiais, porque, ben, pois logo vemos como o *Falcon* oficial se utiliza para ir a un concerto de The Killers. Agora estamos agardando a que Pedro Sánchez faga unha viaxe oficial a España para ver se convoca eleccións, a ver cando toca. Mala conciencia tamén dos alcaldes das Mareas, que fan viaxes oficiais para reunirse con outros alcaldes con cargo ás súas respectivas alcaldías. E teñen mala conciencia tamén dende o Bloque Nacionalista Galego cando falan de viaxes, porque recordan o que eles facían cando estaban á fronte do Goberno galego. (*Murmurios.*)

Fálanos vostede dunha viaxe na que se defendeu o sector turístico, se defenderon as exportacións, se defendeu a capacidade de cooperación institucional do Goberno galego; unha viaxe que pon en valor a boa reputación deste goberno dentro e fóra de Galicia. E, polo tanto, nós temos que lamentar a actitude dos grupos da oposición, porque cremos que se retratan todos os días; só hai que velo cando non hai argumentos. (*Murmurios.*)

E, polo tanto, eu, conselleiro, quero preguntarlle sobre a axenda concreta da viaxe, sobre as axendas completas da viaxe, se se cumpriu de forma íntegra o obxectivo desta viaxe, ou se, pola contra, se variou a programación e se anuláronse encontros previstos, tal e como denuncián, de forma irresponsable e mentireira, os distintos grupos da oposición.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tellado, efectivamente, a axenda da viaxe cumpriuse integramente, con todas as reunións previstas inicialmente. E foi unha axenda extensa e diversa: mesturou aspectos ins-



titucionais, aspectos comerciais, aspectos culturais e aspectos vinculados tamén coa emigración.

De forma concreta, o presidente da Xunta de Galicia tivo ocasión de manter un encontro co alcalde do Condado de Miami-Dade, Carlos Giménez, no que se abordaron os aspectos do posicionamento de Miami no tráfico de cruceiros e no tráfico aeroportuario, e, dalgunha forma, establecer vínculos para poder encauzar de cara ao Ano Xacobeo 2021 un esforzo adicional para recibir turistas procedentes de Estados Unidos.

Tanto en Miami como en Nova York mantivo tamén o presidente senllos encontros empresariais promovidos pola Cámara de Comercio. E, de forma concreta, o sector naval tivo un protagonismo especial na axenda do presidente. O presidente mantivo unha reunión con responsables de Ritz-Carlton para dar continuidade á presenza deste armador en Galicia, que, como saben, está a construír un cruceiro no estaleiro de Barreiras por un importe de 250 millóns de euros. Nesa reunión abríronse novas oportunidades e identificáronse as posibilidades para poder presentar o naval galego para os efectos de explorar novas vinculacións e, polo tanto, poder establecer novas relacións a longo prazo que poidan axudar a Galicia a posicionarse na construción de cruceiros. Un sector —como dicía antes— que presenta crecementos acumulados superiores ao 50 % nos últimos dez anos, e que a previsión ata o ano 2027 é que entren en funcionamento máis de cento dez novos buques en todo o mundo. É, polo tanto, unha oportunidade máis para o sector naval.

O presidente tamén visitou o porto de Miami para poñer en valor Galicia como escala de referencia na costa atlántica, na porta de entrada de América a Europa, e seguir impulsando, en definitiva, o sector turístico galego.

Reuniuse tamén con empresas do sector *contract*; en concreto, mantivo un encontro cos responsables de Marriott, que na actualidade ten en carteira cen proxectos en proceso de construción en Latinoamérica e 136 renovacións no horizonte de 2020. E, polo tanto, abrindo oportunidades tamén para que o sector *contract* poida ter novos contratos.

E logo, despois de senllos encontros coa colectividade galega —como o fai en todas as viaxes—, tamén tivo oportunidade o presidente da Xunta de inaugurar no Museo da Emigración de Nova York a exposición do Consello da Cultura Galega «Os adeuses», que é unha homenaxe á historia viva de Galicia.

Finalmente, o presidente asinou un convenio coa Universidade de Nova York, unha das universidades máis prestixiosas do mundo, para poder celebrar nesta cidade no ano 2020 un simposio internacional único sobre o Camiño de Santiago, que será unha oportunidade para posicionar o Camiño a nivel internacional.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): En definitiva, novos lazos de colaboración baseados na estabilidade do noso Goberno, no talento e na nosa capacidade no sector naval, o sector *contract* e o sector do turismo. Tamén o recoñece-



mento ao Camiño de Santiago e aos vínculos coa emigración foi obxectivo principal desta viaxe.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre as razóns da facturación ás familias das reparacións dos equipos informáticos facilitados ao alumnado que forma parte da iniciativa de educación dixital E-Dixgal na modalidade de cesión de uso

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Por se o señor Tellado non se enterou, dicirlle que o que criticamos é que ao fascismo lle diga «ben» e o presidente o deixe todo.

Pero vaíamos co ensino dixital. Como saben, hai xa oito anos que a Xunta de Galicia vén desenvolvendo iniciativas encamiñadas a promover a dixitalización das aulas. Falamos nun primeiro momento do proxecto Abalar, complementado logo coa iniciativa E-Dixgal, que permite que no curso actual 2018-2019 dezaoit mil estudantes de 5^o e 6^o de primaria e 1^o e 2^o da ESO formen parte desta iniciativa. É interesante deterse nisto porque, dunha banda, afecta só a 267 centros, e, doutra banda, a moi poucos cursos escolares, o que implica que, despois de vivir a experiencia da dixitalización, as alumnas e alumnos volvan aos libros en papel, o que —é evidente— sería moito máis interesante que se puidera manter no tempo.

A implantación do ensino dixital, por suposto, leva consigo un investimento importante en equipamentos. Así, en 2017 temos que destacar un acordo marco cun único empresario de 11 millóns de euros e un anuncio de 2018 doutro contrato de 15 millóns de euros; acordo marco, por certo, anunciado en agosto de 2018 e que aínda está pendente de adxudicar hoxe, seis meses despois. Señora conselleira, é xa un atraso bastante claro, estraño e, dende logo, propio dunha Administración pouco eficiente.

Pero vaíamos ao centro do asunto que hoxe nos ocupa: ¿que inclúen estes contratos millonarios? Pois, sobre todo, dous tipos de equipamentos. Dunha banda, o equipamento que usan as nenas e nenos, que son —como sabe— ultraportátiles; e, doutra banda, portátiles para profesorado e aulas, non curiosamente para o profesorado de Pedagogía Terapéutica nin de Audición e Linguaxe, que se exclúe deste proxecto. Velaí o gran compromiso do Goberno tamén coa educación inclusiva.

Así, por suposto, as coñecidas aulas que se insiren no proxecto E-Dixgal precisan conexión wifi para que o alumnado e o profesorado poidan seguir os contidos dixitais e a actividade



educativa na aula. E isto na aula porque, por outra banda, os equipos cos que conta o alumnado teñen a posibilidade de conectarse de modo *offline* aos contidos. E isto é moi importante, lévanos a un asunto fundamental, xa que todas as nenas e nenos teñen que ser capaces de seguir os contidos na casa sen ter necesariamente conexión á internet. Non a hai, por suposto, no 22 % dos fogares de Galicia.

E aquí chegamos a unha parte importante do problema: ¿que acontece cando estes equipamentos, fundamentais para o seguimento do curso, se estropean? Pois que chegan os sustos, sustos ben importantes para as familias, señora conselleira. Sustos de nada máis e nada menos que 437 euros facturados ás familias. Teño precisamente aquí (*A señora Chao Pérez mostra un documento.*) unha factura de 437,96 euros pola reparación dunha pantalla que se envía a unha familia, un auténtico escándalo.

¿Pensa, señora conselleira, que con estas facturas se pode garantir a igualdade de oportunidades no ensino público galego? ¿É isto o que o Goberno galego entende por un ensino público gratuíto? ¿Como explica o Goberno da Xunta de Galicia que se estea facturando ás familias? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora Chao, quero comezar a miña resposta agradecendo a exposición escrita desta iniciativa, porque na mesma recoñecen o traballo desenvolvido nos últimos anos pola Xunta de Galicia para acadar a dixitalización nas aulas dos centros educativos galegos. Tamén recoñece —e leo textualmente— que «a implementación do ensino dixital leva consigo por suposto un investimento importante en equipamentos para ter aulas dixitais, equipos para o alumnado e o profesorado de uso persoal, un contorno virtual de aprendizaxe e variedade de contidos dixitais, programas de formación e ferramentas de intercomunicación e colaboración».

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Consellería de Educación, a través da estratexia Edudixital, desenvolven o proxecto E-Dixgal. En concreto, no curso 2018-2019 o libro dixital a través de equipamento informático está á disposición de dezaoto mil estudantes de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO, que estudan en 267 centros educativos. Así que aproveito esta resposta para tranquilizalos e para aclarar que nin a Amtega nin a Consellería, nin o soporte Premium de atención, soporte e acompañamento, están a emitir ningún tipo de factura ás familias pola reparación ordinaria ou adquisición de equipos do alumnado.



Señora Chao, permítame que lle diga que a súa pregunta xorde dunha interpretación incorrecta do que está a acontecer. Vostede dá por feito a existencia de facturación, cando o que existe é unha canle de comunicación para confirmar que a incidencia non está cuberta pola garantía e que a reparación ou substitución do equipamento debe realizarse a través dunha canle autorizada polo fabricante, ao tempo de que se lle dá a opción de solicitar un orzamento de reparación ou subministración dun novo equipo.

Insisto: o soporte Premium de atención, soporte e acompañamento realiza unha comunicación para informar da obriga da reparación ou substitución do equipo naqueles casos onde a incidencia non está incluída nos supostos de garantía que asume o adxudicatario. Tamén ofrece a opción, sen compromiso, de poder encargarse da reparación ou adquisición do equipo afectado por unha incidencia que —repito— non cobre a garantía, sen compromiso.

O desenvolvemento de E-Dixgal fixa que Administración galega asume a dotación dun equipo individual de alumno para uso educativo que inclúe o soporte e mantemento do equipo. Ademais, quedou establecido que o equipo é propiedade da Xunta, pero que as familias deben responsabilizarse do correcto coidado e uso do ordenador, e así aparece no acordo de cesión ao alumnado. De feito, asinan o formulario de asunción de responsabilidade e do correcto coidado e uso do ordenador, respondendo da perda deste ou do seu mal uso.

Por tanto, a gratuidade para as familias refírese á dotación do equipo e ao seu normal mantemento, pero non a roturas de pantalla, non a roturas de bisagras, non a roturas de conector de carga nin a roturas do punteiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): ...do apuntador, perda do apuntador, do cargador ou do propio equipo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Menos mal que o recoñeceu ao final. Ou sexa, ¿estanse enviando as facturas? Si. ¿Teñen as familias que pagar? Si. Ese era o fondo da cuestión.

E sabe cal era a pregunta de fondo que vostede tratou de esquivar: ¿que pasa coas familias que non poden pagar esas facturas? Iso é o que nos preocupa. ¿Que pasa con elas? ¿Pensa vostede que facturas deste calibre son asumibles en todas as casas de Galicia? Sabe —é evidente— que non.

Vostedes están sendo responsables, así, de aumentar a desigualdade das nenas e nenos de Galicia, porque non, lamentablemente, non todas as familias galegas poden pagar estas facturas, e o que non é comprensible é que as nenas e nenos dependan dos ingresos familiares



para ter o material que precisan, material co que importantes empresas están facendo suculentos negocios —non o esquezamos—.

E vaime permitir un paso máis neste despropósito en virtude do cal a Xunta de Galicia alardea de investir en equipamento dixital ao tempo que carga os custos ás familias e garante ingresos millonarios a diversas empresas; un custo máis, un exemplo máis de repago permanente nun ensino que —non nos cansaremos de dicir— ten que ser verdadeiramente gratuíto.

Volvo á factura: 437,96 euros pola substitución da pantalla. ¿Sabe, señora conselleira, canto custa cada equipo? Está ben claro no contrato: 385,64 euros. ¿Como se pode explicar que a factura de reparación sexa 50 euros máis cara que a da compra do propio equipo? Gustaríame que nos dixera que valoración lle merece; para nós, unha tomadura de pelo.

E segunda cuestión: ¿como pode explicar a Xunta que aquí se asinara outro contrato de nada máis e nada menos que de 2.262.000 euros para —cito textualmente— «atención e soporte técnico aos usuarios de educación dixital», cando, en lugar de asumir o custo, como facían ata hai un ano, que pagaba a Xunta de Galicia directamente, estean sendo as familias as que teñen que pagar? ¿Como explican isto? ¿Como explican o repago? ¿Que clase de tomadura de pelo é esta? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Para o turno de réplica por parte do Goberno, ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas.

Ben, creo que resulta difícil soste unha crítica tan acerbadada cando o que está a acontecer é o que vostede mesma na súa exposición escrita e os seus compañeiros e compañeiras describían: «A utilización de ordenador portátil e das ferramentas e contidos dixitais instalados no mesmo é gratuíta para o alumnado. As familias comprométense a que o alumnado realice un uso axeitado do equipamento, ao coidado dun equipo público, que poderá ser usado noutros cursos por outros alumnos, e a unha utilización vinculada á actividade educativa para a que é cedido».

Voulle dicir, señora Chao: no presente curso comunicáronse ao soporte Premium por parte de familias e centros un total de 69 incidencias non contempladas nos supostos de garantía. ¿Sabe que porcentaxe é? Un 0,38 %. En concreto, 20 por perda do equipo e 49 por roturas dalgún compoñente do equipo, principalmente pantallas, bisagras, conectores de carga e apuntadores.

Comprenderá que como responsable da Consellería de Educación apele á importancia do uso responsable do material escolar —ordenadores, pero tamén libros de texto— e tamén á relevancia de transmitir ao alumnado que deben coidar os equipos e facerse responsables. Elas



e eles téñeno moi aprendido e moi asumido e interiorizado, como eu comprobo cada vez que vou de visita a algunha aula E-Dixgal. É importante que o alumnado aprenda o valor de ser responsable, que aprenda que ten que facer un uso axeitado do ordenador e tamén do resto do material escolar e os libros de texto, que recibe gratuitamente, tanto o ordenador como os libros de texto, para unha actividade educativa, que, de non facelo, ten que asumir unha reparación.

Señora Chao, non está ben confundir gratuidade cunha especie de barra libre. Esa non é unha boa mensaxe para as rapazas e os rapaces, que serán os cidadáns do futuro de Galicia.

E tamén debería reflexionar sobre atribuír sempre unha connotación negativa ao termo de «externalización»; non esqueza que os gobernos das Mareas tamén teñen externalizados algúns servizos. A Xunta, mediante licitación, adquiriu o equipo informático que se proporciona no E-Dixgal e as familias do alumnado participante asumen na cesión de uso a responsabilidade da custodia dos equipos, do seu coidado e da devolución. En concreto, no texto mándaselles asinar: «responsabilízome do correcto coidado e uso do ordenador, respondendo da perda deste ou do seu mal uso». Naqueles casos, polo tanto, onde a incidencia non pode achacarse a un defecto do equipo, non se inclúe nos supostos de garantía que asume o adxudicatario.

Dentro das obrigas do adxudicatario do concurso de subministración do equipamento do alumnado, está proporcionar unha canle na que as familias e centros poden solicitar un orzamento de reparación, pero non un compromiso. Non é unha facturación. O soporte Premium proporciona esa información e o usuario pode reparar ou mercar o equipo na canle que desexe, mantendo as condicións de garantía establecidas polo fabricante do equipo.

Remato apelando a non confundir as cousas e traballar todos e todas xuntos por mellorar o ensino e as oportunidades do alumnado en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a situación na que se atopa o servizo de pediatría nos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.



Saudar tamén os alcaldes de Cerdido e de Cariño, que hoxe nos acompañan na tribuna.

Como ben sabe, o domingo pasado miles de persoas manifestáronse polas rúas de Santiago contra os sachazos á sanidade pública do señor Feijóo. E digo sachazos porque iso é o único que nos está deixando esta lexislatura do rural: sachazos e máis sachazos á sanidade pública. *(Aplausos.)*

Nesta manifestación non había ningún dirixente do PP, porque estaban noutra manifestación en Madrid, pero non se preocupe, que lle conto un pouco do que pasou aquí en Santiago.

Entre as miles de persoas estaban as nais e pais, nenos e nenas dos catro concellos obxecto desta iniciativa: Cerdido, San Sadurniño, Moeche e As Somozas, que, como ben sabe, dende xaneiro non teñen pediatra, ou o que teñen é tres días un médico puericultor e outros dous días facultativos que veñen do ambulatorio Fontenla Maristany, de Ferrol, que en ningún dos casos teñen a especialidade de pediatría. O único que quere o Goberno galego é manter o servizo con profesionais non especializados, polo que non se dan as condicións óptimas.

Hai un mes había un servizo de pediatría itinerante, o que se coñece como un «*pa aquí pa allá*»: en Sadurniño os luns e venres, en Cerdido os martes, nas Somozas os mércores e en Moeche os xoves. Na actualidade non existe este servizo de itinerancia das consultas e todas se realizan no concello de San Sadurniño. Antes era a pediatra a que itineraba e agora son os pais e as nais as que andan «*de aquí pa allá*».

E isto causa unha gran discriminación para os nenos e nenas dos concellos de Cerdido, Moeche e As Somozas, que, como ben sabe, son concellos rurais. Si existe unha discriminación, porque non existen os mesmos niveis de cobertura no rural que nas cidades; tamén para os seus pais e as súas nais, que teñen dificultades coa conciliación e son obrigados a facer desprazamentos; pero tampouco é unha boa situación para os facultativos, que ven desbordadas as súas salas de agarda.

Pero chove tamén sobre mollado, porque non é a primeira vez que ocorren na comarca de Ortegal estes sachazos; así, nos concellos de Cariño, Ortigueira e Mañón os nenos e as nenas saben que non se poden poñer enfermos cando o pediatra está de baixa ou de vacacións, porque non se cobre a falta do especialista.

Vostedes están desmantelando o servizo e precísase unha mellora substancial na atención sanitaria, comezando pola recuperación das condicións de traballo do persoal, con máis estabilidade laboral e devolvendo a atención aos máis pequenos.

Polo tanto, xa que vostedes estaban en Madrid e na Televisión pública de Galicia parece que tampouco o contaron moi completo, preguntámoslle: ¿que van facer para deter o desmantelamento do servizo de pediatría e evitar a grave discriminación e situación na que se atopa o servizo nos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que estou sorprendido porque pensei que ía falar de novo co señor Torrado, que falei de pediatría co señor Torrado; entón, teño que repetir algún dos enunciados que dixen alí. (*Murmurios.*)

Mire, no que se refire ao servizo de atención primaria en San Sadurniño, esta comarca, como dicíamos, os concellos de San Sadurniño, As Somozas, Cerdido e Moeche, nestes concellos no total de tarxetas sanitarias de nenos estamos falando de 332 nenos: 124 en Sadurniño, 80 nas Somozas, 52 en Cerdido e 76 en Moeche.

Como ben recoñecía o portavoz do Partido Socialista, había ata hai moi pouco unha pediatra cunha praza estable —e que imos seguir mantendo, por suposto—, baixando a media de actuación, como dicíamos, con respecto a Galicia, que é unha das mellores ratios entre nenos e pediatras, 94,1, e aquí estamos falando de 332 nenos. Nós imos seguir facendo isto.

Pero o 14 de xaneiro de 2019 a facultativa que viña prestando os seus servizos en atención primaria en San Sadurniño incorpórase ao seu novo destino tras acadar a praza na correspondente oposición. Para dar resposta a esta situación, a EOXI de Ferrol tentou incorporar outro facultativo. É máis, eu sei tamén —aproveito para saudar os alcaldes da zona— que foron informados de todo o que se estaba facendo por parte da Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol.

A praza de pediatría do servizo de atención primaria de San Sadurniño é estrutural, existe e vai seguir existindo e para nada está en cuestión. E, dende logo, en canto teñamos posibilidades, incorporaremos un facultativo como ata o momento.

Ante a inexistencia de facultativos especialistas en pediatría nas listas de contratación —dicía na interpelación anterior: paro cero— nin de médicos puericultores, seguindo os criterios establecidos no pacto de contratacións, e para garantir a asistencia aos nenos do servizo, solicitouse a colaboración de distintos profesionais da Xerencia. Os profesionais contactados traballan en quenda de tarde nos seus respectivos servizos de atención primaria, atendendo os nenos da súa poboación de referencia; eles tamén están facendo un enorme esforzo para poder atender desta forma e evitar máis desprazamentos ás familias da comarca.

Esta planificación permite que estes profesionais realicen unha prolongación da súa xornada no servizo de atención primaria en San Sadurniño en quenda de mañá. Con isto quero dicir que, evidentemente, non se trata dun recorte sanitario, como dicía o portavoz, porque se trata de que, dende logo, pagamos a estes profesionais, que, dende logo, temos que estar moi agradecidos porque fan un esforzo extraordinario, fóra da súa xornada.

Esta cobertura de luns a venres véñse prestando dende o momento en que se produciu a incorporación da facultativa ao seu novo destino. Esta planificación continuará ata que se poida



incorporar un novo facultativo á praza existente, polo que non se pode dicir que se suprime o servizo de pediatría, xa que no momento en que poidamos contar cun novo profesional...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...dende logo o faremos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para réplica, ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Señor conselleiro, os alcaldes din que non os avisaron, e se despois, cando acabe a súa pregunta, a seguinte, que tamén a vai contestar vostede, ten cinco minutos para falar con eles, seguramente que llo van agradecer.

Di que van seguir mantendo a praza, pero ata agora non está, e o que pedimos nesta iniciativa é que no rural se teña a mesma cobertura en especialistas que nas cidades, porque a dispersión do rural non é igual que as cidades. Sabemos que nas cidades, nunha rúa dunha cidade, pode haber os mesmos nenos que nestes catro concellos e teñen un especialista a cinco, dez minutos do seu domicilio. No rural non é así, teñen que desprazarse, depender dun coche, dun taxi, do transporte de Galicia, que está como está no rural.

Por iso, nós pedímoslle e dicímoslle cando vai ser que estes tres concellos van ter o especialista en pediatría outra vez.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Ten a palabra para réplica do Goberno o señor conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Como dixen na interpelación anterior, e volvo recordar, nós en Galicia cremos no actual modelo de atención pediátrica especializada en atención primaria, nos centros de saúde, e nos concellos, como digo, con poucos nenos. Dende logo non hai unha zona en España cunha ratio de 332 nenos por pediatra. Nós cremos nese modelo. E, como lle dicía na primeira intervención, imos tratar, cando poidamos, de incorporar un pediatra que vai estar cubrindo esa praza.

Os alcaldes, segundo me dixon a Xerencia, foron informados directamente por el da situación e dende logo o que imos facer, e o que estamos facendo, é seguir dende logo dando atención aos nenos da comarca.

Recordando, como digo, a interpelación anterior —por iso me estrañaba que non era o señor Torrado; parece que, segundo a área sanitaria, a especialización en sanidade varía, curiosa—



mente—, nós estamos tomando medidas: ampliamos a idade de xubilación; con iso contamos con vinte pediatras máis en Galicia. Un novo contrato, co que imos intentar captar pediatras doutras comunidades autónomas, e, como dicía antes, tamén do norte de Portugal, porque é un contrato que vai saír por 4.800 euros cunha continuidade dun ano ata tres, e despois valorarase a creación desas prazas.

Polo tanto, seguimos traballando. Imos seguir, como digo, prestando a atención pediátrica a esta e a outras zonas de Galicia, porque entendemos que o rural ten que ter servizos, e, dende logo, a Xunta de Galicia está implicada e así o vai facer.

E, como digo, só necesitamos agora un empurrón do Ministerio, do Partido Socialista, para que nos deixe acreditar seis prazas máis de pediatría, e nese momento poderíamos formar, en vez de vinte, todos os anos, vinte e seis pediatras, que creo que nos virían moi ben a todos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación do funcionamento do servizo de hemodinámica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ás 24 horas do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Almuíña, no pleno de hoxe xa levamos dúas malas noticias: a primeira, que o seu grupo parlamentario parece empeñado en bater algún tipo de récord de número de veces que vota en contra do dereito das e dos ourensáns a ter hemodinámica 24 horas, e a segunda, que esta tarde vostede xa nos dixo que non ten pensado dimitir, pese á que está caendo neste país. (*Aplausos.*)

Desde logo, se non pensa dimitir, eu recomendaríalle que non vaia proximamente a Ourense, porque desde logo a min, se fora vostede, daríame bastante vergonza. O certo —dicíao hoxe pola mañá e insisto agora— é que a historia da hemodinámica —non lles gusta aos señores do Partido Popular escoitalo, pero que sexan despois coherentes cos seus votos— en Ourense é a historia da hipocrisía e da auténtica desvergonza do Partido Popular coas e cos ourensáns. De pouco ou de nada nos ten servido unhas institucións gobernadas polo Partido Popular, sexa na Deputación de Ourense ou sexa no Concello, para que nos escoiten. A verdade é que é bastante difícil que escoiten as demandas das e dos ourensáns cando están falando por teléfono mentres lles preguntan. (*Aplausos.*) Este é o nivel do respecto que hai cara a este tema, e a verdade é que é unha vergonza, señor conselleiro, porque falamos de vidas humanas. Falamos de que Ourense ten a media de idade máis alta de Galiza, por riba tamén da media estatal; falamos de que ten a taxa de mortalidade por infarto de miocardio máis alta tamén



de Galiza e de cuestións como que no 2017 morreron 142 persoas en Ourense por esta causa, por infarto agudo de miocardio.

É indubidable que seguramente algunha destas vidas se podería ter salvado se houbera unha unidade de hemodinámica funcionando 24 horas en Ourense, porque funcionan 24 horas noutros puntos do país por algo, porque é eficiente e porque é o mellor que se pode facer.

A día de hoxe non hai un só argumento técnico ou científico que xustifique que sexa mellor non ter este servizo que telo, pero vostedes seguen vindo unha e outra vez a mentir e a finxir a este Parlamento, como se isto lles importara, cando o único que lles importa é a rendibilidade económica da Consellaría, como se fose unha empresa privada e non un dereito para todos e todas por igual.

Nós, desde logo, entendemos que esta é unha cuestión de xustiza social e de dereitos básicos, que calquera persoa deste país merece os mesmos servizos, viva en Ourense, viva en Santiago ou viva na Coruña, viva nun contorno urbano ou viva no rural. E, polo tanto, entendemos que esta cuestión, na que xa por fin, despois de anos de mobilización popular, veñen de ceder en Lugo, debe ser aplicada tamén a Ourense.

Polo tanto, hoxe exíxolle unha cuestión que é moi clara: queremos unha data, señor Almuíña. Eu pregúntolle: ¿vai deixar a Xunta de Galiza de pretender que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...en Ourense escollamos o horario para ter un infarto? ¿Si ou non?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¿Vai dar unha data? ¿Si ou non? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes.

Grazas, señor presidente.

Evidentemente, a demagogia non ten fin, pódese falar o que se queira. Pero mire, en Galicia dende hai anos temos un sistema que se chama proxecto Progaliam, que é dos mellores a nivel nacional. E Galicia ten dende hai moitos anos dende logo a atención urxente, en calquera momento, a calquera infarto de miocardio, a calquera proceso de anxina de peito, os 365 días, as 24 horas, independentemente de onde viva.

Quero recordar que do último informe da Comisión de control e seguimento Regaliam, reunida en xullo, pode concluírse que á data do 31 de decembro de 2017 se rexistrou un total de 2.724 casos, o que representa un total de 40,23 casos por 100.000 habitantes.



A mortalidade global por todas estas causas neste período, tras trinta días de seguimento, foi do 3,5 %, menor do estándar 5, que é o que marcan as sociedades científicas españolas, que, por certo, teñen un nivel moi importante a nivel internacional.

Tamén, por suposto, esta mortalidade está por debaixo dos estándares en Ourense, e creo que debería repasar eses datos que presentou.

A Comisión de seguimento do Regaliam estimaba que, aínda obtendo estes excelentes resultados, obxectivados nos indicadores marcados pola Sociedade Española de Cardioloxía, tiñamos marxe de mellora. Entre outras medidas, dixeron que deberíamos levar a cabo —e así se levou— unha campaña informativa poboacional para a mellora do coñecemento e a pronta identificación dos síntomas do infarto agudo de miocardio, porque, evidentemente, mentres a poboación non coñeza exactamente os síntomas neste primeiro momento, ademais, non só debe coñecer eses síntomas, senón tamén saber que a vía máis rápida para chegar a atención é chamar ao 061 e activar o código do infarto agudo de miocardio.

Revisamos tamén as isócronas da Fundación 061 para traslado dos pacientes aos centros con capacidade de realizar a angioplastia primaria máis próximos. Estudamos, xunto co 061, os recursos dispoñibles no soporte vital avanzado. Analizamos pormenorizadamente todos os factores que determinan os tempos de atención dentro do hospital co obxectivo de melloralos. Ampliamos o horario das salas de Lugo e de Ourense, cunha monitorización continua dos seus resultados, ata conseguir a redución deste tempo entre o diagnóstico da apertura e —digamos— o infarto.

A Unidade de Hemodinámica do Hospital Lucus Augusti, de Lugo, o 23 de febreiro de 2018 ampliou o seu horario de funcionamento de 8 da mañá a 10 da noite e temos resultados xa e por iso tomamos unha decisión que entendemos que era a máis necesaria.

En Ourense imos seguir este mesmo procedemento, exactamente igual, co mesmo período de tempo para tomar decisións. ¿Cando é ese período? Setembro de 2019. Neste momento, no primeiro trimestre de actuación, en Ourense hai trece casos, que nin moito menos nos dá...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...unha posibilidade de poder cambiar a actitude ante a escaseza. Nun ano, setembro de 2019, aí estaremos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...con informes técnicos que avallén todo do que estamos falando. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Para demagogia, vostede, señor Almuíña. Debe ser que era ben interesante esa chamada e non atendeu ben o que lle preguntei. *(Aplausos.)*

Demagogia ten, por exemplo, o señor Jesús Vázquez, alcalde de Ourense, que está molesto non porque a súa veciñanza non teña este servizo senón porque a oposición nos preocupe-mos por esta cuestión e fagamos o noso traballo. Demagogia téñena os seus antecedentes neste Parlamento galego como voceiros de sanidade; entre eles é unha mágoa que xa marcha o noso presidente do Parlamento, a quen lle parecía pouco iniciar este servizo, pero que agora non fan valer o seu poder político para que se nos dea ás e aos ourensáns a igualdade de dereitos.

Demagogia é tamén a política constante vistos os da ourensanía, os da Deputación de Ourense, que son tamén especialistas en andar repartindo desfibriladores por todos os puntos do país, como se por iso xa estiveras cardioprotexido, cando despois, se tes un ataque ao corazón, non tes o mesmo servizo que se viviras noutro lado.

Iso si que é demagogia, señor Almuíña, esa é demagogia e da boa. Xa só falta que o próximo que nos diga é que esas campañas informativas das que acaba de presumir van facer un catterismo automaticamente por inspiración divina se tes un infarto.

Isto non é serio, señor Almuíña. Debera tomar este tema cun pouco máis de seriedade e non vir aquí repetir un argumentario obsoleto que levamos escoitando dez anos desde que chegaron ao Goberno galego, e máis aínda cando despois rectifican pola vía dos feitos, porque non era necesario ampliar o horario ata que tiveron que amplialo, non era necesaria a hemodinámica as 24 horas en Lugo, mesmo perverteron absolutamente unha iniciativa lexislativa popular que avalaron máis de corenta mil persoas ata que tiveron que rectificar.

E a cuestión é: ¿por que Lugo si —que eu alégrome e defendo— e Ourense non? Simplemente lle pedimos que a nosa veciñanza sexa igual que o resto dos galegos e galegas. E non entendo ben que me veña aquí xustificar que trece casos non son representativos. A actitude propia dunha sociedade avanzada e dun goberno galego que queira levarnos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...a unha sociedade avanzada e con servizos públicos ben dotados é que cada vida vale como mil, *(Aplausos.)* e que, polo tanto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...se está na súa man, debe estender este servizo ás 24 horas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para o turno de réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Dicirille que o Almuíña procede de Ourense e, polo tanto, eu vou seguir indo a Ourense todas as veces que necesite. *(Aplausos.)*

Mire, o que é demagóxico é que fale vostede dun tema sanitario do que non coñece absolutamente nada, *(Murmurios.)* que non sabe para que serve a estatística neste tipo de casos, que non sabe que os desfibriladores van diminuír a parada e a morte súbita extrahospitalaria, que non ten nada que ver con isto. Dende logo, ten que ter máis coñecementos. *(Murmurios.)* Pero entendo que neste momento todo vale, cando no turno de réplica do que se fala é do alcalde de Ourense e non se fala do que é a hemodinámica, do que é a cardioloxía.

Mire, nós sempre utilizamos os criterios técnicos para tomar as decisións. É así como o programa Progaliám foi premiado a nivel nacional, porque é un dos mellores programas de estudo do infarto agudo de miocardio. E este Parlamento creou o Regaliám, que é o rexistro non por criterio político, senón que mide todos os rexistros necesarios para tomar as decisións. E as decisións tómanse por moitos parámetros, entre eles o tempo de resposta. Pero o máis importante de todos é a mortalidade, e a mortalidade en Galicia está por debaixo dos canons que se entenden de calidade a nivel nacional e europeo.

E imos seguir traballando, porque si é importante dende logo o diagnóstico precoz, e acudir pronto a un centro, e seguir as instrucións, e o que é o acompañamento co 061. Todo iso é moi importante, aínda que á señora parlamentaria lle dea a risa, todo é importante.

Para nós o compromiso con Ourense, igual que o compromiso con Lugo, é analizar con tempo suficiente, cos casos precisos, para que teñan significación estatística —chámasele significación estatística; non é un capricho dicir dezaeito, dicir tres ou corenta e oito; significación estatística—, e con eses criterios, se se produce o que se produciu en Lugo, Ourense terá no 2019 tamén a hemodinámica 24 horas. Pero para iso esperamos ter os resultados, facer a análise, e non porque algúns non teñen representación no Concello de Ourense queren sacar votos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* a cargo deste tema, que é moito máis importante que todo isto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Rematados os puntos da orde do día, finaliza a sesión.

Moitas grazas.



Remata a sesión ás sete e trinta e dous minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mourinho Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

